

# A escola pública en Bueu

Ensino Primario



Arturo Sánchez Cidrás







# A ESCOLA PÚBLICA EN BUEU

ENSINO PRIMARIO

ALCOUVE DE FUTURO



© Arturo Sánchez Cidrás:

«A escola Pública en Bueu. Ensino Primario»

© Limiar « A forza do noso» de Xaime Toxo

Corrección lingüística: Anxo González Guerra

ISBN:

Depósito legal:

Impresión:

Editado polo concello de Bueu

*Ao alumnado, nais-pais e profesorado  
que me acompañaron no meu camiñar  
pola docencia e dos que tanto recibín.*

.



# Limiar

## A FORZA DO NOSO

No que nos é común a todos a poucas tarefas se lles dá tanta consideración e se lles concede tanto valor como á tarefa de ensinar. Ensinar, transmitir, educar, explicar, divulgar, iluminar alí onde hai descoñecemento. A figura do ensinante, do mestre, tan gabada ás veces e ás veces tan perseguida, é un artesán que traballa coa esencia mesma do que nos fai humanos: o coñecemento. Somos unha especie que sobrevive porque transmite as bagaxes do saber dunha xeración a outra. Así sucede desde o inicio das primeiras civilizacións.

Poucos sintagmas hai tan fermosos como o de ESCOLA PÚBLICA. Emparenta dous vocábulos que deben ter a consideración de trabes de ouro dunha comunidade: a ESCOLA, como espazo no que se transmite o coñecemento, e o PÚBLICO, como ámbito do comunal, o que nos compete a todos, o que nos conforma como grupo e como sociedade.

O modelo escolar que podemos considerar universal ten a súa orixe na PAIDEIA clásica. As academias, nas que os tres grandes principios de BONDADE, BELEZA e VERDADE, constituían os alicerces das sociedades que se consideraban excelsas, superiores en normas e goberno. Mais é a través dos cambios acontecidos após da Revolución Francesa de 1789 que xorde o que xenericamente denominamos a ESCOLA REPUBLICANA, epítome do que hoxe chamamos ESCOLA PÚBLICA. Destinada a divulgar o corpus teórico que emana dese inigualable proceso enciclopédico que coñecemos como ILUSTRACIÓN. O lema de IGUALDADE, LIBERDADE, FRATERNIDADE, escúlpeuse nos frontispicios das escolas europeas como un contrato indeleble coa idea de progreso humano

comprometido coa felicidade e a dignidade das persoas. O que se ensina nas escolas, manteñen os ilustrados, debe ser tanto unha guía moral de conduta como unha metodoloxía de aprendizaxe baseada nos principios científicos da experimentación natural.

Arturo Sánchez Cidrás, co exhaustivo rigor que lle é propio, cartografía neste volume a travesía nosa desa grande odisea que a historia do ENSINO PÚBLICO en Bueu. Recoñecer o esforzo e o mérito do autor é, asemade, recoñecer unha traxectoria vital que formou parte do proceso mesmo que documenta e narra. Porque Arturo Sánchez exerceu durante 36 anos de docente de múltiples xeracións de alumnos. Así, ao coñecemento investigador do que fai gala, debemos sumarlle a experiencia, que sempre é vital e emocional, de ter sido partícipe da consolidación dese logro social que é o ENSINO PÚBLICO. No caso de Arturo a tan difundida “vocación de ensinante” debémola entender –coido- como unha concepción social, un compromiso e unha entrega se preferides, co proceso de transmisión de saberes, cos modelos educativos democráticos (igualitarios e integradores), e o papel da educación como proceso clave na configuración da personalidade dos futuros cidadáns. O ensino público, por orixe e por principios, é o ensino da liberdade, da fraternidade e da solidariedade.

Os que sentimos admiración polo traballo que leva feito Arturo Sánchez compensamos a débeda contraída con el recoñecendo publicamente o valor dos seus estudos, do que pescuda, investiga, rastrexo, documenta e edita. Os que ademais estamos comprometidos coa educación valoramos a importancia substancial que para a historia de nós e -por suposto- para o corpus bibliográfico de Bueu, posúe este libro. Por moitos motivos, o máis salientable quizais o traballo de compilación e documentación, máis tamén debemos admirar esta obra como unha homenaxe de conquista ao dereito á instrución, ao coñecemento, ao logro persoal, á excelencia e ao progreso. Esa é a auténtica conquista de Arturo Sánchez Cidrás, pola que lle debemos estar inmensamente agradecidos como pobo.

Xaime Toxo



## Índice

<b>I</b>	- «Bueu, xeneralidades da Educación Pública»	
•	Xeneralidades .....	17
•	Leis Educativas.....	21
•	Xuntas de Instrución.....	23
•	Os primeiros mestres de Bueu.....	27
•	Mestres e escola pública.....	29
•	Escola de nenas.....	31
•	Reivindicacións polo xénero.....	33
•	Gastos municipais na escola.....	35
•	Creación de escolas - Notas.....	39
•	Horarios.....	41
•	Vacacións.....	41
•	Absentismo escolar.....	43
•	Alimentación na escola.....	46
•	A axuda Americana (1953-1963) .....	46
•	Enfermidades-pragas-vacinación.....	48
•	Mestres: actualización ao S. Métrico Decimal....	52
•	Escola de Alfabetización.....	55
•	Bueu e os mestres.....	57
<b>II</b>	- «Escolas Públicas de Instrución Primaria : Bueu»	
•	Escola de nenos nº 1 de Bueu .....	61
•	Escola de nenos nº 2 de Bueu .....	87
•	Escola de nenas nº 1 de Bueu .....	93
•	Escola de nenas nº 2 de Bueu .....	111
•	Escola mixta de Ermelo, Meiro e Portela.....	118
•	Escola mixta de O Valado .....	134
<b>III</b>	- «Escolas Públicas de Instrución Primaria : Beluso»	
•	Escola de nenos de Beluso .....	141
•	Escola de nenas de Beluso .....	151
•	Escola mixta de Bon .....	157
•	Escola mixta Praia de Beluso .....	163
•	Escola de nenos de Cabalo .....	168
•	Escola de nenas e nenos de Curraces .....	171

<b>IV</b>	- «Escolas Públicas de Instrución Primaria : Cela»	
•	Escolas Públicas de I. Primaria de Cela .....	176
•	Escola de nenos de Cela .....	177
•	Escola de nenas de Cela .....	192
•	Escola mixta de Castrelo-Cela .....	200
<b>V</b>	- «Escolas Públicas de Instrución Primaria : Ons»	
•	Escola na Illa de Ons .....	205
•	Joaquín Fernández Cambeiro .....	224
<b>VI</b>	- «Escolas do Pósito de Pescadores de Bueu»	
•	O Pósito .....	241
•	A Escola do Pósito en Bueu .....	243
•	A Escola do Pósito en Beluso .....	251
<b>VII</b>	- «Escolas do Padroado San José»	
•	Escola, médico e capelanía para Meiro .....	255
•	O Padroado San Xosé .....	260
•	Escola de Orientación Marítima .....	268
<b>VIII</b>	- «Agrupacións escolares do Concello de Bueu»	
•	Escola dende a emigración .....	273
•	Consecuencias do Agrupamento escolar .....	280
•	Os nomes dos centros escolares .....	281
•	As Bibliotecas escolares .....	283
•	Grupo Escolar - CEIP A Pedra de Bueu .....	284
•	Grupo Escolar – CEIP Montemogos de Beluso ...	301
•	Grupo Escolar – CEIP Torre-Cela .....	311
•	Varios centros como un só .....	322
<b>Anexo-I</b>	: «Escolas Particulares ou de “pago”».....	327
<b>Anexo-II</b>	: «Colexio Plurilingüe ‘Virxe Milagrosa’».	349



I

Buenas  
Generalidades da  
Educação  
Pública





## «Xeneralidades da Educación Pública »

*Enfrontarse co reto do estudo da escola, pública ou privada, en calquera ámbito do territorio é exporse a un abano amplo de cuestións a responder, que non sempre é doado de documentar. A pesar dos escasos expedientes antigos manexados polas institucións educativas actuais, trataremos de achegarnos ao mundo da escola e amosar uns retallos, máis ou menos amplos, acoutados ao concello de Bueu e, preferentemente, na cualificación de pública.*


*Puidemos mergullarnos nese pequeno mundo grazas ao Arquivo Municipal de Bueu, aos Centros Escolares e á memoria de moitos amigos (alumnos, mestres etc.).*

**A posesión do coñecemento era, e segue a ser, un plus de control, non só da economía, senón da vida social. Por iso dende un principio as elites que ostentaban o poder reservábanse o seu desfrute e pertenza, moi lonxe de conceptos como do pobo, popular, público etc. Mais non en todas as épocas o manexo e transmisión dese saber foi igual, xa que houbo períodos de gran florecemento que se solaparon con outros de escurantismo, nun subir e baixar desigual na gráfica da cultura.**


**Demos un salto no tempo, e deixemos atrás os momentos onde a cultura era unha descoñecida ata para os señores que exercían o dominio case absoluto da máis grande parte da poboación ou cando estaba cinguida aos núcleos relixiosos e certos elementos cortesáns. Recuperemos algunhas persoas e conceptos que nos servirán de canle para achegarnos ao que hoxe poderíamos denominar “democracia educativa”.**

**Para iso quixera poñer o foco, aínda que sexa para pouco máis que nomealos, en tres persoeiros que co seu labor permitiron abrir camiños teóricos e/ou prácticos para asentar as bases do que sería a escola pública tal e como a entendemos na actualidade.**

O primeiro, *Juan Amos Comenio* (1592-1670), considerado o pioneiro e impulsor da Didáctica<sup>1</sup> e da Pedagogía; aportou grandes ideas e procedementos que revolucionarían a concepción de escola e do alumno como algo importante<sup>2</sup>. A súa pansofía (πανσόφι) quedou reflectida na historia da ensinanza coa máxima “*Todo a todos*”, na que ‘*Todo*’ podería servir de base para construír un saber para educar de forma universal (‘*a todos*’)<sup>3</sup>. Aquí temos explicitamente unha achega ao concepto de educación xeneralizada ou pública. Outras contribucións dignas de lembrar e que complementan estas ideas foron a división gradual da educación (maternal, elemental, latina-ximnasio e académica), os libros de texto con imaxes, educar tamén fóra da escola etc.



O segundo podería ser *Jean Jacques Rousseau* (1712-1778). Non tanto polo seu labor como pedagogo reflectido no seu libro *Emilio*, senón polo Rousseau que, bebendo nas fontes clásicas<sup>4</sup>, artella



pensamentos e proclamas sociais. As súas ideas de *liberdade* como obxecto de desexo universal, utilizan a educación como procedemento para facer cidadáns libres.

As súas reflexións plasmadas en artigos e libros (como o *Contrato social*) serviron de soporte para demandar unha educación para todo o pobo e axudaron, anos despois da súa morte, a impulsar a Revolución Francesa. Revolución, que marcou un antes e un despois no devir da sociedade e no pensamento de moitas nacións; e

---

<sup>1</sup> En 1630 publicou o libro «*Didáctica Magna*»

<sup>2</sup> Ao que había que espertarlle o interese, buscar a felicidade etc.

<sup>3</sup> Aínda que ás veces o xustificase coa idea de “educar o pobo” para así tamén ter “mellores súbitos”

<sup>4</sup> Sobre todo en Platón na *República* que moitos autores, como Herminio Barreiro, recoñecen como “as orixes teóricas da educación pública”.

da que xurdiron grandes homes e mulleres, unha grande parte engulidos pola mesma. Un dos superviventes foi Napoleón Bonaparte que en maio de 1806 fai pública unha lei que sería decisiva e modelo para implantar o papel reitor por parte do estado na educación “*o paso que faltaba para converter a educación nun asunto primordial de estado*” (Barreiro op. cit. – páx 192).

E, ao noso país chegaron eses aires de cambio? Si que chegaron, e de forma directa, da man do exercito francés que dende 1808-1813 mantivo baixo o seu dominio a maior parte do territorio da península ibérica. A proba máis clara no campo da educación plasmouse nos *Decretos de Instrucción Pública* promulgados en 1809 polo rei José I (José Bonaparte) nos que, entre outras reformas impulsaban a creación de centros de ensinanza (liceos) ao modelo francés. A pesar de que estes e outros cambios non chegaron a cristalizar en todo o país, si deixaron un pouso nunha grande parte da clase política e social que permitiron que aniñasen na primeira Constitución promulgada en Cádiz no marzo de 1812. Nela, no seu Título IX “Da Instrucción Pública”, art. 366 di: “*En todos os pobos da Monarquía estableceranse escolas de primeiras letras, nas que se ensinará aos nenos a ler, escribir e contar, e o catecismo da relixión católica, que comprenderá tamén unha breve exposición das obrigacións civís*”.




Logo só quedaba que esas premisas xerais tomaran corpo e se fixeran realidade nos nosos pobos e vilas. Farao aos poucos comezando coa creación da Xunta nacional, provinciais e logo locais,

encargadas de crear, organizar e controlar a escola por todo o territorio. Importante tamén, é deixar constancia de que as Cortes, o 20 de xuño de 1821, declararon gratuíta a Ensinanza Pública.

No caso concreto de Bueu vemos que o 22 de marzo de 1838 o Xefe Político da provincia manda un oficio<sup>5</sup> ao Alcalde constitucional da Vila e Distrito de Cangas para que a Rexedora 1ª do concello de Bueu emita as disposicións oportunas de que os mordomos pedáneos das seis parroquias (inclúense Hío e Aldán) acudan cos recibos dos anos de 1835 e 1836 de ter cobrado a *“contribución de un real por cada dez veciños para fondos da Real Comisión de Instrución Primaria da Provincia”*<sup>6</sup>.

Aquí e nos presupostos de anos sucesivos, polo menos ata mediados do século XIX, aparecerá este imposto ligado ao eido educativo.

O 21 de xullo de 1838 temos unha Lei (Gaceta de Madrid do 2-9-1838) cun plan de instrución primaria na que no número 6 das súas disposicións di: *“Procurarán que se establezan escolas en todos os puntos en que prescribíndoo a Lei, non as houbera; e coidarán de que a ensinanza, así nas novas como nas que xa existen, se arranxe ao que a mesma prevé”*. Isto foi o punto de saída para que os concellos recentemente creados comezasen a pensar na posibilidade de abrir escolas. No que corresponde ao concello de Bueu comprobamos que recibiu ofertas de mestres, como a que asina en Padrón, o mestre Gregorio del Valle<sup>7</sup> postulándose para presidir algunhas das posibles escolas “completas” que poida crear o concello de Bueu nas



Carta de Gregorio del Valle - 1839

<sup>5</sup> Arquivo Municipal de Bueu (no futuro AMB) Carpeta 131/4, Correspondencia.

<sup>6</sup> Durante eses anos, a contía era de 162 reais e 10 marabedís.

<sup>7</sup> A carta envíaa dende as “Dependencias da Academia Nacional Greco-Latina”. Carpeta 131/5

súas parroquias. O motivos son o soldo a cobrar, que pensa se axustará ao que dispón a lei, polo que lle interesa, e tamén por estar “*desexoso ao mesmo tempo de vivir próximo á súa familia*”. Descoñecemos se estivo como mestre en Bueu por carecer de documentación que o acredite.

\* \* \*

## «Leis Educativas»

Nesta pequena mirada á escola pública bueuesa, non imos analizar en profundidade as distintas normativas que regularon a escola. O que si mencionaremos algunhas, deténdonos un pouco nas máis influentes dos últimos séculos no mundo educativo e na escola de Bueu en particular.

Unha das primeiras grandes Leis, significativa polo seu contido e polo tempo de vixencia, é a que se coñece como Lei Moyano<sup>8</sup> ou *Lei de Instrucción Pública*, do 9 de setembro de 1857. Esta Lei tivo en conta a sensibilidade e movementos pedagóxicos da contorna europea, pero tamén de todos os traballos, Regulamentos, Decretos, Leis<sup>9</sup> que o poder legislativo elaborou, e foron moitas, dende a Constitución de 1812 ata ese ano.



<sup>8</sup> Nome do seu relator o ministro de Fomento Claudio Moyano Samaniego (1809-1890).

<sup>9</sup> Plan xeneral de Escolas (16-2-1925); Lei e plan de Instrucción primaria (21-7-1838); Regulamento das Escolas públicas de instrucción primaria elemental (26-11-1838); Regulamento das Comisións de instrucción primaria (18-4-1839); real Orde de Separación de Mestres do Maxisterio (2-4-1845); etc. para rematar no Proxecto de Lei de Instrucción Pública del 9 de decembro de 1855 do ministro Manuel Alonso.

Nela o abano lexislativo era amplo e ía dende a organización dos estudos, os locais ou escolas<sup>10</sup>, do profesorado, das Xuntas de Instrución, da Inspección etc.

Abordaban tamén temas como a obrigatoriedade da ensinanza: “*A primeira ensinanza elemental é obrigatoria para todos os españois. Os pais e titores ou encargados enviarán ás Escolas públicas os seus fillos e pupilos desde a idade de seis anos ata os nove...*” (art. 7º)

A gratuidade parcial da escola: “*A primeira ensinanza elemental darase gratuitamente na Escolas Públicas aos nenos cuxos pais, titores ou encargados non poidan pagala...*” (art. 9º)

Dependencia económica dos concellos: “*Son Escolas Públicas de primeira ensinanza as que se sosteñen en todo ou en parte con fondos públicos, obras pías ou outras fundacións destinadas ao efecto. Estas Escolas estarán a cargo dos respectivos pobos, que incluírán nos seus presupostos municipais, como gasto obrigatorio, a cantidade necesaria para atender a elas...*” (Art. 97º)

Terían que pasar máis de cen anos para que outra<sup>11</sup> grande lei tomase o relevo como norma educativa. Esa foi a *Lei Xeneral de Educación e Financiamento da Reforma Educativa*<sup>12</sup> na que se lle deu un pulo moi importante á educación ao transformar as etapas educativas (preescolar, educación xeral básica (EXB) e as ensinanzas medias e universitarias), ao modificar o rango de idades e de niveis de ensinanza, xeneralizar a obrigatoriedade e gratuidade etc. Como

---

<sup>10</sup> Debemos lembrar a división que se fai de *Escola completa* (que precisaba un mestre titulado na que se daba todo o currículo que a lei dispuña para ese nivel e por defecto era de nenos) e *Escola incompleta* (non se daban todas as materias, o mestre podía ser un adxunto ou pasante cun certificado que daba a Xunta local e o visaba o gobernador. Excepcionalmente eran de nenos en pobos de “menor veciñanza”).

<sup>11</sup> Antes houbo máis leis como a Reforma E. Medias (1938), a de O. Universitaria (1943), a da Educación Primaria (1945), de F. Profesional Industrial (1949), O. Ensinanza Media (1953), de construción Escolares (1953) e de F. Profesional Industrial (1955).

<sup>12</sup> Lei 14/1970 (do 4-8-1970), coñecida tamén coma LGE ou Lei Palasí, collendo o nome do ministro de educación que a impulsou no seu tramo final Luís Villar Palasí (1922-2012).

podería comprobarse supuxo un cambio fondo na estrutura, na forma e nos fins.


Esta lei sería moi importante para configurar os novos centros educativos “Grupos escolares” non só fisicamente, ao crear novos espazos para adaptarse ás esixencias estruturais do sistema, senón que tamén contribuíu ao cambio do papel dos docentes. Xeneralizada é a idea de que foi unha lei boa, necesaria e que tería un futuro prometedor polo que achegaba pero, á súa vez, unha lei que precisaba moitísima financiación para levala ás súas últimas consecuencias. Máis fácil foi substituíla por outra, e esta por outra<sup>13</sup> etc. ata a que hoxe temos.

\* \* \*

### «Comisións/Xuntas de Instrución - Concello de Bueu»

Coas disposicións que seguen a desenvolver a Lei e plan de Instrución Primaria do 1938, aparece no 1939 o *Regulamento das Comisións de Instrución Primaria*<sup>14</sup>. O papel das Comisións locais e provinciais é fundamentalmente de dirección e control da vida escolar nos seus ámbitos.

A composición da primeira Comisión local de ensinanza da que temos constancia documental correspóndese ao 3 de marzo de 1848<sup>15</sup>. Está formada por persoas de grande influencia na vida política



---

<sup>13</sup> Todas aquelas, xa Leis Orgánicas emanadas da Constitución de 1978 que podemos resumir en: LOECE, LOGSE (1990, tamén digna de mención polo que supuxo de cambios nos centros educativos), LOPEG, LOCE, LOE, LOMCE ou as modificacións da LOMLOE .

<sup>14</sup> 18 de abril de 1839

<sup>15</sup> AMB - Carpeta 1352/1 (1848)

e económica do concello: Benito Díaz Area, Salvador Martí, Juan Vergés e Matías Loveira.

En Bueu, as distintas Comisións locais, tiveron unha actividade moi desigual ao longo do tempo. Desde momentos de implicación comprometida coa escola ata unha férrea fiscalización, por non dicir confrontación, alternado con momentos laxos.

Sen afondar na actividade deste órgano no concello bueués, poremos a modo de exemplo algunhas das tarefas que resolvía en distintos momentos.



Por exemplo, na reunión da Comisión de Instrución de 8-1-1851, Salvador Martí expón a pouca concorrencia de nenos á escola atribuíndoa ao pouco celo dos veciños polo que pide ao alcalde Juan Lovera, como presidente da Comisión, expida ordes e edictos inculcando a estes os prexuízos da falta de instrución.

Outras veces tratando das dotacións dos mestres, do pertencente á casa e enxoval, gastos de escola... como a que se tratou na sesión 29-8-1851.

Durante moitos anos deron en celebrar exames cuatrimestrais e ata mensuais para así comprobar o aproveitamento académico dos alumnos<sup>16</sup> á vez da 'produtividade' por parte dos mestres<sup>17</sup>. Para o control dos mesmos nomeábanse representantes da Comisión para asistir e inspeccionar nas escolas.

---

<sup>16</sup> Ás veces, para incentivar ao alumnado, acordaron dar medallas ou lazos, e ata nalgún momento cartos, ás distintas categorías dos aprobados nos exames.

<sup>17</sup> A veces, raras, ata para premialos como foi o caso, por poñer un exemplo, da reunión do 28 de setembro de 1901 onde felicitaron a Ramón Bares e a Manuela Soage e ata lle deron dous días de vacacións polos bos resultados dos exames dos seu alumnado, pero tamén a chamaron á orde polos malos resultados aos demais mestres.


Ata se chegou, como 4-9-1856, a nomear un encargado pola Comisión para “*fiscalizar a escola pública desta vila ...*”, neste caso ao que fora alcalde Juan Lovera.

Outras actuacións que definiran máis o papel das Xuntas locais aparecerán espalladas polos distintos apartados deste informe da educación en Bueu: deseño de horarios, vacacións, creación de escolas, queixas etc.

As Comisións funcionaron baixo a normativa mencionada ata que a Lei de 1857 as reformou, aínda que creando un órgano case igual modificando algo a súa composición e moi pouco a súa finalidade e atribucións.

Con posterioridade sofre máis alteracións na titularidade dos membros e algo menos nas funcións que lle son propias e, algunha vez, das que se atribúen.

Exemplo das titularidades que foron cambiando na Xunta local vemos a figura do “vocal eclesiástico” que é ocupada por un cura párroco elixido polo bispo, ou como en 1902, un médico municipal, 2 como pais de familia e 1 como nai de familia. Non será ata a Real Orde de 5 xuño de 1913 cando se vexa por vez primeira<sup>18</sup> a un mestre formando parte da Xunta Local ou no 1931 un mestre (Guillermo Novío) como Presidente e unha mestra (Ramona Cabanillas) coma Secretaria. Estes poden considerarse un máis dos cambios de composición<sup>19</sup> da Xunta Local



1847-Composición Xunta Local Instrucción Primaria

<sup>18</sup> Na reunión do 26-8-1913 noméase vogal a Higinio Pérez en representación dos mesmos.

<sup>19</sup> Como cando en 11-3-1924 reorganizan a composición da Xunta Local de 1ª ensinanza (Circular BOE 8.9-1923): Dúas persoas polo concello, Inspector Municipal de sanidade (Ignacio Lis Lombos), cura párroco máis antigo (Juan Martínez Casamande), farmacéutico

de Primeira Ensinanza, mais o que si marcou un fito foi que en 1920 acadara a Presidencia unha muller, Amalia Sequeiros de Bolívar.

Ao longo do tempo unha serie de decretos e ordes chegaron a modificar e ata suprimir, como en 1931, as Xuntas locais á vez que se organizaron os Consellos de carácter local; ou como as disposicións que seguen a desenvolver a *Lei e plan de Instrución Primaria*



do 1938, aparece no 1939 o *Regulamento das Comisións de Instrución Primaria*<sup>20</sup>. Como xa comentamos, o papel das Comisións locais e provinciais é fundamentalmente de dirección e control da vida escolar nos seus ámbitos.

A participación da comunidade educativa na xestión dos centros é regulada por leis xa mencionadas como as LGE, LOECE, LODE, LOPEGCED, LOCE, a LOE<sup>21</sup> etc.

A grande diferenza cos órganos do pasado son as finalidades, canles de participación e ámbito dos mesmos que se cinguen aos centros nos que están os seus tutelados e conforman o órgano de goberno coñecido nunha primeira época como Consello de Dirección, agora Consello escolar.

O que máis se parece ás Xuntas ou Comisións locais polas competencias asumidas, aínda que moi lonxe do papel fiscalizador, son os Consellos Escolares Municipais<sup>22</sup>.

---

(Claudio García), dous por pais de familia (Serafín Corral e Francisco Puig), dúas nais de familia (Rolendis de la Cueva e Rosa Rúa Meira) e dous mestres titulares máis antigos (José Cagide e Marina Davila).

<sup>20</sup> 18 de abril de 1839

<sup>21</sup> LGE-1970: Lei General de Educación. LOECE-1980: Lei Orgánica Estatuto Centros Escolares. LODE-1985: Lei Orgánica do Dereito á Educación. LOPEGCED-1995: Lei Orgánica de Participación, Avaliación e Goberno dos centros docentes. LOCE-2002: Lei Orgánica de calidade da Educación. LOE-2006: Lei Orgánica de Educación.

<sup>22</sup> Definidos pola Lei 3/1986 de Consellos Escolares de Galicia e Regulados polo Decreto 44/1988

## «Os primeiros mestres de Bueu»


A configuración da escola xeneralizada en multitude de lugares do territorio a partires da Constitución é falar de mestres e para falar dos de Bueu habería que remontarse máis atrás do s. XVIII. Entre outras, esta información vén avalada polo feito de que todos os fillos das elites locais (fidalgos, cregos, propietarios relevantes, cirurxiáns etc.) precisaban de alguén que os iniciase no mundo das letras e dos números. Aínda que nun principio a maior parte da oferta nas zonas rurais, como era o caso de Bueu, circunscribíase á contorna relixiosa e posteriormente, pouco a pouco, foron apareceron persoas que explotaban como mestres o seu maior grao de instrución.

Non había escolas que acolleran o alumnado, como hoxe a entendemos; máis ben persoas con certos coñecementos que os instruían de forma “particular”.

Os primeiros mestres dos que temos constancia documentada son de Beluso e Ermelo; coñecémolos grazas ao Catastro de Ensenada (1752).

En Santa María de Beluso, nos libros de Real de Leigos e no listado de ‘Veciñanza’ nomea a *Domingo Estévez*, que vivía de aluguer nunha casa terreña no lugar de A Roza (sic) e “*ten por utilidade anual por mestre de nenos sesenta reais*<sup>23</sup>”.

En Ermelo, na mesma documentación, podemos atopar a *Pedro Alonso* que polo exercicio como mestre de nenos, calcúlasele unha utilidade anual de 30 reais.



<sup>23</sup> O que oficiaba de Sancristán por esas datas tiña de “Utilidade”, 100 reais.

Outra fonte de documentación para presentarnos a algún que outro mestre neste século poden ser os libros parroquiais e, aínda que máis achegados a nós, os libros dos xulgados. Exemplo disto podemos citar o caso de Ignacio Agulla que debeu ser mestre arredor de 1756 deducido pola acta de defunción do seu fillo José Benito, que morrera na Ribeira-Bueu en 1841 cando tiña 85 anos, e no que está citado.

Anos despois, setembro de 1843, o Xefe Político da provincia envía un oficio ao alcalde 1º constitucional do concello de Bueu, no que lle comunica que o Ministerio da Gobernación da Península acordou expedir Títulos a varios mestres de primeiras letras sendo entre eles a do veciño de A Rosa-Beluso, Francisco Saborido Lois (1801-1862). Francisco Saborido era tenente cura de Beluso, onde daba clases.

O 10 de marzo de 1852, a Inspección educativa pídelles á Comisión de Instrución local que lle vexa o título que teña o que se di profesor de instrución na parroquia de Beluso, Perfecto Camiña Paredes<sup>24</sup>. Feita a investigación na escola á que se refería a comunicación da inspección, concluíu que era precisamente a que estaba a cargo do mestre de instrución primaria elemental, Francisco Saborido, sendo o tal Camiña un simple axudante.



*Entrada da que fora casa de Perfecto Camiña no alto do Coto-Sar*

---

<sup>24</sup> Natural de Moaña. Casou dez anos máis tarde en Beluso con Rosa Martínez Davila.

## «Mestres e escola pública»

Como xa mencionamos, as bases da escola pública (co tempo sería Ensino Público) de 1ª Instrucción nace en España a partir da Constitución de 1812. Aínda que no caso de Bueu temos que esperar ata 1847 para que aparezan as primeiras escolas elementais con carácter pública, promovida, subvencionada e controlada polas Xuntas Educativas Nacional, provincial e local, co papel imprescindible do concello.

Así observamos que nos presupostos para o ano de 1847 aparecen por vez primeira os soldos para dous mestres (1100 rs/ano) e o aluguer de dous edificios para as escolas (400 rs). Todo a cargo do concello que, ao igual que anos anteriores, segue pagando a Comisión provincial de Instrucción Pública (812 rs) segundo o mandado do Xefe Político.

Coñecemos que un dos mestres de Instrucción primaria nomeados é Benito Pena, do que seguiremos un pouco da súa traxectoria máis adiante, ao falar da Escola de nenos de Bueu.

Polas mesmas datas, sen o carácter público, temos como mestres: en Bueu, Benito Martínez e Manuel González; en Beluso, a Benito Santos e Antonio Vilas; no Igrexario de Cela, Antonio Morales.

O réxime de financiamento da Escola Pública viña por dúas canles onde os mestres amparados polo concello cobraban aos nenos que podían pagar, certa cantidade e o concello aportaba un mínimo por unha porcentaxe de alumnos que eran pobres e non podían facer fronte nin ao pago nin ao material.

Pedíaselles aos pedáneos das parroquias que aportasen unha lista cos nenos de 6 a 14 anos que os seus pais fosen verdadeiramente pobres. Ese ano de 1848 asignouse en 40 o número de nenos pobres



Suma anterior..... 5804

INSTRUCCION PUBLICA.	
Sueldos de los Maestros y demas Dependientes, segun relacion numero 2.	1100
Alquiler de los edificios en que se hallan situadas las Escuelas y demas establecimientos del ramo, segun relacion numero 2.	400
Gastos de las Escuelas y demas establecimientos de id.	
El extraordinarios de las mismas, en que se comprenden las de obras y reparacion de efectos.	2.552
Comision provincial de Instruccion publica segun lo dispuesto en el Real Decreto de 18 de Mayo de 1847.	812
El Dicho presupuesto.	2.552

que debían se admitidos na escola. A Bueu correspondéronlle 16, a Beluso 12 e a Cela 12. Segundo o réxime de pobreza os clasificaron en dúas categorías, á 1ª pagaban seis “quartos” e á 2ª, 12 “quartos”.<sup>25</sup>

Pasado o tempo, marzo de 1856, creáranse as bases que servirán de regra para a admisión na escola dos nenos pobres. Por agora deciden limitar a admisión dos nenos non contribuíntes a 1/3 dos que satisfagan a retribución ao mestre.

Pagarase por eles segundo o grao que vaian adquirindo:

1 real para a clase de lectura exclusivamente

1 ½ para lectura, escritura, principios de gramática, moral e aritmética

2 reais para a superior en que se ensinan outras nocións máis elevadas

En 1881, a Xunta Local presentou os tipos de pago aos mestres, en función do patrimonio medido pola contribución que paga:

-Para aqueles pobres cuxos pais non paguen de contribución máis de 40 reais, deben ser exceptuados de pagar ao mestre

-Os de 41-100 reais... pagarán ao mestre 3 reais ao trimestre por cada neno

-Os de 101-200 reais... pagarán ao mestre 6 reais ao trimestre por cada neno

-Os de 201-300 reais... pagarán ao mestre 9 reais ao trimestre por cada neno

-Os de 301-400 reais... pagarán ao mestre 12 reais ao trimestre por cada neno

-Os de 401-500 reais... pagarán ao mestre 15 reais ao trimestre por cada neno

-Os de 501-600 reais... pagarán ao mestre 18 reais ao trimestre por cada neno

Co paso dos anos, e moi pouco a pouco, os concellos primeiro e o estado despois fóronse facendo cargo da totalidade do soldo a percibir polo profesorado das escolas. Esta circunstancia veu paralela á universalidade e obrigatoriedade da educación que propiciaron diversas regulacións. A pesar do cal non é fácil poñer data exacta a este acontecemento pois aínda dentro da mesma profesión hai multitude de criterios que modifican as contías: tipo de escola (completa, incompleta, mixta, de nenos ou de nenas), tipo e tamaño de poboación etc.

---

<sup>25</sup> AMB - Carpeta 1352/1 (1848)

## «Escola de nenas»

Durante séculos o papel adxudicado á muller en moitos ámbitos, entre eles o educativo, foi o de subordinación ao través do mantemento da ignorancia.

A mesma Constitución de 1812 que introducía ideas de educación *universal* esquecíase da muller de feito consciente, como cando di: “...ensínarase aos nenos a ler, escribir e contar, e o catecismo da relixión católica...”.

Terían que pasar case dez anos para que un Regulamento que recomendara crear escolas para nenas, idea que quedou nun segundo plano ata a Lei Moyano de 1857 que, sen falar de coeducación nin nada semellante, establece o carácter obrigatorio para nenos e nenas.

A pesar do que di o artigo 100 “*En todo pobo de 500 almas haberá necesariamente unha Escola pública elemental de nenos, e outra , aínda que sexa incompleta, de nenas. As incompletas de nenos só se consentirán en pobos de menor veciñanza*” as escolas de nenas sempre foron escasas e case sempre incompletas co que iso supuña de infradotación e de ausencia de mestra cualificada<sup>26</sup>.

A este menosprezo habería que agregarlle o recorte curricular que sufrían as mulleres que as canalizaban a unha preparación doméstica<sup>27</sup>, de “ama de casa” en contraposición aos nenos que eran preparados para o mercado laboral.




---

<sup>26</sup> A preparación destas era inferior en coñecementos o que tamén se traducía en soldos máis baixos (1/3 menos), con perspectivas de promoción case nulas (para acceder a postos de Inspección, Órganos directivos, ...) etc.

<sup>27</sup> Con materias como “*Labores propias do sexo*”, Debuxo aplicado ós mesmos labores, Lixeiras nocións de Hixiene doméstica. Deberíamos que esperar ata o Real Decreto de 26 de outubro de 1901 para ter programas comúns para homes e mulleres.

Chegados a mediados do s. XIX podemos dicir que, como tal, non había escola de nenas en Bueu, xa que as que había eran de nenos ou mixtas. Coa intención de promover a creación dunha, o gobernador provincial pregunta (25-5-1851) á Comisión Local de Bueu si se conta




con algún recurso para sostener unha escola de nenas. A Comisión respóndelle que non existe *“fundación algunha destinada a ese obxecto non sendo por conta do presuposto municipal, non coñecen outro medio algún”*.

A oportunidade vai vir da iniciativa privada xa que en febreiro de 1852 a mestra Teresa Núñez solicita autorización para dar clases particulares na súa casa. O gobernador manifesta que ao non ter recursos suficientes para establecer unha escola pública desta clase (para nenas) por carecer de recursos suficientes, se lle concede permiso a Teresa Núñez para dar clase, *“debendo limitarse á instrución das nenas con subxección ao previsto no regulamento”*.

O certo era que a tal Teresa Núñez xa levaba dende outubro de 1851, e así o manifestou á Comisión educativa, dando *“Ensinanza particular expresamente para nenas, divididas en tres clases; e esta consiste : 1<sup>a</sup> na mellor educación e crianza, a doutrina cristiá, ler, escribir e calcetar. 2<sup>a</sup> Machucar, cocer en branco e negro. 3<sup>o</sup> Bordar, facer todo xénero de calados e pasar o ferro, baixo unha retribución mensual moi económica”*

Pero ao parecer lle ía pouca xente pois quíxase ao experimentar *“falta de concorrencia que debía haber sen dúbida porque os seus pais ignoran a vantaxes desta ensinanza, mándanas á escolas dos nenos cuxa amalgama non lles está permitido, nin debe consentirse en ningún concepto”*.

E pídelle á Comisión non sexan admitidas as nenas nas escolas de nenos e que se exhorte “aos pais de familia por medio do cura párroco para que este o faga no ofertorio da misa” e así concorran as súas fillas á referida Ensinanza.



A Teresa Núñez, en xuño de 1853 aínda segue a queixase á Comisión de Instrución, neste caso dos mestres de Bueu e Beluso por permitir a concorrencia de nenos e nenas ás súas escolas. Un dos mestres, ante estas queixas deféndese dicindo que a tal Teresa Núñez é unha moza sen título de profesora polo que non ten nada que intervir en que as nenas vaian á súa clase.

Habería que esperar a xaneiro de 1858, sendo alcalde Ramón Martínez, para ver que o Gobernador crea a primeira escola pública de nenas. Dita escola estaba situada no camiño que da praia vai para a igrexa. A primeira mestra que toma posesión desta clase foi María Pastoriza Carballo.



Entrada na escola de nenas en Eduardo Vincenti -Foto de E. Díez

\* \* \*

## «Reivindicacións polo xénero»

En 1883, Enedina Castellá, mestra da escola completa nº 1 de nenas de Bueu, comunica repetidamente ao Presidente da Xunta Local de Instrución para que verifiquen uns malos cheiros que se perciben na súa escola. Ata aquí a solicitude habitual por parte da mestra co

concello para solucionar un problema que afectaba á escola. Pero o que pode sorprenden é a actitude valente desta que, ante a inacción por parte da institución, queixase por escrito esgrimindo o deixamento polo feito de ser muller.

Pero exemplo claro a reivindicación de xénero a temos tamén no mesmo 1883 e vén da man da bueuesa Manuela Soage Abal, mestra que estivo na escola incompleta de nenas de Cela. Faino nunha instancia que remitiu ao concello queixándose de que ás outras escolas incompletas de Beluso e de nenos de Cela as pasaron a completas e á súa non (o que implicaba unha serie de melloras tanto económicas como académicas): *”Aquela corporación non só faltou aos seus deberes, senón que demostrou dunha maneira patente o seu apaixonamento e animosidade, favorecendo aos mestres das escolas indicadas e desatendendo inxustamente á nosa, a pesar de tratarse dunha filla do pobo.[...] Está terminantemente resolto que as escolas dun mesmo distrito escolar deben ter igual soldo e a mesma categoría, nenos e nenas sen distinción ningunha, e tanto é así que todas as que había en España, con diferenza de soldos, foro niveladas en virtude do lexislado...”*.



*Escola de nenas ± 1940 - Cedida por X. M. Dopazo*

## «Gastos municipais na escola»

Como fomos vendo, a partires da Lei de 1857 moitas cousas cambiaron, e para ben, no mundo educativo. Se poñemos o punto de mira nos Gastos Municipais, veremos que estes serviron de motor do que dependía a escolarización e calidade da ensinanza.

Unha Orde (29-11-1858) obrigaba aos concellos que no Presuposto Municipal de Ingresos e gastos, tivera que haber a partida na que se recollía:

### Ingresos:

Capít. I.- unha cantidade incluída no presuposto municipal para aseo do local e útiles de ensinanza.

Capít. II.- para libros, papel, plumas e tinta dos nenos pobres.

Gastos: Teñen que adaptarse aos Capítulos anteriores.

No caso de Bueu, que xa se facía cargo do mantemento da escola dende 1847, aparecen Ingresos/Gastos das escolas públicas, por vez primeira dende a mencionada Orde, no Presuposto en 1859:

Completa de nenos (Juan Manuel Mariño)... 825 reais/ano

Completa de nenas (María Pastoriza)... ..... 550 reais/ano

Outro exemplo de gastos de mestres por parte do concello o temos na imaxe dos presupostos de 1863, que tamén nos serve de referencia para ver as desigualdades entre os soldos de mestres e mestras dun mesmo sitio e a grande diferenza (ata 3 mestres xuntos cobraban menos que un só) dependendo do lugar onde estivera a escola<sup>28</sup> e o número de habitantes que houbera.

A pesar de que ao longo do tempo a norma foron as boas relacións dos mestres coa Xunta local ou co concello, houbo momentos puntuais de desencontro que non ían a máis pola submisión e dependencia, sobre todo económica, que estes tiñan coas institucións.

---

<sup>28</sup> Aparece a escola de Aldán e Hío porque eran lugares que neses anos pertencían ao distrito de Bueu.

Paga el Distrito actualmente por es

cuotas		
Por dotacion del maestro de Bueu	3300.	7
Por id. del de Delaso	2500.	
Por id. del maestro de niñas	2200.	
Por id. del de Bela	1000	
Por id. del de Altan	1000.	
Por id. del del Fila	1000.	
	<u>11000</u>	

A continuación perei algúns exemplos, con distintos graos de enfrontamento, destas desavinzas.

### *Novembro de 1869:*

Partindo das tensas relacións entre a Xunta de Instrución e o mestre da escola completa de Bueu Juan Manuel Mariño, este presenta unha reclamación para que o concello lle pague o soldo de 4.400 r<sup>s</sup>, cunha subida de 1.110 reais, segundo o baremo de poboación que marcan os Decretos, neses momentos vixentes. Ante a negativa do concello e Xunta Local de Instrución de facer efectiva esta subida, hai unha escalada no litixio que vai durar un par de anos.

A Xunta Local, apoiada polo concello, presenta duros escritos negándose a facerse cargo da suba de soldo do mestre, máis ben pretende rebaixarllo. Se primeiro aduce interpretacións da lei onde eles equiparan *pobo* con *parroquia*: “Un soldo fixo de 2.500 r<sup>s</sup> anuais polo menos nos pobos que teñan de 500 a 1.000 almas: de 3.300 nos pobos de 1.000 a 3.000: de 4.400 nos de 3.000 a 10.000 ...”

*“Polo de pronto se a cualificación de pobo é aplicable á parroquia como se infire da lei, a de Bueu (capital) xa non chega segundo o censo oficial, que se toma por base, ao número dos 3.000 habitantes que se requiren como mínimo para poder gozar de dotación o mestre os 4.400 r<sup>s</sup>, e se polo contrario debe entenderse por pobo o distrito ou todo o conxunto das diversas freguesías que o constitúen, neste caso*

<sup>29</sup> AMB-Carpeta 1353/6

*non deben converterse as escolas incompletas que hai e o toleralas é unha infracción da lei, posto que o art. 100 da mesma só as permite en pobos menores de 500 almas<sup>30</sup>...”*


A resposta das institucións governativas superiores é favorable ao mestre e pide ao concello e á Xunta local que se acate a lei. Estes órganos municipais insisten cos seus argumentos que trocan utilizado o déficit orzamentario, logo acudindo á masa social (veciños, máximos contribuíntes etc.) para facer fronte común en contra da medida co mestre. En todos os escritos usan termos moi duros e ameazantes. Ata lle escriben ao ministro de Fomento (24-9-1871) onde os fundamentos deixan paso ás expresións políticas “*á sombra dun mentido patriotismo*”, “*a Xunta Provincial de Instrución Primaria, máis que a representación do país liberal, foi a expresión do caciquismo...*”, “*...trataron de crearse amigos distribuindo dádivas a costa dos pobos...*” (como o soldo do mestre) etc.

### *Baixadas de soldos...*

En 1877, e a proposta da Xunta Provincial de Instrución Pública, o Reitor da Universidade aprobou baixar o soldo da escola elemental de nenos do concello. Pasarían a cobrar no sucesivo 625 pesetas anuais o profesorado e 156,25 para o material da escola.

E non sería a última vez que se intentara baixar os soldos:

No 1879 o concello de Bueu, como case sempre, tiña dificultades económicas pois os ingresos reais non acadaban os gastos, cada vez maiores. Para mitigar esta situación decidiron baixar de forma considerable a dotación das escolas por estimala moi onerosa para o distrito.



AMB-Carpeta 1353/14

<sup>30</sup> Interpretación nesgada, e non acorde co dereito, dun artigo que fala de mínimos.

Claro está, que serve de radiografía perfecta do pouco compromiso que o poder público local dese momento tiña pola educación, que sen dúbida era un reflexo dunha sociedade maioritariamente analfabeta.

Como era de esperar, un tras outro, o profesorado de Bueu, Beluso e Cela non tardou en presentar reclamacións ao concello, avaladas moitas veces polos mesmos pais dos seus alumnos e pola Inspección educativa. Co paso do tempo e a intervención da Xunta provincial primeiro e local despois, e non sen dificultade, foi mellorando a situación.

Como curiosidade de manifestación dalgúns dos problemas consecuencia da segregación de Bueu, en 1873, das parroquias de Aldán e Hío para o concello de Cangas: O mestre Juan Manuel Bermúdez Bastón tiña, en 1880, mensualidades pendentes de cobro do concello de Bueu ao que pertencía. Pasaba o tempo e non daba cobrado e volveu a reclamarlos, pero esta vez co apoio de Inspección que solicitou ao concello pagase axiña os cartos da débeda. Esta vez si cobrou.

Este é un exemplo máis de subida de soldo e como case sempre dunha mestra. Tamén podemos ver a submisión institucional.

O 17 de abril de 1885, Manuela Soage Abal<sup>31</sup>, apoiándose nas *“disposicións vixentes no ramo da Instrución Primaria que recomenda aos municipios a nivelación de soldos nas Escolas de igual categoría e que as Escolas de pouco soldo sexan elevadas a Completas coa dotación de cincocentas pesetas”*. Solicita igualarse ao que perciben outras mestras da provincia en escolas de igual categoría coa *“cantidad de cincocentas pesetas ou ben o que fose do seu agrado”*.

\* \* \*

---

<sup>31</sup> AMB-Carpeta 208/4

## «Creación de escolas – Notas»

En capítulos posteriores ao tratar a pequena historia de cada escola que houbo no noso concello abordaremos, entre outras cousas, as circunstancias da súa creación polo que agora apuntaremos máis ben un par de ‘intentos’ de creación real de escolas:

Nunha sesión municipal de finais de xullo de 1931 tratouse da creación provisional, aparecida na Gaceta de Madrid (19-7-31) das escolas de nenos en Bon e nenas en Ermelo.

Ante a falta de consignación orzamentaria dese ano, e que o pouco que hai apenas dan para a recién creada de Castrelo deciden facer *“constar que a xuízo da corporación, existen as escolas suficientes para a poboación escolar do termo, se os mestres encargados das mesmas se dedicaran con interese ao estrito cumprimento do seu deber”*.

Sabedores disto na Sociedade de Labradores y Oficios varios de Beluso mandan unha instancia (10-10-1931) protestando da non creación de dúas escolas, unha en Bon (Beluso) e outra en Ermelo (anexo de Cela).

A Xunta solicita (5-11-1931) datos de poboación escolar e en vista destes<sup>32</sup> pide a creación desas escolas.

A Inspección educativa, en oficio de 4-12-1931<sup>33</sup>, quéixase de que se ben o concello ofreceu local e materiais para a de Castrelo non o fixo así coa de Bon e Ermelo. *“E como estas creacións obedecen a un plan de conxunto do Goberno da República que os concellos dela non deben entorpecer nin menos obstaculizar...”*. E para animalos dille que esta Inspección está disposta a dar a ese *“Concello as maiores facilidades que sexa posible”*. Noutra comunicación o inspector oferta vantaxes unha vez máis se *“o concello se dispón a cumprir o disposto e retirar a súa negativa oficial a crear estas escolas que*

---

<sup>32</sup> Distrito de Ermelo, 140 alumnos. Bon excede de 90 alumnos


<sup>33</sup> AMB-Carpeta 1357/3

*estimo como rebeldía a un acuerdo de Gobierno que obedece a un plan ...”*

Como resposta a Corporación examinou estes oficios e acorda (16-12-1931) unha reunión coa inspección para solucionar a problemática da creación destas escolas. A reunión deu poucos froitos, e implicou, por Orde de 29-1-1932, que se anulase a creación de ditas aulas de Bon e de Ermelo (Gaceta 7-2-1932).

Nos anos cincuenta do século vinte todo un regueiro de creacións de unitarias de nenos, escolas mixtas etc. veñen establecéndose, moitas delas con carácter provisional, como podemos ler no BOE do 15 de xuño de 1954.

Pois ben, o concello coa intención de minorar gastos ofrece (decembro de 1857) ao Cardeal de Santiago dúas escolas de nenas a crear, no Valado e Ruanova de Beluso, para que se converteran en Escolas Parroquiais<sup>34</sup>:



En las escuelas parroquiales = A proposta do Sr. Alcalde-Presidente, se acuerda dirigir atento y respetuoso escrito al Excmo. Sr. Cardenal Arzobispo de Santiago, en suplica de que se digna disponer lo conveniente a fin de que las dos escuelas de niñas que habrán de crearse, una en el lugar de Valado de esta villa, y la otra en el de Ruanova de Beluso, tengan la condición de parroquiales, habiendo de ser instalada la primera de ellas en un edificio que construirá este Ayuntamiento con casa-vivienda para la Maestra, y la segunda en otro de propiedad Municipal, que será también acondicionada a tal fin.

Pleno 27-12-1957- Valado e Ruanova - Escolas Parroquiais: (Carpeta 28/2 pá 144)

<sup>34</sup> Pleno 27-12-1957 (AMB-Carpeta 28/2 páx. 144)

## «Horario»

Falar de horarios nos centros educativos hoxe é falar dunha norma imposta polo Calendario Escolar que ano a ano sacan as autoridades educativas. Pero non sempre foi así pois regulouse de distintas formas segundo as épocas. Unhas veces eran as leis as que marcaban o reloxo outras as Xuntas e Comisións provinciais ou locais.

Como é unha cuestión moi regulada e pouco transcendente limitarei a un par de exemplos, polo curioso<sup>35</sup>, do regulamento do horario escolar imposto pola Comisión local:

En novembro de 1851... Como na estación actual os días son máis curtos e como a maioría dos nenos que acoden son *“de puntos moi distantes, e non podendo estar nela ás horas competentes, que a hora de instrución comece ás dez da mañá e conclúa ás tres da tarde”*

En 1856... Tamén se decide o horario escolar segundo época do ano pero pensando en todo o curso:



De 1 abril a 1 de outubro... de 7 a 10 da mañá e de 3-6 da tarde

Resto dos meses .... de 8 a 11 da mañá e de 2 a 5 da tarde.

Con posterioridade habería que engadirlle o artigo 10 da Lei de 1857 *“as leccións duraran todo o ano, diminuíndose na canícula”*<sup>36</sup>

## «Vacacións»

Con respecto aos días de vacacións ocorreu o mesmo que cos horarios. Desde que non había normativa polo que tampouco vacacións de ningún tipo (incluso nos domingos se lle solicitaba ao profesorado dera sesións de clases de adultos) ata momentos nos que había pouca regulación e confusión nas datas sen clases. Un avance tremendo en canto ás vacacións foi o mes que podía gozar o

<sup>35</sup> En canto ao tipo de sesión e ao número de horas.


<sup>36</sup> De finais de xullo a primeiros de setembro.

profesorado e o curioso é que non foi unha conquista súa senón dos pais para o descanso do alumnado.

A pesar de que o Gobernador como Presidente da Xunta Provincial envía ao alcalde un oficio no que di: “*Usando das facultades que lle confire a Real Orde de 29 de xullo de 1878, dígñase conceder 30 días de vacacións ou todo o mes actual ás escolas do seu distrito*”, durante moito tempo o profesorado tiña que solicitar permiso á Xunta local para gozar destas vacacións, deixar constancia onde se ían gozar para estar sempre localizados ou xustificar con obras na escola.

Exemplo disto último o temos nunha carta que Ramón Barés envía ao alcalde como consecuencia da orde gobernativa: “*na súa vista, o mestre de Bueu, en nome de todos os seus compañeiros suplica a vostede a graza que pide dita Circular para que con tal obxecto poida evacuar certos traballos necesarios e pertencentes ao ramo polo que fóra deste caso lle sería moi pesado*”.

Houbo un tempo que había polémica se os xoves á tarde era lectiva ou non. A maioría das escolas non tiñan clase. No concello de Bueu o alcalde consulta esta circunstancia á Inspección Educativa e a resposta que podemos ver na imaxe, resolve o litixio dicindo que “*ditas tardes [do xoves] non son de vacación; pero...*”.



En cuanto a si los jueves por las tardes deben o no darse clases debo significarle que dichas tardes no son de vacacion; pero que los maestros pueden destinarlas a verificar paseos escolares, o realizar en las escuelas lecturas de libros, organizacion de Museos u otras labores análogas.  
Pontevedra 7 de febrero 1938  
Ramón Barés

Anualmente os colexios mandan, previa aprobación do Consello escolar un día elixido como non lectivo. Dicir que houbo épocas, como en 1937, nos que as escolas do Municipio tiñan que elevar á inspección educativa 8 días non lectivos como “festas locais”. Ese ano en Bueu eran: Mércores de Cinza, Luns e Martes de Resurrección, Luns de Pascua de Pentecostés, Festa da Santa Cruz (3 maio) e Festas de San Martiño: 10, 11 e 12 de novembro.

Ata os anos setenta o día primeiro de cada mes tamén era un día non lectivo porque os mestres ían a cobrar a Pontevedra xa que lles pagaba un habilitado.

## «O absentismo escolar»

O absentismo escolar era dende os principios da escola unha das principais causas de deterioro na ensinanza. Así o constatan os mestres nas queixas e nos oficios á superioridade educativa, nas memorias dos cursos etc.

As causas destas ausencias foron múltiples (desidia familiar, utilización laboral dos fillos etc.) e as formas de atallalas tamén (con campañas e charlas de concienciación, con multas, con incentivos etc.).

Uns poucos exemplos que nos servirán de pequena guía:

- Se remontamos ao ano 1858, sendo alcalde Agustín Plá y Avelle, promúlgase un bando polo que aqueles *nenos pobres* que falten reiteradamente a clase amoestarase aos seus pais, e de seguir, ameázaseselles coa expulsión. Os ricos parece que non faltan á escola... pois o certo é que non (poden lerse os listados das Faltas) e a xustificación pode ser diversa. Por unha banda pola visión proveitosa que as familias, máis instruídas, teñen da ensinanza; por facer rendibles os cartos que gastan ao pagar as clases; por non ter necesidade vital de empregalos para axudar nas tarefas agrícolas, pesqueiras ou doutro tipo; etc.
- En setembro de 1859, sendo alcalde Benito Martínez, a Comisión local mira a conveniencia de desterrar o costume que teñen “*algúns pais de familia de retirar os seus fillos da escola por tempadas para dedicalos a certos servizos no campo ocasionando así grandes retrasos na súa instrución*” co prexuízo doutros máis aplicados que non poden ser admitidos. Animan a que se investigue se poden ser expulsados da escola no caso de que seus pais continúen con semellante conduta.

Pero non sempre se bota a culpa aos pais, tamén ao profesorado, senón leamos o que a mesma Comisión di un mes despois ao considerar un “*tanto salientable o deixamento que se observa no mestre como na mestra das escolas públicas, para impedir o que*

*os nenos xazan agrupados ás respectivas portas das mesmas entreténdose en xogos e diversións que aínda que infantís son moitas veces causa de desgustos para seus pais polos golpes qe reciben e outras maiores desgrazas a que poden expoñerse*". Acordouse por parte da Comisión que o *“Presidente lle faga entender aos mestres de evitar este costume tan inconveniente,[...] sen prexuízo de que coiden de ter abertas as escolas ás horas debidas e coa antelación oportuna”*.

- A primeiros de xaneiro de 1880 a Inspección envía un comunicado ao concello para que se traslade aos mestres, exhortándoos a que *“por todos os medios posibles procuren promover a maior concorrencia ás escolas públicas de nenos e nenas pois é moi reducido o número que hoxe reciben educación e ensinanza nos indicados establecementos”*.
- A falta máis grande de asistencia dos nenos e nenas dáse, sobre todo, nos meses de setembro, outubro, abril e maio, polo de maior impacto dos labores do campo. Esta queixa é xeneralizada por parte do profesorado en todas as Memorias de Curso.
- Moitas veces son os mesmos mestres os que toman a iniciativa, como cando en 1930 os mestres Iturriaga, Sabell e Novío envían ao concello un requirimento para que se adopten as medidas necesarias para que se cumpra a obriga dos pais de enviar os nenos á escola e *“se evite o triste espectáculo que ofrecen as rúas e praia, cheas de nenos abandonados ao seu albedrío, durante as horas de clase, mentres hai escolas con só trece alumnos de matrícula”*. Lembran que aínda está vixente unha Real Orde (7-2-1908) que impide que os nenos de 6-14 anos, anden errantes e vagabundos polas rúas durante as horas de clase.
- En distintas épocas utilizáronse medidas legais coercitivas que deron resultados diversos. Exemplos os temos en 1937 cando o alcalde Camilo Davila saca unha Providencia pola que se impón multas aos pais e aos encargados escolares, de 50 céntimos de peseta por cada unha das faltas dos alumnos. O que se cobraba das

multas ían a parar ás escolas que tiñan que xustificar onde se empregaba: libretas, 'pizarras', mapas etc.

- Ante a gravidade do problema en momentos puntuais, como este de 1941, organismos creados especificamente para velar polos menores, como é a Xunta de Protección de Menores, emiten circulares ordenando se erradiquen situacións de abandono destes.

Relación de las cantidades recaudadas hasta la fecha por multas impuestas por faltas de asistencia a clases en las escuelas del término, con especificación de la suma que corresponde a cada una, cantidades que se entregan a los Maestros respectivos para su inversión en mejora del material escolar

1	Escuela de niños 1ª de Buen	nueve pesetas	9'00 ×
2	Niños 2ª id.		13'50 ×
3	Niñas 1ª de Buen	trece	13'00 ×
4	Niñas 2ª de Id	doce cincuenta	12'50 ×
5	Pósito	tres cincuenta id	3'50 ×
6	Mixta de Portela;	ciento dos	102'00 ×
7	Niños de Cela;	ciento sesenta y cinco	165'00 ×
8	Niñas id.	cien pts cincuenta céntimos	100'50 ×
9	Mixta de Bon;	treinta y seis pesetas	36'00 ×
10	Mixta de Castrelo;	sesenta y una pts. ....	61'00 ×
11	Niños de Beluso:	veinticinco pts cincuenta Cts.	25'50 ×
12	Niñas Beluso:	catorce pts. cincuenta cts.	14'50 ×
13	Playa de Beluso:	diecisiete pts. ....	17'00 *
Total quinientas setenta y tres pesetas			<u>573'00 pts.</u>

Buen 23 Novbre. 1939

Los que suscribimos, Maestros de las escuelas de referencia hemos recibido del Depositario de Fondos municipales las cantidades que se expresan en la relación precedente, cuya inversión habremos de justificar.

AMB-Carpeta 1357/25 - (1939)

**ORDENES PARA LA GUARDIA MUNICIPAL**

Acuerdo Junta Protección menores de 19 - 7 - 41, y Circulares B.O.P. de 17 - 6 - 41 y 5 - 7 - 41.

Evitarán que todo menor se estacione en las calles o lugares públicos en forma indolente, y que acosen al viandante en petición de limosna.

Cuidarán, contando para ello con el personal subalterno de la Lonja, que este edificio y el de la plaza del pescado, dejen de ser albergue de día o de noche, de los niños, que para juegos o en espera de barcos de pesca, se reúnan en tales edificios.

Si el niño reincidiese, se dará inmediata cuenta a sus padres, a fin de que lo corrijan y si volviese a reincidir, se participará el caso a la Alcaldía, deteniéndose al niño, si su edad lo permite, para enviarlo al Tribunal provincial de Menores.

Los comprendidos en la edad escolar, de 6 a 14 años, se mandarán a la escuela nacional correspondiente, cuando éstas se hallen abiertas, esto es que en épocas de clase, ningún niño de la edad indicada, puede hallarse libremente en la calle.

21 Julio 1941  
Municipal Ahumada

## «Alimentación na escola»

As carencias alimenticias dunha poboación rural case illada e con recursos limitados, como era o caso de Bueu, deberon ser moi importantes e sempre baixo a continxencia que o fai depender da climatoloxía, do mar e doutros factores sobrevidos da política económica nacional, dos enfrontamentos bélicos etc.

O pasado na escola, nese sentido albíscase moi escuro e case sempre de forma indirecta, como unha lousa que condicionou o acontecer diario de moitos nenos e nenas. Como xa comentamos, moitos dos índices de absentismo escolar eran consecuencia da pobreza das familias e da necesidade de utilización dos nenos como axuda na consecución de recursos. Lembremos a multitude de rapaces e rapazas que roldaban polos areais, lonxa e peirao á espera de que botaran ás redes na praia ou chegaran os barcos a descargar e así dedicarse a “pillar” unhas sardiñas ou outros peixes que servirían de sustento na familia.

Os anos de posguerras sempre son duros, pois a ausencia de colleitas e a desfeita dos armazóns económicos levan aparellados a penuria e a fame. Iso é o que os nosos maiores lembran dos “anos da fame”, os nosos corenta e cincuenta do século pasado. E tamén moitos nos lembramos do leite e do queixo que daban na escola pública. Únicos lácteos para algúns nenos...

\* \* \*

## A axuda Americana (1953-1963)

En 1953 asinouse entre Estados Unidos de América e España os acordos de Madrid polo que os norteamericanos, entre outras cousas, conseguían instalar bases militares en territorio español. Entre as consideracións a España se lle daba un apoio político e unha serie importantísima de axudas económicas, nun momento duro para a poboación pola escaseza.

E dentro destas axudas estaba o reparto nas escolas de leite en po e queixo, que para paliar a fame e desnutrición infantil mandaba o pobo americano (EE.UU), da Axuda Social Americana, de titularidade privada, a través dos programas de FAO-UNICEF coa distribución en España de Cáritas Española.

Diariamente era preparado quentando auga e disolvendo o po de leite para na saída ao recreo cada neno tomar nun recipiente (vaso, ferrada, cunca,...) que levaba da casa cada alumno ou as prestaba a mesma escola. O queixo repartíase ás veces pola mañá pero case sempre deixábase para a tarde.



No caso de Bueu esta axuda chegou no 1955 polo que podemos ver que na sesión do Consello Local (25-4-1955) dáse conta da inmediata posta en *“funcionamento do Servizo de Alimentación nas Escolas deste Concello, facilitando a todos os escolares un suplemento alimenticio a base de leite que tomarán diariamente ás 11 da mañá. Os utensilios necesarios a tal fin subministraraos o Concello”*.

Cando esta axuda xa non se reparte a Xunta (7-12-1962) logo dunha charla da Sra. Riestra Peinador (inspectora) decide solicitar do P.I.O. (Fondo Nacional para o Fomento do Principio de Igualdade de Oportunidades) material, comedores e roupeiros escolares.

Teríamos que esperar a febreiro do ano seguinte para que a Inspección de Educación lle volvera a lembrar ao alcalde de que pode solicitar a creación dun comedor escolar para o vindeiro curso 1963/64: *“As circunstancias do comedor nesta localidade pode ser un para nenos e outro para nenas concorrendo todas as escolas da vila [...] Aínda se soliciten dous comedores pode funcionar cunha mesma cociña e un mesmo local”*

\* \* \*

### «Enfermidades-pragas-vacunación»

Como a escola está inserida na sociedade padece con esta as oscilacións de todo o que acontece no seu seo, para ben ou para mal.

As Xuntas locais, mestres, concellos etc., en momentos que se precisaron, tomaron partido para afrontar as dificultades coa que a escola se atopaba.

Así puidemos ver documentado repetidos casos de enfermidades, con ou sen pandemia, que afectaban a un número significativo do alumnado.

Para que quede constancia destes padecementos, como o que na actualidade se está a vivir coa COVID19, mencionaremos algunhas en distintas épocas.

Ás veces por iniciativa propia, como a preocupación da Xunta local polo cólera en maio de 1854: *“Visto que desgraciadam<sup>te</sup> o cólera morbo asiático rebotou en varios distritos con aspecto verdadeiram<sup>te</sup> aterrador, causando como é natural moitas vítimas e teméndose que a menor inobser<sup>a</sup> dos preceptos de hixiene pública sexa un medio p<sup>a</sup> que aquela epidemia non só se arraigue máis e máis nos pobos, senón q<sup>e</sup> se estenda e propague a outros. Acordouse recomendar eficazm<sup>te</sup> ao profesor da escola desta vila, o maior aseo e limpeza tanto no local destinado á ensinanza como de parte dos nenos que asisten á mesma, sen prexuízo de que se peche a escola cal xa o estivo se as*


*circunstancias do distrito onde se presentaran tamén algúns casos de cólera o esixira”.*

Outras veces como mediadora pública, como na vaga de tuberculose de principios do s. XX cando as autoridades facéndose eco dos aires de transparencia que viñan de Europa<sup>37</sup> coa máxima *“facer comprender ao público en xeral, a idea de que dito mal é infeccioso”* legislaron (Boletín Oficial, Gaceta de Galicia do 6-10-1903), onde se lle daba un prazo de 15 días ás Xuntas Locais de 1ª Ensinanza para que mercasen carteis contra a tuberculose para repartir polas escolas.

En canto á vacinación do alumnado bueués temos múltiples exemplos como o do mes de setembro de 1919 data na que o médico de Beluso, Rogelio Val Barros, vacinou e revacinou a 64 nenas da escola nacional de Beluso da que era mestra Ramona Cabanillas

O compromiso do profesorado coa sanidade da poboación ponse de manifesto en todas as épocas ao participar de forma activa en todas as campañas nas que foran requiridos. Dous exemplos servirannos de mostra. A primeira vén da man do mestre de Cela (Segundo Filgueira) que en marzo de 1921 envía á Xunta Local a relación de vacunados que lle solicitan (RO de 7-3-1921) o que aproveita para mostrar a súa opinión e actitude ante as recomendación das

autoridades: *“...esa epidemia que leva o nome horripilante de vexigas (variola). Por iso é digno de louvanza e encomio, toda medida que contribúa a extirpar esa enfermidade por medio da vacina.*




---

<sup>37</sup> Como os tres postulados que propoñía a revista inglesa ‘Hospital’ (Publicado polo xornal lugués *La idea moderna* o 19 de maio de 1898): Obriga do médico de informar dos casos detectados, illamento dos enfermos avanzados e facer comprender ao que dito mal era infeccioso.

*Eu mestre da escola nacional de Cela gardarei incólume esa orde e non admitirei a ningún alumno sen que estea vacinado e revacinado, para contribuír co meu óbolo, a que desapareza a vexiga.”.* Compromiso, este último, que se manifestou de forma explícita máis dunha vez por parte de todo o profesorado, por exemplo a principio do curso 1930-31 no que non matriculaban a ninguén non vacinado. En momento de dificultade sanitaria pecháronse as escolas :

- ás veces, de forma excepcional, por entrar en pánico o mestre como no decembro de 1950 en que a Xunta local recibe un oficio da Inspección para que obrigue “á mestra da escola mixta da Portela a restablecer as clases interrompidas por propia determinación a causa dunha epidemia de sarampelo que a Inspección local de sanidade non reconece”.


- Ou, de forma habitual, por decisión da alcaldía ou da Xunta local a indicacións do Inspector Municipal de Sanidade. Exemplo disto o temos a primeiros de abril de 1934 que logo dunhas semanas de informes puntuais da enfermidade do sarampelo nas distintas parroquias de Bueu, estes subiron a 12 casos e o Inspector Municipal de Sanidade, Dr. Ignacio Lis Lombos notifica ao alcalde de que “o incremento que toma a epidemia de xarampón



AMB-Carpeta 165/1 de 1934

*habendo casos nos que se presentan complicacións bronquiais e diftéricas, polo que lle prego a V. se digne oficiar ao Consello Local de 1ª Ensinanza por se cre oportuno continúe o peche das escolas”.* Ante o cariz que ía tomando a situación o alcalde pasou aviso ao Consello Municipal de 1ª Ensinanza que responde axiña da resolución tomada: “*referente á epidemia, de xarampón, o*

*Consello Local acordou clausurar as escolas deste termo municipal, ata que por dito Sr. Inspector de Sanidade se manifeste ter desaparecidas as circunstancias que obrigan a tomar a presente determinación”.*



**Carné escolar de vacunations (1960-1978)**

Quizais o expoñente máis próximo o temos neste dous últimos anos (2020-21) coa pandemia da COVID19 onde o labor de toda a comunidade educativa acatando e poñendo en marcha o ordenado polas autoridades sanitarias fixo que se minimizase o seu impacto letal, sobre todo na poboación escolar.

## «Os mestres de Bueu fan un curso de actualización ao Sistema Métrico Decimal »

Que a escola e o profesorado tenta estar na vangarda da sociedade é unha evidencia demostrable, outra cousa é que o saiba expoñer claramente ou o consiga no grao que quixera<sup>38</sup>.

Unha forma de adaptación aos novos tempos e a escola como dinamizadora dos cambios, Témolo a finais do 1852<sup>39</sup> momento no que os concellos, como o de Bueu, tiveron que legislar para adaptarse, na práctica, ao que dispuña a Lei de pesas e medidas de 19 de xullo de 1849<sup>40</sup>.

O Gobernador, como Presidente da Comisión Superior, manda notificación aos mestres coa orde de que deben asistir a Pontevedra, desde o día 23 de decembro e seguintes, a un curso sobre o Sistema Métrico Decimal para que dende o primeiro de ano sexa ensinado nas escolas. Non podían volver á escola sen aprobar un exame sobre o Sistema Métrico que lles permitía obter o certificado.



Pasados os anos, e por se alguén quedara atrás nestas tarefas vese a necesidade de que tamén se lle *“inculque ao mestre a obriga de impregnar aos nenos o Sistema decimal e métrico decimal polas*

---

<sup>38</sup> Coas súas carencias e os seus acertos, a actitude do profesorado ante o tema da formación ten dende hai moitos anos un balance amplamente positivo. O grao de esforzo, moitas veces sen coñecemento, sen medios e sen axuda, para adaptarse ao novo é máis que encomiable. Como mostra un pequeno botón, pensemos nos meses de confinamento e a adaptación dixital da maioría, a xestión da pandemia nos centros etc. etc.


<sup>39</sup> Poderíamos poñer o paso da peseta ao euro que vivimos tamén na escola e nas nosas rúas desde xaneiro do 2002.

<sup>40</sup> O seu Regulamento pódese ler no arquivo dixital da Biblioteca Nacional de España no seguinte enderezo: <http://bdh-rd.bne.es/viewer.vm?id=0000092980&page=1>

*inmensas e coñecidas vantaxes que no sucesivo lles reportará*" (4-3-1856).

Terán que pasar máis de 70 anos para que os colexios de Cela e Beluso reciban como material escolar unha vitrina do Sistema Métrico Decimal.

Deixar as medidas tradicionais e adaptarse ao Sistema Métrico Decimal non foi nada doado. Algunhas unidades de pesas e medidas duraron, na súa adaptación definitiva, algo máis dun século.



## O Concello Municipal de Bueu


Segundo varias disposicións vixentes, as pesas e medidas que deben usarse nos pobos da Península, deben ser arraxadas ao novo sistema métrico decimal; e para as transaccións neste distrito municipal propónse as modificacións que a continuación se anotan.

No Distrito de Bueu existen como tipos as pesas e medidas seguintes para medir:

Trigo centeo.....	<u>1 ferrado de 12 concas</u> , equivalente a 20 litros 86 cent <sup>s</sup>
Millo e feixóns.....	<u>1 ferrado de 16 concas</u> , equivalente a 26 litros 80 cent <sup>s</sup>
Graos e sementes...	<u>1 conca</u> , equivalente a 1 litro 738 cent <sup>s</sup>
O viño e Ag <sup>te</sup> . con..	<u>1 cabazo</u> , que seu peso é de 40 libras castelás equivalentes a 18 litros 0 87 mil <sup>s</sup> , contén 40 cuartillos.
O viño e Ag <sup>te</sup> . con..	<u>1 cuartillo</u> , que pesa 1 libra castellá
O viño .....	1 pipa compútase con 26 cabazos, e resulta igual ás que marcan en Galicia 60 vergas, e en Cataluña 63 ½ cortes, contén o peso de 1040 libras castelás equivalentes a 478 quilogramos-500 gramos.
Os terreos.....	<u>1 vara de 13 cuartas galegas</u> , equivalente a 2 metros 728 mil <sup>s</sup>
Os terreos.....	1 ferrado de sementeira, comprende 64 varas cadradas, de 13 cuartas, é equivalente a 643 varas castelás cadradas, e a 5 áreas 00 centiáreas 97 mil <sup>2</sup>
Panos e lenzos.....	<u>1 vara castelá</u> de 4 palmos, equivale a 836 milim <sup>s</sup>
Outros efectos.....	<u>1 vara de 4 cuartas galega</u> equivale a 861 milim <sup>s</sup>
Outros usos.....	A braza nominal de 8 cuartas galegas igual a 1 metro 721 milim <sup>s</sup>
Aceites.....	A medida arroba castelá de 25 libras, equivalentes a 12 litros 563 mililitros. = e para o menudeo = o cuartillo e as súas divisións
O peso.....	1 libra castelá de 16 onzas equivale a 460 gramos e ademais seus submúltiplos, arroba e quintal.
O peso.....	1 libra galega de 20 onzas, equivale a 579 gramos e ademais seus múltiplos e submúltiplos: arroba e quintal.

## «Escola de Alfabetización»

Ao longo do tempo houbo campañas, máis o menos longas de alfabetización integradas na estrutura da escola pública baixo a denominación xenérica de Escola de Adultos. Eran os mesmos mestres e na mesma escola nas que logo do horario lectivo, ata nos domingos, alfabetizaban aos que xa non acollía o réxime educativo Elemental.



*Carpeta de 53 discos para uso da  
Campaña de Alfabetización*

Ás veces, como en outubro de 1960, déronse Campañas extraordinarias de alfabetización intensivas creándose a Xunta da Campaña da Loita Contra o Analfabetismo.

A necesidade de saír do atraso secular era grande, sobre todo para poñer as bases para un despegue económico e a formación, máis que necesaria dos traballadores cualificados que a industria emerxente precisaba.

As campañas daban prioridade aos comprendidos entre 18 e 30 anos, xustificándoo para *“evitarlles os posibles prexuízos do seu ingreso no Servizo militar<sup>41</sup>, sen saber ler nin escribir, nin poder dedicarse a actividades laborais”*.

Por parte da Inspección educativa programábanse cursos para adquirir *“técnicas rápidas contra o analfabetismo”*.

Os datos oficiais referidos ao analfabetismo daban en 1950 un 13,44% e grazas ás Campañas promovidas nesa década a cifraban<sup>42</sup> en 1961, nun 2,89 %. Claro está que estas porcentaxes hai que collelas

---

<sup>41</sup> Nas mesmas institución militares había cursos de Alfabetización.

<sup>42</sup> Datos oficiais En 1956... 6,65 %; 1957... 6,51 %; 1958... 6,37 %; 1959... 5,70 %; 1960... 2,89 %

con “pinzas” pois a realidade era moito máis dura do panorama oficialmente presentado.

Para forzar a acudir a estas clases a todos aqueles que non acadaran os Estudos Primarios ofrecíase a posibilidade de obter a *Tarxeta de Promoción Cultural*, xa que os que non tiñan nin unha cousa nin a outra, pasarían polas privacións e limitacións de optar a:

-Gozar de campamentos, albergues, institucións...

-Obter pasaporte e licenza de caza

-Recibir pagos e obter préstamos, axuda económicas ou indemnizacións...

-Percibir prestacións económicas da Seguridade Social.

-Obter axudas escolares para fillos ou outros baixo a súa potestade.

-Facerse cargo de terreos concedidas polo Instituto Nacional de Colonización.

No que atinxe a esta Campaña no concello de Bueu, orientada fundamentalmente para recuperar analfabetos ata os 21 anos, creáronse tres clases específicas para este fin, contando no rexistro do ano 1963 con 530 analfabetos.

No curso 1964/65 xa había catro clases, as de:

- Cabalo (Beluso) co mestre José Luís Souto González.
- Banda do Río (Bueu) dirixida por Isabel Leyes Borrajo
- Meiro (Bueu) que tiña por mestre a Manuel Paz Castro
- Illa de Ons dirixida por José Ramón Álvarez Calleja

No curso 1967/68 estaba de coordinador en Bueu Manuel Aboy Gándara, mestre da escola de Orientación Marítima, que para aproveitar ao único mestre de alfabetización nomeado, José Salvador Estévez Porto, lle manda dar clases tres meses en cada parroquia.



1964 - Campaña Nacional de Alfabetización



Luís Souto



J. Ramón Álvarez

## «Bueu e os mestres»

Quixera aportar unha pequena pincelada para sinalar que a actitude e o pensamento da sociedade pode favorecer, e moito, un afloramento das circunstancias nas que a educación e a cultura en xeral deixen pegada fonda no mesmo pobo, comezando polos seus fillos.

Cando isto se impulsa, o camiño do progreso cada vez é máis accesible e transitado. A paz social, axuda; a harmonía e entendemento, quizais bastaría con complicidade entre pais e mestres, axuda; a xerarquía e prioridade da educación, da sanidade etc. sobre outros intereses, axuda.

Como mestres ou como pais, se non valoramos o que temos, se non nos implicamos coa educación dos nosos fillos, se o que aportamos son atrancos, estaremos desbotando o pouco positivo que poida ter o sistema educativo. Todo será cada vez máis complicado e iso reflectirase no acontecer diario dunha institución que irá á deriva afastando aos rapaces e rapazas do imprescindible para a súa formación integral. E aínda máis, os problemas de todo tipo seguirán a medrar. De forma directa incidirá no persoal docente tamén, como no caso daquela persoa valiosa e sensata, que podería decidir vir definitivo para ese centro, evítao pois non quere atrancos que obstaculicen o seu labor. Quedará o posto de forma provisional para aquel que, no mellor dos casos, non poida rexeitalo ou, como moitas veces aconteceu, para aquel menos comprometido... o que xerará máis enfrontamento e problemática. Algún exemplo o veremos máis adiante ao debullar os mestres e as escolas.

Dito isto, quero poñer un exemplo na historia da escola en Bueu onde as institucións educativas gozaron dunha pequena primavera cando menos de intencións e posta en marcha de grandes proxectos educativos que, por desgraza, como case sempre ocorre, a realidade política pronto se encargou de desfacer.

Refírome aos proxectos emanados do 1931 coa restauración da II República onde os cambios iniciados foron grandes, entusiastas, de calado e de achegamento aos menos favorecidos. Os mestres, médicos, intelectuais e obreiros que tiñan algo que dicir apuntábanse a dar charlas, a impartir clases nocturna a levar a arte e a cultura ás aldeas etc.

Os procedementos educativos dos mesmos mestres e mestras comezaron adaptándose a eses cambios. Por indicar unha mostra distinta ás que se mencionan noutros apartados ao longo do texto destas páxinas, citarei que en outubro do 1933, o profesorado saído en 1931 nos cursos de selección de mestres para realizar a segunda parte destes (a parte práctica), eran destinados a distintos centros da provincia. No caso de Bueu case se duplicou o número de docentes, xa que nese ano tiña 16 mestres e mestras e pasaron polas súas aulas 14 máis; moitos deles volveron a Bueu tempo despois coma titulares dunha escola:

Carmen Fernández Pastoriza	...	asignado á Bueu-nº 1
Emilia Pura Fernández Álvarez	...	“ á Bueu- nº 1
Balbina Filgueira Moreira	...	“ á Bueu- nº 1
Gerardo Limeses Monteagudo	...	“ á Bueu- nº 1
María Facorro Queimadelos	...	“ á Bueu- nº 2
M <sup>a</sup> del Carmen Gestal Rodríguez	...	“ á Bueu- nº 2
Lorenza Fraile Pampín	...	“ á Bueu- nº 2
Manuel Garrido Suárez	...	“ á Beluso
Restituto Escobar Lemos	...	“ á Beluso
Aurelia Fernández Gutiérrez	...	“ á Beluso
Esther García Bermúdez	...	“ á Beluso
Nemesia Golmar Sampedro	...	“ á Beluso
Gerardo Gil López	...	“ á Beluso
Celestino Fernández García	...	“ á Cela

II

Escolas Públicas  
de Instrucción  
Primaria

Zona: Bueu





## «Escolas Públicas de Instrucción Primaria de Bueu»

*Aquí comecemos un percorrido polas escolas públicas do concello de Bueu. Iremos debullando parroquia por parroquia as escolas públicas de primaria que nelas houbo. Buscaremos ao profesorado que nesas escolas exerceron o seu labor educativo, e tamén mencionaremos algunhas circunstancias que sirvan para lembrar os pasos destes polas ditas aulas.*

### «Escola de nenos nº 1 de Bueu»



Como xa quedou dito, escolas en Bueu houbo dende moitos séculos atrás, pero a primeira que se pode considerar pública, custeada pola entidade municipal, é a *Escola mixta de Instrucción Primaria de*



*Bueu* (logo sería a *Completa de nenos nº 1*), que foi creada o 18 de maio de 1847 cunha dotación de 1.100 reais.

#### ➤ Benito Pena

Nese mesmo día é nomeado como mestre o moañés Benito Pena, “*Tenente Graduado e Subtenente retirado*”, que tomará posesión o 4 de xullo dese ano de 1847 e xa cunha dotación visiblemente superior á de meses pasados (2.000 reais). Da escola descoñecemos a localización exacta pois non hai documentación que a precise con exactitude.

No primeiro curso de funcionamento ten corenta alumnos (25 nenos e 15 nenas) e ao final do curso ao dar a relación das faltas de asistencias dos seus alumnos dános algunha pista do que acontecía

en moitas das familias máis necesitadas, nos primeiros momentos da escola pública:

- “... e seu irmán fai 2 días que saíron para o mar e volverán así que cheguen”
- Referíndose a outros irmáns que “fai un mes que faltan porque lle deben ao mestre 18 qtos (cuartos) de papel e máis que lle foi prestando, pero tamén polo abandono dos seus pais”.
- Doutro que “hai mes e medio que falta porque os seus pais ignoran as súas obrigas”. Etc.

As dificultades pecuniarias da escola arrancan dende os seus inicios pois se ben cando solicita o mestre adquirir libros e útiles, ou que se lle adianten algunhas cantidades para atender os gastos de aveños para os nenos necesitados. A Xunta responde favorablemente, como en 1851 que recibe a 31 de setembro 75 reais e a finais de decembro 54 reais máis. Todo o inverte, e así o xustifica, en material escolar: carteis, papel, tinta, libros,... e de mantemento e amaño da escola: puntas, táboas etc. Mentres que por esas mesmas datas, o mesmo mestre pide arranxos na escola e a Comisión dille que “subsista por agora” pois non se dispoñen de fondos, pero o terán en conta para proceder cando se poida.


Se nos primeiros anos os membros da Comisión Local de Instrución e a alcaldía estaban contentos co labor que este realizaba na escola, co paso do tempo foi mudando esta percepción e o descontento medraba potenciado pola actitude de Benito Pena. Isto quedou referendado en repetidas ocasións como cando, ante unha queixa-reclamación do mestre ao Gobernador a comisión o informaba nestes termos (14-7-1850): “*O queixoso D. Benito Pena áchase sempre ao corrente e as máis veces con anticipación do cobro da súa asignación como mestre de instrución sinalada no orzamento e á que se suxeitou cando o seu nomeamento; ningunha queixa pode producir neste particular; e se coñece baixa na asistencia dos nenos á súa escola, debese saber, se a súa ignorancia non o ofuscara, que é a causa a súa impericia e falta de bo desempeño do seu maxisterio; por todo o cal se fai digno de prevírsele cumpra mellor o seu labor; e que*

*cando fale a unha superioridade estude primeiro os termos con que debe facelo...”*<sup>43</sup>

E así cando o mestre Benito Pena solicita ao concello e á Comisión lle autorice unha permuta de escola non ten dúbida para desfacerse del. Polo que a Comisión reunida o 13 de agosto de 1852 acorda permitir a permuta dos mestres Benito Pena (en Bueu) con Manuel Otero de Fontán (en Salvaterra), xustificándoo que se accede polos informes dados polo concello “*e pola recoñecida ineptitude do Pena ben demostrada nos anos que leva desempeñando o maxisterio ...*”.

Benito Pena cando marchou (22-8-1852), alleo a estes documentos onde se falaba mal del, cedeu ao concello material que estaba na escola e que era da súa propiedade pois as trouxera do seu pobo (Moaña): dúas e tres mesas cos seus respectivos bancos, un marco do taboleiro de lenzo cosido.

#### ➤ Manuel Otero de Fontán



Nunha sesión (1-9-1852), que foi pública “*con concorrencia xeral de veciños e nenos de escola*” deuse lectura á aprobación polo gobernador da permuta de Benito Pena e Manuel Otero de Fontán. Estando Manuel Otero presente toma posesión do novo destino como mestre da escola de Bueu. As autoridades manifestáronlle as grandes expectativas que nel tiñan posto e logo o párroco (integrante dende agora da comisión de Instrución) o presentou ao alumnado asistente . Tamén se aproveitou o evento para pórle a condición de que collese nenos que seus pais foran veciños de Bueu e de Beluso.

Os seus inicios foron exitosos en todos os sentidos:

- Antes de finalizar o ano déuselle a noticia dun aumento de soldo<sup>44</sup> en 900 reais e en 100 reais máis para casa.

---

<sup>43</sup> AMB-Carpeta1355/1 (1850)

<sup>44</sup> Tamén subiu o presuposto para a escola que foi de 53 reais 14 maravedís.

- A Comisión reunida o 3-1-1853 e considerando os catro meses que leva o mestre (Manuel Otero) acordan dar por boas as notas dos exames de decembro polas que lle recoñecen, e lle manifestan o seu recoñecemento, ao mestre o seu celo e bo facer na ensinanza. Como tamén da clases particulares tamén *“Recoñecen, a súa vez, os adiantos das nenas concorrentes á súa escola especial, aínda que particular e con poucos recursos”*.

Pero non pasará moito tempo en que comecen as dificultades e as queixas:


- Reclama (2-8-1853) que se lle faga efectivo o pago dos meses que lle deben os nenos pola razón da retribución con que contribúen así como se elixa a casa do mestre.
- Quéixase (21-3-1854) do ruído que Ignacio Escáneo e familia fan na peza adxunta á escola, na que viven.
- Aproveitando o oficio que adxunta ao parte de faltas que ten que entregar ao concello ao finalizar o curso 1853/54, para queixarse de que non percibe a totalidade da retribución para pagar a casa-vivenda e que por enriba ten *“o cupo incompleto da retribución que deben pagar os nenos que non sexan verdadeiramente pobres”* ao que se lle engade *“as escolas intrusas que ten o partido e situadas a curta distancia”*. Pide que se *“polo menos prohiba a admisión dos nenos desta vila naquelas escolas”*

Non desexa seguir a enfrontarse coa Comisión e menos agora que se achegan os exames do mes de decembro nos que se avalía ao alumno e, de forma indirecta, o labor do mestre. Manda un escrito á Comisión (8-11-1854) no que mostra a súa vontade de empregar máis celo na ensinanza polo que o Concello e a Comisión danse por satisfeitos con esa nova actitude do mestre.

Pero a realidade volve a pór as cousas no camiño non desexado, xa que en setembro de 1855 a Comisión non advirte ningún progreso nos nenos de Manuel Otero.


En outubro de 1855, ante as dificultades e desacordos coa Comisión, o mestre Manuel Otero proponlle a esta unha permuta con Lorenzo Carballo Otero que rexenta unha escola na vila de Cambados. A Comisión local, ao igual que anos atrás fixera co seu predecesor, accede á permuta, pendente da autorización da Comisión Superior da Provincia. A mediados de decembro a Comisión buuesa envía á provincial un extenso , pormenorizado e duro comunicado contra o mestre Manuel Otero ao que culpan do “*maior atraso de instrución por ineptitude da persoa que a rexenta*” a escola e facendo que os pais prefiran non mandar aos seus nenos “*á escola antes de poñelos á dirección de semellante mestre*”. O día de Noiteboa estudouse unha comunicación do presidente da Comisión Superior para que se puidera cubrir a escola de forma interina mentres non se tramitara a vacante na que estaba pois, días antes o mestre Manuel Otero renunciara a esta ante a dita Comisión. Tamén aproveitaron para facerse cargo dos aveños da escola.

Quizais na súa decisión influíra a actitude que puideran ter os pais de moitos dos seus alumnos, pertencentes á elite económica e social do momento. Alumnos seus eran: Narciso Galup, Gerónimo Moreu, Francisco Gelpí, Gaspar Massó, Salvador Massó....



Listado do alumnado curso 1855-56 AMB-Carpeta

## ➤ Juan Manuel Mariño Acuña



Natural de Salcedo. Accede á escola de Bueu en calidade de mestre interino o día 2 de xaneiro de 1856. Faino cunha

matrícula de 50 nenos contribuíntes e 16 non contribuíntes.

No 1958 comezan os primeiros avisos a este mestre por parte do concello e da Xunta local. En outubro pídenlle que axuste o horario ao que pon a Comisión pero en decembro, logo de ver os resultados dos exames dos nenos que cualifican de bastante mal, ningún adianto, sobre todo os pobres “*Cuxo mal atribúe con fundado motivo ao mestre*”.

En agosto de 1862 toda a Xunta Local de Instrución dá unha visita fiscalizadora nas clases das dúas escolas públicas de Bueu neses momentos. Na de Juan notan en falta o crucifixo e o mestre lles dixo que o mandara a compoñer. Os da Xunta dixéronlle que, por non pedir permiso, non lle pagarían o arranxo. Amoestado tamén o mestre porque a Comisión non notaba no alumnado adiantos “*en simples regras de aritmética*”. Dende ese momento o mestre actuaba con maneiras pouco finas (e ata con certo sorriso irónico e burlesco) usando termos que raiaban o insulto e menosprezo da Xunta como cando lle dixo a un alumno, que estaba no encerado sen saber resolver un problema, que llo podían explicar os membros da Xunta. Estes altamente resentidos suspenderon a visita.

A raíz deste choque de mestre e Xunta as relacións nunca volveron a ser boas. E quizais por iso as reclamacións de Juan Manuel foxen máis exhaustivas ao longo dos anos:

- En xaneiro de 1865, Juan Manuel Mariño reclámalle á Xunta de 1ª Ensinanza a cantidade de 32 reais da retribución que lle debe un pai dun alumno por dous anos e oito meses de clases<sup>45</sup>.

---

<sup>45</sup> Basease no artigo 182 do Regulamento de Instrución Pública e da comunicación do 26 de abril de 1856.


- No abril de 1866 ante outra reclamación del o reitor da Universidade lle lembra á Comisión Municipal do aumento de soldo do mestre de Bueu, que pasaría a gañar 3.300 reais<sup>46</sup>.
- En novembro de 1869, reclama aumento da súa dotación correspondente da asignación á “escola elemental completa” que desempeña.

En repetidas ocasións é amoestado pola Xunta Local como cando marchou de vacacións ata o 11 de xaneiro de 1870 sen pedir permiso á Xunta local. Circunstancia esta que seguirá a facer en anos vindeiros.

Nunha sesión do concello do 10 de xaneiro de 1872 fálase das faltas en que concorre dende que foi nomeado representante do profesorado. E ata na corporación pídese que se consigne na acta que este mestre “*abusa á fronte do profesorado e non corresponde á confianza que debía imperar, sendo tanto máis destacables as súas faltas de celo cando estas as cometen aos mesmos ollos da Corporación, non sendo de estrañar que colocada a súa escola onde non puidese estar tan vixiada e notadas aquelas, entregácese por completo ao abandono máis lamentábel...*”. Como exemplo poñen que nas vacacións de Nadal estivo a escola pechada do sábado 23 de decembro ata o luns 8 de xaneiro (que tería que ser ata o 1 de xaneiro).

Faleceu, solteiro, o 23 de xaneiro de 1873

### ➤ Manuel Bermúdez García




Juan Manuel Mariño cesa na escola a finais do curso 1876/77 e para substituílo é nomeado mestre interino da escola elemental de nenos de Bueu, o 1 agosto de 1877, o mestre Manuel Bermúdez García. Tiña 18 anos con certificación de aptitude e só vinte días de servizo como mestre. A matrícula era de 50 nenos (menores de 6 anos, 12; de 6-10 anos, 10 nenos; maiores de 10 anos, 28) Estivo apenas 6 meses pois en abril do 1878 tomou posesión da escola Ramón Bares Fariña.

---

<sup>46</sup> Antes percibía 2000. Agora son 330 escudos (1 escudo = 10 reais)

➤ **Ramón Bares Fariña (Bueu 12-11-1832/+18-1-1918)**



Aínda que obtivo o título de mestre en 1863 non exerceu nunha escola pública en Bueu ata que o destinaron a Beluso en 1866. Escola que rexentaría ata que toma posesión da de nenos de Bueu o 6 de abril de 1878.

Ramón Bares era unha persoa influínte na vida social de Bueu o que lle permitía gozar dun grande respecto por parte de toda a comunidade educativa.

No 1879 é un momento que os ingresos municipais<sup>47</sup> están con moitas dificultades para acadar un mínimo para os gastos e por iso o concello aproveita para facer cambios nas escolas e reducir unilateralmente os soldos dos mestres.

Ramón Bares súmase ás voces que presentan reclamacións e por iso, o 22 de febreiro dese ano, solicita do concello que eleven o nivel do soldo anual da súa escola que poñan 3.300 reais/ano en vez dos que pretenden de 2.500 rs. Reclama porque con ese soldo (2500 rs anuais) non se pode dedicar en exclusiva á escola. Entre outras consideracións tamén apela a que *“...e polo recto xuízo e san razón do que saiba xustipreciar o verdadeiro mérito da primeira ensinanza, como base e fundamento de todo xénero de benestar e prosperidade do país e da sociedade en xeneral...”*.

Dende a construción da Casa Consistorial as escolas de nenos e nenas ocuparon dous espazos nos seus baixos habilitadas para eles. O mesmo Ramón Bares nolo confirma *“o edificio da escola forma parte da mesma Consistorial”*, información que se complementa coa acta da Xunta local que para esta escola reporta a superficie e o volume:  $S= 46 \text{ m}^2$   $V= 207 \text{ m}^3$ , para un mínimo de 46 alumnos.

Na memoria<sup>48</sup> do curso asinada por Ramón Bares, en xuño de 1909, podemos ter unha pequena radiografía de aspectos que condicionaron esta escola ao longo do curso anterior:

---

<sup>47</sup> Quizais aínda se sigue a notar as consecuencias da segregación de Hío e Aldán.

<sup>48</sup> AMB - Carpeta-1355/30

- Con respecto ao baixo número de alumnos<sup>49</sup> xustificao pola baixa de moitos *“retiráronse con regular instrución para dedicarse ás industrias que se exercen nos pobos”*
- *“Por terse trasladado á unha Escola particular, dirixida por un señor sacerdote<sup>50</sup> nunha casa-capela, onde di misa diariamente...”*

A pesar do cal el ten interese en subliñar que o *“seu obxecto ademais de instruír os nenos, foi sempre o de educalos para formar cidadáns útiles para poder vivir en sociedade”*.

Como vai ser unha constante ao longo de moitísimos anos as ausencias reiteradas e falta de celo das familias para cumprir coa obrigatoriedade de concorrer á escola é o atranco principal para o *“os adiantos dos nenos na instrución”*. Inflúe tamén a actitude ante a escola obrigatoria e gratuíta, de pais e fillos, que fai que a vexan con indiferenza ata verter, de forma despectiva, frases como *“... vou e veño da Escola de Balde”*.

Tras mostrar certa comprensión da utilización dos nenos por parte dos pobres labregos e mariñeiros fai unha proclama contra a ignorancias dos pobos: *“A boa educación é a alma da boa sociedade e as dúas unidas, forman os pobos felices en riqueza e tranquilidade. A falta dos referidos medios, ou sexa, a ignorancia, é o maior azoute que poden sufrir ditos pobos”*.

*En 1919 dedicóuselle unha rúa, que vai dende a zona de Ramal dos Galos, onde tiña a súa casa, ata a igrexa parroquial de S. Martiño.*




1919-Homenaxe a Ramón Bares.  
Cedida pola Familia de J.M<sup>a</sup> Estévez

<sup>49</sup> Ramón Bares tiña matriculados en outubro dese ano 28 nenos.

<sup>50</sup> José Bretal Martínez, coadxutor de Bueu de 1906 a 1910. Daba clases na escola parroquial da ‘Capela Vella’.

## ➤ Manuel Cobas Núñez





Antes de rematar o ano 1909 xubíase Ramón Bares e para ocupar a escola vacante noméano, 21 de decembro de 1909, coma interino a Manuel Cobas Núñez, mestre natural de Tenorio-Cotobade.

Foi nomeado o 21 de decembro de 1909 como mestre interino da escola completa de nenos de Bueu cun soldo de 412,5 ptas./anos (e complementos legais). Toma posesión da escola o 3 de xaneiro de 1910. Rematado o curso continúa na escola ata finais de novembro do curso 1910/11 que pide o seu cese pois nomearan para cubrir a escola ao mestre Emilio Sotelo Rey.

## ➤ Emilio Sotelo Rey (Brión 1879-A Coruña 1919)

Nomeado por concurso-oposición para esta escola de Bueu o 29 de agosto de 1911 e da que toma posesión o 1 de decembro de 1910. A escola tiña unha dotación de 1.100 ptas./anuais.



Emilio Sotelo viña de desempeñar, con carácter provisional, a cátedra de Pedagogía no '*Instituto General y Técnico*' de Zamora, praza que tomara posesión o 20 de novembro de 1909 e na que cesou o 30 de novembro de 1910.

No 1911, sendo mestre de Bueu, formou parte do selecto e reducido grupo de mestres, e o único de Galicia, que propuxo a JAE (*Junta de Ampliación de Estudios*) que presidía Santiago Ramón y Cajal “*para facer unha excursión de tres meses á Francia e Bélxica, co obxecto de estudar a organización e funcionamento das súas Escolas e das colonias escolares*”<sup>51</sup>.

---

<sup>51</sup> Gaceta de Madrid nº 157 do 6-6-1911 páx. 698. A contía a cada mestre pensionado foi de 1.700 pesetas (350 pts mensuais, 450 pts para viaxes e 200 pts por viaxes dentro de España).


A excursión foi moi proveitosa tanto polas peculiaridades educativas das cidades visitadas, como polo tipo de centros nos que estiveron (Instituto Decroly, as escolas de Saint Charles, Mongolfier, as Matt etc.), como por nos acontecementos aos que asistiron, como o Congreso de Paidoloxía.

A bagaxe de coñecementos sobre as novas formas educativas foi tan amplo que Emilio Sotelo viuse na necesidade de dala a coñecer a toda a comunidade educativa, aos políticos e á xente do común. Fíxoo de múltiples formas:

- coa súa experiencia na escola
- coa difusión de artigos de carácter pedagóxico e social na prensa (como no diario santiagués, «Gaceta de Galicia», ou no pontevedrés «Progreso», no Faro de Vigo,...) con epígrafes como “*Aires de fuera*”, “*Cuestiones Pedagógicas*” etc.
- ou coa publicación (1913) do libro titulado “*Por la Europa Pedagógica*”<sup>52</sup> que o prologa Eduardo Vincenti.

Ao finalizar o curso 1911/12 a Xunta local de Instrución dálle( 1-7-1912) un voto de gracia polo interese en difundir a cultura nas publicacións da prensa periódica; e poucos días despois (14-7-1912) outro polo labor realizada na escola<sup>53</sup>.

A Memoria<sup>54</sup> que Emilio Sotelo presenta é do agrado das autoridades educativas pois aclara moita da súa filosofía como mestre: “*Procurouse que a ensinanza ademais de práctica fose*



<sup>52</sup> Pode lerse en <https://core.ac.uk/reader/71511303>

<sup>53</sup> Ao analizar o resultados dos exames do alumnado de todas as escolas, a Xunta ve mellora nos nenos de todos os centros pero sobre todo nos de Emilio Sotelo. E tamén poñen de manifesto que establecera unha clase dominical para adultos.

<sup>54</sup> Carpeta 1355/33

*amena, variada, interesante e instrutiva, contribuíndo deste modo a fomentar a asistencia á escola.*

*O castigo corporal prescribiuse case en absoluto substituíndoo polos castigos morais. Probadado está que nada inflúe de xeito tan poderoso na educación do neno e na súa conduta como a dor pola acción executada. Se a expiación é o castigo por excelencia por conseguinte ese aforismo de que “a letra con sangue entra” debe proscribirse xuntamente da Pedagogía dos tempos modernos. Non se realizaron excursións nin paseos escolares pola escaseza de tempo [...] Para o vindeiro ano [...] espero poder realizar as excursións escolares e establecer a “Mutualidade e Aforro escolar” posto que ambas institucións as considero de grande importancia para os fins educativos.*

*Tamén establecín con carácter voluntario e gratuíto a clase dominical para adultos na que se matricularon doce [...].*

*Levo un curso á fronte da escola e non foi o suficiente para facer un labor serio e profundo como me aconsellan os meus modestos coñecementos pedagóxicos, as miñas observación recollidas na viaxe de estudo que fixen ao estranxeiro pensionado, pero o que levo feito é debido aos meus grandes esforzos, ao meu amor aos nenos e á ensinanza, porque aquí aínda que sexa triste dicilo os pais se preocupan moi pouco de educar aos seus fillos e de vixiar se van ou non á escola dende que saen das casas.*

*Prácame consignar que meus alumnos en canto á orde moral se refire, chegaron a bastante perfección porque preferentemente tiven especial coidado nesta parte da educación; por ir inculcándolles xa desde esa idade da que seica depende máis que de ningunha outra o resto da súa vida, hábitos e costumes que o fagan bo e virtuoso.*

*Nas miñas entrevistas cos pais dos alumnos procurei estimulalos a ter interese na educación dos seus fillos [...]*

*Aumentei o número de matrícula e diminuí en cambio o de analfabetos, ata facelos desaparecer case en absoluto.*

*O meu propósito non foi soamente facer máquinas de reprodución, repetidores nunha palabra, senón seres que saiban pensar por si propio, desenvolvendo a súa intelixencia, a súa vontade e o seu carácter, atendendo preferentemente a que os nenos saiban pensar e emitir ideas propias, mellor que se definan como papagaios da gramática, aritmética e outras materias [...]*

*Obstáculo grande é o desprestixio que aquí ten a escola nacional, que é a escola oficial do estado, por conseguinte a escola dos nosos amores, a escola de todos e que lle chaman “a escola de balde”<sup>55</sup>[...]*

*Outro obstáculo poderoso é o abandono dos mesmos pais que na súa maioría lles importa un ‘bledo’ a educación dos seus fillos [...]*

*Así que eu xa vin que o medio máis seguro é traballar cos mesmos nenos, deberlles a eles o favor de que asistan á escola atraéndoo por mil medidas e facendo a escola amena e agradable. ”*

En canto a poñer multas por faltas á escola é partidario pero “*con equidade e xustiza*” para facer cumprir a lei de asistencia obrigatoria á escola.

A raíz da resolución tan favorable que deron lugar aos dous votos de graza para o mestre Emilio Sotelo e, sobre todo, pola súa petición favorable á Gradación<sup>56</sup> da ensinanza nas escolas de Bueu<sup>57</sup> foi deostado con dureza por un grupo de concelleiros encabezados polo tenente de alcalde e persoas ideoloxicamente afíns, como o director do xornal «El Adelanto», Ricardo Portela Pazos, e outros.

Será este xornal local onde sería criticado repetidamente<sup>58</sup>, no só el senón o cura e o alcalde aos que responsabilizaron do outorgamento dos votos de graza que, como membros, lle deran na Xunta Local.

Como réplica contundente a todos estes despropósitos contra a súa persoa escribe unha columna en «Diario de Galicia» co título “*En*

---

<sup>55</sup> Aquí en Bueu tamén se coñecía como “a escola de rilla ratos”.

<sup>56</sup> Especializarse cada escola, por zonas, nun nivel de idade do alumnado. Cousa que no futuro se fixo nas agrupacións escolares.


<sup>57</sup> Que el consideraba “una das necesidades máis urxentes e imprescindibles para o progreso da Instrución”.

<sup>58</sup> Números 9, 13, 18, 19, 21 etc.

*defensa propia*”<sup>59</sup> con palabras duras para os seus detractores e con argumentos máis que sólidos para resolver unha loita non desexada e que lle propiciou, á menor oportunidade, buscar unha saída de Bueu.

Esta ocasión xurdiulle en maio de 1913 ao poder permutar a escola co mestre de Soutomaior Higinio Pérez García. Aprobada esta permuta non chegou a tomar posesión en Soutomaior pois foi nomeado nese ínterim Inspector de Primeira Ensinanza de A Coruña<sup>60</sup>.

### ➤ Higinio Pérez García



É mestre Superior. Accede por oposición en 1910 á escola de nenos de Soutomaior. En 1912 por mor dunha licenza por enfermidade que a alcaldía e a Xunta local lle concederon legalmente pero, por esquecerse de comunicalo á Xunta Superior, esta sentenza con reprobación pública á Xunta local e ao mestre con “*repreñión pública e con nota desfavorable no seu expediente por dous anos*”<sup>61</sup>. A pesar de recibir un voto de graza o 22-7-1912, decide permutar co mestre de Bueu, Emilio Sotelo.

Curiosamente Higinio Pérez, ao contrario que o seu predecesor, é acollido moi favorablemente polos detractores do mestre Sotelo. O xornal «El Adelanto» no nº 22 do 1 xuño de 1913 dálle a benvida, e nese mesmo día, ante a Xunta Local toma posesión coma mestre de nenos de Bueu (coa dotación de 1.000 ptas/ano).

Higinio aproveita a posibilidade de participar activamente no xornal citado e de paso espallar mensaxes do mundo da escola; faino publicando no mes de setembro a Memoria do curso 1912/13. Nesa Memoria recoñece que leva pouco tempo polo que non tivo tempo para desenvolver ningún plan nin “*tampouco coñecer o carácter, estado de instrución etc. Da maior parte dos moitos nenos que*

---

<sup>59</sup> Diario de Galicia, 14 de agosto de 1912, páx. 1

<sup>60</sup> Aquí estaría dende o 19 de maio ao 15 de xullo de 1913. Logo pasaría como Inspector Interino Auxiliar en Avila e, por último, volvería á Inspección de A Coruña onde faleceu en 1919.


<sup>61</sup> Aínda que tardarían 10 en condonar a nota (4-11-1923).

*deberan concurrer a ela. Non obstante, limitándome ás observacións e traballos levados a cabo cos poucos que asistiron [...] os datos [...] son farto elocuentes para formar idea do intenso e constante traballo que é preciso facer [...] Estes datos non poden ser máis alarmantes. [...] Urxe, de modo especial, a aplicación do oportuno remedio, levantando o decaído espírito das xentes e contrarrestando os efectos da indiferenza á escola e a ignorancia dos incalculables beneficios que reporta”.*

Nas explicacións segue a falar dos *Traballos escolares, Materias, Resultados obtidos etc.* nas que entre outras aclaracións e explicacións sinalar:

A importancia que lle daba ás *“excursións escolares para o estudo de Historia Natural, aplicacións xeométricas á medición de terreos, idea do levantamento de planos etc.”.* Hai constancia de que fixo varias xunto coa mestra Ramona Cabanillas.

En canto aos nefastos resultados obtido cos nenos son debidos, a máis do mencionado, a unha *“escola desprovista de todo elemento de ensinanza, ao “carecer de nenos a quen ensinar”* pois tivo días con clases con *“só catro alumnos, mentres que polas rúas e a praia vagaban a ducias.”*



Significativo é a descrición do inadecuado local escolar, na ala dereita do concello, lindando coa fábrica de Massó: *“no caso de que asistisen os nenos que naturalmente deben estar matriculados, este local sería insuficiente pola súa capacidade. Ademais: tres retretes e a cheminea do asador dunha fábrica de peixes en conserva a tres metros das súas xanelas danlle carácter e condicións hixiénicas e pedagóxicas nada recomendables; e se a isto se engade o acharse situada nun ángulo da praza pública que serve de vertedoiro e retrete público a feirantes e veciñanza, terase a descrición dun sitio onde, despois de todo, é natural que non concorran nenos. Isto sen contar o pouco edificante espectáculo que se dá cando as autoridades teñen que facer uso do cárcere público que, como é sabido, áchase dentro do recinto da Escola”*.

En todas e cada unha das Memorias que en anos sucesivos redactou pon de manifesto o seu selo que resulta cativador para a Inspección, para a Xunta e para o Concello. Nelas a defensa da escola pública (renega da privada) é unha constante: *“a ensinanza oficial é a única que pode ofrecer as debidas garantías de éxito, a que mellor pode contribuír a rexenerar un pobo”* (Mem. 1916/17); *“Xeral indiferenza cara a escola nacional á que todos senten con dereito a vilipendiar e moi poucos a protexer, sequera fose estimulando a asistencia e aplicación dos nenos”* (Mem. 1919/20). Na Memoria do curso 1925/26 fai unha defensa, unha vez máis, da escola pública para logo animar ao concello se faga cargo de subvencionarlle os estudo ao rapaz X. X. *“polas súas relevantes dotes de aplicación, talento e conduta escolar”* e por tratarse dun neno pobre e sen pai. E de ser o caso, o mesmo mestre *“cooperaría a esa boa obra dándolle, completamente gratis, as ensinanzas correspondentes”*. Ratifícase e ofrece, *“mentes poida”*, os seus servizo e coñecementos ata onde alcancen, *“non só para este, senón para*



*cantos casos análogos se presenten en alumnos fillos deste pobo*". Insiste na necesidade de axuda cuantificándolle os gastos de cada curso de Bacharelato a 300 ptas/curso.

Outras cousas a mencionar do mestre Higinio Pérez:

- Foi importante o seu labor como promotor da Biblioteca Municipal, á que doou máis dun cento de libros de ciencias, literatura, idiomas, industrias etc.
- Dende o 26-8-1913 noméase vogal na Xunta Local a Higinio Pérez en representación dos mestres.<sup>62</sup>
- E dende o 1º de novembro de 1913 dou clases nocturnas de adultos na escola pública para maiores de 12 anos que *“desexen recibir as ensinanzas”*.
- Ao longo dos 13 anos de mestre en Bueu tivo 3 votos de graza outorgados pola Xunta Local e concello.

En canto aos locais nos que Higinio deu clases están o mencionado do baixo da casa Consistorial, no da “Bicha”<sup>63</sup>, en 1924 permutaron de clase coa das nenas<sup>64</sup>, na casa de Ramón Bares, na mesma rúa, onde el tamén vivía coa súa dona Vicenta Burón, e posteriormente na de Pilar Abal<sup>65</sup>



*Escola en Ramón Bares*

Logo da presentación da Memoria do curso 1925/26:

- *“polos seus dotes de cultura, laboriosidade e civismo fíxose acredor ao respecto e estimación xeneral [...] esta Xunta interpretando o sentir do pobo [...] acorda darlle un voto de graza a D. Higinio Pérez”*.

---

<sup>62</sup> Real Orde 5 xuño 1913 polo que na Xunta Local ten que haber un mestre.

<sup>63</sup> Ao lado do actual Hotel Incamar, casa adquirida pola familia Díaz-Cerqueiro.

<sup>64</sup> Permutan o sitio as escolas de nenos de Bueu e a 1ª de nenas, por darse a circunstancia que están moi próximas entre si as escolas de nenas.

<sup>65</sup> Hoxe da familia Omil (J. Mª Estévez Castro - Opus cit.).

- *“polo celo que demostra no exercicio do seu cargo”, por ser “escritor correcto e orador infatigable<sup>66</sup>, cos seus escritos e conferencias ilustrou sempre ao pobo inculcándolle ideas de ciencia, paz e civismo”.*
- por inculcar ideas de previsión nos nenos para que teñan libretas de Aforro
- pola súa actividade contribuíndo á organización dos dous sindicatos que nese momento funcionan en Bueu
- pola cooperación na formación da Sociedade Cultural Deportiva.
- E *“ao tratarse dun caso algo raro de probidade abnegada, vocación decidida e amor á profesión que excede os límites do corrente” etc. etc.*

é polo que lle instan ao alcalde, Camilo Davila Davila, enviar unha Carta ao Ministro de Instrución Pública proponendo o *“seu ingreso na Orde civil de Alfonso XII ou outra recompensa análoga como premio á súa meritoria e incesante labor en pro da cultura popular”.*

SUPLICA a V.E. que estimando las razones expuestas y previos los correspondientes requisitos legales se digne conceder al Maestro D. Higinio Pérez García su ingreso en la Orden civil de Alfonso XII u otra recompensa análoga como premio a su meritoria e incesante labor en pro de la cultura popular.

Descoñecemos a resolución porque poucos días despois de que o alcalde enviase a instancia, Higinio Pérez García cesa como mestre da escola de nenos de Bueu (12-10-1926) ao concursar e ir por traslado para Bétera<sup>67</sup> (Valencia)


Cómpre dicir que son testemuña de como algúns dos seus alumnos, como José Martínez Camiña e Javier Domínguez, o lembraban con moito agarimo. Ou como o mesmo documento do alcalde ao Ministro reconece que da súa escola *“saíron non poucos*

<sup>66</sup> J.M<sup>a</sup> Estévez Castro menciónao nun recibimento a E. Vinceni, 1923, nun discurso no Concello con Gaspar Massó e o gobernador Boente.

<sup>67</sup> Entre 1929-1931 foi alcalde de Bétera (Valencia).

*Mestres, Bachareis e Peritos; sendo varios os Médicos e Enxeñeiros que lle son debedores da fundamental cultura que os capacitou para os seus superiores estudos; así coma multitude de artesáns...”*


➤ **Juan Estévez Lameiro**



Procedente da escola de Trasmañó-Redondela toma posesión como interino<sup>68</sup> da nº 1 de nenos de Bueu o 16 de outubro de 1926 ocupando a praza que deixara vacante Higinio Pérez. Sen rematar o curso pide o cese na escola por motivos de saúde; concédendollo o 4 de marzo de 1927.


A casa-escola e a habitación pertencían a unha mestra, Manuela Soage Abal, pero o administrador era o seu marido Francisco Garrido. En xaneiro de 1927, rematado o contrato o mesmo Francisco Garrido proponlle ao concello alugar de novo o local para a escola de nenos por 510 ptas anuais.

➤ **Manuel García Paz**



Nomeado interino para escola de nenos de Bueu o 5 de marzo de 1927 (dotación de 2000 ptas/ano)

Cesa ao pouco de cumprir un mes no cargo (11-4-1927) pola chegada do titular da escola de nenos de Bueu, Guillermo Novío.




**Instrucción pública**  
La Sección administrativa de primera enseñanza de esta provincia, ha nombrado maestro interino de la escuela nacional de Bueu a don Manuel García Paz.

---

<sup>68</sup> Dotada con 2.000 ptas/anuais máis extraordinarias.

## ➤ Guillermo Novío Cardeso



Estando de mestre en Corneira-A Baña (1920/27) adxudícanlle por concurso a escola nº 1 de nenos de Bueu, da que toma posesión o 14 de abril de 1927.

A súa integración na vida social bueuesa dáse dende o primeiros momentos da súa chegada a Bueu. Así o temos en 1928 como vogal da Sociedade Deportiva Bueu<sup>69</sup>.

Segundo lle reconece a mesma Xunta educativa en maio de 1928 dado que ten unha matrícula de 51 alumnos, o local no que dá clase é insuficiente. Refírese á casa de Ramón Bares onde tamén vivía.

En 1931, coa reforma do maxisterio, supónlle, como a outros compañeiros da localidade<sup>70</sup> ascender na categoría docente e tamén no soldo.

Casado con Carmen Fornos Antelo (de A Baña-A Coruña) tiveron tres fillos: Pura (1927), Francisco (1929) e Marina (1935).

En abril de 1935 desestimóuselle unha permuta<sup>71</sup> que tiña solicitada con Lino Davila Davila mestre do Pósito de Cantodarea (Marín) e natural de Beluso. O motivo da denegación foi por ser a de Lino Davila escola de Pósito e non Nacional.

En setembro de 1936 foi suspendido, como case todos os mestres, do seu cargo mentres non se aclaraba a súa situación de afección ou non ao cargo. Aínda que se resolveu rapidamente e seguiu cos seus cargos, non sería oficial ata que non saíu no BOE do 12 de novembro de 1938, na relación dos Mestres confirmados. Mestres aos que se lles resolveron favorablemente os seus respectivos expedientes de depuración.

---


<sup>69</sup> Directiva do Bueu: Presidente, Attilio Gaggero; vicepresidente, José M<sup>a</sup>. Estévez; secretario Ricardo Gómez; vicesecretario, Luís Novas; depositario, José Cerqueiro Malvido; contador Pepe Santos; vocales Guillermo Novío (mestre); José Godoy (oficinas Alonso), Ernesto Piñeiro e José López Díaz (O Forneiro).

<sup>70</sup> María Davila, Ramona Cabanillas, Teresa López, Félix Sabell, Guillermo Novío, Ismael Sánchez

<sup>71</sup> En febreiro de 1920 estando de mestre en Argón-Ames se lle concederá una permuta con Marcial Martínez López pola escola de Corneira-A Baña.

No 1944 Guillermo Novío di que na escola dá dúas clases semanais de Agricultura e que nas clases de adultos ese ano ten 10 alumnos (durante 1 ½ h. nos meses de novembro a marzo).

Causa baixa da escola de Bueu o 30 de setembro de 1946 xa que vai de mestre para a escola de Lañas, concello de A Baña-Coruña. Ao ter que tomar posesión antes do 10 de outubro presenta a súa renuncia aos cargos municipais que tiña nese momento: membro da Xestora e 3º tenente de alcalde. Os membros da Xestora agradécenlle o labor realizado na mesma e lamentan a súa marcha.



Renuncia de Guillermo Novío aos cargos na Xestora

#### ➤ Faustino Pereira Doval


A estadia de Faustino Pereira no cargo de mestre desta escola foi moi curta xa que tomou posesión o 7 de outubro de 1946 e cesa o 21 do mes seguinte. Descoñecemos o motivo real pois a praza foi cuberta por un propietario provisional e non por un titular definitivo que xustificaría máis o relevo.

A súa actividade no que fora *Casa do mestre* o levará en 1936 a estar integrado nos órganos directivos deste movemento asociativo como vogal da Sección de Iniciativas.

#### ➤ Jaime Ruibal Solla

Toma posesión da escola de nenos nº 1 de Bueu o día 22 de novembro de 1946 e cesa ao inicio do curso seguinte, o 30 de setembro de 1947. Con anterioridade a esta escola tamén dera clases na de nenos nº 2 de Bueu do 21 de outubro de 1945 ata o 1 de outubro de 1946.

➤ **Manuel Escribano Sánchez** (Ares-A Coruña 1894/Bueu +7-6-1959)



Natural de Ares-A Coruña, morre en Bueu aos 65 anos o 7 de xuño de 1959. Casado con Encarnación Piñeiro

Piñeiro coa que tivo 7 fillos.

Estado como mestre en San Román-Pantín (Valdomiño) danlle (xullo de 1947) a praza na escola de nenos nº 1 de Bueu pola queda voluntaria do nomeamentos provisionais.

Tomará posesión da escola en Bueu o 1 de outubro de 1947 cun soldo de 12.000 ptas/ano e complementos legais ata que cesou o 31-8-1952 pola permuta con José Filgueira da escola de Balsera-Reguera (Oviedo).

Coa nómina de maio de 1940 incluíronse o 50 % do seu soldo, tendo en conta as melloras concedidas pola Lei de 30/12/1939, xa que estaba suspendido de emprego e soldo.

**Suspensión provisional**

La Dirección general de Primera Enseñanza en vista de expediente de rehabilitación incoado, acordó suspender provisionalmente de empleo y sueldo a D. Manuel Escribano Sánchez, maestro de Troans (Cuntis), a reserva de la depuración definitiva.

Noticiero Gallego 11-12-1939 páx 3



*Coral Agarimos co director Manuel Escribano*

Fundador e director<sup>72</sup> do Coro «Agarimos» dende o 25 de xaneiro de 1951 ata que se fixo cargo Manuel Omil. Ensaíaban onde vivía alugado, na de Manuel Omil Pousada, na rúa Ramón Bares (esquina


coa rúa Santán).

<sup>72</sup> Outros membros da Directiva da coral eran: Secretario, Jorge Diz Paz; tesoureiro, Cesáreo Ferradás; vogais: Rosendo Corral pola rolda; Juan Pérez Portela por declamación; José Budiño Pouseo pola Coral; Ramiro Otero García por deportes; Presidente de honor o Sr. Massó (José María) e socios honorarios Gaspar Massó, Antonio Souto Barreiro e José Diz Freire.

En marzo de 1952 a Dirección Xeneral de Ensinanza Primaria accede á permuta solicitada por Manuel Escribano e o mestre de Balsera-Reguera (Oviedo), José Filgueira Freire. Póñenlle a condición de non poder posesionarse dos novos destinos ate o 1 de setembro dese ano de 1952, polo que o cese definitivo de Bueu non o fixo ata o 31 de agosto de 1952.

Pasado o tempo, concursa para Vilariño-Hío onde se xubila o 29 de abril de 1958 e fíxoo nun acto público na súa escola coa presenza de mestres e alumnado da zona de Hío, Aldán e Darbo. Pronunciou “a última lección ante o numeroso auditorio e, entre as moitas cousas a sinalar, abonda *“nas dificultades xigantescas que se opoñen ao labor calado e abnegado que pesa sobre o mestre, e recomenda a todos non desfalecer”*”.

➤ José Filgueira Freire (Bueu 15-11-1921/Vigo 20-10-2002)



José Filgueira Freire toma posesión como propietario da escola nº 1 de Bueu o primeiro de

setembro de 1952 e cesa na mesma o 31 de agosto de 1963 por permuta con José Ogando García, mestre de Sta Clara-Vigo. Nun principio estaba na casa de José Cerviño Piñeiro e logo pasou aos baixos da casa da familia Omil en Ramón Bares.

Nunha instancia enviada ao concello o 12 de marzo de 1963 solicitando arranxos no local da escola o mestre Filgueira pon de manifesto as súas grandes deficiencias. Para ser máis didáctico



*Escola de José Filgueira Freire*

adxunta un pequeno bosquexo da aula e a el se remite nas súas demandas:

- A) Branqueo da escola
- B) *“Iluminación natural moi deficiente, que moi ben pode apreciarse no plano adxunto. Só ten dúas fiestras, situadas de tal forma que a zona ‘C’ da sala queda con falta notoria de iluminación. A porta ‘A’ (bosquexo), cun suplementos ‘B’ con cristais, favorece a iluminación do reducido espazo ‘R’; pero, en xeral, a sala de clase goza de pouca luz nestes días invernaís.”*




*Casa que foi de Ramón Bares*

- Ao respecto lémbbralles que fai anos solicitara luz eléctrica e que o concello durante dous anos se fixera cargo de pagala e que logo se retirara a axuda. A pesar de que desde 1958 mandou escritos expoñendo o problema non tivo máis remedio que contratalo persoalmente.
- C) Queixase polo estado deplorable das mesas, encerados, armarios, portas, ventás etc.
  - D) *“A porta do retrete (situada en ‘D’ no bosquexo) está caída, por terse deteriorado o marco [...] non podo continuar nese estado moitos días, por non poder utilizar o servizo correspondente”.*
  - E) *“Fai xa algún tempo nas zonas ‘E’ e ‘F’ (bosquexo) cae auga do piso superior [...] polas causas citadas a mesa do Mestre tiven que colocala na zona ‘G’”.*
  - F) *“A zonas que sinalo no bosquexo cun ‘H’ fronte ás portas, carecen de piso de madeira, para así poder abrilas; os días de moita chuvia convértense en verdadeiras pozas, por estar a máis baixo nivel que as beirarrúas do exterior”<sup>73</sup>.*

---

<sup>73</sup> AMB - Carpeta 493/5

Logo de comprobalo un encargado da corporación acordouse buscarlle unha solución. En abril o alcalde envía notificación ao propietario da casa-escola para que nun mes inicie as obras, senón as fará o concello e pasará o importe das mesmas.




AMB - Carpeta 493/5 Bosquexo da escola na rúa Ramón Bares

O mestre José Filgueira en 1961 recibe o premio de 1 punto para o Concurso de traslados da Xefatura Nacional de Ensinanza da Delegación Nacional de Xuventude pola súa colaboración e en novembro de 1962 o premio, da mesma entidade e por motivos semellantes, foi maior, 1.000 ptas co Premio "Luís M<sup>a</sup> Sobrado".

Como curiosidade, hai que dicir que a raíz de mirar a fotografía cos nenos da escola Filgueira nunha exposición de S. Martiño que fai a Asc. Stos Reis, un grupo de alumnos desta clase reuníronse para lembrar eses tempos, aos compañeiros e ao mestre.


➤ José Ogando García



José Ogando García, mestre de Santa Clara-Vigo. Permutou escola con José Filgueira Freire e tomou posesión da escola de nenos nº 1 de Bueu o 3 de setembro de 1963.

En maio de 1966 é nomeado Vogal-secretario da Xunta Local de Ensinanza.

Será o último do mestres que deron clase nesta escola nacional de nenos. No curso 1971-72 inaugurouse o Grupo escolar e el xa non estaba no cadro de profesores do novo centro.





*Escola de nenos de A Graña  
Cedida por José Castro Piñeiro*

## «Escola de nenos nº 2 de Bueu»



Xa en 1926 comezan os preámbulos da creación da 2ª escola de nenos de Bueu. A pesar de que se daban clases no baixo da casa que tiña na Graña Adela Buceta Pesqueira, e que o mestre contratado podía utilizar unha habitación alugada a Perfecto García Nogueira, a escola non existía de forma oficial. Terían que pasar uns anos para que o 27 de decembro de 1928 se levantase acta de creación definitiva da segunda escola de nenos de Bueu, instalada no mesmo local anteriormente indicado.

### ➤ José González García<sup>74</sup>

É o primeiro mestre que con carácter interino accede oficialmente a esta escola. Déronlle o título o 28 de febreiro de 1929, mais tomou posesión o 2 de marzo.

Participa activamente nas actividades que organizan as escolas como é o caso da Festa do libro. Hai constancia de que na de outubro dese 1929 participa de orador, co mestre do Pósito José Durán e o


---

<sup>74</sup> En 1966 está de mestre en Cabalo-Beluso.

mestre da capela-escola Jesús Suárez, explicando o significado desa Festa así como da importancia das boas lecturas.


Exercerá ata o 31 de marzo do 1931, data coa que cesa, xa que ía tomar posesión da mesma escola o seu propietario, por concurso oposición, Félix Sabell Mosquera.

### ➤ Félix Sabell Mosquera



Félix Sabell xa estivera en calidade de interino na escola de Cela no curso 1924/25. Mais o 1 de abril de 1930 volve ao concello de Bueu, para facerse cargo da escola nº 2 da vila localizada no lugar de A Graña-Casal.

Se antes do 14 abril do 1931 tiña 31 alumnos matriculados, en marzo do 1932 ten 43 alumnos.



*Amalia Corral Ferreiro*

En outubro de 1932, por unha operación da nai, pide 8 días de licenza e deixa ao cargo da escola a Amalia Corral Ferreiro (alumna de maxisterio, no 4º curso en prácticas).

En 1933 presenta unha Instancia o mestre Sabell solicitando ao concello a cantidade correspondente da casa habitación (o concello tena alugada por 45 ptas mensuais e el ten que pagar a máis, 10 ptas). Por non atopar na localidade casa decente polas 250 ptas anuais que marca o estatuto. A Dirección Xeral de Educación comunícalle ao concello que está obrigado a satisfacer o aluguer de dito mestre<sup>75</sup>. En maio Felix Sabell presenta a reclamación ao Gobernador Civil, e en xuño o mesmo Gobernador Civil pide explicacións ao alcalde de Bueu.


Descoñecemos se influíron ou non os problemas mencionados da casa-habitación, na marcha de Felix Sabell de Bueu. O certo é que cesa na escola nº 2 de Bueu o 21 de setembro de 1933.

---

<sup>75</sup> Esta resolución tamén pode lerse no Boletín Oficial do Ministerio de Instrución pública e Belas Artes do 3 de febreiro 1933.


## ➤ Modesto Novelle Mosquera

Opositor de 1928. Estaba de mestre en Cangas cando o nomean interino da escola de nenos nº 2 de Bueu na que toma posesión o 22 de setembro de 1933. En Cangas era moi apreciado e así podemos velo nun pequeno artigo no xornal *El Pueblo Gallego* glosando a súa frutífera actividade docente naquela vila. Así mesmo cando no concurso oposición lle adxudican, en 1934, de forma definitiva a escola de Cacheiras-Teo en A Coruña un grupo de mestres de Cangas fanlle unha comida-homenaxe de despedida. En Bueu cesa o 30 de abril de 1934.



*El Pueblo Gallego 27-9-1933 páx 10*

## ➤ José Martínez Camiña<sup>76</sup> (Sar-Beluso 7-9-1911 / Beluso +1-10-2004)



José Martínez,  
natural de Beluso,

comeza como mestre interino na escola de nenos nº 2 de Bueu o 1 de maio de 1934.


Unha semana despois, o concello acorda facer de forma urxente os locais das escolas para os cales poden ofrecerse terreos: Para as dúas unitarias de nenos de Bueu, as dúas unitarias de nenas de Bueu, para a unitaria de nenas de Cela e unha unitaria (nenos ou nenas) de Beluso. Isto xermolaría, moito máis adiante na de Torrecino-Cela e Cabalo-Beluso. As outras quedaron en proxecto.

José Martínez cesará ao inicio do novo curso, o 6 de outubro de 1934.



<sup>76</sup> Mestre da de nenos nº 2 de Bueu, da escola mixta de Ermelo e da nº 1 de Beluso.

➤ Lucio Rodríguez Infante



Estando en Montarrón (Guadalaxara) foi destinado como propietario, en xullo de 1934, á escola nº 2 de nenos de Bueu. Sendo este nomeamento definitivo coa toma de posesión do día 7 de outubro. En 8 de maio de 1935 pide 8 días de permiso para casar en Santiago de Compostela con Dita Vaamonde Feijoo. Nas notas en prensa da súa voda o sinalao tamén como “*destacado publicista profesional*”.


En 1937 pide a súa segunda licenza, esta vez unha operación, e deixa atendendo a escola á mestra Catalina Puig Davila.

No BOE do 12 de novembro de 1938 sae que se lle resolveu favorablemente o seu expediente de depuración. Por esas mesmas datas reclama por estar a escola lonxe do “casco urbano” que é o lugar para onde foi creada e non na Graña onde está.

Cando cesou, 27 de outubro de 1944 tiña matriculados 23 alumnos e daba clases de adultos a 13 persoas.


➤ Elvira Panadero Charlin

Ao día seguinte do cese de Lucio Rodríguez toma posesión interina da 2 de nenos Bueu unha muller, Elvira Panadero, “*a falta de aspirantes varóns*” o 28 de outubro de 1944 (cun soldo de 5.000 ptas anuais e demais emolumentos) e cesa o 31 de xaneiro de 1945. Estivo o tempo imprescindible para atopar un candidato varón.



AMB - Carpeta 1354/6 1931-54

➤ **Mariano Romero Brocate**




Mariano Romeo Brocate accede como mestre provisional na escola nº 2 de nenos de Bueu desde o 1 de febreiro de 1945 que toma posesión ata o 20 de outubro de 1945, data do seu cese.

➤ **Jaime Ruibal Solla**

Jaime Ruibal toma posesión como provisional do 2º nenos de Bueu o 21 de outubro de 1945 e cesa o 1 de outubro de 1946.

No seguinte curso estivo un tempo na escola de nenos nº 1 de Bueu.


➤ **Rogelio Troncoso Álvarez**



Rogelio Toncoso Álvarez estivo en dous momentos como mestre na escola nº 2 de nenos de Bueu.

A primeira vez coma provisional toma posesión o 2 de outubro de 1945 e cesa o 22 de xullo de 1947. Ao pouco tempo toma posesión como propietario da mesma escola o 1 de setembro de 1948 cesando o 31 de agosto de 1950.

➤ **Emilio Eirín Torres**





Emilio Eirín tomou posesión da escola nº 2 de nenos de Bueu o 18 de agosto de 1947 e o 31 de agosto de 1948 presenta o seu cese.

De Bueu marcha a rexentar unha escola en Oroso- A Cañiza.


Uns anos despois tamén estivo dando clases en Beluso súa irmá Virtudes.

➤ **Celestino Fernández García**<sup>77</sup>



O periplo de Celestino Fernández polas escolas de Bueu arranca en 1935 e prolongarase por case corenta anos<sup>78</sup>. O 7 de setembro de 1950 toma posesión como provisional da escola nº 2 de Bueu e cesa para dar paso ao seu titular, Julio Jorge, o 31 de agosto de 1951.

➤ **Julio Jorge Franco**



Natural de Forzáns-Pontecaldelas. Estaba viúvo con 44 anos cando casa coa tamén mestra de Bueu M<sup>a</sup> Cruz Pilar

Agulló natural de Vilagarcía.

Toma posesión da escola nº 2 de nenos de Bueu que estaba no lugar de A Graña na casa alugada á Bibliotecaria Municipal, Sofía Gómez Buceta, o 1 de setembro de 1951. Nesa escola estará ata a súa clausura por integrarse no Grupo Escolar de Bueu.

Son repetitivas, ao longo dos anos, as súas peticións de arranxo da escola o que nalgúns momentos o levou, co apoio da inspección, a plantarse e non comezar as clases. O mesmo procedemento e actitude o tivo a profesora Pilar Agulló Barral, a súa muller.



1953 - Escola de Julio Jorge Franco no lugar de A Graña

Polo menos en dúas ocasións foi secretario da Xunta Local de Educación (1961-62 e 1966).

---

<sup>77</sup> Foi mestre do Pósito de Pescadores de Bueu, da escola de nenos de Beluso, da de nenos de Bueu, da de nenos de Cabalo-Beluso e Colexio Público de Bueu.

<sup>78</sup> Se exceptuamos algún tempo que estivo en Loureza (Oia), en Dorvisión (Cruces), Caspe (Zaragoza), etc.


## «Escola de nenas nº 1 de Bueu»



A primeira escola pública de nenas de Bueu foi creada para dar cabida ás alumnas que ían á *Escola mixta de Instrución Primaria* e así transformar aquela nunha escola *Completa de nenas*.

Trala súa creación por parte do Gobernador, aparece anunciada unha vacante á escola en xuño de 1857. Sae cunha dotación de 1.334 reais e retribucións das nenas que non sexan pobres. A mestra á que se lle adxudique terá 300 reais anuais para casa e outros 300 para aveños para a escola. A pesar de que as solicitudes teñen como data tope o 9 de xullo, na Comisión de Instrución da Provincia<sup>79</sup>, no Pleno do concello do 31 de decembro anúnciase que hai dúas candidaturas presentadas: a de Emilia Pérez Villamil e Ramona Outeda Fariña. E propoñíase unha oposición para elixir a mellor. Pero, ao día seguinte, aparece unha nova solicitude, a de María Pastoriza Carballo, que é a que finalmente foi elixida.

### ➤ María Pastoriza Carballo



Nada na parroquia do Hío no 1839 (neses momentos de Bueu). Faise coa escola, aos 19 anos, nos primeiros días do mes de xaneiro de 1858.

A primeiros de outubro dese mesmo ano unha inspección da Xunta de Educación detecta que a mestra de nenas (María Pastoriza) “*non despreza o maior interese polo adianto das nenas deixándose mirar isto nos labores e traballos en que se ocupan...*”, informe que poñen en coñecemento da mestra tamén. Nos exames celebrados en decembro, igual que a dos nenos: Bastante mal, ningún avance, sobre

<sup>79</sup> El Iris de Galicia: Ano I Número 16 - 24 xuño 1857.

todo dos pobres “*cuxo mal atribúe con fundado motivo ao mestre*”. Na avaliación que, a Comisión Local Educativa, fai en maio de 1859 recoñecen que no retraso en lectura e escritura da escola de nenas non toda a culpabilidade é da mestra senón que o é tamén porque está “a escola deprimida de moito material...”.

A marcaxe do labor desta mestra, ao igual que do outro mestre de nenos, é bastante férreo o que moitas veces leva a non entendementos ou a pequenos enfrontamentos entre eles.

Exemplo disto o temos en abril de 1860 cando por queixas dun veciño a Comisión instrúe informe pola expulsión repetida, e de malas formas, dunha nena por parte da mestra María Pastoriza. A desculpa que pon a mestra é a falta de espazo na aula e que a nena non pertence a este distrito. A Xunta Local refuta ambos os motivos e recrimina a actitude da mestra. Con certa ironía dille que “*para que haxa espazo... remover tabique da sala para facer a aula máis grande*”. E por non ser do distrito, que non a houbese collido sen permiso da Comisión. Polo que Esperanza Freire, que así se chamaba a nena, tivo que ser admitida de novo.

A finais de 1861 a mestra solicita se lle conceda licenza para estudar na Escola Normal de Pontevedra o terceiro ano de Maxisterio. Logo de concedérselle, por parte da E. Normal, ten que deixar cuberta a súa praza cunha substituta. María Pastoriza, en xuño de 1862, deixou como substituta a Elena Otero persoa á que a Xunta local non a considerou apta (xa que era unha alumna avantaxada, non mestra, pois non atopou a quen quixera encargarse da escola).

En sesión de 31 de decembro de 1865 o concello decídese alugar escola para a mestra de nenas María Pastoriza. Atopan unha casa en Meiro (de Manuela Gestido Rúa). Para xustificar ese afastamento da escola fano dicindo que é *céntrica para que poidan acudir as nenas, e menos perigosa que na Praia ao lado do mar onde é costume observarse completa corrupción nas boas costumes*. Nas vacacións (agosto) de 1866 casa con José Martínez, natural de Caldas de Reis e


naquel momento carabineiro no posto de Bueu, co que tivo 5 fillos<sup>80</sup>.

En abril de 1867 foi reposta coa posesión do novo título de mestra (autorización) cun soldo de 220 escudos que era o que viña gozando con anterioridade ao serlle rebaixado o soldo á metade (de 625 ptas a 313 ptas).

Na Acta do Pleno Municipal do 6-8-1872, aparece reflectida a petición da xunta local de Ensinanza (enviada o 1 de xullo) para que se lle informe das *“condicións que para impartir a instrución poida reunir o local ou casa escola da mestra de nenas...”*. Tanto o Concello como a Xunta Local din que *“carece certamente dalgunha capacidade para impartir a instrución e ser ao propio tempo ocupadas pola referida profesora e a súa familia, sentindo ambas corporacións non ter podido ata agora conseguir facilitarlle outro local pola imposibilidade que se toca de poder telo”*.

Ao longo da súa dilatada estadía como mestra desta escola tivo períodos que estivo impedida para dar clase polo que tivo que ser substituída<sup>81</sup> por outras mestras que tamén nomearemos.

#### ➤ Carmen Pérez Barreira (n. 1849)



Ao inicio do curso 1877/78 Carmen Pérez Barreira, mestra superior, é autorizada a substituír a baixa por enfermidade<sup>82</sup>, coa metade do soldo, de María Pastoriza. O día 11 de setembro de 1877 toma posesión da escola que estaba localizada no barrio de A Praia de Bueu e cunha matrícula de 58 nenas (menores de 6 anos, 9; de 6 a 10 anos, 26; maiores de 10, 23) e, por convenio co concello todas as nenas estaban dispensadas de pago de retribucións.

Carmen Pérez pide licenza por enfermidade, xaneiro de 1879, que cubre Enedina Castellá.


---

<sup>80</sup> M<sup>a</sup> Isolina (1866), Rogelio Francisco (1868), José Manuel (1869), Benito (1871) e M<sup>a</sup> Digna (1873)

<sup>81</sup> A mesma mestra enferma buscaba substituta e pagáballe normalmente a metade do soldo.

<sup>82</sup> Xa dende o 23 de xuño de 1877.

➤ **Enedina Castellá García (Bueu 1861)**



Ao non poder continuar pola enfermidade, a mestra Carmen Pérez fai entrega do inventario da clase Enedina Castellá, o 8 de marzo de 1879. Enedina volve a tomar posesión formal o 20 de novembro dese ano e dende ese momento, e ata finais de 1887, faise cargo como mestra interina-substituta.

Enedina Castellá García, filla de Ifigenia Castellá García, de Beluso, naceu no lugar de A Praia de Bueu en setembro de 1861.<sup>83</sup>

En 1881 exercía como titular da escola que estaba *na rúa da Praia súa fachada cara o Leste*”, Así a vemos reclamándolle á Xunta local, o cambio de local da escola por non reunir na que estaba as condicións necesarias para unha docencia digna. Como curiosidade vemos que a mestra Enedina no mes de marzo dese mesmo ano denuncia que os cacos entraron por unha xanela da parte de atrás da escola roubando: unha caixa de cartón con catro panos brancos de peto e a aceiteira da máquina de coser, deixando revoltos e espaxados pola sala algúns aveños e outros efectos de ensinanza.

De Enedina xa comentamos, ao falar das escolas de nenas, que ante a falta de solución a uns cheiros que dificultaban dar con normalidade a clase, queixábase do abandono dos labores por parte do concello motivados pola circunstancia de que ela era unha muller.

Así chegamos ao 1884 que volta á escola a titular da mesma, María Pastoriza faino ata 1886 que de novo a substitúe Enedina Castellá ano en que, por fin consegue que a escola cambie de local.

Esta sería a última substitución de Enedina Castellá en Bueu xa que a partires de 1891 exercería como mestra en lugares de Gondomar, Pontearas, Mos, Arbo e S. Clemente de César (Caldas de Reis) na que estivo dende 1908 a agosto de 1931 que se xubilou<sup>84</sup>.


---

<sup>83</sup> O seu avó materno viñera de Muros-A Coruña.

<sup>84</sup> 1891 Peiteros (Gondomar); 1897 Gulanes (Pontearas); 1900 Petelos (Mos); 1902 Gulanes (Pontearas); 1905 Cequeliños (Arbo); 1908 a S. Clemente de César (Caldas de Reis).

Por varias veces, como 1887, 1890 e as xa mencionadas, María Pastoriza é rehabilitada polo Reitor da Universidade e pola Xunta Provincial, o que lle permite volver a tomar posesión da escola completa de nenas ata que definitivamente cesou nesta en 1893 ao permutar coa mestra de Seixo (Marín) Erminda Lamas.


➤ Erminda (Abilia) Lamas Paredes

A small rectangular stamp or logo featuring the name 'Erminda Lamas' in a cursive script above a stylized circular emblem.

Logo de admitida a permuta con María Pastoriza, incorporouse á escola de Bueu o 16 de novembro de 1893.

En 1894 pide que se traslade a escola á casa onde está alugada por ter mellores condicións.

En 1897, ante a realidade laboral entre homes e mulleres, reclama ás institucións que se lle equipare o soldo ao que ten o seu compañeiro Ramón Bares. Os motivos eran obvios os dous tiñan o mesmo tipo de escola, un número similar no alumnado (un nenos e a outra nenas) e ela gañaba 1/3 do soldo del.


A photograph of a handwritten document in cursive script. The text is a petition requesting equal pay for the author, Erminda Lamas, compared to her colleague Ramón Bares. The text is written on aged paper and includes a signature at the bottom.

AMB- Carpeta 1360/18 Reclamación de Erminda Lamas-Bueu 1893-13

En períodos cada vez máis prolongados, comeza a ter problemas de saúde, sobre todo da garganta; e así, a primeiros de abril de 1908 Erminda pídelle ao gobernador un relevo temporal dos seus labores por padecer farinxite, e que confirme como substituta súa a Carmen Taboada Agulla. A xunta acepta esta suplencia ata final de curso, e unha vez rematado este dálle licenza a Erminda por imposibilidade física e nomea substituta a Josefa López Domínguez.

Erminda segue a ser a titular da escola con actualizacións de soldo, como en maio de 1913 que lle suben a 1.100 ptas Así estará considerada, ata a súa morte en Marín o día 22 de novembro de 1927, como “*mestra substituída da escola nacional de Bueu*”.

### ➤ Josefa López Domínguez



Nomeada o 2 de xuño de 1908 como substituta interina da escola completa de nenas de Bueu<sup>85</sup> (412,50 ptas/ano máis emolumentos legais) aínda que a posesión figura como do 13 de xuño. Curiosamente non comezou ata o 16 porque son os días que a mestra cesante, Erminda Lamas, solicitou para facer inventario e a entrega da escola.

En 1909 obtén o título de mestra Superior expedido pola Escola Normal de Maxisterio. Nese curso 1908/09 ten matriculadas 76 nenas das que rematan o curso sabendo ler e escribir 42 e só ler 15. Para o seguinte curso 1909/10 tiña matriculadas 68 nenas.


En maio de 1910 presenta ao Reitor da Universidade a renuncia ao cargo de mestra substituta de Bueu.

Erminda segue a ser a titular da escola engadindo Títulos de posesión o que implicaba subidas de soldo, como en maio de 1913 que lle soben a 1.100 ptas Así estará considerada, ata a súa morte en Marín o día 22 de novembro de 1927, como “*mestra substituída da escola nacional de Bueu*”.

---

<sup>85</sup> Con anterioridade, 1907, adxudicáraselle a de Camposancos (A Garda). Dous meses despois renunciaría a esa escola.

## ➤ Arminda Otero Fernández




As vidas de Josefa López e Arminda Otero cruzáronse varias veces

na xeografía escolar. En febreiro de 1907 a Arminda noméana mestra substituta da escola de Páramos

(Tui) e esta renuncia á praza. Para cubrir a vacante destinan a Josefa López Domínguez que tampouco chega a cubrila pois tamén renunciou.

E agora en Bueu, 31 de maio de 1910, Erminda Otero ocupa, como mestra substituta interina, a escola completa de nenas á que acaba de renunciar Josefa López. Nesta praza, Arminda estará<sup>86</sup> ata final de ano pois presentárase a unhas oposicións restrinxidas para unha praza en Vidal (Trabada) que aprobou nos primeiros postos<sup>87</sup>.

## ➤ Carmen Taboada Agulla



A primeira vez que estivo nomeada e aceptada pola Xunta Local de ensinanza, como substituta de Erminda Lamas foi en

abril de 1907. Estivo moi poucos días no posto, pois a mediados de xuño dese ano estaba como mestra substituta Josefa López.

Ao marchar Arminda Otero para Trabada-Lugo Carmen toma de novo posesión, o 7 de novembro de 1911, como



Escola de Carmen Taboada Agulla – 1916  
Cedida pola Familia de J. M<sup>a</sup> Estévez


<sup>86</sup> Se en 1908 estivo en Carabelos (Ourense), en 1934 sae de Teis (Vigo), onde levaba bastantes anos, para achegarse a Cantodarea (Marín).

<sup>87</sup> Xa en novembro de 1908 cando lle deron a praza de Auxiliar interina da escola graduada de nenas de Pontevedra citábana como “*avantaxada alumna que foi da Normal de Mestras*”.

mestra substituta interina da escola completa de nenas de Bueu. Cesará o 5 decembro de 1916 por tomar posesión, en propiedade, doutra escola na provincia de Ourense.

Tras outros destinos, como o de Ribadumia en 1927, reaparece na escola de nenas nº 1 de Bueu, que estaba na Canceliña, o 1 de xaneiro de 1944, esta vez como propietaria. Tiña unha matrícula de 60 nenas. O cese foi por falecemento, 23 de xaneiro de 1950 e co nomeamento posterior da interina Aurora Pérez Besteiro.

➤ **Aurora Pérez Besteiro**



Aurora Pérez Besteiro tomou posesión como interina da escola nº 1 de nenas de Bueu substituíndo a Carmen Taboada, de baixa por enfermidade (en principio era de 30 días), o 6 de febreiro de 1950; cesando na escola o 31 de agosto de 1951.

➤ **Eugenia Domínguez Fernández (Bueu 14-1-1895/+12-5-1983)**



O 16 de marzo de 1917 toma posesión como mestra substituta interina da escola de nenas de Bueu. Nas memorias dos cursos, ao igual que a maioría do profesorado, quéixase das dificultades para exercer a docencia fundamentalmente polo abandono dos pais e pola falta de material.

A final do curso 1919/20 vese con dificultades para atopar unha vivenda xa que ten que deixar a que vive por demanda do dono da mesma, o que pon en coñecemento da Xunta Local para atopar solución.

Intervíña con frecuencia nas representacións teatrais que organizaba na compañía doutras persoas da vida social e cultural de Bueu. Por poñer un exemplo citar



*Escola de Eugenia Domínguez na Canceliña*

unha na casa escola de Matilde Bares (1920) onde se representou «*El padrón municipal*», con outros actores como Eugenio Paz, Luis Novas, Sofía Gómez, José M<sup>a</sup>. Estévez.....

A finais de xullo de 1924 cesa como mestra substituta de nenas nº1 de Bueu porque pasa a desempeñar, en propiedade, a escola mixta de Nogueira (Montederramo-Ourense).

Anos despois volverá a Bueu, pero nun principio á escola de nenas de Cela (1934-1951) para logo rematar a súa vida laboral como titular da escola de nenas nº 1 da que toma posesión o 1 de setembro de 1951.

En setembro de 1964 está na relación do profesorado aos que a Dirección Xeral de Ensinanza Primaria lles outorgou un premio de 10.000 ptas polos seus relevantes servizos no exercicio da ensinanza.



*Escola de Eugenia Domínguez na Canceliña*

➤ **M<sup>a</sup> Luz Domínguez Búa** (Bueu 20-7-1895/Bueu +16-3-1942)

M<sup>a</sup> Luz (Lucita) obtivo o título de mestra Elemental ao finalizar o curso 1911/12. Rematado este, volveu a ingresar na Normal de Pontevedra para obter o grao Superior.

De 1918 ata xaneiro de 1921 estivo exercendo de mestra substituta na escola de nenas de Cela.

O 5 de setembro de 1924 toma posesión como mestra substituta interina da escola de nenas Bueu nº 1 que tiña unha matrícula de 71 alumnas. Comeza con problemas co local pois cinco días despois, reunida de forma extraordinaria a Xunta Local manda permutar o local das escolas de nenos nº 1 e a de nenas nº 1, por darse a circunstancia que están moi próximas entre si as de nenas (nº 1 e nº 2).


No curso 1925/26 están no local escola do concello e para ela, como mestra, tíñanlle unha habitación alugada.

Comezou ese curso cunha matrícula de 30 alumnas que aumentaron un pouco nos meses sucesivos. Pero con pouca asistencia, sobre todo as maiores de 10 anos porque se dedicaban aos labores domésticos. Outro dos motivos polo que non van á escola é *”por carecer de roupas con que cubrirse nos días de rigoroso inverno e moitas veces por falta de recursos para alimentar aos seus fillos á hora convinte para mandalos á escola”*. Ela, seguindo a estela marcada polas novas tendencias socio-pedagóxicas tamén implantou nese ano o Aforro Escolar.

Ao igual que as catro mestras predecesoras estaban, como xa se indicou, a substituír a Erminda Abilia Lamas Paredes polo que ao falecer a titular o 22-1-1927 cesa oficialmente como substituta. Sen embargo, seguirá no seu cargo na escola ata que a superioridade designe mestra.

Rematado o curso a Xunta a volve nomear esta vez como interina da mesma escola o 29 de novembro de 1927, para todo o curso, polo que cesa o 26 de xuño de 1928.

➤ **Flora Ruíz Santos** (Pontevedra 1876 /Pontevedra + 12-8-1931)




Estaba de mestra en Carracedo (Caldas de Reis) cando lle deron a escola de nenas de Bueu da que toma posesión o 26 de xuño de 1928. No mes de agosto pide unha licenza por enfermidade, que lle foi concedida *“con todo o soldo”*, e que terá que prorrogar ata novembro.

En xuño de 1931 estaba ao cargo da escola unha substituta, Concepción Reboiras que será a encargada de asinar os informes á alcaldía.

O 3 de setembro de 1931, a mestra Josefa Cabanillas, dálle parte ao alcalde (L. Jesús Prieto García) para que cese a Flora Ruíz Santos por ter falecido días atrás, aos 55 anos, na cidade de Pontevedra.

➤ **M<sup>a</sup> Asunción Sánchez Paredes**



Toma posesión da escola nº 1 de Bueu en calidade de interina o 18 de setembro de 1931.

Estará ata o 26 de febreiro de 1932 que lle dan destino, por concurso, para Madeiros (Ourense).

➤ **Josefa Inés Calleja Gómez**




Mestra interina da escola de nenas nº 1 de Bueu por un período moi curto xa que toma posesión o 16 de marzo de 1932

e cesa o 21 de abril dese ano. A explicación ven dada porque a mestra de Bon (Beluso), Teresa López González, accede en propiedade á de Bueu, e Josefa Calleja que estaba ata ese momento en Bueu pasa a ocupar a de Bon.

Josefa, logo duns anos en Bon pasará á mixta de Praia de Beluso e no 1972 ao Colexio Público de Beluso.

➤ **Teresa López González (Bueu 27-2-1880/+17-5-1953)**



Teresa López veu de rexentar a escola mixta de Bon (1926/1932) cando accede á escola de nenas nº 1 de Bueu o 22 de abril de 1932 .

En 1934, ao igual que un numeroso grupo de mestres e mestras aparece asinando o listado de socias fundadoras da Casa do Mestre de Pontevedra, que tentaría ser punto de encontro do asociacionismo no maxisterio.




Teresa López  
Cedida: Manolo Ríos

A 31 de agosto de 1936 comunicáselle, como a tantos outros que quedan suspendidos de emprego e soldo mentres non se estuden responsabilidades políticas e sociais por parte das institucións franquistas. Estando nesa situación é “depurada” por non presentarse á escola, e ela non se presentou por estar “suspendida”.

E se esa situación non fora kafkiana engádeselle a carta que o 22 de outubro envía a súa 2ª substituta, Mª Jesús Cabeza de Dios, ao alcalde acusando “a súa antecesora, Dna Teresa López González”, por influír negativamente nas nenas da súa clase que di que se reúnen todos os días na súa casa “bo número de alumnas ás que da certos consellos que ademais de non estar en harmonía coa boa disciplina escolar van en detrimento da miña autoridade e prestixio”. Cando viu o resultado da acusación, e que ía instruír un expediente o Consello local, dixo a denunciante que o enviara ao alcalde para que este falase con Teresa López para que non volveran a reproducirse os feitos.


Toma de novo posesión o 15 de outubro de 1938, na escola que estaba localizada nos baixos do concello.

A pesar do bo concepto que dela tiñan os gobernantes locais, por ser catalogada de esquerdas, afin á Fronte Popular; así como relacionarse con elementos revolucionarios<sup>88</sup> é polo que en 1940, sae a sentenza de que ten que estar depurada por un ano. Non volvendo a incorporarse con posterioridade xa que cesa en 1941 e é trasladada ao seu derradeiro destino antes da súa xubilación nunha aldea de Tui na que exercerá o seu labor docente durante 9 anos.



<sup>88</sup> Xa que vivía coa súa sobriña Manuela Diz que estaba casada cun catalogado como ‘perturbador’, Manuel Ríos Pérez ‘O Pitorro’. Dende aquí agradecer ao amigo Manolo a súa axuda para recuperar Memoria e Patrimonio de Bueu (Para a revista O Candil, para a obra poética de Carballeira etc.).

➤ **Catalina Puig Davila** (Beluso 24-2-1915 / Bueu +18-11-2018)



Como recurso inmediato mentres no se enviaba unha mestra das listas do Maxisterio, do 2 de setembro de 1936 ao 13 do mesmo mes a mestra Catalina Puig (daba clases particulares) *“foi nomeada pola alcaldía con esta data, en virtude da facultade que lle confire a Orde de 19 de agosto da Xunta de Defensa Nacional, toda vez que está suspendida a mestra propietaria D<sup>a</sup> Teresa López González, e non se presentou no día de onte a servir a súa escola”*.

➤ **M<sup>a</sup> Jesús Cabeza de Dios**


O 14 de setembro de 1936 toma posesión como mestra provisional interina da escola nº 1 de nenas de Bueu (cun soldo de 3.000 ptas/ano).

Menos dun mes despois, e estando os membros da Xunta Local no local da escola observaron que esta *“ten unha matricula que excede do número a que pode atender con eficacia unha soa mestra”* é polo que lle piden ao Inspector, alí presente, *“se autorice á mestra para poder establecer unha quenda que permita a asistencia diaria de todas as nenas a unha das sesións de clases”*.

Ao comezar o novo curso, o 7 de outubro de 1937, cesa para permitir a toma de posesión da mestra propietaria da mesma.

Como curiosidade hai que dicir que ela mesma tivo que padecer a vara da represión que tanto tratou de evitar cos modos preditos. Como cando quería aspirar a seguir solicitando interinidades de mestra, a Comisión Provincial de Provisión de Escolas desestima, febreiro de 1938, o poder estar nas listas por *“non estar suficientemente probados os quebrantos pola barbarie vermella que alegou”*.

➤ **M<sup>a</sup> Rocio Vila Puga**



Natural de A Garda vai en 1924 a examinarse de Maxisterio a Ourense. No 1929 saca o título de mestra.

Nos primeiros meses de 1936, logo de preparar os Cursos para entrar no corpo do Maxisterio Nacional, aproba e obtén praza neste.

O 8 de outubro de 1937 toma posesión como propietaria para a 1<sup>a</sup> de nenas de Bueu e cesa a mediados de outubro do ano 1938 pois fóralle adxudicada, con carácter provisional a escola de Perdecanaí, concello de Barro. Logo volvería, como xa indicamos, a mestra Teresa López que estaría ata o 8 de abril do 1941.

En xuño de 1939 está en Bueu para dar “Servizo Social da Muller” en compañía de M<sup>a</sup> Eugenia Bolívar no local da Sección feminina” (No “Auxilio Social” o daba Carmen Fernández Pastoriza).

**PRÓXIMOS CURSILLOS PARA INGRESO EN EL MAJISTERIO NACIONAL**

**Academia CARMEN PEÑA**

Preparación a cargo de Profesorado especializado en todas las materias, con garantía absoluta en la preparación.

Nota: Academia ha obtenido éxitos sorprendentes en todas las convocatorias. Como muestra de sus triunfos, damos a continuación los resultados obtenidos en los últimos cursillos.

**ALUMNOS PRESENTADOS. 34**

**ALUMNOS QUE OBTUVIERON PLAZA:**


PRIMER TRIBUNAL		SEGUNDO TRIBUNAL	
Número 1	Camilo Fernández Gutiérrez	Número 2	Rochela Marquieles Lis
» 3	Sandra Carballo Rocha	» 4	Martina Solle Corodo
» 4	Lucia González Penas	» 5	Jenna Rodríguez Díaz
» 5	Elae Garrido	» 6	Accaciano Barco Vianento
» 6	José Alvarellos Marquieles	» 7	Francisco Sánchez González
» 7	Carmen Fernández Alvarez	» 8	Rafaela Sotelo
» 15	Arturo Abal Viqueza	» 9	Rocio Vila Puga
		» 12	Mercedes Sánchez Blanco
		» 14	Carmen Vidal Martínez
		» 15	Segunda Regueiro Vilanova
		» 19	Inriqueta Peón Pedrosas

Para informes y detalles:  
**Academia Carmen Peña - Pi y Marzáll, 23 - PORTEVEDRA**



Antiga salga de Pais, logo 'Auxilio Social' - Banda do Río – Foto de Benito Estévez

➤ **M<sup>a</sup> Concepción Portela González**




Logo do cese de Teresa López González, e procedente da escola de Malvas-Tui, toma posesión o 9 de abril de 1941, coma propietaria provisional da escola 1<sup>a</sup> de nenas de Bueu.

Este mesmo ano preséntase ao concurso oposición a direccións de graduadas e en setembro obtivo permiso para efectuar exames na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade Central.

Aínda que saíra nas listas de concurso oposición, en setembro de 1943, con destino en Erese (Tenerife) ela continuou na escola ata o 31 de decembro que cesa para posesionarse ao día seguinte da escola n<sup>o</sup> 2 de nenas, tamén de Bueu. Escola na que exercerá ata que lle conceden a excedencia voluntaria do Maxisterio, o 2 de outubro de 1944.


➤ **M<sup>a</sup> del Carmen Estévez Malvarez (Pontevedra, xullo 1924)**



Tomou posesión de mestra substituta da escola n<sup>o</sup> 1 de nenas o 26 de xaneiro de 1952 por licenza da propietaria Eugenia Dominguez e ao regreso desta cesa o 24 de marzo dese mesmo ano.

Marcha directamente a outra substitución, por unha licenza de 3 meses, á escola de Gondar-Sanxenxo.

➤ **Zita Irene Fernández Francisco**



Iniciado o curso 1957/58, e estando de baixa por enfermidade a titular da escola n<sup>o</sup> 1 de nenas, Eugenia Domínguez é substituída o 20 de setembro por unha mestra volante en calidade de suplente oficial: Zita Irene Fernández Francisco.

- **Amalia Sara M<sup>a</sup> de los Ángeles Domínguez Búa** (Bueu 19-1-1905/ +10-3-1968)



*Amalia Domínguez Búa*

Irmá doutra mestra de Bueu, M<sup>a</sup> Luz Domínguez. Por vez primeira presenta a súa candidatura para aspirar a interinidades das escolas públicas. En 1934 está como interina en Valeixe-A Cañiza e nese mesmo ano a nomean para Llano del Beal en Murcia.

En 1941 casa con Luís Martínez Gendra e posteriormente pide unha excedencia.

A Delegación Administrativa de Educación Nacional nomeou no mes de xaneiro de 1965 a Amalia Domínguez Búa, mestra reingresada, como propietaria provisional da escola de nenas Bueu n<sup>o</sup> 1.

Era mestra de Gargallóns-Campo Lameiro cando, a consecuencia de ser atropelada por unha moto en Marín, falece o 10 de marzo de 1968.

Foi doante testamentaria das casa n<sup>o</sup> 2 e 4 de Eduardo Vincenti ao concello de Bueu que no 1996 lle puxo o seu nome.


- **Josefa Hernando Lago**

*Josefa Hernando Lago*

Josefa Hernando Lago aprobou as oposicións de Maxisterio no

1963 e nos primeiros anos cubría substitucións, e como consecuencia disto o curso 1965/66 tomou posesión da escola de nenas n<sup>o</sup> 2 de Bueu que estaba no lugar da Canceliña.

Chegou a ter unha matrícula de 100 nenas polo que ordenaba os grupos por graos correspondentes ás distintas idades coa vantaxe de que as maiores axudaban no labor coas pequenas.



Ese ano vacináranse todas as nenas e a mestra contra a tuberculose.

Ao finalizar o curso destinárona a unha escola de León onde estivo tres meses por ter solicitada unha excedencia que lle foi concedida.

➤ M<sup>a</sup> del Rosario Cuerpo Sánchez



Escola de Rosario Cuerpo – Lugar: A Canceliña, 1967  
Cedida por Loli Docampo

Faise cargo da clase o curso 1966/67 pola ausencia por enfermidade da titular quedando posteriormente coa praza. Ao igual que a súa predecesora, e ante o estado lamentable na que se atopa a escola solicitan reparacións á Xunta Local de Ensinanza. Na sesión do 19 de decembro de 1968 a Xunta Local, por reunir pésimas condicións os locais das escolas de nenas 1 e 2, acorda sexan trasladadas “*a onde estiveron as Monxas, local nº 22 de Montero Ríos, propiedade do alcalde*” que o cede eses locais coñecidos coma “Flanxe” ou “Auxilio Social”. Aí estará ata 1970, ano no que faleceu a consecuencia dunha grave enfermidade.

## ➤ Celia Álvarez Santiago



*Celia Álvarez Santiago  
Cedida por Manuel Pena*

Nada en Salcido-A Garda Cando ao seu pai, que era militar, o destinaron á Bateria de Udra veuse a vivir para Beluso. Aquí foi á escola (na Praia de Beluso) e logo estudou bacharelato na academia de Manuel Omil e José Carballo e, ao final, fixo Maxisterio en Pontevedra.

De mestra da escola de Pinténs-Hío veu para a escola de nenas nº 1 de Bueu no 1970. A escola estaba no local chamado 'Falanxe' pero por esas datas estaban ocupadas por uns cursos de fontanería do PPO (cursos de Formación Acelerada) polo que comezaron uns tres meses máis tarde. Tiña unha matrícula de 72 nenas todas maiores xa que as pequenas (60) estaban na clase do lado con Josefa Louro.

Ao ano seguinte destinárona para a escola de A Portela na que estivo uns meses pois baixaron, alumnado e mestra, para o Colexio Público de Bueu.



*1970-71-Escola de Celia Álvarez-Nenas maiores B.do Río Cedida: J.Luís Rodríguez Álvarez*



## «Escola de nenas nº 2 de Bueu»

Na sesión do 20 de agosto de 1918 a Xunta Local, vendo as necesidades educativas que hai no distrito, solicita a creación doutra escola de nenas para Bueu. Foi na sesión municipal do 26 de agosto na que se levou a cabo un estudo da petición, con resultado favorable.

Nun local da Banda do Río inaugúrase a escola o 29 de novembro coa presenza do alcalde, José García Parada; o vogal médico da Xunta de 1ª ensinanza, Ignacio Lis Lombos; o mestre de obras, Manuel Fontán; o inspector de 1ª ensinanza, Gerardo Álvarez Limeses e o secretario do concello, José Cornide. Controlan a idoneidade do local elixido para escola de nenas de nova creación e así dar cumprimento ao disposto na Real Orde 21-4-1917 e ao de 7 de novembro 1918.

### ➤ Marina Davila Davila




A Marina Davila Davila expídeselle, por parte do Reitorado da Universidade, o título de mestra para a escola de nova creación de nenas de Bueu nº 2 o 31 de decembro de 1918. Toma posesión da mesma ao día seguinte cun soldo de 1.250 ptas/anuais.

O 5 de decembro de 1919 solicitan a permuta de escola, Ramona Cabanillas e Marina Davila. Marina pasaría a ser mestra da de nenas de Beluso e Ramona na 2ª de nenas de Bueu. Toman posesión das súas respectivas escolas o 30 de xaneiro de 1920.

Marina Davila vivía na Ruanova-Beluso e era filla de Benito e Teresa Davila. Casou en 1922 co médico pontevedrés Rogelio Val Barros e tiveron 5 fillos: Rogelio, José, Mª Teresa, Marina e Juana.

➤ **Ramona Cabanillas** (Sanxenxo ±1869 - Bueu +2-3-1962)



Procedente da escola de Beluso, e logo da permuta mencionada con Marina Davila, atopamos a Ramona

Cabanillas dando clase na escola de nenas nº 2 de Bueu ao inicio de 1920. Escola que mudou en repetidas ocasións de lugar, algún dos cales mencionaremos neste apartado pois será con Ramona coa que máis cambie de localización. Na memoria dese ano, aparte de solicitar unha lei que obrigue á asistencia a clase (e que esta se aplique!) menciona as dificultades no exercicio docente pola malas condicións do local. Queixas continuadas fan que en 1922, cambie para a casa alugada á tamén mestra, Manuela Soage Abal, na actual rúa Eduardo Vincenti.

En 1925, o concello solicita a creación de novas escolas: Castrelo-Cela e O Valado-Bueu. A consecuencia diso propónse con éxito á Xunta Local que accede a reestruturar o emprazamento das escolas entre as que se ve involucrada a de Ramona Cabanillas. Propoñían



1927 - Clase de Ramona Cabanillas

que a de nenas pasase a Pescadoira ou Canceliña dependendo do local que se atopase. Pasou á de Francisco Novas, na Banda do Río. Houbo intentos de rescindir o contrato desa casa, daquela n° 72 na rúa Montero Ríos, pero quedaron por un tempo. O 22 de outubro de 1927 a Xunta local recibe unha petición da mestra que, ante o grande número de alumnado matriculado (78 alumnos, aínda que 60 de asistencia regular), e ante o reducido do local pídese que asistan a metade pola mañá e a outra metade pola tarde. Pendente de resolución da inspección que informou autorizando o peche da escola ata que non se lle ofrezca outra coas condicións necesarias.

Decatámonos doutro cambio de local a raíz dunha notificación á alcaldía por parte da mestra Ramona Cabanillas, dun rebrote da epidemia de sarampelo no que “*das 60 alumnas matriculadas na Escola do meu cargo, 23 atópanse atacadas de xarampón e tosferina...*”. Ata onde coñecemos, todo transcorreu con normalidade e os días que non houbo clase nesa escola, por esas datas, o xustifica pola coincidencia co traslado da mesma a outro local (Montero Ríos, 53)<sup>89</sup>, con mellores condicións, que sería inaugurado o 11 de xuño de 1928.

En setembro de 1931 os veciños da Banda do Río queren que se traslade a esta zona (estivera aí había anos) a escola 2ª de nenas que por esas datas está na Canceliña. O concello e a Xunta Local non están de acordo cun novo cambio, ao contrario que a nova corporación (1932). Ao final (palabras grosas entre todos) queda como estaba, sen cambios.

Na sesión ordinaria do 14 de marzo de 1927, sendo alcalde Camilo Davila Davila dá conta de ter recibido o concello un aparato de proxección con dúas caixas de diapositivas, concedidas polo Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes, coa disposición de entregar á escola 2º de nenas de Bueu, como así se fixo.

---

<sup>89</sup> O local era do seu marido Francisco Domínguez Rúa. Coa familia Domínguez-Cabanillas vivían tamén a nai e tía de Ramona.

En 1928, Ramona Cabanillas é nomeada vogal da Xunta Local de Ensinanza, cargo que volveu a ter de 1938 a 1940.


En decembro de 1931 coa reforma do Maxisterio, ascende de categoría e ao soldo inmediatamente superior.

Ramona Cabanillas tamén aparece no listado en 1934 como socia fundadora da Casa do Mestre de Pontevedra.

No BOE do 12 de novembro de 1938 sae na relación dos mestres confirmados nos seus cargos por serlles resolto favorablemente seus respectivos expedientes de depuración.

Cesa por xubilación o 31 de decembro de 1943. Faleceu en Bueu o 2 de marzo de 1962 aos 93 anos.

### ➤ M<sup>a</sup> Concepción Portela González




Anos atrás estivera na escola de nenas nº 1 de Bueu (1941 a 1943).

M<sup>a</sup> Concepción Portela González, toma posesión como provisional da 2<sup>a</sup> nenas Bueu que estaba na Canceliña, o 1 de xaneiro de 1944 e cesa o 2 de outubro dese mesmo ano por concedérselle a excedencia voluntaria.

Hai constancia de que se licenciou en Filosofía e Letras e Psicoloxía, e que impartía conferencias como especialista en temas da muller e da educación.

### ➤ Anunciación López López



O 7 de outubro de 1944 toma posesión como propietaria provisional da escola de nenas 2<sup>a</sup> de Bueu, na que estará ata o 30 de setembro de 1946. O cese é para poder tomar posesión da mesma escola o 2 de outubro de 1946 pero esta vez como propietaria definitiva.

Se en 1945 estaba a escola na rúa Montero Ríos 53, en 1949 localizábase na Canceliña.

Anunciación cesa na escola por falecemento, no curso 1953/54.

➤ **Ángeles Corral Ferreiro**



Toma posesión o 14 de abril de 1951 como mestra substituta da escola de nenas nº 2 de Bueu cubrindo unha licenza, cesando o 28 de xuño de 1951. Volve a tomar posesión da escola o 21 de novembro de 1952 para cesar o 31 de agosto de 1954, por ser nomeada propietaria Cruz M<sup>a</sup> Pilar Agulló.

➤ **Cruz M<sup>a</sup> Pilar Agulló Barral**

Estivo como mestra propietaria da escola mixta da Portela e Meiro do 2 de outubro de 1946 ata o 11 de setembro de 1954 que cesa por ser nomeada para a nº 2 de Bueu. Toma posesión da de Bueu o 13 de setembro de 1954 (cun soldo de 15.000 ptas/ano).

Entre 1956 e 1962 tivo 3 baixas por enfermidade que foron ocupadas por outras tantas substitutas: Marina Ríos, Esperanza Barreiro e Rosa Isabel Fernández.

En 1964 Pilar Agulló pide arranxos para a aula xa que *“está en pésimas condicións tanto o material como o piso, que presenta grandes buratos, e da necesidade de branqueo. Así*



*Escola de Pilar Agulló Barral na Banda do Río*

*mesmo insístese na necesidade de repoñer os retretes desfeitos polo dono do local fai tres anos, o que obriga as nenas a cruzar a rúa para facer as súas necesidades o que ademais de inmoral pode provocar serios accidentes”.* Ante a falta de actuacións na escola por parte do concello, o 19 de setembro de 1964 manda un oficio ao alcalde negándose a retomar as clases mentres non se repoñan os servizos


urinarios (a mesma actitude toma Julio Jorge, o seu marido). Tras pequenos retoques por parte dos operarios do concello non ten máis remedio que volver á clase, aínda que a mestra seguirá solicitando obras na escola durante a súa estancia nela.

M<sup>a</sup> Cruz Pilar Agulló Barral foi a última das mestras na escola n<sup>o</sup> 2 de nenas de Bueu. Cando esta se pechou ela integrouse no Grupo escolar de Bueu. Faleceu en Bueu o 12 de novembro de 1999.



*Escolas de M<sup>a</sup> Pilar Agulló Barral na Banda do Río*

➤ **Marina Ríos Pérez**




Para substituír a Pilar Agulló con licenza por enfermidade (30 días), toma posesión o 23 de xaneiro de 1956 ata o 22 de febreiro, cun soldo anual de 8.640 ptas, máis complementos.

➤ **Esperanza Barreiro Galup (Bueu 7-2-1911)**




Tiña escola particular fronte á casa de Matilde Bares. Como substituta pasa a tomar posesión da escola n<sup>o</sup> 2 de Bueu o 15 de xuño de 1960.



Outra vez, o 13 de febreiro de 1961 toma posesión da mesma escola como “*mestra instrutora auxiliar*”.

Filla de Purificación Esperanza Galup Portela e Manuel Barreiro Oubiña.

➤ Rosa Isabel Fernández Francisco



Toma posesión como substituta de Pilar Agulló na escola de nenas nº 2 de Bueu o 29 de setembro de 1962 como mestra volante (a propietaria tiña licenza) e cesa o 15 decembro de 1962.

➤ Josefa Hernando Lago

Josefa Hernando, que xa estivera na nº 1 da Canceliña no 1965/66, logo dunha excedencia, reingresa no curso 1969/70 como provisional na escola de nenas nº 2, localizada agora na Banda do Río, no local que chamaban “da Falanxe”.

A matrícula aquí é bastante máis reducida que a que tiña cando estivera na Canceliña, unhas 30 alumnas de asistencia media.

Entre ela e Rosario Cuerpo a mestra da de nenas nº 1 repartíanse os graos: unha de 1º a 3º e a outra de 4º a 6º.

➤ Josefa (Pepita) Louro Lojo



Josefa Louro Lojo aproba as oposicións a Maxisterio no 1954 e logo estivo en varias escolas da provincia, como en Casiña-Cuntis da que accede, por concurso, á escola de nenas nº 2 de Bueu. Cunha matrícula de 60 nenas estaban no local da ‘Falanxe’, na Banda do Río.

Josefa Louro será a última das mestras en tomar posesión desta escola, pois pouco tempo despois (1972) pasará a integrarse no Colexio Público Mixto Comarcal de Bueu. Anos despois concursaría para Pontevedra, lugar onde residía. Lembrada polos seus compañeiros e alumnado polo seu agarimo, carácter afable e bo facer.

## «Escola mixta de Ermelo Meiro – Portela»



Falar da pequena historia da escola elemental en Meiro, Ermelo ou Portela é falar da mesma cousa, ou distinta segundo a época á que nos refiramos. Este embarullamento vén provocado polas mesmas institucións educativas, polo concello, polos pais dos nenos e nenas matriculados e ata polo profesorado que nelas serven. E todo para manter o réxime administrativo, a denominación dada na creación da escola e un longo etcétera que se poderá ir debullando neste apartado. Non será raro atoparse con eufemismos como “*denominada de Ermelo radicada en Meiro*”, ou coa mesma idea combinando Portela, Meiro e Ermelo e cousas similares.

A creación dunha escola nalgún destes lugares antes de 1923 non está nada clara. O que si hai constancia de que en 1917 houbo unha escola en Meiro administrada polo mestre Ángel Sanmartín Lorenzo, que tomou posesión e asinou a entrega de inventario por parte do concello. É de destacar que dito inventario era a todas luces




creación interveu directamente o deputado en Corte por Pontevedra, Eduardo Vincenti.

Baixo a presidencia do alcalde de Bueu Victor Carballo Castiñanes, levántase Acta da escola de Ermelo: “*En Hermelo a tres de novembro de mil novecentos vinte tres reunidos no local da Escola de nova creación do mesmo nome [...]*<sup>91</sup> *do mesmo modo o Sr. Gabaldón*<sup>92</sup> *, fai constas, [...] 1º Que a entidade onde se establece a Escola chámase MEIRO*<sup>93</sup>. *2º As entidades que forman o distrito escolar de HERMELO son: Hermelo con cento vinte cinco habitantes, Meiro con trescentos setenta e sete, e Portela douscentos corenta e tres [...] 4º Que a poboación escolar, aproximadamente é de 100 nenos*”.

Os primeiros nomeamentos de mestres para esta escola acabada de crear non estiveron exentos de intriga, abandono, renuncia e ausencias:

Hai constancia de que José Carabelos Veiga foi nomeado como mestre interino de Ermelo o 21 de febreiro de 1924 pero non exerceu (descoñecemos o motivo) xa que o día 27 nomease outro, a José Casal del Rey y González.

#### ➤ José Casal del Rey González



O 29 de febreiro de 1924 toma posesión José Casal del Rey González nomeado mestre interino da escola mixta de Ermelo de nova creación

Días despois o alcalde recibe un oficio do Xefe da Sección administrativa de 1ª ensinanza da provincia que con data do 3 de marzo, comunica a renuncia á escola de José Casal de Rey y González renuncia á escola “*por razóns de índole particular*”.


---

<sup>91</sup> Continúa relación de persoas asistentes e material escolar da que se dotou a aula.

<sup>92</sup> Inspector de 1ª ensinanza.


<sup>93</sup> O local-escola esta alugado aos herdeiros de Antonio Gestido.

➤ César Álvarez Novás



Nomeado mestre interino de Ermelo o 7 de marzo de 1924. Cando comeza o seguinte curso, nun local cualificado de ‘regular’ ten unha matrícula de 98 alumnos. Cesa o 27 de abril de 1925 por ser nomeado para Riofrío (Mondariz).

➤ Ismael Sánchez González



Toma posesión da escola mixta de Ermelo o mesmo día do cese do seu predecesor, o 27 de abril de abril de 1925.

A escola pasou ao lugar de A Portela nunha casa alugada a Eduardo Solla.

O 3 de abril de 1927 cesa para facerse cargo da escola de nenos de Beluso.

Ao día seguinte de cesar Ismael Sánchez o Pleno do concello de Bueu, sendo alcalde, Camilo Davila, aproveita para tratar o asunto de cambio de titularidade da mesma: *“Estando vacante a Escola mixta de Ermelo, que ata agora foi desempeñada por un mestre, a Permanente considera oportuno dirixirse ao Ministerio de Instrución Pública en solicitude de se provexa en mestra, por ser máis completa a ensinanza que a muller pode proporcionar á poboación escolar de ambos os sexos”*<sup>94</sup>.

➤ Manuel Besada Esperón

Unha vez máis un mestre que non se presenta nin a tomar posesión. Este é o caso de Manuel Besada que a primeiros de abril aparece nomeado para a escola de Ermelo, aínda que como xa dixemos non se presentou a tomar posesión da escola. Por todo o cal,

---

<sup>94</sup> AMB – Carpeta 73/1 - Sesión Plenaria do 4-4-1927 páx. 4vº-5.

e con data de 30 de abril de 1927 devólvese o nomeamento por parte de Educación.

➤ **Román Pintos Lusquiños** (Mourente 25-12-1898/Seixo +25-11-1961)



Da graduada de Marín pasou a tomar posesión como interino da mixta de Ermelo o día 3 de maio de 1927. O 13 de setembro dese mesmo ano cesa para ocupar o destino de Castromao-Celanova.

A handwritten signature in dark ink that reads "Román Pintos Lusquiños". The signature is written in a cursive style and is placed over a light-colored rectangular background.

Coincidindo coa marcha de Román Pintos, o concello recibiu unha notificación da Inspección como contestación á petición de cambiar a titularidade da escola mixta (unha mestra en vez do mestre adxudicado). A resposta negativa da Inspección estaba baseada en que non era posible a modificación, xa que o solicitado por parte do concello a primeira vez tiña que ter continuidade para non perturbar as escalas respectivas<sup>95</sup>.

➤ **Felipe Paz Adrio**

A handwritten signature in dark ink that reads "Felipe Paz Adrio". The signature is written in a cursive style and is placed over a light-colored rectangular background.

Toma posesión como interino da escola mixta de Ermelo o 11 de outubro de 1927. Tiña matriculados ese ano 54 alumnos e a Xunta Local cualificaba o local-escola como 'aceptable'.

Como iremos vendo, cada certo tempo os pais dos distintos lugares irán solicitado o cambio da localización da escola par Meiro, para Ermelo e mesmo para A Portela.

En 1930 foron os pais do alumnado de Meiro os que solicitan que a escola cambie a súa localización desde a Portela a Meiro, asunto tratado e denegado na sesión Ordinaria do concello que ten lugar o 17 de novembro dese mesmo ano.

---

<sup>95</sup> Daquela, e ata o 1981 máis ou menos, había lista, concurso e escala administrativa independente para mulleres e para homes.

Traslado de la escuela de Hermelo = Visto el parecer de la junta local de 1.<sup>a</sup> enseñanza, opuesta al traslado de local de la escuela ~~mixta~~ de Hermelo, se acuerda que no procede acceder a la petición formulada por D. Neal Lafrente y otros vecinos de Hermelo y Meiro en sesión de 14 de Sep. ult.<sup>o</sup>. Advirtiéndose a los interesados que pueden promover trámite previo reposición de este acuerdo, ante el pte.<sup>o</sup>, en el plazo de 8 días hábiles, a contar desde el siguiente al de su notificación.

Por ter que tomar posesión o seu titular, José Torres, cesa Felipe Paz o 3 de decembro de 1930.

➤ José Torres Martínez (Marín 1906-1983)

Acabado o Servizo Militar en Ferrol, con 24 anos toma posesión da escola mixta de Ermelo o 4 de decembro de 1930.

Con anterioridade ao 14 de abril de 1931 estaban matriculados 41 alumnos (22 nenos e 19 nenas), no 1932 asisten á escola 45 alumnos (25 nenos e 20 nenas).

José Torres que tiña o domicilio familiar en Bens (Marín), paraba na casa de Manuel Nores González.

En setembro de 1934 o nomean para A Porteliña-Marín. Para poder tomar posesión dela antes ten que cesar en Ermelo (12 de outubro de 1934).

O consello Provincial autorizouno, o 22 de setembro de 1934, a dar clases particulares despois das horas lectivas.

Aproveitando que está próximo a expirar o contrato de arrendamento (feito o 16 de abril de 1926) de arrendamento da casa-escola de A Portela de Eduardo Solla Crespo, os veciños de Meiro e Ermelo, volven á carga e solicitan que se traslade a escola mixta de Ermelo, que funciona na Portela, para Meiro que é o lugar localizado no centro dos tres.

Dende que fora fundada a escola mixta de Ermelo estivo en Meiro (casa de Manuela Cabaleiro Portela), pasando logo, como xa comentamos, pasou á Portela.

Os veciños de Meiro e Ermelo trasladan por escrito ao concello esta solicitude para o novo traslado da escola, e na sesión do 9 de maio de 1932 elevan a petición á Xunta Local de 1ª ensinanza que, sen embargo, segue denegándoa porque as instalacións propostas “*non reúnen as debidas condicións hixiénicas e pedagóxicas para dar cabida ao numero de alumnos matriculados*”.

Na sesión plenaria seguinte un concelleiro presentou unha relación das carencias da escola de A Portela: a existencia dunha taberna (ilegal) alugada no lugar pertencente ao local escola, separada desta só por un tabique de madeira e a falta de dous retretes obrigatorios (ao ser mixta). Para comprobar dita situación, foron a mirala representantes da Corporación Municipal, e atoparon que tanto a escola (o mestre tomara vacacións pola súa conta) como a taberna estaban pechadas. Tras varias comparecencias do arrendador implicado de A Portela, o concello decide rescindir o contrato e alugar o local de Meiro, negándosele o contrato de arrendamento á Xunta local que o tiña solicitado. A pesar das reiteradas negativas da Xunta local o Alcalde Jesús Prieto García e corporación propoñen á Inspección o cambio de local para Meiro.

En novembro o gobernador civil demanda información ao alcalde sobre a situación nese momento do traslado da escola mixta de Ermelo e Meiro. Fai fincapé en coñecer se o ano anterior se producira un erro no que, séndolles concedida unha escola para ser situada en Meiro, foi anulada por deixarse expirar o prazo sen facilitar a instalación e a dotación correspondente.

Con respecto a isto último o alcalde responde que efectivamente deixaron expirar o prazo, porque nin pediran a escola, nin facía falta.

E o lío coa escola continúa pero esta vez, en 1933, son os veciños de A Portela os que envían unha instancia á Dirección Xeral, co informe favorable da Xunta Local, solicitando “*que por estar*

*funcionando fai máis de seis anos a escola mixta de Ermelo no lugar de A Portela e que sendo de necesidade nesta aldea a referida escola se considere como propia deste lugar e que en consecuencia se lle denomine no sucesivo «Escola mixta de A Portela»”.*

➤ **José Martínez Camiña** (Beluso 7-9-1911 / +1-10-2004)


Toma posesión como propietario da mixta de Ermelo o 12 de novembro de 1934.

En xullo de 1937 deixa a escola para incorporarse a filas da que volverá licenciado en agosto de 1939.

Cando cesa, o 31 de decembro de 1943, para incorporarse á escola de nenos de Beluso tiña de matrícula 32 nenos e 27 nenas.



➤ **Rafael Panero Fernández** (Pontevedra 1916)



Toma posesión da mixta de Ermelo o 26 de febreiro de 1944 e cesa, ao ser destinado para V. de Pisueña-Selaya (Cantabria), o 30 de setembro de 1946.

➤ **Carmen Lobato Rodríguez**

Será a partires de 1945 cando se conxuguen dúas circunstancias relevantes para as escolas Ermelo-Meiro-Portela. A primeira, é que comeza a haber na zona máis dunha escola e, como segunda, que estas son rexentadas por mulleres, aínda que nun primeiro momento convivan os dous sexos.

Carmen Lobato toma posesión como provisional da mixta de Meiro, mentres na denominada de Ermelo segue a estar Rafael Panero, o 9 de novembro de 1945 e cesa o 30 de setembro de 1946.

A partires do seu cese, que coincide o mesmo día co de Rafael en Ermelo, xa se cubrirán as prazas de forma independente e, como vimos dicindo, por mulleres.

➤ Cruz M<sup>a</sup> del Pilar Agulló Barral



Toma posesión como propietaria da escola mixta de A Portela e Meiro o 2 de outubro de 1946.

O 7 de decembro de 1950, a Xunta Local recibe un oficio da Inspección para que obrigue “*á mestra da escola mixta da Portela a restablecer as clases interrompidas por propia determinación a causa dunha epidemia de sarampelo que a Inspección local de sanidade non recoñece*”.

Cesa o 11 de setembro de 1954 por ser nomeada para a n<sup>o</sup> 2 de Bueu.

➤ Emilia Mosquera Gil

Toma posesión como propietaria da mixta de Ermelo o 2 de outubro de 1946. A escola localízase na casa de Peregrina Campelo e pagan de aluguer 600 ptas/ano. O 30 de decembro de 1950 concédesele a excedencia voluntaria por máis dun ano e menos de dez.


➤ Peregrina Martínez García

Peregrina Martínez é nomeada mestra substituta de Emilia Mosquera na mixta de Ermelo xa que, por esas datas tiña un permiso de tres meses por “asuntos propios”. Toma posesión o 1 de marzo de 1950 e cesa o 31 de maio de 1950.

➤ Consuelo Iglesias Alonso

Toma posesión como mestra da escola mixta de Ermelo o 9 de xaneiro de 1951, cun soldo de 7.200 ptas/ano. Césana o 3 de febreiro de 1951, segundo escrito da Delegación Administrativa de Ensinanza Primaria: “por ter abandonada a ensinanza”.

➤ **Felipa Pérez Otero**




Felipa faise cargo por primeira vez, como interina da escola mixta de Ermelo o 3 de febreiro de 1951 e cesa o 31 de

agosto de 1951.

Tempo despois volve a tomar posesión o 19 de abril de 1952 para cesar o 13 de setembro de 1954.

➤ **M<sup>a</sup> Ángeles Santana Rodríguez**



Entre os dous períodos nos que Felipa Pérez estivo como mestra da escola mixta de Ermelo, a praza ocupouna M<sup>a</sup> Ángeles Santana que toma posesión o 1 de setembro de 1951 (cun soldo de 10.920 ptas/ano), cesando o 17 de abril de 1952.

O 14 de maio de 1952, a Xunta Local informa sobre o expediente gubernativo que se abriu contra a mestra de Ermelo Ángeles Santana Rodríguez por abandono de destino (dicía que a escola estivera pechada dende 1 de setembro ao 10 de outubro de 1951). A Xunta argumenta:

- que non recibiu ningunha queixa ao respecto.
- que lle consta que nesas datas estivo actuando como substituta M<sup>a</sup> Ángeles Corral Ferreiro.
- que, en opinión da Xunta, a escola estivo ben atendida pola substituta.


➤ **M<sup>a</sup> Ángeles Corral Ferreiro**

Toma posesión de mestra interina (soldo de 9.360 ptas/ano) da escola de Ermelo, por licenza de tres meses da súa titular Ángeles Santana, o 11 de outubro de 1951 e cesa o 12 de xaneiro de 1952.



## «Escola mixta de Ermelo»<sup>96</sup>


### ➤ Pilar Estévez Alonso



Procedente de Monterredondo-Padrenda (Ourense), toma posesión (cun soldo de 12.500 ptas/ano) da mixta de Ermelo como mestra propietaria o 11 de setembro de 1954, e cesa o 24 de maio de 1957 por ser nomeada propietaria provisional consorte para Matamá-Vigo.


Logo dun tempo, pois seguía a ser titular da escola mixta de Ermelo cesou definitivamente o 1 de setembro de 1958 para ocupar, por concurso de traslados, a escola nº 2 de nenas en Beade-Vigo.

### ➤ Digna Ana Núñez Pazos



Por unha licenza de natalidade de Pilar Estévez nomean a Digna Ana Núñez para substituíla. Toma posesión da escola o 20 de maio de 1957 (cun soldo anual de 15.720 ptas) e cesa cinco días despois.

### ➤ Elsa Martínez Moreira




Nomeada mestra interina da escola mixta de Ermelo o 27 de maio de 1957. Cesou na mesma o 7 de outubro dese ano.

---


<sup>96</sup> Para que haxa un pouco máis de claridade neste quebracabezas de escolas de Ermelo-Meiro-Portela, dende agora en diante diferenciarei as escola ao través do nomeamento do seu profesorado.

➤ **Jesusa López Güimil**



Tomou posesión como mestra interina da escola mixta de Ermelo o 7 de outubro de 1957 e cesou, por ser nomeada propietaria definitiva a titular da dita escola, o 1 de setembro de 1958.


➤ **M<sup>a</sup> Esther Escudero Rivas**



Toma posesión como propietaria de Ermelo el 9 de setembro de 1958.


O 26 de setembro de 1961 deixa unha escola que estaba a ocupar de forma provisional por consorte e volve á de Ermelo en 1972, integrarse coa súa aula, no Grupo Escolar de Bueu.

➤ **M<sup>a</sup> Jesusa Braga Valle**




Toma posesión como mestra interina de Ermelo o 12 de setembro de 1959 e cesa o 28 de marzo de 1960 por ser nomeada para dita escola como propietaria provisional M<sup>a</sup> Luisa Sabell.

➤ **M<sup>a</sup> Luisa Sabell Salgués**




Nomeada como provisional o 28 de marzo de 1960 e cesa o 31 de agosto de 1961.

➤ **Beatriz Otero Varela**



Toma posesión como mestra substituta o 10 de xuño de 1960 e cesa coa volta de Luisa Sabell o 26 de xullo de 1960.

➤ **Herminia Vázquez Gayón**



Mestra substituta da mixta de Ermelo, toma posesión 26 de febreiro de 1963 (por licenza de parto da titular) e cesa o 17 de maio de 1963 por reintegrarse a propietaria da escola.



*Escola de A Portela - Foto de José Castro Piñeiro*

## «Escola mixta de A Portela»

### ➤ Marina Picó Vázquez

Toma posesión como propietaria da escola de Meiro-Portela o 2 de outubro de 1954 (cun soldo de 10.500 ptas/ano) e cesa o 31 de agosto de 1955.

### ➤ M<sup>a</sup> Cruz Gómez Solla


Toma posesión como propietaria da escola Meiro-Portela o 1 de setembro de 1955 (cun soldo de 15.500 ptas/ano). Cesa o 31 de agosto de 1960 por permutar coa mestra de Pedreiras-Marín.

### ➤ Hortensia Martínez González

Mestra substituta da escola mixta de A Portela. Toma posesión o 12 de maio de 1958 por estar a titular con licenza e cesa 27 xuño dese ano.


Volve a substituír na mesma escola, como interina, do 11 de outubro de 1960 a o 31 de agosto de 1961.

➤ **Carmen Muíños Muíños**



Mestra propietaria da escola de Portela-Meiro que tomou posesión o 1 de setembro de 1960 e cesou o 13 de febreiro de 1961.

➤ **Aurora Reinaldo Vázquez**



Procedente da escola de Paredes-Campo Lameiro toma posesión da escola de A Portela o 1 de setembro de 1962 cun soldo anual de 16.920 ptas

Podemos ter unha idea das condicións da escola de A Portela coa lectura dun escrito dirixido, o 16 de xuño de 1966, ao alcalde na súa calidade de presidente da Xunta Local de Ensinanza: *“O local da escola de meu cargo, A Portela (Bueu), o que máis necesita é botarlle un chan novo, porque o que ten está todo en xeral, completamente podre. Ademais as táboas están moi separadas unhas de outras e por embaixo do local hai unha corte aberta , por onde penetra un vento tan forte que en inverno prexudica a saúde dos nenos. A parte diso, corremos o perigo de afundirnos e quedar nas condicións que Deus queira.”*

➤ **Celia Álvarez Santiago**



Nada en Salcido-A Garda veu de nena para Beluso xa que o seu pai estaba destinado na Batería de Cabo Udra.

De mestra da escola de Pinténs-Hío trasladouse en 1970 para a escola de nenas nº 1 de Bueu. Ao ano seguinte destinárona para a escola de A Portela na que estivo pouco tempo, uns 3 meses, pois baixaron alumnado e mestra para o Colexio Público de Bueu.



## «Escola mixta de Meiro»

Por Orde Ministerial de 21 de maio de 1954 (BOE do 15/16/1954) creouse con carácter provisional a Escola Mixta de Cela, Mixta de Meiro e Valado-Remorta

*Pontevedra*

ORDEN de 21 de mayo de 1954 por la que se crean provisionalmente las Escuelas Nacionales de Enseñanza Primaria que se detallan.

Una Escuela mixta servida por Maestra en Valado y Ramorta; una unitaria de niños, en Beluso; una Escuela mixta servida por Maestra en Meiro, y una Escuela mixta servida por Maestra en Cela, del Ayuntamiento de Bueu.

O día 30 de decembro de 1954 asinase a Acta de posesión da escola nacional Mixta de Meiro<sup>97</sup>. A escola fora construída pola Deputación en consorcio co Estado e coa contribución municipal.

### ➤ Enriqueta Martínez Estévez

A handwritten signature in dark ink on a light-colored background, reading "Enriqueta Martínez Estévez".

Toma posesión como mestra interina da escola mixta de Meiro o 8 de marzo de 1955.

O día 18 o alcalde faille entrega do inventario de material novo para a escola pois era de recente creación. Cesa a pouco de comezar o curso seguinte, o 31 de outubro.

### ➤ M<sup>a</sup> del Carmen P. Estévez Fernández


A handwritten signature in dark ink on a light-colored background, reading "M.ª del Carmen P. Estévez Fernández".

Mestra propietaria provisional da mixta de Meiro toma posesión cun soldo anual de 10.000 ptas o 31 de outubro de 1955 e cesa o 19 de setembro de 1956 por tomar posesión da escola Carmen Fernández Pastoriza.

---


<sup>97</sup> O 29 fora a entrega oficial na Deputación.

➤ **Carmen Fernández Pastoriza<sup>98</sup>**




Toma posesión como mestra propietaria da mixta de Meiro cun soldo de 15.620 ptas anuais o 1 de setembro de 1956 e cesa o 31 de agosto de 1963 para facerse cargo da escola mixta de Bon-Beluso.

➤ **Carmen Rodríguez Mouriño**



Para suplir unha licenza da titular Carmen Fernández, toma posesión como mestra provisional da mixta de Meiro o 11 de setembro de 1961 e cesa o 31 de agosto de 1962.

➤ **Isabel Muñiz Rodríguez**



Mestra propietaria provisional da escola de Meiro, toma posesión o 1 de setembro de 1963, cun soldo anual de 21.840 ptas e demais emolumentos legais.

➤ **Gloria Basanta Criado**

Gloria Basanta Criado estivo a exercer como mestra en Negrelos-Rodeiro (1956) ou en Figueroa-Cerdedo (1958) e o seu primeiro destino en Bueu foi na escola de Meiro, na que estivo dende o curso 1965/66 ata o 1971/72. Foi a última




*Escola de Meiro-Mestra: Gloria Basanta Criado. Curso 1966-67. Cedida por Pablo Portela Juncal*

das mestras da escola de Meiro en ensinanza Primaria, e cando esta escola se suprimiu incorporouse cos seus alumnos ao organigrama do recién aberto Colexio Público ou Grupo Escolar de Bueu.


---

<sup>98</sup> Mestra da escola de Meiro, da mixta de Bon e no Colexio Público de Beluso.



## «Escola mixta de O Valado-Ramorta»

O 26 de outubro de 1925 o Pleno do concello propón a creación de dúas escolas mixtas: unha no Valado e outra en Castrelo (Cela). A Xunta Local de Ensinanza en reunión extraordinaria o 5 de novembro de 1925 aproba dito acordo e o fai seu instando á alcaldía a solicialas. Por todo o cal prevese a necesidade de reestruturar o emprazamento das escolas seguintes: A escola de nenos de Bueu pasaría ao baixo do concello (onde estaba nese momento a escola de nenas) facilitándosele casa habitación ao mestre, e que a de nenas trasladácese a Pescadoira ou á Canceliña (o que fai necesario buscar local)



1925- Anotacións Escola Valado

Durante un tempo serán recorrentes os expedientes remitidos polas distintas institucións nos que aparece creación da escola para O Valado: da Inspección Educativa á Dirección Xeral de 1ª Ensinanza o 26 de decembro de 1925; ou o 26 de setembro de 1926 cando volveu o concello a lembrarlo á Dirección Xeral de 1ª Ensinanza; ou a nova solicitude de 1929 por parte do concello etc.

En 1929 a mestra Ramona Cabanillas propón que a escola do Valado solicitada non sexa mixta senón unitaria de nenas, dado que en Bueu hai só dúas escolas de nenas fronte ás tres de nenos, sen contar a do Pósito de Pescadores e a escola Parroquial na Capela Vella en Pescadoira.

Pero as cousas nas que implican distintas administracións e, sobre todo cartos, ás veces dilúense no tempo como ocorreu coa idea de escola de O Valado, posibilidade que non volveu a tomar forza ata dúas décadas despois. Así chegaremos que a partires de 1950 con todo un regueiro de propostas de creacións escolares.

Polo grande número de rapaces e rapazas en idade escolar, a incipiente demanda e a necesidade social dunha formación para este colectivo fai que as corporacións municipais traten de aportar terreos e diñeiro para converter en realidade esta preocupación. Retoman proxectos esquecidos e apuntan a outros novos. Algúns exemplos os temos no Pleno do 27 de xaneiro de 1950 coa creación da escola mixta en Bueu para os lugares de Valado e Ramorta e outra mixta en Cela (que retoma a Xunta Local a 24 de outubro do ano seguinte propoñendo a creación da unitaria de nenos en Beluso e Mixta Valado-Ramorta). Ou no Pleno do 17 de febreiro de 1952 propoñendo a creación dunha escola mixta en Meiro etc.

Ás veces os desexos ían por diante da realidade. Así vemos que en outubro de 1951 sae a concurso a construción dunha escola Rural para realizar no lugar de O Valado. Para levar a cabo a obra poxan 15 construtores locais cuns presupostos de 25.787 ptas, 26.975 ptas, 27.600 ptas etc. Un mes máis tarde (o 5 de novembro) o Ministerio de Educación aproba unha unitaria de nenas con vivenda en Bueu. E cando todo parecía encamiñado todo se esfuma sen deixar rastro pois as miradas apuntan a outros proxectos apoiados pola Deputación, Ministerio e o Concello.

Haberá que esperar a 1954 para que a Orde Ministerial do 21 de maio (BOE do 15-6-1954) cree con carácter provisional a Escola Mixta servida por mestra, de Valado e Ramorta (e outra mixta para Cela e

para Meiro). A partires de aquí constátase que se impartían clases nunha casa alugada da Ramorta (hoxe zona da Carrasqueira), no camiño que desde a Fonte de Abilleira vai ata a estrada que sube a O Valado.




*Casa-escola Ramorta Foto: José Castro*

Chegados a este punto quería se dotar, aparte do material que enviara a Inspección Educativa, cun local-habitación propios, para

o que faltaban os terreos para a construción da mesma.


A solución, interesada para ambas partes, viña da man do concello e do cura párroco de Bueu Ángel Rama Lestón. Unha pequena parcela, propiedade da igrexa, á beira do camiño da Banda do Río á Portela, sería o intercambio conveniente: o concello ofertaba ao Ministerio terreos para unha escola, e a igrexa se facíase con ela a título de padroado como “Escola Parroquial”. Para conseguilo o cura párroco envía unha carta pedindo autorización aos superiores na diocese. A resposta vén o 28 de xullo de 1954, cando o Cardeal-Arcebispo de Santiago Decreta que, vista a instancia do cura párroco de Bueu na que se expón a necesidade da súa parroquia de dotarse dunha casa-escola para atender á poboación infantil dos barrios de O Valado, Enleito e Ramorta, autoriza que se ceda gratuitamente por parte da igrexa o terreo do igrexario que quedara separado pola estrada.

Unha das consideracións que fai o arcebispo é que se evite a creación de escola mixta e que se pense mellor na creación dunha escola unitaria de nenos e outra de nenas.



Unha vez máis con case todo a punto a burocracia e os intereses dan ao traste co proxecto, polo menos a curto prazo.


Múltiples son os proxectos que de forma xenérica se facían dende as institución educativas coa denominación de “Escolas rurais”, pero non callaron para O Valado ata case finais dos anos sesenta do século pasado.



Proxecto Escola Rural para Bueu -



Proxecto escola rural para Bueu - 1954



Proxecto escola rural para Bueu - 1963

E así chégase ao 28 de setembro de 1957 en que o concello, unha vez máis, acorda interesar á Xunta Provincial de Construcións escolares unha subvención con destino á escola vivenda de O Valado, da Ruanova e de 5 edificios escola-vivenda en Bon, Portela, Graña, Outeiro, Cividade e Beloso, ofertando, coma sempre, terreos para as mesmas.

Pasa outra vez o tempo e, por fin, a partir do ano 1966 faise realidade a escola-vivenda de O Valado á que o destino aínda lle reservaba algún pequeno atranco:

En setembro de 1967, o concello, coas obras rematadas da escola de O Valado (e tamén de Beluso), informa ao Gobernador Civil<sup>99</sup> que está a solicitar, sen resultado ningún, ao contratista que realizou a obra, sen resultado ningún, lle entregue as chaves dos locais-escola e casas habitación dos mestres para “coa fin de non demorar a entrada

<sup>99</sup> Como Presidente da Xunta Provincial de Construcións Escolares.

*en funcionamento das mesmas*<sup>100</sup>. Reiterando esta petición, no mes de novembro, o alcalde pídelle ao Gobernador “ *obligue á entrega das chaves, e en último extremo, autorícese a este concello para a entrada en ditos locais, violentando algunha pechadura e substituíndo estas por outras novas*”.



*Escola de O Valado no 2006*

Logo de facerse cargo da escola, adxudicóuselle a praza á mestra que xa estaba dando clases no lugar de A Ramorta, Concepción López Rodríguez.

### ➤ Concepción López Rodríguez

Filla de pais emigrantes en Cuba, naceu na Habana e estudou maxisterio en Santiago de Compostela. Logo dunha excedencia reingresou no maxisterio o ano 1965.



Toma posesión da escola de O Valado a finais dos anos sesenta do século pasado.

Estaba casada co mestre da escola de nenos de Cela, Antonino Sarandeses.

Cando se inaugurou o Grupo Escolar de Bueu, ano 1972, incorporouse ao seu claustro, exercendo como mestra dende esas datas ata finais do curso 1994/95 no que se xubilou.

Tempo despois a escola transformouse nun preescolar dirixido por mestras e mestres como Carmen Centeno, Rosa Elisa González, Rafael Alves e Pilar García.

---

<sup>100</sup> AMB – Carpeta 3073/45.

III

Escuelas Públicas  
de Instrucción  
Primaria

Zona: Beluso





## «Escolas Públicas de Instrucción Primaria de Beluso»

### «Escola de nenos nº 1 de Beluso»



A creación da primeira escola pública de Beluso está agochada no tempo e pouco se sabe documentalmente dela.



As primeiras referencias que atopamos que nomean a “casa escola de Beluso”

son de 1843 estando como mestre sería

Francisco Navarro. Son mencións nunha vista xudicial contra D. Antonio Meira, ao que se responsabiliza dun “incendio da escola de Beluso”. Pero pouco máis se sabe quizais por ser esta unha escola privada e non aparecer reflectida nos presupostos municipais.

A primeira vez que temos noticias de escola pública de Beluso, mestre e presuposto para a mesma, é no ano 1862 no que o mestre Eduardo Pesqueira Cotón a dirixe cun presuposto de 312,50 pesetas/ano.

#### ➤ Eduardo Pesqueira Cotón (Pontevedra +6-3-1894)

Foi nomeado mestre da escola elemental e completa mixta de Beluso cun soldo anual de 2.500 rs de. O título

foi dado polo reitor da Universidade Literaria de Santiago, José Viñas, o 8 de marzo de 1863.

O 28 de maio de 1866 fai entrega, por orde do alcalde, das chaves da escola así como dun inventario do material da mesma.

En 1886 como “*mestre de maior categoría*” foi nomeado para formar parte do tribunal de oposición de maxisterio.

En 1888 acada a vicepresidencia da Asociación de Mestres de Pontevedra.

Eduardo Pesqueira Cotón, era natural de Pontevedra e estaba casado con Cándida Quiroga, da familia do pazo de San Brais (Seixo-Marin). Foron pais do xornalista Joaquín Pesqueira Quiroga.

Faleceu no mes de marzo de 1894, con máis de 48 anos de servizo, sendo Rexente da Escola Práctica agregada (logo denominada, Anexa) á Normal de Mestres de Pontevedra.



*Eduardo Pesqueira Cotón – 1867*  
Foto: Arquivo Deputación Pontevedra

➤ Ramón Bares Fariña (Bueu 13-11-1832/+18-1-1918)


Ramón Bares, mestre da escola pública desde agosto de 1862, faise cargo da escola completa de nenos de Beluso no ano 1866. “*A escola consta dun local de planta baixa, que carecendo da forma rectangular [...] só admite de 30 a 35 nenos: seu chan de terra humedécese de vez en cando por falta de elevación [...] con 4 mesas para a escritura ...*”

Sempre estivo moi considerado como cidadán relevante pero tamén coma docente. Exemplo o temos nunha visita que os membros da Xunta Local de Educación realizou o 14 de xullo de 1869 na que deixaron constancia como “*non obstante de darse a ensinanza nun local impropio de poucas condicións hixiénicas, os seus alumnos elevados á maior esfera de coñecementos que os de aquelas deixaron á Xunta completamente satisfeita e non só polos adiantos na educación e instrución, que tamén do celo e intelixencia que para elo se despregou...*”. Grazas a este tipo de visións positivas da súa escola,

Ramón conseguía melloras na mesma. Por iso non é de estrañar que se estaba a poxar obras de reparación na súa escola.


En 6 de abril de 1878 cambia de escola pasando a tomar posesión ese mesmo día da escola completa de nenos de Bueu.

➤ Manuel Medraño Lores

Un fragmento de un manuscrito en caligrafía cursiva que mostra o nome 'Manuel Medraño Lores'.

O 29 de abril de 1878 , como pasante interino de Beluso, substitúe a Ramón Bares.

➤ Francisco Rodríguez Soliño

Un fragmento de un manuscrito en caligrafía cursiva que mostra o nome 'Francisco Rodríguez Soliño'.

De Coiro-Cangas, ao inicio do curso 1878/79 o temos á fronte da escola de nenos de Beluso polo que se instalou na Ruanova-Beluso. Viña de exercer como mestre da escola de Lourizán (Pontevedra).

Nada máis chegar, o concello rebaixara de xeito unilateral os soldos dos mestres e as dotacións para as escolas. Apenas comezado o curso Francisco presenta a primeira dunha serie de reclamacións para que lle subiran o soldo a 625 ptas/ano (categoría que xa tiña) xa que “*aproveitaron a marcha do mestre Ramón Bares para rebaxalo*” a 250 ptas En realidade baixáranlle “*22 cartos diarios cantidade que non chega para o seu mesquiño alimento*”

Moitos dos pais dos 86 alumnos/as<sup>101</sup> que tiña, vendo a inxustiza cometida, envían (febreiro de 1880) un oficio ao concello solidarizándose co mestre.

Coñecemos que no curso 1881/82 tiña un presuposto para material de 62,50 pesetas. Gastounas, 42,75 ptas en coleccións de carteis e mostras, 6 tratados de urbanidade, papel pautado e branco, tinta, plumas e libros. Tamén 16,50 ptas en cristais e pinturas. E 3,25 ptas para o amo do local, que se encargaba da limpeza, para vasoiras.

---

<sup>101</sup> Nestes momento aínda era mixta. Terían que pasar uns anos, ata 1909, para que quedase como de nenos soamente.

Terán que pasar case 16 anos para que ao promocionar de nivel dentro da profesión docente, o Reitorado lle expida (11-6-1895) o título administrativo que leva anexo unha subida de soldo e así, por fin, pasa de 250 ptas/ano a 625 ptas/ano.

En xuño de 1896 atópase enfermo e solicita un permiso de 30 días que é cuberto por Teresa Vergés Riobó.


Logo dun cuarto de século na escola de Beluso deixa esta a finais do ano 1903. Morre un ano despois (12 de novembro de 1904), aos 68 anos estando viúvo de Asunción Pazos Santos.

➤ M<sup>a</sup> Teresa Aurora Juana Vergés Riobó (Bueu 2-5-1878)

Filla de fomentadores da salga procedentes de Calella-Barcelona, naceu en Bueu o 2 de maio de 1878. Estudou maxisterio en Pontevedra.

Francisco Rodríguez Soliño que tiña un mes de licenza por enfermidade en 1896, pona de substituta súa na escola mixta de Beluso.

➤ Manuel Piñeiro Cortizo




Mestre da escola completa mixta de Beluso o 19 de xaneiro de 1904 cun soldo de 312,50 ptas/ano. Darase de baixa en novembro dese ano por nomeamento de Eladio Sineiro.

➤ Eladio Sineiro

Mestre con categoría Superior e procedente da completa mixta de Domaio-Moaña é nomeado o día 20 de novembro de 1904 coma mestre interino da escola completa mixta de Beluso cun soldo anual de 312,50 pesetas. Cesa en novembro de 1905 para deixar libre a escola ao novo titular da mesma, José Cagide.

En decembro de 1903 casara con Isolina Fernández Campos.

➤ José Cagide Carbajales



O día 1 de decembro de 1905 toma posesión da escola completa de Beluso.

No comezo de curso de 1907-08 a escola de José Cagide estrea un váter engadido ao edificio de escola. Pero tamén unha “*artística porta*” que permite o paso

directamente á clase desde a vía pública, xa que estaba cegada dende había moitos anos. As obras da porta foron costeadas polos emigrantes de Beluso, Srs González e Juan Carballal.

Na Memoria dese mesmo curso recóllese a queixa de que Beluso con 300 alumnos precisarían unhas 5 escolas. A súa tiña matriculados 100 alumnos que dispuñan dunha superficie de 59,5 m<sup>2</sup>, cun Volume de 155,35 m<sup>3</sup>; polo que tanto a superficie como o volume sería para unha clase de 40 alumnos segundo a lei.


En 1909 seguía a ter nenos e nenas aínda que para as nenas se estaba a artellar a creación definitiva da escola. Mais en 1913 nunha subida de categoría administrativa (pasa a gañar 1.100 ptas/ano) indícaselle que a pesar da suba conserva a obriga “*de dar ensinanzas ás nenas do distrito escolar mentres para estas nenas non se estableza unha escola*”. Non obstante o dito oficial, xa viña tendo só nenos na clase.

O 12 de outubro de 1926, con 36 anos de servizo, pide a xubilación voluntaria, que lle é concedida. Segundo recolle o Faro de Vigo desas datas “*mestre moi querido en Beluso*”.



1905 – Escola de José Cagide Carbajales.  
e Flora García Bragado (esposa)  
Cedido: Familia J. M<sup>a</sup> Estévez

➤ **Dalmiro Peón Pedrosas (+1934)**




Fillo do médico e impresor pontevedrés Celestino Peón Villar,



substitúe a José Cagide na escola de nenos de Beluso o 16 de outubro de 1926. Exerceu como interino ata o 3 de abril de 1927 para logo ser destinado para Villaza (Gondomar)

*Dalmiro Peón*

➤ **Ismael Sánchez González**




Natural de Pontevedra. Procedente da escola mixta de Ermelo, ocupa como mestre propietario a escola de nenos de Beluso o 4 de abril de 1927.

O matrimonio Ismael Sánchez e Amalia Gutiérrez teñen unha filla, nada na Ruanova de Arriba-Beluso onde tiñan a casa-escola (pertencía a Juana Moreu, viúva de Prieto, salgadeiro de Beluso).

En 1932 tiña 82 alumnos de matrícula e antes do 14 de abril do 1931 tiña 65 alumnos.

No 1936 estivo enfermo e na sesión da Xunta Local (28-3-1936) estuda un escrito da sociedade *El Progreso de Beluso* na que se pide nomeamento de mestre para a de nenos de Beluso e así evitar que continúe na escola unha persoa allea ao maxisterio. Uns meses despois, o 22 de outubro, dáse a noticia do seu pasamento.

➤ **Amador Barros Carmoega**




Toma posesión como mestre interino o 12 de xaneiro de 1937.

Na documentación el notifica á alcaldía, así o tiñan que facer por esas datas, que as vacacións de verán as pasará en Pontevedra pois é onde viven seus pais.

En maio mercou unha bandeira para a escola mais como non ten mastro onde poñela pídelo ao concello.

Cesou na escola o 12 de outubro de 1937 pero a escola tiña propietario xa, e a el o mandaban como interino para Paredes-Vilaboa.

➤ José Antonio Iglesias López



Con data de 16 de setembro de 1937 danlle o título para que o 13 de outubro poida tomar posesión da escola de nenos de Beluso.

En decembro de 1940 dá conta da recolleita de 100 kg de chatarra para “A patria”.

O 5 de novembro de 1942 o Consello Local examina favorablemente unha instancia deste mestre que solicita permiso dun mes para opositar ás prazas do Corpo Xeral de Policía. Deixa a escola atendida por José Carballo Brión.

Cesa nesta escola o 31 de decembro de 1943 por estar nomeado para Calzada de Calatrava (Ciudad Real)



*Escola de nenos de Beluso*

➤ José Carballo Brión (Beluso 18-11-1924-Pontevedra +4-10-2013)



José Carballo Brión

Natural de Beluso estudou Ciencias Químicas. Substituíu a José Antonio Iglesias mentres este ía opositar a Policía Nacional. O certo é que José Carballo deu clases particulares moito tempo en Bueu, na compañía de José Martínez, Celestino Fernández, Manuel Omil etc.

Casou en Beluso con M<sup>a</sup> Luisa Davila Gondar.

A mediados dos anos sesenta do século pasado estaba a dar clase como profesor de Ciencias Químicas no instituto de Marín; e nos anos setenta e seguintes no Instituto “Sánchez Cantón” de Pontevedra ao que chegara por oposición ao corpo de Agregados numerarios. Faleceu o 4 de outubro de 2013.

➤ José Martínez Camiña (Beluso 7-9-1911 / Acoradouro +1-10-2004)



Natural de Beluso, comezou José Martínez Camiña coa toma de posesión como propietario definitivo da escola de nenos de Beluso o 1 de xaneiro de 1944 cun soldo de 1.200 ptas/ano. Estaba localizada na Ruanova e era propiedade do concello. El mesmo dicía que atopouse “*o local escola pobre e desmantelado, con cinco alumnos [...] Con poucos medios, pero cheos de entusiasmo, pronto chegamos a unha matrícula de 78 alumnos*”.

En 1940, estando de mestre en Ermelo, xa fixera os Cursos de Orientación Marítima, sendo o titular da escola de Beluso mentres houbo esta modalidade na mesma.

Desde 1948 que pediu autorización ao Consello Provincial de Educación para poder dar clases particulares, tivo Academia para preparar alumnos para distintos niveis educativos: elemental, bacharelato e profesional. Compartía estas actividades con outros compañeiros como Celestino Fernández, José Carballo, Manuel Omil etc.




1948-49 Escola de José Martínez Camiña  
Cedida pola Familia de J. M<sup>a</sup> Estévez

En 1965 concedéronlle o Diploma de “Mestre distinguido” dotado con 10.000 ptas

A súa actividade na vida económica e social foi ampla: era socorrido como agrimensor e zurupeto; tivo participación no cine Victoria (1954-1972), en actividades inmobiliarias etc.

Cando se disolveron as escolas para integrarse nos grupos escolares xa recén creados, el pasou cos seus alumnos ao Grupo de Beluso do que foi o seu director dende o ano 1971 a 1981.

En canto á localización da escola, esta seguía na Ruanova de Arriba en xuño de 1958 o concello acordou a transformación en casa-escola do que fora “Casa do Pobo” da Asociación «O Progreso». Estas obras, por razóns económicas, faríanse en dúas fases. Na primeira incluírían *“os servizos de aire, que serán emprazadas no terreo posterior da edificación e todos aqueles como*




1958 – Proxecto do aparelador Agustín

*subministro de auga e luz, reparación de cuberta, portas e ventás etc., que pola súa xeneralidade se realizarán dun modo conxunto.”*

Esta obras son licitadas varias veces, e en todas quedan desertas polo que non se farán.

En 1963 vólvense a retomar e encárgase un proxecto ao arquitecto escolar da Delegación Educativa de Pontevedra, Juan Argenti.



1963 – Proxecto do arquitecto Juan Argenti

Considerando que “o edificio é de cantería en bo estado con cuberta de madeira e tella plana perfectamente reutilizable, as súas dimensións permiten distribuílo para unha Escola de nenos e unha vivenda de Mestre, soamente cremos que é necesario facer un ceo raso de material incombustible non só para cumprir o ordenado en construcións escolares, senón tamén para reducir a altura que consideramos algo excesiva na escola e moi excesiva na vivenda, que sen o ceo raso quedaría de cerca de catro metros”.

A pesar de que o presuposto da obra era de 205. 419,81 pesetas e que se podía pedir “unha subvención do Estado de cen mil pesetas xa que o valor do edificio pasa do dobre da subvención” o Proxecto volveu a quedar niso, en Proxecto.

## «Escola de nenas de Beluso»

No mes de marzo de 1909, o concello de Bueu publicita en varios xornais (Diario de Galicia, El Correo de Galicia, ...) a creación dunha escola de nenas na parroquia de Beluso dotada con 400 pesetas, para que aquelas mestras que aspiren á praza presenten a súa solicitude.



El Ayuntamiento de Bueu acordó la creación de una escuela pública de niñas en la parroquia de Santa María de Beluso, de aquel término, dotada con el haber anual de 400 pesetas.

Las maestras que deseen aspirar á ella pueden dirigir sus solicitudes, acompañadas de los documentos necesarios, á la Secretaría de aquel Ayuntamiento, durante el mes actual.

*Diario de Galicia 6-3-1909*

### ➤ Áurea Bona Clementina Bares Castellá (Bueu 28-7-1877)

Áurea Bares, filla do mestre Ramón Bares Fariña, que no curso 1908/1909 está a exercer de mestra substituta na escola mixta de Pinzás (concello de Tomiño), envía o 12 de marzo de 1909 unha instancia ao concello de Bueu indicándolle que, tras mirar nos xornais a creación dunha Escola de nenas na parroquia de Beluso, decide presentarse a ela. Para iso presenta unha folla de servizos de 3 anos, 6 meses e 5 días de maxisterio. Di que ela, sendo natural desa parroquia e quere acceder a esa praza para poder atender os seus pais.


Finalmente, na reunión da corporación municipal do 12 de maio de 1909 noméase a Áurea Bares para a escola de nenas de Beluso.

En xullo de 1909 a Xunta local, tras unha inspección á nova escola creada reporta que para as 53 alumnas matriculadas tanto a superficie e volume como as condicións hixiénicas de luz e capacidade a cualificación é de apta.

O 6 de outubro dese mesmo ano, ao asinar a Memoria do curso, a mestra elabora un listado de 123 alumnas matriculadas.


Áurea Bares estará como mestra desta escola ata xaneiro de 1916.

#### ➤ Clotilde de la Torre



Durante boa parte do ano 1910 substitúe na escola a Áurea Bares. Curioso é que, ao recibir o inventario da escola de nenas en compañía dalgún dos concelleiros da corporación de Bueu, quedan sorprendidos polo minguido do mesmo: 6 mesas para escribir, unha mesa da profesora, 2 taboleiros para exercicios de contabilidade, 4 bancos, 1 cadeira (deteriorada), 1 paquete de xices, 4 cadernos de escritura e 3 catecismos.

#### ➤ Francisca Santamaría Fincias



Toma posesión da escola nacional de nenas de Beluso o 11 de febreiro de 1916.

En xuño de 1917 pide licenza ao Reitorado para tomar parte das oposicións restrinxidas a escolas con soldo de 2.000 pesetas..


En outubro dese mesmo ano concédeselle un permiso de 30 días por enfermidade e para substituíla propón a Peregrina Estévez.

En abril de 1918 pide excedencia como mestra, que se lle concede cesando o 27 dese mes.

#### ➤ Peregrina Estévez

Entre outubro e novembro de 1917 substituíu na escola de nenas de Beluso, durante 30 días, a Francisca Santamaría que tiña unha licenza por enfermidade.

➤ **Virginia González Pérez**



Expedido o título de propiedade da escola de nenas de Beluso o 30 de abril de 1918, tomou posesión o 1 de maio dese ano e cesou o 10 de xuño 1919 por permutar escola con Ramona Cabanillas, mestra de Valeje (A Cañiza).


➤ **Ramona Cabanillas** (Sanxenxo ±1869 - Bueu +2-3-1962)



Ramona Cabanillas

Mestra de Valeje-A Cañiza permuta con Virginia González a escola Beluso da que tomará posesión o 1 de xullo de 1919. Antes de finalizar o ano, permutou de novo con Marina Davila, pasando da escola de nenas de Beluso á de nenas nº 2 de Bueu. O cese de ambas dáse a mediados do mes de xaneiro de 1920 e a continuación toman posesión nas súas novas prazas.


➤ **Marina Davila Davila**



Ao permutar de escola con Ramona Cabanillas queda Marina Davila queda ligada á escola de Beluso dende o 31 de xaneiro de 1920 por un longo período de case 30 anos pois cesará o 31 de agosto de 1949.


A escola estaba localizada na Ruanova e era propiedade do concello. A asistencia media á súa clase era de 50 alumnas, aínda que a matrícula estaba ao arredor das 65.

➤ **Regina Rodríguez Quinteiro**



Cursillista de 1933, faise cargo como mestra interina da escola de nenas de Beluso o 16 de setembro de 1949 e cesa ao finalizar o curso académico con data de 31 de agosto de 1950.


## ➤ Virtudes Eirín Torres




Era cursillista de 1931 e como tal fixo prácticas en Seixo-Marín. Cando en outubro de 1936 a nomearon interina para Sabucedo (A Estrada) o título da Instrución Pública puña: “*Mestres de territorio non conquistado que pasan a ocupar Escolas do territorio conquistado*”. E cando en 1937 xa estaba en Sabucedo cásana nesta provincia e trasládana a Villaviciosa-Asturias en calidade de mestra propietaria. No ano 1943 o Ministerio de Educación reconece o seu labor no mundo educativo cun diploma.

En 1950 concurra para a escola de Beluso e toma posesión como propietaria desa escola de nenas o 1 de setembro de 1950. Estará ao mando da escola, con períodos máis ou menos longos de licenzas, ata a súa xubilación algo máis de vinte anos despois, que fará coincidir coa integración da mesma na agrupación escolar de Montemogos no 1971.

## ➤ Carmen Irene Rey Campelo




Ao darlle unha licenza de 80 días a Regina Rodríguez nomearon para cubrir a vacante por ese tempo á substituta interina Carmen Irene Rey que tomou posesión da escola o 22 de decembro de 1949 ata o seu cese o 4 de abril de 1950.




El Pueblo gallego 10-7-1943 pág. 2

➤ **M<sup>a</sup> Gloria González Pazos**




Dende setembro de 1950 a titular da escola de nenas é Virtudes Eirín Torres. Pero haberá períodos que teña licenza por enfermidade que serán cubertas por mestras substitutas ou “volantes” como ocorreu do 23 de maio de 1955 ao 10 de xullo dese ano con M<sup>a</sup> Gloria González Pazos.

➤ **Carmen Cordeiro Solla**



Mestra substituta de Virtudes Eirín do 28 de outubro de 1957 ao 16 de novembro de 1957. Período curto por serlle denegado o 2º período de licenza á titular da praza.

➤ **M<sup>a</sup> de los Ángeles Botana Padín**



Dende o 22 de febreiro de 1958 substituíu durante un permiso por enfermidade á titular, Virtudes Eirín.



*Ao fondo Escolas da Ruanova -Cedida por X. M. Dopazo*



*Escola de Bon - Cedida por José Castro Piñeiro*



*Antiga escola de Bon na actualidade-modificada contorna - Foto de Ángel Rodríguez*

## «Escola mixta de Bon»



O 15 de decembro de 1924, a Permanente do concello acorda solicitar unha escola mixta para o lugar de Bon – Beluso, comprometéndose a Decatada desta decisión a Xunta local de ensinanza, o 8 de xaneiro de 1925 asume a proposta, polo necesario desa escola *“dada a importancia da poboación e a distancia que os separa do centro da parroquia”*.

A tramitación foi dunha rapidez non usual xa que en menos dun ano, o 25 de setembro de 1925, as autoridades levantan Acta inaugural na escola de Bon. A casa-vivenda da mestra, pois estaba fundada con mestra, alugáranlla a Josefa Otero.

### ➤ Elvira Sineiro Molles

Os primeiros días de outubro de 1925 adxudican a escola a unha mestra interina para Bon, a Elvira Sineiro.

### ➤ Dolores Ons Ruíz

Dolores Ons Ruíz toma posesión como mestra interina da escola mixta de Bon, un mes despois de Elvira Sineiro, o 13 de novembro de 1925. Ao rematar o curso, 31 de xullo de 1926, cesa por estar nomeada Teresa López.

### ➤ Teresa López González (27-2-1880/+17-5-1953)

Teresa volveu a Bueu, logo de 16 anos na aldea de Botos-Lalín (1911-1926) onde fora mestra do neno Xosé Otero ‘Laxeiro’ a quen vendo que debuxaba moi ben, animouno a pintar. El



Teresa López

recoñeceulle sempre o seu labor e de feito, tendo 13 anos estaba cos seus pais en La Habana e envioulle como agasallo un debuxo dela que ten o mérito de ser o máis antigo que se conserva deste autor.


Toma posesión como mestra propietaria da escola mixta de Bon o 1 de agosto de 1926

Dende o 21 de setembro de 1928 a escola está localizada na casa alugada a Josefa Pousa pero unha semana despois a mestra comunícalle ao alcalde a finalización do contrato pola casa-escola.

Á escola de Bon ían, na primeira matrícula, unhas 30 alumnas de Bon de Arriba e de Bon de Abaixo así como de Sanamedio. Logo a medida que collía sona, esta ía en aumento co engadido do apoio institucional. En 1932 fíxose un estudo para ver a incidencia das medidas de antes e despois da chegada da II República (14-4-1931) e a subida supuxo que dun total de 52 matriculados (33 nenos e 19 nenas) antes da República pasou, en menos dun ano, a 62 alumnos (39 nenos e 23 nenas).

O 2 de abril de 1932 Teresa pide o cese en Bon porque pasa a tomar posesión da escola de nenas nº 1 de Bueu.

➤ Josefa Inés Calleja Gómez (Arganda de Rey-Madrid 20-4-1910)




Teresa López González, accede en propiedade á nº 1 de nenas de Bueu, e Josefa Calleja que estaba ata ese momento en Bueu pasa a ocupar a mixta de Bon.

Toma posesión como interina de Bon o 4 de maio de 1932 e estará nese cargo ata 27 de xullo de 1934.

Na reunión da Xunta Local do 15 de setembro de 1932, lese a instancia de varios veciños de Bon ao concello e ao Ministro de Instrución Pública e Belas Artes, solicitándolle a creación dunha escola de nenos, pasando a ser unitaria de nenas a mixta existente. O Consello Local informa isto favorablemente.

Josefa, logo duns anos en Bon pasará á mixta de Praia de Beluso e no 1972 ao Colexio Público de Beluso.

➤ **Leopoldina Gómez Durán (A Lama 1909)**



Leopoldina Gómez Durán toma posesión da escola mixta de Bon o 28 de xullo de 1934.

Vivía na Ruanova de Arriba nº 39. Casada con Eduardo Piñeiro Villanueva, mestre natural de México, e tiveron dous fillos, Eduardo e Luís.


O 4 de febreiro de 1935 concédeselle un permiso de 8 días deixando á fronte da escola á tamén mestra, Isabel Gómez Durán, súa irmá. E en outubro o permiso que lle conceden é máis amplo, 80 días, xa que é por parto.

Na prensa do 31 de agosto de 1936 aparece suspendida de emprego e soldo ata que se revisara e aprobara o expediente incoado. Para suplir a súa ausencia foi substituída por M<sup>a</sup> Albina (Rosita) Calleja e logo por Elena Ochoa Arias. Volve á escola o 13 de maio de 1937.

Dende 1949 ata 1954 ten períodos marcados polas licenzas por enfermidade con varias mestras suplíndoas: Adelina Nogueira, Rosario Miranda, Luisa Aldir etc.

O 31 de agosto de 1954 Leopoldina Gómez cesa definitivamente da escola de Bon por ser nomeada para Antas-A Lama.

➤ **M<sup>a</sup> Albina Calleja Gómez**




Nomeouna a alcaldía por estar suspendida de emprego e soldo a propietaria Leopoldina Gómez.



Toma posesión como provisional da escola o 2 de setembro de 1936 e cesa uns días despois, o 11 de setembro.

➤ **Elena Ochoa Arias**




Colle posesión o 12 de setembro de 1936 como mestra interina da escola de Bon (cun soldo dede 3.000 ptas/ano e complementos legais). Cesa o 12 de maio de 1937 por volver a tomar posesión a titular Leopoldina Gómez.

➤ **Adelina Nogueira Rivas**

Tendo Leopoldina Gómez licenza por enfermidade a substitúe Adelina Nogueira que toma posesión da escola mixta de Bon o 23 de decembro de 1949 e cesa na mesma o 26 de xaneiro de 1950.


➤ **M<sup>a</sup> del Rosario Miranda Gómez**



A finais de 1949 segue a enfermidade de Leopoldina (mestra titular de Bon, que volve a ter outros 30 días de licenza) e o 27 de xaneiro de 1950 toma posesión da escola mixta de Bon M<sup>a</sup> del Rosario Miranda Gómez. Cesa o 10 de maio.

Rosario volve a tomar posesión da mesma escola o 12 de maio e cesa o 11 de agosto de 1952 ao ser nomeada mestra propietaria de S. Xoán de Camba-Hermida (Rodeiro).


➤ **Luisa Aldir Poncet**



Dúas veces mestra interina substituta da escola mixta de Bon. Toma posesión por primeira vez o 10 setembro de 1952 (con soldo de 9.360 ptas).

A segunda das veces, xa vacante a escola, pois Leopoldina marchara para a súa terra natal de A Lama (31-8-1954) estivo ata o 31 de agosto de 1955 coincidindo coa chegada da nova propietaria.


➤ **M<sup>a</sup> Ruth Salgado Pérez**



Mestra propietaria da escola de Bon. Toma posesión o 1 de setembro de 1955. Durante longos períodos de tempo tivo licenzas por enfermidade, sempre cubertas. Cesa de forma definitiva na escola o 31 de setembro de 1962, por ser destinada para a de nenas de S. Xián-Marín.


Unha vez máis, pero esta parecía que sería definitiva, o concello adopta as medidas precisas para a construción da casa-escola de Bon. Mais a pesar de toda a vontade para construírse non se puido rematar o proceso e a escola seguiu de aluguer no mesmo lugar.

➤ **María Barreiro Gondar**



Toma posesión na mixta de Bon como mestra volante o 11 de febreiro de 1957 mentres dura a licenza da titular, M<sup>a</sup> Ruth Salgado. Cando renovou o permiso, por persistir a enfermidade, María Barreiro xa cesara a finais de maio.


➤ **M<sup>a</sup> Concepción Fernández Francisco**



Faise cargo da Escola mixta de Bon o 10 de xuño de 1957, da que segue a ser titular M<sup>a</sup> Ruth Salgado Pérez (con licenza por enfermidade) e cesa a 17 de xuño de 1957.

Por estas datas era ela e dúas irmás máis que estaban a facer substitución en Bueu: M<sup>a</sup> Concepción, Rosa Isabel e Zita Irene.

➤ **Rosario Núñez Casal**



Rosario Núñez Casal toma posesión como mestra interina de Bon o 20 de setembro de 1962 e cesa 31 de xaneiro de 1963. O motivo do seu cese é tomar posesión da mesma escola o 1 de febreiro de 1963 ao ser nomeada propietaria provisional. En 31 de agosto do mesmo ano cesa por ser destinada para Abraido (Asturias).

➤ **Carmen Fernández Pastoriza**

Procedente da escola de Meiro, toma posesión como mestra propietaria de Bon o 1 de setembro de 1963 cun soldo anual de 27.600 ptas e dúas extraordinarias.

Ela será a última mestra que rexenta esta escola pois no 1972 pasa a formar parte do profesorado que inaugurou o Colexio Público de Montemogos-Beluso.



*Enriba e debaixo: clases de Carmen Fernández Pastoriza en Bon  
No medio: Arturo Sánchez-Carmen Fernández-Pedro Fernández en 1995*





### «Escola mixta da Praia de Beluso»




O 29 de marzo de 1929 un grupo amplo de veciños de Beluso, encabezados por Eligio Prieto, Adolfo Alonso Lamberti, Juan Carballal, Salvador Lago<sup>102</sup>, entre outros, piden á Comisión permanente do concello alumeado público e *unha escola mixta na Praia de Beluso*. Tamén se preguntan, se o material do disolto Pósito-marítimo-terrestre de Beluso podería destinarse a esta escola solicitada.

Pasado o tempo, ante a ausencia de respostas outro grupo de veciños de Beluso envían, outubro de 1931, instancias ao alcalde solicitándolle a creación da escola para a Praia de Beluso (asina José de la Torre). Cos cambios producidos na política española, o concello faise eco e tramita a solicitude ao Ministro de Instrución Pública e Belas Artes. Así, un ano máis tarde, 21 outubro 1932, créase a escola para dar cabida aos nenos da Praia de Beluso, Costa de Figueirón e Cabalo.

---

<sup>102</sup> Todos os nomeados industriais da salga e da conserva.

➤ **M<sup>a</sup> Luisa Rosende Querentes**



Nos primeiros anos de docencia estaba de forma interina por escolas da provincia de A Coruña. En 1932, tras acreditar que vivía na provincia de Pontevedra, pasou a estar nas listas do profesorado.

En 19 de decembro de 1932 toma posesión da escola mixta da Praia de Beluso coa categoría de interina. En Beluso estivo ata rematar o curso 1933/34, cesando o 27 de xullo de 1934 pois ao día seguinte tomaría posesión definitiva a mestra Josefa Calleja.



➤ **Josefa Inés Calleja Gómez (Arganda de Rey 20-4-1910)**

Mestra da escola n<sup>o</sup> 1 de nenas de Bueu un mes en 1932 e, desde esas datas ata 1934, pasa a ocupar a escola mixta de Bon.

Josefa con data de 28 de xullo de 1934 toma posesión como propietaria definitiva da escola mixta da Praia de Beluso. A escola localízase fronte ao peirao, na casa da que fora familia Domenech<sup>103</sup>.



*Josefa Calleja*

---

<sup>103</sup> Que xa tiñan salga aí en 1806. No 1949 pertencía a Constantina Domenech.

Posteriormente, no 1955, pertencería a Francisco Lorenzo Pousada (pagábase de aluguer 600 ptas) e hoxe vive Manuel Ave.

Nos listados da asociación profesional, Casa do Mestre en Pontevedra, aparece como socia fundadora Josefa Calleja. En 1937 participou na constitución do movemento asociativo chamado “Mujeres al servicio de España” cuxa principal misión era de confeccionar ou coser prendas, pero tamén servían de canles de donativos, en cartos ou en material téxtil: mantas, calcetíns, panos etc., para as tropas do exército.

No Boletín Oficial do Estado do 12 de novembro de 1938 sae na relación dos Mestres confirmados nos seus cargos. Mestres aos que se lles resolveu favorablemente seus respectivos expedientes de depuración.

Josefina Calleja reclama o que lle corresponde e pide indemnización pola casa-habitación. Consecuencia disto o 20 de xaneiro de 1950, o que logo sería ministro José Solís Ruíz envíalle unha carta como Xefe Provincial de Falanxe ao alcalde José M<sup>a</sup> Massó (amigo del) para que execute o concello a paga de 150 ptas mensuais que se lle deben a Josefa Calleja.

O concello, en resposta a esta carta, xustifica que co que lle indemniza paga perfectamente unha das mellores casas da Ruanova (na que vive, alugada a Manuel Rodríguez) con horta e todo. Así equipárase aos demais mestres. En novembro segue reclamando débedas por parte do concello (600 ptas do 1948 e outras 600 ptas do 1949). Pero tamén reclama para a escola como que non se construíron os retretes, arranxo da escala da escola da Praia de Beluso etc.


Ao longo de moitas épocas a matrícula era grande e o espazo pequeno, por pór un exemplo en 1944 tiña 56 alumnos (27 nenos e 29 nenas). Consecuencia disto, e á petición da Inspección (26-10-1955), a Xunta acorda por unanimidade proporlle á mestra da mixta da Praia de Beluso en que desdobre a matrícula en dúas sesións pois o grande número do alumnado imposibilitaba o desenvolvemento normal. A

mestra decidiu que de pola mañá vaian os nenos e de pola tarde as nenas.

En marzo de 1957 a Inspectora Educativa da Zona envía un oficio ao alcalde coma Presidente da Xunta Local de E. Primaria dándolle conta das deficiencias e das reducidas dimensións da aula para a matrícula que ten. O concello, como resposta, propón que se repare ou se substitúa a escaleira de acceso, cambiar a entrada mediante a conversión dunha fiestra en porta... pero que o faga o propietario do inmovible.

Co paso do tempo deixou de ser mixta e converteuse nunha escola de nenas. Como se lembra Tere Barros “*nalgún tempo foi tamén de nenos, meu pai foi a ela*”. *Cando facía bo tempo íamos ao recreo á praia e á hora do remate a mestra saía ao balcón e berraba: Niñas, subid! E se chovía o recreo era abaixo, como unha bodega; era onde preparabamos o leite*”.

Dona Josefina, así lle chamaban as súas alumnas, cando houbo praza na xa recién creada escola de nenas de Curraces-Beluso pasou a ocupala.

A photograph of a handwritten document in Spanish, written in cursive on lined paper. The text discusses the 'Escuela Mixta de Playa-Beluso' and mentions a report from the 'Inspección Provincial de Enseñanza Primaria' (number 2.714) regarding the convenience of establishing a double session. It notes that the resolution was pending from the last session and that after a study, the board of the school decided to proceed with the enrollment in a distinct manner.

Escuela Mixta de Playa-Beluso.- Seguidamente, se da cuenta de oficio de la Inspección Provincial de Enseñanza Primaria, núm. 2.714, por el que se interesa informe de esta Junta sobre la conveniencia de establecer sesión doble en la Escuela Mixta de Playa de Beluso, cuya resolución quedó pendiente de la última sesión. Después de un detenido estudio de este asunto, por unanimidad, se acuerda interesar de la Junta de dicha Escuela en qué forma va a proceder a establecer la matrícula, con existencia distinta.

AMB - Carpeta 1354/14 Libro Actas Xunta Local 1953-63



### Isabel Leyes Borrajo




No curso 1964/1965 estivera como mestra de Alfabetización na escola da Banda do Río en Bueu. Posteriormente pasou a cubrir a escola na Praia de Beluso que deixara vacante Josefa Calleja. Nela estivo ata que comezou o desmantelamento da escola pois íase inaugurar un Colexio Público no lugar de O Couto-Montemogos. Nel agrupáronse todas as unitarias da zona e ela tamén o fixo no curso 1971/1972.



*Escola de Isabel Leyes Borrajo-Praia de Beluso*

## «Escola de nenos de Cabalo»

A casa-escola de Cabalo pertencía a José M<sup>a</sup> Massó e á súa muller M<sup>a</sup> de los Ángeles Bolívar.



Cando na sesión extraordinaria do Pleno do concello de Bueu, outubro de 1961, se tratou o escrito de doazón de Massó para que no seu lugar se construíra unha unidade de preescolar foi detallada como: *“casa de planta baixa, de cachotería ordinaria, sinalada co número doce de dito lugar de Sar, no punto chamado ‘Cabalo’ de oitenta metros cadrados, habilitada para local escola e vivenda para o mestre, cun terreo unido, ou circundado, a servizos e labradío, que todo forma unha soa finca que mide, incluído o fondo do edificio doce áreas; e linda polo norte camiño, muro de peche da finca en medio; Sur e Este de herdeiros de José Menduñña e Oeste herdeiros de Francisco Martínez. A casa medía antes sesenta metros cadrados<sup>104</sup>....”*

O 28 de decembro de 1960, o arquitecto escolar do Ministerio de Educación, Juan Argenti y Navajas, certificalle ao alcalde de Bueu que o edificio da escola xa está rematado e que reúne as condicións necesarias para que se traslade dita escola ao novo local.


---

<sup>104</sup> A mercaran o 26 de xullo de 1957. Acta do Pleno Extraordinario celebrado o 18 de outubro de 1961. AMB – Carpeta 28/2. A data de adquisición con escritura de doazón ante o notario de Cangas Luís Rodríguez García é do 5 de xullo de 1962

Días despois, 13 de xaneiro de 1961, envíase á Inspección relación do material existente na escola de nenos de nova creación do lugar de Cabalo-Beluso coa intención de que se consolide, como creación definitiva.

A pesar das presións por parte da alcaldía por comezar as clases estas non comezan ata o mes de abril en que toma posesión o mestre.

➤ **José Luís Quinteiro Blanco** (Mourente 1934)



Toma posesión da escola de Cabalo-Beluso o 14 de abril de 1961 cun soldo anual de 16.900 ptas e cesa o 11 de setembro de 1961 por ser nomeado para a escola de Rebordelo-Cotovade.

➤ **José M<sup>a</sup> Rodríguez Tobío**

Toma posesión como mestre provisional da escola de Cabalo-Beluso o 11 de setembro de 1961 cun soldo 16.920 ptas e demais emolumentos legais e cesa o 31 de agosto de 1962.

➤ **Celestino Fernández García**

Toma posesión por concurso de traslados como mestre propietario da escola nº 2 de nenos de Beluso-Cabalo o 1 de setembro de 1962 cun soldo anual de 25.680 ptas



*Celestino en Beluso*

➤ **Albino Beloso García**



Obtén praza na oposición de 1964, estando a finais de setembro de 1967 substituindo unha licenza por enfermidade en Rubiáns-Vilagarcía de Arousa. A finais da década dos sesenta obtén a praza na escola de nenos de Cabalo, na que permanecerá ata a súa supresión e integración no Colexio Público de Beluso no curso 1971/1972. Nese 1971, obtén o título de Instrutor en Educación Física.

Falece aos 69 anos en Pontevedra o 24 de abril de 2014.

## «Escola de nenas e nenos de Curraces-Beluso»

No Pleno da Corporación Municipal de 27 de xuño de 1964 “*dáse conta do escrito de varios propietarios da parroquia de Beluso de data 23 dos correntes, no que manifestan que a o fin de facilitar a construción das dúas escolas e dúas vivendas para os Mestres, que ten proxectado construír este Concello na parroquia de Beluso, fan doazón ao Concello de Bueu, das fincas rústicas [...] Os terreos a que se refire o citado escrito, son os que a continuación se describen facéndose constar o nome do propietario de cada un deles.*

*María Pastoriza Gestido fai doazón dunha parcela de 104 varas [...]*

*Salvador Ferradás Martínez fai doazón [...] de 29 varas [...]*

*Manuel Ferradás de la Torre fai doazón [...] de 31 varas [...]*

*María Davila Davila fai doazón [...] de 41 varas [...]*

*Manuel Pastoriza Piñeiro fai doazón [...] de 6,5 varas [...]*

*Manuel Cabral Martínez fai doazón [...] de 53,5 varas con outra de 10 varas [...]*

*María Pastoriza Gestido fai doazón [...] de 21 varas [...]*

*Todas as fincas anteriormente apuntadas están sitas no lugar de Montemogos da parroquia de Beluso do Concello de Bueu.<sup>105</sup>”*

*Con posterioridade os solares, como unha soa unidade, foron recoñecidos como propiedade do concello en acta notarial<sup>106</sup> de 27 de agosto de 1964 e así puideron achegarse para a construción da escola de nenas e de nenos de Curraces. Estas escolas foron rematadas en setembro de 1967.*

---

<sup>105</sup> Todas as fincas “denomínanse Curraces”. AMB-Carpeta 3073/45

<sup>106</sup> Protocolo 1144 e 1145 da Notaría de Alfonso Zulueta de Haz en Marín.

## «Escola de nenas de Curraces»

### ➤ Rita Ipiña Túnel

A redondelá Rita Ipiña Túnel daba clases de Alfabetización. Cando estas clases foron suprimidas, Rita foi nomeada proprietaria provisional da escola de nenas de Beluso nº 3 (Curraces) que estaba vacante por ser de nova creación.

### ➤ Josefa Calleja Gómez



Ao saír a praza vacante da escola de nenas de Curraces-Beluso foi adxudicada no concurso de traslados a Josefa Calleja, mestra ata entón da Praia de Beluso. Aquí estaría ata que se integrou en 1972 ao claustro do Colexio Público de Beluso.



*Escola de nenas de Curraces – Fotografía: Asc. Stos Reis-Cedida por X. M. Dopazo*

## «Escola de nenos de Curraces»

### ➤ José Vázquez Otero e Fernando Ruano Paz

Ao igual que lle aconteceu á mestra Rita Ipiña, a estes dous mestres suprimíronlles as clases de Alfabetización que impartían. Pero teñen máis referencias en común, como que dos dous tamén son nomeados en setembro de 1967 como propietarios provisionais para a escola de Beluso nº 3 (que se corresponde coa de Curraces)<sup>107</sup>, vacante por ser de nova creación.

Durante un tempo estivo o mestre Sr. Piñeiro, de Caldas de Reis, que cando precisaba ausentarse era substituído por José Estevez Porto, daquela mestre de Alfabetización.

### ➤ Manuel Ángel Chao Moares

Sería o primeiro e único posuidor da praza en propiedade da escola de nenos nº 3 (de Curraces). Cando se inaugurou o Colexio Público de Beluso entrou a formar parte do seu claustro durante o curso 1971/1972.

Durante un tempo, estando en Curraces, tivera unha licenza que foi substituída por un mestre chamado Luís que é lembrado con cariño por algún dos



seus alumnos porque traballaba moito os ditos populares.

**Fontes e Bibliografía**

---

<sup>107</sup> Non me foi posible confirmalo documentalmente nin por outros medios, pero houbo quen me indicou que Fernando Ruano ocupou praza na escola de nenos nº 2 de Cabalo en setembro do 1967, entre a estada de Celestino Fernández e Albino Beloso.

## Fontes:

- Arquivo Municipal de Bueu. Arquivoiro, Belarmino Barreiro Rosales.
- B.O.E. nº 187 de 6 de agosto de 1970 páx. 12525-12546
- Gaceta de Madrid nº 1710 de 10 de setembro de 1857, páx. 1-3

## Bibliografía:

- AAVV: «Manual de Legislación de primera enseñanza, para uso de los Ayuntamientos, Juntas Locales y Maestros» Redacción xornal “El Consultor de los Ayuntamientos y de los Juzgados Municipais”. Madrid, 1874.
- Barreiro Rodríguez, Herminio: «Sobre as orixes da educación pública contemporánea. De J.J. Rousseau a Napoleón Bonaparte: ideoloxía, nación, estado» Anuario Galego de Historia da Educación. 1/1997. Páx. 181-196
- Berengueras, Mercé e Vera Mur, José M<sup>a</sup>: «Las Leyes de educación en España en los últimos doscientos años» Supervisión 21, revista de educación e inspección nº 38 -outubro 2015
- Club Golfiños: «Xentes dun pobo. Bueu». Bueu, 2005.
- Labra y Cadrana, Rafael M<sup>a</sup> de: «La enseñanza primaria por el estado» Discurso pronunciado no Congreso o 18 de maio de 1895. Tipografía de Alfredo Alonso. Madrid, 1895
- Puentedura Arribas, Elena: «Ley General de Educación de 1970» Trabajo Fin de Grao na Facultade de Educación de Soria. Soria, 2019
- Porto Hucha, Ángel Serafín e Vázquez Ramil, Isabel: “Un modelo de movemento asociativo do maxisterio durante a Segunda República: A Casa del Maestro de Pontevedra (19234-1936)”. *Sarmiento* Revista galego-portuguesa de historia da educación, nº 25 / 2021 / pp.275-307
- Sotelo Rey, Emilio: «Por la Europa Pedagógica» Tipografía sucesores A. Jimenez. Ávila, 1913. Pode lerse en: <https://core.ac.uk/reader/71511303>



IV

Escuelas Públicas  
de Instrucción  
Primaria  
Zona: Ceta



## «Escolas Públicas de Instrución Primaria de Cela»

Dende mediados do século XIX en Cela as únicas escolas posibles son as particulares, polo que nun informe do concello sobre as que poden interferir coas públicas creadas en Bueu apuntan:

*“Na parroquia de Cela e a distancia de máis de media legua un veciño da mesma, de avanzada idade e de moi boa conducta ten periodicamente una reunión de nenos daquela veciñanza todos impre...; coa fin de mostrarlles os primeiros deberes de cristián, preparándoos a que cando a súa idade lles permita concorrer á escola...”*


Se iso pasaba en 1850, non hai máis referencias ata 1869 en que se crea a escola incompleta de Cela. Urxía que o concello propuxera o antes posible a un mestre e unha casa-escola axeitada.

## «Escola de nenos de Cela»



O mes de xuño de 1869 foi un mes clave na historia da escola pública en Cela. O día 13, sendo alcalde José Domínguez, o pleno do concello recibe a petición da Xunta Provincial para que se cubra a praza vacante a crear na escola de nenos de Cela. O día 20, dáse conta da aprobación da Xunta Provincial do nomeamento de Manuel A. Bares para a *'incompleta mandada crear na parroquia de St<sup>a</sup> María de Cela, acorda a Corporación que de conformidade ao que por aquela ordénase expídase ao agraciado o título de emprego autorizado na forma que se prescribe e que de verificado e proporcionado ao local en que se deba impartir a ensinanza se lle dea a posesión del coa brevidade...'*. O día 21, noméase oficialmente a Manuel Antonio Bares Fariña para a incompleta de Cela, na casa que Benito García Beloso tiña no lugar de A Torre-Cela.

### ➤ Manuel Antonio Bares Fariña (Bueu 1-6-1823/+8-10-1891)



Toma posesión na mesma escola o día 1 de xullo de 1869.

Manuel A. Bares, viña de exercer na escola privada en Bueu. O acceder a unha escola pública era un logro relevante. Sen embargo a esa escola incompleta era media vitoria pois só percibía unha parte do soldo dunha escola normal ou completa. Polo cal só daba clases pola mañá para logo poder complementar os ingresos impartindo clases privadas pola tarde. Anos despois o 7 de

xullo de 1878, notifícanlle a Manuel A. Bares que debe poñer dúas leccións cada día unha pola mañá e outra pola tarde. E engádeselle outro inconveniente máis, pois do lugar de A Torre inicial agora estaba, máis cerca de Bueu<sup>108</sup>, en O Portal (preto da casa do Pracer). A Xunta Local díxolle tamén que se vira a posibilidade de trasladar a escola de O Portal e poñela no Igrexario.

Tamén Manuel A. Bares, 1879, ao mirar que lle subiron á escola de Beluso reclama o mesmo para el por ser da mesma categoría.

En 1880, volve a xurdir o problema das sesións e é preguntado de novo pola Xunta sobre o seu horario en Cela. Resposta que *“esta escola do meu cargo, comprende o programa de ensinanza diaria nunha soa clase ampliada, pois o seu mestre, como todas as incompletas de 1000 reais de dotación teñen precisamente que dedicarse a outro ramo da industria no segundo período de tempo para subsistir ás súas perentorias necesidades.*

*En consideración a esta máis que ao irresoluto xuízo da lei, é por que a maioría dos distritos da Península demostran a súa satisfacción en permitir ao seus funcionarios unha soa e sinxela clase ao día e tamén por concordar así coa significación do seu grao”*<sup>109</sup> O oficio anterior é do mes de abril e foi en xullo cando o presidente da Xunta Provincial envía escrito ao da Xunta Local indicando que se se subira a contía da clase incompleta a 2500 reais, daríanse dúas veces ao día a ensinanza, resolvendo así o problema.

Morre o 8 de outubro de 1891.

### ➤ José Clemente Fandiño

O 26 de outubro de 1881, estando Manuel A. Bares afectado por unha enfermidade, adxunta un certificado médico para que mentres lle duren os achaques poida atender a súa clase o mestre habilitado José Clemente Fandiño.

---

<sup>108</sup> Daquela pertencía a Bueu. Agora está no linde da parroquia de Bueu e pertence a Cela. Manuel A. Bares dende a súa casa da Canceliña, polas Meáns chegaba pronto.

<sup>109</sup> AMB – Carpeta 1355/22


### ➤ José Plácido Lino González

A finais de 1890, Manuel A. Bares seguía enfermo polo que a Xunta Local decide solicitar un mestre interino para cubrir a escola. Por iso o 30 de xaneiro de 1891 toma posesión da incompleta de Cela, o mestre interino José Plácido Lino González. José Plácido, natural de Marín e que posteriormente falecería en Cela en 1897.

### ➤ Cipriano de Alegría

Proposto no concurso único en febreiro 1892, para a escola incompleta de nenos de Cela. Tomou posesión o 26 de maio de 1892 e cesou o 12 de xullo de 1893.

### ➤ Manuel Mourente Pérez



Mestre interino da incompleta de nenos de Cela desde o 17 de xullo de 1893 ata o 17 de xaneiro de 1894.

### ➤ Manuel Franco Rodríguez




Procedente de Moscoso, Pazos de Borbén chega o 17 de xaneiro de 1894 para tomar posesión da incompleta de nenos de Cela (co soldo de 250 ptas/ano).

Ese mesmo ano reclama que se lle aumente en 200 ptas o soldo como xa perciben o resto de compañeiros de igual categoría.

Neste tempo a escola pasa de incompleta a completa e o día 28 de setembro de 1895. Manuel Franco volve tomar posesión como “*completa de Cela*” cunha dotación de 625 ptas/ano.

A pesar do importante incremento acadado, a 25 de maio de 1896 escribe unha instancia ao alcalde para que, nos presupostos do ano escolar 1896-97, se lle asigne por parte do concello a terceira parte do que cobra agora en concepto de retribucións. Curioso é que nomea a Lei (art. 192) pola que os mestres “*teñen dereito a percibir retribucións dos nenos fillos de pais podentes que asisten á súa escola, non directamente deles senón do concello...*”

## ➤ Manuel Durán García



O 26 de maio de 1897 é nomeado para a escola de Cela, tomando posesión como mestre interino o día

31 e cesando a finais dese mesmo ano.


Pasado o tempo (1900-1901-1903) volverá a esta escola para tomar de novo posesión como interino.

## ➤ Domingo Sierra González

Viña de Castelanes en Covelo, e adxudícanlle a escola de nenos de Cela no concurso único de setembro de 1897. Comezará en Cela o 16 de febreiro de 1898 e cesará a finais de 1899.

Volve en 1902 e estará ata o 7 de agosto de 1906 que cesará para trasladarse á de Morgadáns(Gondomar). Neste último período tamén tiña escola de adultos.

A escola estaba localizada no Antepazo-Cela. O dono da casa-escola quéixase ao concello polas desfeitas que no inmobile lle fan os rapaces que a ela acoden polo que deciden cambiar de emprazamento e indemnizalo aumentándolle o aluguer para así resarcirse dos danos.



Por el Sr. Presidente se hizo presente: que visto los daños que le causan los niños que asisten a la escuela pública de Cela situada en su casa de Antepazo, no le es posible continuar con el local de referencia, habiendo el Ayuntamiento acordado se busque otro edificio por la Comisión de Colegios Urbana y Rural para el objeto, y mientras tanto se le aumente el alquiler hasta veinte pesetas para reintegrarle los perjuicios consiguientes.

Concello Bueu: Acta do Pleno do día 4 de maio de 1903




Antiga escola de Antepazo-Cela

➤ **Gumersindo Rey Suárez**

Toma posesión o 29 de setembro de 1906 como mestre interino da escola completa de nenos de Cela ata rematar o curso en 1907.

De aquí marcha para Bordóns-Sanxexo.

➤ **José Guiance Fernández**



Comeza na escola completa de Cela logo de marchar Gumersindo Rey. O 17 de maio de 1907 toma posesión da escola cun soldo de 625 ptas/ano. Pero meses despois, o 23 de setembro de 1907 recoñéceselle, de acordo co censo de poboación, un soldo de 825 ptas/ano.

O seu labor foi relevante e as súas ideas consérvanse nos oficios remitidos á Xunta Local e na redacción das súas Memorias que lía cando esta realizaba os exames semestrais na súa aula.

En 11 de xullo de 1909 a Xunta local reporta da superficie das escolas e do volume. Escola de nenos de Cela:  $S= 25 \text{ m}^2$   $V= 65 \text{ m}^3$  Para 25 alumnos (que di non alcanza). Sen embargo o mestre quéixase da correspondencia legal que lle corresponde a cada alumno e non se cumpre. E dirá máis: *“Creo de boa fe que o número de nenos non deben pasar de 20 ou 25”*<sup>110</sup>.

En canto ás súas ideas do que significa o labor na educación podemos extraer da Memoria de 1909<sup>111</sup>: Cando reflexiona e di que *“aínda que estou satisfeito da miña obra, escura, sen brillo nin relumbróns , pero si de importancia social indubidable, pois o meu esforzo dirixiuse a formar cidadáns útiles, equilibrados, que unan ao vigor físico da raza unha intelixencia esperta, un corazón nobre, aberto ás boas accións, e unha moralidade firme, ao amparo das máximas cristiás.[...] A ignorancia é o maior azoute que sofren os pobos e os individuos; neles fundaméntase a pobreza e a maldade.*

---

<sup>110</sup> A media nas escolas de Bueu por esas datas superan, algunhas en moito, as 59


<sup>111</sup> AMB-Carpeta 1355/30. Asina 16-7-1909.

*Atenuala ou combatela é preparase para a rexeneración, obra encomendada á escola, e que esta realizaría rapidamente se se favorecese a súa acción social, o seu radio de influencia e o seu adecuado e normal funcionamento.”*

Na Memoria de tres anos despois, para xustificar o baixo nivel dos seus alumnos, a parte da non asistencia a clases e outros abandonos familiares vemos que tamén se mete en fregados lingüísticos: *“Vimos observando señores da Xunta, que en todas as catro provincias que comprende a nosa amada Galicia, as súas cidades, vilas e aldeas usan os seus habitantes, un dialecto diferente e peculiar ao punto e lugar en que viven; resultando de aquí unha verdadeira confusión de vocábulos, que nin ben son galegos, portugueses, vascos nin cataláns”*<sup>112</sup>.

O seu cese na escola de nenos de Cela, vén como consecuencia da súa xubilación do día 18 de xaneiro de 1913.

#### ➤ Francisco Piñeiro Groba



O 1 de abril de 1913 toma posesión da escola completa de Cela cun soldo de 500 ptas/ano pero 25 días despois renuncia ao seu emprego como mestre interino.

Estaba casado coa mestra Irene López Barreiro. En 1924 era mestre de Fornelos de Montes e era o alcalde de Salvaterra do Miño<sup>113</sup>.

#### ➤ Severino Filgueira Argibay

Ao renunciar Francisco Piñeiro á escola de Cela pasa a tomar posesión dela en calidade de mestre interino Severino Filgueira Argibay, cun soldo anual de 500 pesetas.


O nº 22 do xornal local *El Adelanto* dálles a benvida a el e ao novo mestre da escola de nenos de Bueu, Higinio Pérez.

---

<sup>112</sup> AMB-Carpeta 1355/33. Asina 13-7-1912.

<sup>113</sup> Fotografía de Francisco Piñeiro do semanario El Tea nº 15 do 4-4-1924.

## ➤ Segundo Filgueira Argibay



Logo de Severino Filgueira sería o seu irmán Segundo Filgueira o que, procedente da escola de Toutón (Mondariz) concursara e conseguira a praza de mestre da escola nacional de Cela (cun soldo de 1.100 ptas/ano) da que se fixo cargo do seu inventario da escola o 11 de xuño de 1915 a pesar de que tomou posesión oficial dela o 1 de xullo.

Dende o mesmo momento que se fai cargo da escola, as denuncias ante o concello, Xunta Local e Inspección polo estado deplorable desta, ante o concello, son constantes, o que lle vai carrexar non poucos problemas.

Por exemplo, en maio de 1920 o mestre reclama á Inspección, que á súa vez lle notifica ao concello que de non atender a petición podería chegar a suprimirse a escola de Cela. Ante a ameaza o concello acordou arraxala, e cando os operarios foron co propietario para iniciar as obras o mestre non lles permitiu pasar. Acto seguido, o mestre manda unha dura carta ao alcalde dicíndolle que todas as ordes da superioridade falan de *“se obrigue á Xunta local a que facilite casa en condicións para instalar esta escola e ao concello a que proporcione casa decente e capaz para o mestre e familia [...] non mencionando para nada as reparacións...”*. Pasan os anos e as dificultades continúan: o local escola-habitación con falta de volume, con goteiras, sen luz e hixiene suficientes; dada esta situación, mailo ruído que xera a xente que acode ás adegas que o novo propietario ten debaixo do local e habitación, o mestre tense que ir vivir a outra casa xa que de *“maneira especial e perigosa a fermentación, prensa e envase de máis de dez pipas de viño, arrendando o circundado a un inimigo do mestre, considéranse molestados ata porque os nenos buscan o sol. Xa mira Vd. que cunha casa nestas condicións, entorpécese a ensinanza, todo esforzo do mestre favorecendo a asistencia, resulta estéril, toda vocación defraudada, perigando a saúde pola humidade. [...] o que subscribe non necesita máis que o*

*local escola e casa habitación, nin tampouco pide un local especial, pois é sabido que non o hai, pero cun pouco de boa vontade e obrando de boa fe por parte de todos, pódese arranxar por agora o actual, harmonizando os intereses da ensinanza”.*

Exemplo dos problemas ou consecuencias por manifestarse reiteradamente ante a precariedade escolar a temos na Acta emitida pola reunión da Xunta Local de Ensinanza do 14 de xullo de 1923 cando din que emite un “*informe en virtude do expediente por faltas conceptuadas no desempeño do seu labor*” do mestre *Segundo Filgueira, mestre de Cela. Estudase a testemuña de seis pais o informe do xuíz municipal e “tendo en conta que as dilixencias instruídas e das indagacións practicadas por esta xunta, aparecen plenamente acreditadas e comprobadas todas as faltas que foron denunciadas, existindo non so un abandono da ensinanza, si que tamén outras de índole moral moi censurable” polo que “require que por parte da superioridade se lle impoña o correctivo a que se fixo acedor”*<sup>114</sup>. A sanción imposta foi de 15 días a medio soldo.

Una mostra desa flutuación na matrícula escolar coas ausencias estacionais xeneralizadas a temos no curso 1921-1922: en setembro comezaron o curso 30 alumnos, número que foi aumentado nos seguintes meses ata 57 a primeiros de marzo. Asistencia de 2/3 partes ata abril, baixou en maio e subiu en xuño-xullo.


Segundo Filgueira Argibay natural de San Andrés de Xeve-Pontevedra, falece aos 46 anos, o 1 de decembro de 1924 no lugar de Antepazo-Cela onde vivía coa súa dona Carmen Freire Fazanes e os seus fillos pequenos José<sup>115</sup> e Carmen.

---

<sup>114</sup> AMB-Carpeta 1354/2 páx. 38.


<sup>115</sup> Sería mestre de 1952 a 1963 da escola de nenos nº 1 de Bueu.

➤ Félix Sabell Mosquera



Nado en Santiago de Compostela, onde estudou maxisterio, ao igual que os seus irmáns Ramiro e Luisa<sup>116</sup>. Toma posesión da escola de nenos de Cela o 9 de decembro de 1924 cesando, para facerse cargo en propiedade dunha escola en Tiobre-Betanzos, o 25 de abril de 1925.


➤ Luís Carragal Peón



O 22 de abril de 1925 expídese o título de mestre da escola de nenos de Cela a Luís Carregal, da que toma posesión ao día seguinte.

A 13 de outubro de 1925 asina o cese por ser nomeado o propietario desa praza José García Hermida.

➤ José García Hermida



Toma posesión o 14 outubro de 1925 (cun soldo de 3.000 ptas).

Os problemas co local-escola continúan polo que, con data 15 de decembro de 1926, a Inspección educativa avisa ao alcalde para que se busquen novos locais para a escola de nenos e a de nenas de Cela, pois as escolas non reúnen as condicións axeitadas e, por enriba, a de nenos aumentou a matrícula e na actual é imposible dar clases. Para atopar esta nova localización establecen un prazo máximo de 15 días, pasado o cal procederán á súa clausura.

A pesar dese ultimato, o traslado da escola da casa de Carmen Rodríguez Amoedo á casa nova de Manuel García Carballo, na estrada Bueu-Pontevedra no lugar de Parapía fíxose case catro meses despois, o 7 de abril de 1927.

Durante un tempo coincidiron nese lugar as escolas de nenos e nenas, logo quedaron só os nenos.

---

<sup>116</sup> Luisa é a nai do médico, escritor, presidente da Real Academia Galega e político, Domingo García Sabell.

Ampliando lo consignado en mi oficio de 21 del actual, tengo el honor de manifestarle que se ha logrado encontrar local en que puedan reanudarse las clases suspendidas de la Escuela de niñas de Ceta, mientras duren las obras de reparación en la casa en que se halla actualmente instalada. El local a que me refiero es el salón del piso bajo de la casa de Manuel García Carballo en la carretera de Pontevedra a Cangas, en cuyo piso principal ha de instalarse también próximamente la Escuela de niños de la misma parroquia de Ceta. Lo ruego que haga las gestiones necesarias, a fin de que se autorice el traslado provisional de que se trata. Dios gue.a Vd. muchos años.  
Buen 31 Marzo de 1927.

AMB - Carpeta 347/2

Ante este cambio o informe do Delegado Governativo á Inspección di que *“reúne boas condicións de luz, ventilación e capacidade faltándolle retrete, poñer varanda da escala de subida e pintar a parede de madeira...”*<sup>117</sup>

A matrícula era antes do 14 de abril de 1931, de 68 alumnos. No curso 1932 esta matrícula chegaba aos 74 rapaces.

José García era tío de Alfredo e Luciano García Alén, relevantes persoeiros estudosos da cultura galega.

Aparece na relación coma socio fundador da “Casa do Mestre”. En maio de 1934 hai eleccións da primeira xunta directiva e de distintas seccións organizativas. El é nomeado Secretario da “*Sección de veladas e festas*” e en xaneiro de 1936 vogal da “Sección de Iniciativas”.

José García Hermida cesa obrigatoriamente, ata que se resolva o expediente governativo, o 31 de agosto de 1936.

---

<sup>117</sup> AMB-Carpeta 347/2.

O 1 de decembro de 1936 o alcalde reincorpóroa como mestre propietario da escola de nenos de Cela .

En virtude do expediente de depuración, impuxéronlle (abril de 1940) a pena de emprego e soldo polo tempo que estivo suspendido así como o traslado de escola dentro da provincia e outras




1928-Escola de Cela de José García Hermida


inhabilitacións para cargos en institucións culturais e de ensinanza por un período de dous anos.

Consecuencia disto cesou en Cela o 6 de novembro de 1940 pois foi trasladado á escola de Barreiras en Salvaterra do Miño.

**Notificación á alcaldía da resolución do  
Expediente de depuración de José  
García Hermida**




### ➤ Manuel Rodríguez Busto



Toma posesión da vacante que deixaba de forma obrigatoria José García Hermida, o 16 de setembro de 1936. Faino en calidade de provisional interino (cun soldo de 3.000 ptas/ano). Cesa o 30 de setembro de 1936.

### ➤ Antonio Portela Areal



Antonio Portela era irmán do cura de Cela, e durante o ano 1939 Antonio viviu un tempo na casa Reitoral e, posteriormente, no lugar de A Torre onde posuía unha casa.


Solicitou recoñecemento como soldado na guerra polo que lle concederon a Medalla da Campaña que *“poderá ostentar sen que haxa necesidade de que saia no Diario Oficial”*.

Logo dunha excedencia reingresa ao servizo activo con destino como mestre provisional na escola mixta de Ons. Permanece en dita escola desde o 15 de maio de 1940 ata que puido pedir a vacante de Cela onde toma posesión coma propietario provisional o 19 de setembro dese mesmo ano. Cesará o 31 de decembro de 1943 para pasar á escola de Aldán.

### ➤ Manuel Fernández Fernández

No listado do Concurso Xeneral de Traslados de mestres do 7 de agosto de 1943 (BOE nº 219 do 7-8-1943, páx. 1716) sae que desde Benidorm (Alacante) vén destinado para Cela-Bueu Manuel Fernández. Mais non hai constancia documental de que ocupara a escola dado que nin a alcaldía nin a Xunta Local o mencionan, estando clara a toma de posesión e cese doutros mestres por esas datas. De vir con destino definitivo só podería ter exercido do 1 de xaneiro ao 25 de febreiro do 1944 pois antes e despois a praza estivo cuberta por outros mestres.

➤ **Emilio Fernández Rodal**




Toma posesión como mestre provisional dos nenos de Cela o 26 de febreiro de 1944 e cesa o 7 de maio de 1944 porque se lle concede unha licenza por asuntos propios de tres meses. Logo volve á escola o 9 de agosto de 1944 na que estará ata o cese o 16 de febreiro de 1945.


➤ **Antonio Soto-Quiroga Crespo**



Substituíndo un permiso de tres meses de Emilio Fernández é nomeado como mestre interino de Cela o 5 de maio de 1944, da que tomou posesión tres días máis tarde. Cesará pola volta do titular o 8 de agosto de 1944.




➤ **Juan Luís Silva Galván**



Toma posesión 1 de marzo de 1945 e cesa o 30 de setembro de 1946.


➤ **Eugenio Roldán Mejuto**



Procedente de Lomil (Pontevedra) toma posesión como propietario da escola de nenos de Cela o 2 de outubro de 1946 e cesa o 13 de setembro de 1950 por ser nomeado para Soutomaior en virtude da permuta que fixo con Francisco Agulla.

➤ **Francisco Agulla Rodríguez ‘Pacheco’**  
(Bueu 9-2-1914/+8-7-1962)

Trala permuta con Eugenio Roldán cede a clase de Soutomaior para tomar posesión como propietario da escola de nenos de Cela o 14 de setembro de 1950 (cun soldo de 9.600 ptas/ano).



A escola segue na casa alugada a Manuel García Carballo no lugar de Parapía (por estas datas: A Torre nº 3).

Depurado en agosto do 1936, posteriormente encarcerado na illa de San Simón, imputado no Tribunal de Responsabilidades Políticas da Coruña e indultado en 1941.

No Libro de Visitas da Inspección Educativa de 1951 a 1964 todos os informes de Francisco Agulla son moi favorables e resaltan o



**Escola de Francisco Agulla Rodríguez no curso 1954/55**

*Foto cedida por David Cabodevila Fariña*


traballo deste mestre na escola de Cela. Transcribo un a modo de exemplo: “*Como resultado da visita guiada no*



*día da data á Escola de nenos de Cela en Bueu, a Inspección felicita ao mestre D. Francisco Agulla Rodríguez polo meritorio labor que*


*realiza á fronte da mesma e polos excelentes resultados que obtén na ensinanza: é un mestre no sentido exacto da palabra.*

*Cela, 11 de febreiro de 1953“*



O día 31 de xullo de 1962 faise unha dilixencia de cese por ter falecido o día 8 dese mesmo mes.

#### ➤ Rafael Rodríguez Durán




Toma posesión como mestre interino da escola de Cela toma posesión o 20 de setembro de 1962 (cun soldo de 16.920 ptas/ano) cesa o 31 de xaneiro de 1963 por ser nomeado propietario provisional na mesma escola con data de 1 de febreiro. Cesará de forma definitiva ese mesmo ano ao rematar o curso, o 31 de agosto de 1963.

#### ➤ Antonino Sarandeses Martínez



Accedeu, por concurso xeral de traslados, á praza de mestre propietario da escola de nenos de Cela en Parapía, da que toma posesión o 1 de setembro de 1963 (cun soldo de 26.680 ptas/ano).



Exerceu como xuíz de Paz no xulgado de Bueu.

Desde o 11 de setembro de 1971 que comezou a súa actividade no novo Grupo Escolar de Cela, estivo como director do mesmo ata o curso 1988-89, ano da súa xubilación.

## «Escola de nenas de Cela»

A primeira referencia do que sería escola de nenas de Cela era “escola mixta e incompleta” e foi creada en 1881. Os seus inicios foron dificultosos para atopar un local axeitado. Aínda no mes de maio e xa coa mestra adxudicada estaban con dúbidas de se situala no lugar de A Torre ou no lugar de O Torrón, onde houbera outra escola facía tempo. Finalmente, a Inspección Educativa decántase por autorizala (26-6-1881) no lugar das Castiñáns. Pero este ‘baile’ da escola non parou aquí xa que ao iniciar o curso seguinte (26-11-1881) fíxose no lugar de A Gándara.



### ➤ Manuela Soage Abal (A Pedreira-Bueu 1-11-1865)

A primeira mestra nomeada será a bueuesa Manuela Soage Abal que con 16 anos se fai cargo como interina desta escola o 30 de abril de 1881, cun soldo de 275 ptas/ano e 68,75 ptas de dotacións para material.

Mais o 30 de outubro de 1881 foi nomeada polo Reitor da Universidade coma propietaria da mesma escola Francisca Frieiro Aboy, que se fixo cargo da mesma. Manuela Soage pretendeu, en balde, facer valer o convenio que tiña co concello para rexentar interinamente a escola de Cela.

Dous anos despois, ao cesar Francisca Frieiro, Manuela volve a tomar posesión da escola incompleta de Cela e faino ante o alcalde Jaime Bolívar, o 1 de decembro de 1883.

Manuela durante un tempo segue a reivindicar o status como muller na escola; a cualificación de incompleta a completa da escola etc.

Se nun principio estaba coma interina, o 9 de febreiro de 1885 toma posesión da escola na Gándara coma propietaria.


O 23 de xullo de 1892 casa co bueués Francisco Garrido Pereira, propietario dunha fábrica de salga.

Será a partires do 14 de setembro de 1896 cando toma posesión da escola, agora completa, de Cela. Escola que por esas datas está no lugar de O Torrón.

En decembro de 1899 concédeselle unha licenza de 45 día para atender á súa saúde e admítese coma substituta a María Taboada. Ao longo dos seguintes anos a escola estivo dirixida por distintas profesoras, entre as que se alternaba Manuela Soage: do 1901 ao 1911 estivo substituída na escola por Teresa López González, no 1917 por Amelia de la Torre Rúa etc.

O 1 de novembro de 1925 cumpre os 60 anos de idade e máis de 40 de servizo polo que solicita a xubilación como mestra de Cela.

#### ➤ Francisca Frieiro Aboy



No local escola do lugar de A Gándara o alcalde Narciso Galup Vergés da posesión da escola incompleta de nenas de Cela a Francisca Frieiro o 26 de novembro de 1881. Estará rexentando esta escola ata novembro de 1883 que cesa por ter que trasladarse a Pazos de Borbén. A súa última actividade nesta escola, o 30 de novembro, foi asinar o inventario do material da mesma.

#### ➤ Teresa López González (Bueu 7-2-1880/Bueu +17-5-1953)

En sesión da Xunta Local, lese o informe da baixa por imposibilidade física da mestra Manuela Soage e a aceptación da súa substituta, Teresa López González, que recibe o 30 de decembro de 1901 o título de substituta persoal da escola completa de Cela cunha dotación de 312 ptas/ano máis complementos legais.

Ao longo de 1904 participa nunha subscripción popular para axudar a un veciño que debía ser operado en Santiago. A súa actividade




*Teresa López*

docente tamén é recoñecida como a felicitación que lle deu a Xunta local no mes de decembro polos bos resultados nos exames que acadaron as súas nenas de Cela. En 1908 repetíronse as gabanzas por parte da Xunta o que fai que pida se lle conceda tamén “un voto de gracia” (que para moitos efectos da súa carreira docente lle sería máis útil). Voto que posteriormente concedeu a Xunta Local.

En xullo de 1909, nun informe da Xunta Local sobre as súas escolas, podemos constatar que reportou a superficie e o volume destas. No caso da de nenas de Cela cunha asistencia aproximada de 36 alumnas: Superficie= 36m<sup>2</sup>; Volume= 100 m<sup>3</sup>.

O 4 de xaneiro de 1911 faise efectiva a petición de Teresa López para o seu cese por obter en propiedade a escola dunha aldea de Lalín (Botos).

### ➤ Amelia de la Torre Rúa




Substituta en varias ocasións de Manuela Soage Abal na escola de Cela. A primeira toma de contacto coa escola foi a finais do curso 1910/1911, pois é ela a que cunha matrícula de 45 nenas asina a Memoria de fin de curso. Xa iniciado o curso, o 27 de setembro de 1911, volve a tomar posesión da escola operación que repite o 2 de maio de 1917 (segue a substituír a Manuela Soage<sup>118</sup>). Amelia cesa o 30 de xuño de 1918 por ser nomeada para ocupar outra escola en propiedade na provincia de A Coruña.

---

<sup>118</sup> Manuela Soage como titular da escola cobra 1000 ptas/ano, Amelia de la Torre como substituta 500 pts/ano.

➤ **M<sup>a</sup> Luz Domínguez Búa** (Bueu 20-7-1895/Bueu +16-3-1942)




Dende o 1 de agosto de 1918, que toma posesión da escola nacional de Cela (dotada con 500 ptas/ano).

A súas queixas son constantes en relación ao local (*“reducido e de malas condicións hixiénicas”*), ao escaso do material escolar, á longa distancia do domicilio á escola etc. pero, sobre todo, polas dificultades derivadas da irregularidade de asistencia do alumnado, porque *“é lamentable a constante afección dos pais, en ocupalas nas tarefas agrícolas, descoitando deste xeito a obriga que teñen de velar pola instrución das súas fillas, máis aínda tropezando con todos estes inconvenientes conto cun pequeno grupo de alumnas avantaxadas”*.

O 9 de xaneiro de 1921 renuncia á substitución da escola alegando motivos de saúde. O cese definitivo daránllo o 31 de xaneiro dese ano.

➤ **Hermosinda Pazos Casal**



Toma posesión da escola de nenas de Cela o 7 de febreiro de 1921. Desde o comezo das vacacións de Nadal de 1921 e durante uns meses estivo a escola pechada, ata que volveu a tomar posesión da mesma Hermosinda. Consecuencia disto é polo que di na Memoria: *“en cuxo tempo as nenas esqueceron gran parte dos coñecementos que tiñan adquiridos, baixo a dirección da anterior profesora”*. Con isto xustificaba os resultados negativos que as nenas estaban a levar nos exames semestrais.

En outubro de 1924 ten 57 alumnas matriculadas. Cesa o 11 de decembro como substituta e volve a tomar posesión da mesma escola ao día seguinte como propietaria<sup>119</sup>.

Unha vez máis Hermosinda, como a maioría do profesorado, ten que reclamar polo estado da escola. A consecuencia dunha

---

<sup>119</sup> Estas posesión e ceses reiterados son para adaptarse aos procedementos administrativos dos respectivos titulares e das mesmas substitutas.

reclamación que realiza xunto a outras compañeiras á Inspección educativa polo estado da casa-escola e da habitación alugada a Manuel Pazos Martínez, o inspector, con data 15 de decembro de 1926, avisa ao alcalde de que ten un prazo de 15 días para buscar un novo local para a escola de nenos e para a de nenas de Cela, pois non reúnen as condicións axeitadas, tendo en conta ademais que a de nenos aumentou a súa matrícula e na actual é imposible dar clases.

O 2 de marzo de 1927 Hermosinda Pazos Casal cesa da escola de nenas de Cela.

➤ Florentina Fernández Gayol



Toma posesión da escola de nenas de Cela cun soldo anual de 3.000 pesetas, o 3 de marzo de 1927.

Quince días despois envía un oficio á Inspección Educativa solicitándolle suspenda as clases polo mal estado da instalacións da escola. O alcalde chega a un acordo co propietario para o arranxo da mesma polo que o 21 de marzo acórdase suprimir as clases para iniciar as obras e así evitar problemas de accidentes cos nenos, xestionándose un local alternativo.


O 19 de abril do 1927 ao trasladar o material a unha nova escola, Florentina observa o pésimo estado do local, polo que informa ao alcalde para que se faga cargo. Reunido o pleno o día 27, aceptan reparar o mesmo.

O 22 de outubro de 1927, para evitar o contaxio de tose ferina entre os nenos dos que hai 6 casos que teñen que ser illados, clausúrase a escola

O curso 1927/1928 comeza en setembro con 93 alumnas cunha asistencia media de 60 a 80 diarias (excepto en abril e maio que diminuíu). A final de curso xustifica que non fai a exposición dos traballos escolares porque non acoden a mirala máis de media ducia de persoas.

Nomeada como mestra en propiedade para a escola de Valdepareas, parroquia do concello de El Franco (Asturias), o 1 de setembro de 1928, dende onde solicita ao alcalde de Bueu o seu cese da escola de Cela con data de 4 setembro de 1928.

➤ **Modesta Bará de González** (Pontevedra 1896)



Tomou posesión o 4 de outubro de 1928 e cesa o 30 de abril de 1929 por ter que tomar posesión da mesma Elisa Josefa Iglesias Bouzas.

➤ **Elisa Josefa Iglesias Bouzas** (Pontevedra 1905)

Toma posesión en propiedade da escola de nenas de Cela o 30 de abril de 1929, cun soldo de 3.000 ptas/ano.

En marzo de 1932 ten 76 alumnas de matrícula, cinco máis que antes do 14 de abril de 1931, tiña 71 alumnas.


A 31 de agosto de 1934 é nomeada mestra en propiedade da escola de Combarro nº 2 de Poio, polo que cesa na de Cela.

➤ **Eugenia Domínguez Fernández** (Bueu 14-1-1895/+12-5-1983)



Eugenia Domínguez estivo como mestra de nenas de Bueu en distintos momentos.

Deixando a escola que rexentaba en Ventín-Fornelos de Montes volverá a Bueu, pero á escola de nenas de Cela. Finalmente rematará a súa vida laboral onde comezara, como titular da escola completa de nenas nº 1 de Bueu.




Toma posesión en Cela o 12 de xaneiro de 1934. Suspendida de emprego e soldo o 31 de agosto de 1936. O seu expediente resolveuse bastante rápido pois o 5 de decembro xa levantaran a suspensión.

Logo dunha pequena licenza por enfermidade, o 12 de xaneiro de 1938 reingresou e foi confirmada de novo como mestra propietaria de nenas de Cela. Ese mesmo ano formaba parte da Xunta Local.

En 1944 substitúea nunha licenza a profesora, tamén de Bueu, Catalina Puig Davila<sup>120</sup>.


En 1945, Eugenia Domínguez reincorpórase á fronte da escola de Cela, no Igrexario, na que exercerá ata o seu cese o 31 de agosto de 1951, ano do seu traslado á escola de Bueu.

➤ **Elena del Río Novás**




Toma posesión como mestra provisional interina para a escola de nenas de Cela o 12 de setembro de 1936 e cesa o 6 de decembro dese mesmo ano.

➤ **Matilde Piñeiro Agrasar**



Toma posesión como interina das nenas de Cela o 4 de setembro de 1951 para cesar o 31 de agosto de 1952.

➤ **Herminia Cid Arribas**



Toma posesión como propietaria da escola de nenas<sup>121</sup> de Cela o 1 de setembro de 1952 (soldo de 12.480 ptas/ano máis complementos legais).

Desde o 25 de novembro de 1927 a escola estaba localizada no Igrexario, na casa de José Pazos Loveira (seguíu no 1949) e posteriormente pasaría por herdanza a Manuel Pazos (1957) e outros. E todo a pesar de que en outubro de 1957 estaba xa construída a unitaria do Torrecino (Igrexario-Cela) pero non se daban clases nela.

---

<sup>120</sup> O feito de facer poucas substitucións era porque se dedicaba ás tarefas familiares e á súa escola privada; só acudía se llo pedían con moito compromiso.

<sup>121</sup> Aínda que ela tiña algún neno da zona, pois a mixta e a de menos quedaba lonxe (as dúas na estrada de Bueu a Pontevedra).

En marzo de 1957 preséntase na alcaldía unha denuncia do garda municipal contra a mestra Herminia Cid Arribas (da escola de Cela-Igrexario) por “*faltas reiteradas a dar clase*”. Esta envía escrito xustificando as faltas por enfermidade, confirmando que foran postas en coñecemento da Inspección educativa e que sempre deixou persoa capacitada para que a substituíra. O alcalde envía informe da situación ao inspector

educativo o que xera que se sexa aberto un expediente gubernativo á mestra: A inspección manda interrogar a 12 pais, a chou, para informarse sobre a ausencia da profesora. Declina o alcalde preguntarlle aos pais á vez que di: “*agregando agora que a Sra Cid Arribas como mestra, merece bo concepto*”.

Tivo que ser a propia inspección a que fora a falar coas familias, non quedando constancia de resolución xa que ao parecer cumpríranse todos os requisitos.

Herminia Cid pouco antes da xubilación e durante un período curto de tempo, daría clases na escola do Torrecino-Igrexario.

### ➤ Celsa Araujo Lorenzo

Celsa Araujo estivo de mestra na unitaria nº 1 de Aldán-Cangas e no curso 1968/69 daba clases na unitaria de nenas de Cela, no lugar de Torrecino.

### ➤ Purificación Acuña Touriño

Mestra da unitaria de nenas do Torrecino-Cela durante os cursos 1969/70 e 1970/71. Logo pasará ao grupo de Cela.



*Escola de Herminia Cid Arribas no Eirado de Cela  
Cedida por Elvira Rosales Franco*



*1971-Escola de Pura Acuña Touriño  
Cedida por Manuel Verde*



### «Escola mixta de Castrelo-Cela»

En repetidas ocasións propúxose por parte do concello e da Xunta Local de Ensinanza a creación de escolas mixtas para completar o abano educativo nas diversas parroquias de Bueu. Exemplo claro disto o temos no Pleno Municipal do 26 de outubro de 1925 onde se propón a creación de dúas escolas mixtas: unha no Valado e outra en Castrelo (Cela). O 5 de novembro de 1925 a Xunta Local, en reunión extraordinaria, aproba dito acordo e faino seu instando á alcaldía a solicitálas. Así se fixo, pero habería que esperar algo máis dun lustro para que aparecese na Gaceta<sup>122</sup>. Uns meses despois, 31 de decembro de 1931, o alcalde solicita da Dirección Xeral a rehabilitación da escola mixta de Castrelo-Cela porque a súa creación fora anulada por unha Orde do 9 de decembro. A solicitude deu os seus froitos xa que o 18 de febreiro de 1932 levantouse acta definitiva da mixta de Castrelo-Cela atendida por unha mestra.



#### ➤ M<sup>a</sup> del Carmen Toubes Barca

Toma posesión como interina o 12 de marzo de 1932. En decembro dese ano manda oficio ao presidente do Consello Local dicíndolle que non lle é posible facerse cargo das clases de adultos: tiña matriculados 6 nenos e 2 nenas de 14-18 anos.


<sup>122</sup> Gaceta do 5 de xullo de 1931 n° 186 páxina 163.

Cesa na escola de Cela o 28 de xuño de 1934 por ser destinada para Froxán (Lalín). Posteriormente volvería ao Morrazo, con destino en Tirán-Moaña e casaría en Pontevedra (en 1936) co médico José Martínez Rivas.

➤ **Manuela Barbazán Ramos**

Obtivo o título de mestra da Normal o ano 1929 e en 1930 imparte clases en Bergondo-Santiso. No Consello Provincial da Primeira Ensinanza na sesión do día 28 de xuño de 1934, entre outras disposicións, vén de nomear mestra interina de Castrelo-Cela a Manuela Barbazán Ramos como cursillista procedente da promoción de 1931.

➤ **Julia Cardellá Cortegoso**



Toma posesión como mestra propietaria da escola mixta de Castrelo-Cela o 13 de xullo de 1934.

En 1949 a escola seguía localizada en Castrelo na casa de José Freire cun aluguer de 275 ptas. A mestra carece de vivenda e vese obrigada a vivir nun cuarto que hai para cambiarse de roupa na propia escola. Para facer a comida usa unha pedra que ten nunha habitación aparte da casa e, mesmo por utilizala ten que pagar ao propietario. Vive nesas condicións tan precarias e antihixiénicas por non ter atopado casa coa gratificación que daba o concello (Indemnización de 800 ptas/ano) e mesmo reconece que ese sacrificio era a única forma de non prexudicar á ensinanza.


Julia Cardellá cesa o 31 de agosto de 1954 por ser nomeada por concurso para Macenlle-Marín. Poucos meses antes, por Orde Ministerial de 21 de maio de 1954 (BOE do 15-6-1954) creárase con carácter provisional a Escola Mixta de Cela, Mixta de Meiro e Valado-Ramorta

*Pontevedra*

ORDEN de 21 de mayo de 1954 por la que se crean provisionalmente las Escuelas Nacionales de Enseñanza Primaria que se detallan.

Una Escuela mixta servida por Maestra en Valado y Ramorta; una unitaria de niños, en Beluso; una Escuela mixta servida por Maestra en Meiro, y una Escuela mixta servida por Maestra en Cela, del Ayuntamiento de Bueu.

➤ **Amalia Álvarez González**



Tomou posesión como provisional o 27 de setembro de 1954 e cesa o 31 de agosto de 1955 para volver tomar posesión ao día seguinte pero como propietaria da mesma. Accedera a esta praza concursando na quenda de consortes cun soldo de 12.500 ptas/ano.

A escola estaba localizada ao carón da estrada Bueu-Pontevedra no lugar Castrelo coñecido por Bouzón ou a 'Cartería'<sup>123</sup>. Na casa, a escola ocupaba o primeiro andar.

Cando as escolas como a súa se concentraron nos Grupos escolares en 1971, ela pasou a formar parte do claustro do Colexio A Torre – Cela ata a súa xubilación.



*Escola de Amalia Álvarez González en Castrelo-Cela*

---

<sup>123</sup> Porque na parada do autobús regular era onde deixaban as sacas do correo para repartir na zona.

V

Escuelas Públicas  
de Instrucción  
Primaria  
Zona: Ons





## «A escola da Illa de Ons»<sup>124</sup>

*‘Coa excepción de momentos moi puntuais, o abandono por parte das institucións do estado ao longo de todos os períodos nos que a illa de Ons estivo habitada é algo que a memoria e a historia confirman.*

*Unha desas poucas ocasións que nos consta que si se preocuparon foi na primavera do ano 1915 xa que os concelleiros de Bueu puxeron o foco na educación e marcaron en positivo o futuro de varias xeracións de insulares.*

*A modo de homenaxe a toda a comunidade educativa da illa (rapaces, pais, mestres, institucións etc.) que fixo posible acender ese outro faro “do saber”, imos facer un pequeno percorrido polo nacemento da primeira escola así como polos docentes que deixaron pegada na memoria da illa e dos insulares realizando unha parada biográfica nun deses mestres como é Joaquín D. Fernández Cambeiro.*

## «Creación da escola de Ons»

A partires do mes de marzo de 1964 emitíuse na Gaceta<sup>125</sup> do 12 de maio de 1915 aparece unha Real Orde do día 10 dándolle aos concellos do estado un prazo de corenta días para solicitar a creación de escolas con cargo aos presupostos do Estado. Isto fai que o alcalde de Bueu, José Rodríguez Estévez, o poña na orde do Pleno Ordinario a celebrar o 13 de xuño. Pleno que se tivo que celebrar, por indisposición do alcalde, baixo a presidencia do 1º Tenente de alcalde Miguel Nogueira Fraguas<sup>126</sup> e no que deciden a conveniencia de aproveitar esta oportunidade *“para pedir, en primeiro lugar a creación dunha escola para a Illa de Ons que carece de todo centro de ensinanza e*

---

<sup>124</sup> Baseado no artigo que me foi publicado no nº 20 da revista Aunios en maio 2015. Agora, con algunha actualización e corrección.

<sup>125</sup> Equivalente ao actual Boletín Oficial do Estado (BOE) ou ao Diario Oficial de Galicia (DOG)

<sup>126</sup> Xa fora dúas veces alcalde e aínda o sería dúas veces máis.

*conta xa cunha poboación de douscentos setenta e seis habitantes e unha de nenas para Beluso [...] Con respecto a esta última escola terá que pedirse a creación dunha escola mixta desempeñada por mestre ou por mestra segundo o que lles pareza mellor. Polo de ter que embarcar e vivir alí parece que sería mellor mestre; pero polas conveniencias da veciñanza acaso sexa mellor mestra”. Infórmase que para poder solicitálas precísase ofertar ao Estado aulas e vivendas para os mestres así como material para as novas escolas. E “respecto á da Illa de Ons, isto ofrecía algunha dificultade, pois alí non existía casa buscada, pero os veciños ao saber o que se pretende ofreceron unha do Sr. Marqués de Valadares e construíron material de instalación para a referida escola, podendo, por tanto, obrigarse xa o concello a pedir a súa creación”.*



O Pleno aproba autorizar ao alcalde para asinar o contrato de alugamento co dono da casa ofertada na illa de Ons así como para tramitar os “*expedientes e eleválos á Superioridade*”.

Feita a petición dentro do prazo, seguiron cós trámites, como era dar o visto bo á casa-escola para o cal, o nove de xullo, saíron de Bueu cara a illa no barco do concelleiro Francisco Garrido<sup>127</sup> unha comisión do Concello acompañados doutras autoridades provinciais (deputado Sr. Antonio Pazos, Director da Graduada de Marín en representación do Xefe de Inspectores de Ensinanza etc.).


O encargado de mostrar a casa-escola de Canexol foi o Sr. Marcial Bernadal, arrendatario da illa. Que chegaron a un acordo favorábel para todos testemuñano as crónicas da época e o xantar con que agasallou ás autoridades o Sr. Bernadal.

---

<sup>127</sup> Outros concelleiros ademais do mencionados eran: Camilo Davila, José López, Manuel Reboiras, Manuel Lafuente, Manuel e Ramón Martínez, Antonio Amoedo e Benito Fazanes

No mes de outubro dese mesmo ano recíbese un oficio do Director Xeral de 1ª Ensinanza adiantando a creación de dúas escolas en Cangas e xa todos daban por seguro que proximamente se anunciaría á creación das de Beluso e Ons pois estivera realizaron xestións o Deputado e Director Xeral de Instrución Pública<sup>128</sup> Sr. Eduardo Vincenti<sup>129</sup>. Efectivamente sería nos primeiros días do mes de novembro de 1915 cando se publica<sup>130</sup> oficialmente a creación de cinco escolas na provincia de Pontevedra, das que correspondían dúas para Bueu: unha de nenas para Beluso e outra de nenos para a Illa de Ons. Xa todo estaba en marcha: confirmación oficial, casa-escola elixida, censo de nenos... só faltaba a figura do mestre.

➤ **Antonia Novoa Suárez**



Ese mesmo ano convócase un Concurso Xeral de Traslados<sup>131</sup>. En Galicia o concurso resólvese o 21 de xaneiro de 1916, data coa que o Reitorado envía a lista á “Gaceta de Madrid” para que sexan publicadas e así confirmadas oficialmente. Nesa relación aparece xa cuberta a escola da Illa de Ons solicitada por Dona Antonia Novoa Suárez. Pero na mesma comunicación oficial decatáronse de que a creación da escola era “de nenos” ou sexa para ser desenvolvida por un mestre polo que aconsellaba “*anular o nomeamento e dar outra escola á opositora señorita Antonia Novoa, que foi quen a elixiu*”.

Esta decidida mestra facendo caso omiso a calquera recomendación presentouse días despois, 12 de febreiro de 1916, no concello de Bueu para tomar posesión<sup>132</sup> da escola de Ons. O alcalde en funcións Miguel Nogueira Fraguas asesorado polo Secretario

---

<sup>128</sup> Con funcións do que coñecemos actualmente coma “Ministro de Educación”.

<sup>129</sup> Xenro do que fora presidente do goberno Sr. Eugenio Montero Ríos e con grandes “amigos políticos” en Bueu.

<sup>130</sup> A creación foi por Real Orde de 20 de outubro e publicado no B.O. do Ministerio do 5 de novembro 1915.

<sup>131</sup> Para que os mestres poidan escoller escola por orde de puntuación persoal na escala profesional.

<sup>132</sup> Era preceptivo antes de exercer nunha escola.

municipal asina unha “Acta negativa de posesión” de tal xeito “*Na Consistorial de Bueu, a 12 de febreiro de mil novecentos dezaseis, ante o Sr. Alcalde 1º Tenente en funcións Miguel Nogueira Fraguas e meu secretario compadeceu Dª Antonia Novoa Suárez con obxecto de tomar posesión da escola mixta de Ons, a favor da que se recibiu nesta dependencia o correspondente título, expedido polo Reitorado en dez do actual polo que se acredita foi nomeada en virtude de oposición, quenda libre, con un soldo anual de mil pesetas.*

*Examinados os antecedentes relativos á creación desta escola, resulta que por R. O. de 20 de outubro último, publicado no B.O. do Ministerio de 5 de novembro, foi creada para ser servida por mestre, de conformidade co solicitado, sendo considerada na relación publicada na Gaceta de 22 de decembro na que se asigna a gratificación que lle pertence pola clase de adulto.*

*Comprobado pois, que existe un erro ao efectuarse este encubrimento, polas razóns expostas, esta presidencia, gardando o acatamento debido, considérase no deber de non dar posesión á Dª Antonia Nóvoa Suárez, ínterin non resolva o caso a Superioridade, non obstante o cal haberá de ser considerada para os demais efectos, presentada con esta data para tomar posesión.*


*Co cal estende a presente, da que se dimanan as correspondentes copias, asinando a interesada despois do Sr. Alcalde, de que notífico.”*

Antonia Novoa Suárez, a pesar de todos os contratemplos, tivo a titularidade da súa praza en Ons ata que se resolveu o conflito e é, polo tanto, a docente que ten a honra de ser a primeira mestra “oficial” da illa de Ons.

Tomando o Reitor do distrito Universitario de Santiago cartas no asunto decide nomeala (4-4-1916) como mestra para escola de nenas de Pesqueiras en Salvaterra cunha dotación de 1.000 pesetas e coa antigüidade da súa presentación na alcaldía de Bueu.

Uns días despois toma posesión, como mestre interino de Ons, Víctor Manuel Barbosa Barros.

## ➤ Víctor Manuel Barbosa Barros



Toma posesión o 8 de abril de 1916. Cun soldo anual de 500 pesetas, a metade do que cobraría o titular na illa de Ons. Cesa o 24 de agosto de 1916 para ir por concurso a unha escola de Vitoria.


Imaxinamos a grande dificultade para iniciar un labor docente poñendo os alicerces a unha nova Comunidade Educativa ao que habería que engadir, nun medio difícil, de grandes carencias, con longas tempadas illado etc.

*“En Canixol atópase a antiga casa de labor convertida agora en local da escola nacional, con piso alto á beira do mar, flanqueada por dous hórreos de labrada pedra, e ao fondo...”*<sup>133</sup> Os únicos libros cos

que se atopou na escola eran 12 exemplares<sup>134</sup> de *“El libro de las Escuelas”* de *“recoñecida utilidade nacional e mandado adquirir polo Ministerio”*.




## ➤ Ángel Sanmartín Lorenzo



Un ano máis sería un mestre interino o que ocupase a escola de Ons, este chamábase Ángel Sanmartín Lorenzo. Toma posesión o 16 de outubro de 1916 e cesa o 24 de novembro de 1917.

## ➤ José Juan Piñón Mouriño



Sería coa posesión o 25 de novembro de 1917 cando accede como mestre definitivo da illa de Ons, dende agora *“escola mixta”*, José Juan Piñón Mouriño<sup>135</sup>, ao que anos

---

<sup>133</sup> Salustiano Portela Pazos, 1954 p.68

<sup>134</sup> Dos 25 que mercara o concello en Marín para repartir entre as escolas recentemente creadas de Ons e Beluso.

<sup>135</sup> Comezou cun soldo anual de 1000 pesetas para pasar a 3000 no 1924.

antes se lle adxudica o título de mestre da “Fundación Montero Ríos”. O seu período docente na illa foi bastante longo (1917-1924), mais ao non vivir permanentemente na illa<sup>136</sup> axudaba a que a inverniá provocase un absentismo endémico cuxo efecto negativo se vía incrementado polas ausencias dunha grande parte do alumnado para realizar traballos de apoio á familia sobre todo na época da sementeira, da recolleita etc.

A el toucoulle vivir o cambio de propiedade da illa, así como tempos duros de pelexa e enfrontamento dos colonos co Sr. Riobó como dono da illa. Tamén da claudicación humillante ante as demandas impostas por Manuel Riobó que en “compensación” *“lles outorga o perdón solicitado, condicionándoo ao cumprimento exacto dos deberes e obrigas [...] non só no que concirne aos contratos de arrendamento, senón principalmente gardando obediencia, respecto e consideración ao Sr. Riobó [...] que poñerá da súa parte todo o posible, a fin de conseguir o culto e a ensinanza na Illa, para que nunca poida dicirse, que alí se deixan criar sen educar, xeracións de seres dexenerados”*<sup>137</sup>.

En 1922 tiña unha matrícula de 98 alumnos. Queixándose na Memoria do curso 1921-22 de que cando tiña maior asistencia (xuño-xullo) o local non tiña capacidade suficiente para conter ao alumnado con relativa comodidade (pois só mide 5,80 x 4,93 x 2,25 m)

A escola no curso 1923-24 estivo de reformas polo que o tempo de clases foi máis curto a pesar do cal houbo unha exposición de “Fin de curso” cos exercicios escritos realizados polos alumnos á que invitou formalmente á Xunta Local de Ensinanza. Do todo o alumnado a mellor queda reflectida *“pola súa asiduidade, aplicación é María Otero López, filla de Marcelino e Matilde, pois a pesar de ser a encargada do pastoreo do gando dos seus pais, nin unha soa falta...*

---

<sup>136</sup> No consta nos censos de 1917, 1921 e 1924

<sup>137</sup> Artigo sexto na “Acta de Conciliación de Manuel Riobó e os colonos daquel territorio, pola que recoñeceron estes como dono absoluto de dita Illa ao Sr. Riobó” 30 de novembro de 1921 ante o Xulgado Municipal de Bueu.


*e conseguiu co seu esforzo persoal, nos escasos días que durou esta segunda etapa do curso, pasar ao segundo grupo do primeiro grao...”*

Tense constancia da presenza na escola de Ons do mestre de Cela, Segundo Filgueira Argibay o 1 de xaneiro de 1924, pero descoñezo o motivo.

José Piñón toma posesión na mesma escola o 25 de agosto de 1924, con efectos do 1 de xullo. A mediados de outubro ten unha matrícula de 68 alumnos e di que o local da escola ten as condicións axeitadas.


Poucos meses despois decide “asentarse en terra” e participa no Concurso Xeral de Traslados de 1924 no que se lle adxudica a escola da Magdalena-Darbo, polo que cesa en Ons o 14 de novembro de 1924. En Darbo estará pouco tempo pois falecía o 22 de maio de 1926, aos 31 anos de idade.

#### ➤ José González González



A escola de Ons foi dada con carácter interina a José González González ata que no xullo de 1925 lle foi asignada como titular definitivo a Aquilino Pérez Rojo. Pero, unha vez máis, os fados crúzanse con esta escola, e ten que anularse o nomeamento por falecemento do titular e ser colocado de forma provisional, á espera de adxudicación por concurso, a Ricardo Portela Pazos e logo ao mestre Sr. Fidalgo. Mais, a pesar disto, será José González González o que inicie e remate os cursos dende o 18 de novembro de 1924 ata 1927 e o que asine as memorias dos cursos. Interesante para coñecer algo máis do absentismo escolar é o que dicía na memoria do curso 1925-1926: *“Cunha matrícula de 75 alumnos e unha asistencia de 30 soamente. A asistencia aumentou algo nos últimos días de setembro, baixou de novo en novembro, volveu a subir en xaneiro, mantívose máis constante ata mediados de abril e descendeu logo notablemente. As oscilacións obedecen ás necesidades do traballo no campo e na pesca... Non é fácil que os nenos fagan progresos cando asisten un*

*mes, faltan enseguida quince días e así sucesivamente ... case todos os nenos desaparecen da escola aos nove ou dez anos, senón totalmente, por moi longos períodos de tempo durante o curso... O obstáculo principal é a escaseza de material, libros, mesas, papel etc...“.* Non solicita “*por agora apoio ao Ministerio e Concello para cubrir esta xa que quere demostrar primeiro dúas cousas que na Escola Nacional mixta de Ons se traballa e se obteñen algúns resultados satisfactorios...”*.”



➤ **Joaquín D. Fernández Cambeiro**



E así chegamos ao mes de xullo de 1927 en que aparece publicada na “Gaceta”<sup>138</sup> a adxudicación de prazas aos mestres segundo número da oposición recentemente celebrada. Co número 231 aparece Joaquín D. Fernández Cambeiro para a mixta de Ons-Bueu (Pontevedra). Con Fernández Cambeiro, ao dicir da documentación e das testemuñas orais, o papel de mestre vese magnificado e, sobre todo, complementado co de asesor, portavoz etc. dos que carecían de todo. Tamén facía de practicante como o testemuña unha relación de nenos que envía ao concello o día de San Martiño de 1929, vacinados por el e por Manuel Riobó.


O Sr. Cambeiro estaría vivindo coa súa familia na illa, onde lle naceron tres fillos máis, ata o 11 de setembro de 1933 que marcha para escola de Tal no concello de Muros.

En canto ao local escola-vivenda de Ons, no outubro de 1930 recíbese no concello de Bueu unha instancia de Dídio Riobó

<sup>138</sup> 09-07-1927. Reprodúcese tamén no *El Diario de Pontevedra* do día 11, en *El Progreso* do 12 e no *El Noticiero Gallego* do día 18.

solicitando unha suba no prezo do aluguer da mesma. Xustificaba esta alza pola necesidade que houbo ao longo de moitos anos de mantemento daquela e que o custo disto dobrábase ao de “terra” pola peculiaridade insular. Tamén que desde que se inaugurou a escola pagábase por parte do concello 100 pesetas anuais *“cantidad insignificante que non salda a metade das reparacións”* no inmovible polo que solicita que se lle suba a 600 pesetas. A resposta é a *“imposibilidade de atender este ano o que se pide por non haber consignación suficiente”* e que no ano seguinte estudaríase o que se pode facer. No mes de xullo do 1931 hai un Pleno no que se faculta ao alcalde Jesús Prieto García para que formalice o contrato da escola mixta e casa habitación do mestre co Xerente da Sociedade Illa de Ons (Dídio Riobó) polo prezo anual de 300 pesetas.

➤ **Ramiro Fernández Pérez**



Logo de marchar Cambeiro, o 20 de novembro de 1933, nomean como o seu substituto, con carácter interino a Ramiro Fernández Pérez<sup>139</sup>. Toma posesión da escola mixta de Ons o 22 de novembro.

Rematado o curso a escola sufriu un abandono tal que o 9 de setembro Dídio Riobó remite unha carta ao alcalde indicándolle que *“non podo silenciar por máis tempo, o abandono que se contempla ao visitar a casa escola e vivenda do mestre, alugada por ese concello en Ons. Non me foi posíbel por falta de chave penetrar no seu interior, onde particularmente infórmaseme, pronto será inhabitábel. No exterior advírtese a ausencia de cristais, en todas as ventás [...] e se comprobouse este abandono, vereime na imperiosa necesidade de rescindir o contrato...”*.

Cesa na escola o 4 de outubro de 1934.


---

<sup>139</sup> No 1928 era mestre no Pósito de Tirán. Di que estivo en Ons facendo algunha substitución no curso 1932/33 e que de matrícula tiña 40 nenos, 23 nenas e 23 adultos. Estivo tamén coma suplente interino do 6-2-1936 ata o 6-5-1936 que cesa por presentarse o mestre propietario (Ramiro Moure)

### ➤ Antonio Bernárdez Barros

Procedente de Viña de Tablado de Turón (Oviedo) nomean para Ons, o cinco de outubro de 1934, a Antonio Bernárdez Barros. Mais cinco días despois tramítase o seu cese por concedérselle a titularidade dunha escola en Poio.

### ➤ Ramiro Moure Moure




Ramiro Moure era natural de Boborás (Ourense). Toma posesión oficial, 22 de novembro 1934, como mestre titular de Ons e parecía que todo comezaba a ir normalizándose. Mais o que ocorre ata o 1937 é que o titular, Ramiro Moure, pide reiteradas licenzas por asuntos propios<sup>140</sup> e ata abandona o destino<sup>141</sup>. Outro exemplo o temos logo das vacacións de Nadal de 1936 non se reintegra á escola ata o 19 de febreiro de 1937 polo que é denunciado. Nese mesmo día a inspección notificara que aínda non fora á illa de Ons a traballar. Por estas circunstancias o 18 de marzo de 1937 a Xunta Local réunese para tratar do expediente aberto pola inspección contra este mestre. Declarárono incurso polo que o Reitorado lle impón a pena quinta do Estatuto Xeral de Maxisterio coa suspensión de emprego e medio soldo durante dous meses, co reintegro dos seus haberes do mes de xaneiro. Pero tras as declaracións de 6 pais de alumnos ditaminan que non quedou suficientemente probado que pechara a escola todo o tempo mencionado; e el nese tempo solicitara unha excedencia voluntaria que lle foi concedida, polo que quedou todo en nada co seu cese oficial o 8 de abril de 1937.

---

<sup>140</sup> Como a de xaneiro de 1936 que foi por tres meses.

<sup>141</sup> Xa no ano 1935 tiña que mandar carta de xustificación de forma mensual, ao Consello Local de Ensinanza, comunicándolles que estaba “*á fronte da ensinanza desta escola de Ons*”. E en marzo de 1937 o Reitorado declarouno incurso no artigo 171 da Lei de Instrución Pública e no maio resolveuse o expediente gubernativo imponéndolle a pena quinta do entón vixente Estatuto Xeral do Maxisterio.


➤ Elías Regueira Alonso



Nos anos 1937-1939 estivo como mestre Elías Regueira Alonso. Nomeado o 26 de abril de 1937 e cesado o 4 de marzo de 1940 ao ser substituído por un “*alumno de mestre en prácticas*” chamado José M<sup>a</sup> Vázquez. Elías Regueira volveu a tomar posesión por unha semana o 10 de maio dese mesmo ano xa que se anulaban as tomas de posesións dos alumnos en prácticas para agregalos ás graduadas e unitarias da Pontevedra


De Elías, queixáronse ante o alcalde uns pais de alumnos pola súa xestión. Decatados o resto dos pais, co alcalde pedáneo ao fronte, fan un comunicado escrito dicindo que *“a escola nunca se atopou mellor atendida desde que está á fronte“* este mestre. O que *“non só se conforma con educar dentro da escola, senón que estende o seu labor educativo fóra dela dando consellos e instruindo aos pais que andamos tan necesitados como os nosos fillos... A el débese de que coas súas xestións ante o Sr. Massó, teñan os nosos fillos unha Escola fermosa e hixiénica...”* e que grazas a el *“moitos saben ler e escribir, pois as cartas que lles mandamos aos fillos que se atopan nos frontes, e que nos escribía o mestre, escríbena hoxe os nosos fillos... e se aínda quedan moitos por saber ler e escribir, é por non asistir á escola ... O único que podía queixarse, é o Sr. Mestre por falta da asistencia dos alumnos, non o fixo porque mira as nosas necesidades desde que marcharon os nosos homes novos e fortes a defender a nosa querida Patria, e os nenos son os que nos axudan no mar a gañar uns anacos de pan, e outros non podemos mandar aos nosos fillos e fillas á Escola por non ter con que cubrir os seus corpos...”* (Asinan 46 colonos)

➤ Antonio Portela Areal



O mestre Antonio Portela Areal, irmán do cura de Cela, toma posesión da escola de Ons o 17 de maio de 1940 e cesa o 18 decembro de 1940, para pasar a dirixir a escola de nenos de Cela.

➤ **Antonio Soto-Quiroga Crespo**



No curso 1940-1944 Antonio Soto-Quiroga Crespo será o substituto para todas as licenzas


ou ausencias do mestre na illa. Substituirá uns días a partires do 18 de decembro de 1940; estará como interino desde o 5 de febreiro de 1941 ata o 31 de xullo de 1942<sup>142</sup>; como mestre substituto-interino de Ons volveu a estar do 21 de febreiro de 1944 ata o 6 de marzo de 1944.

Antonio Soto-Quiroga era natural de Seixo-Marín, e comezou a exercer de mestre despois da Guerra Civil acolléndose á figura de “*aspirante excombatente a interinidades*”.

➤ **Carlos Romay Martínez**

Para o curso 1942-43 chega Carlos Romay Martínez nomeado con efectos do 1 de agosto de 1942 e cesou o 31 de decembro de 1943. Comezou a súa actividade reclamando o arranxo da escola e vivenda, ao concello, goberno civil, inspección etc. o que fixo que se interesasen por reparar as deficiencias:

- A inspección educativa, solicitando á alcaldía (8-2-1943) faga o posíbel: “Se algunha escola puidera ser obxecto de preferencia, ningunha con máis dereito que a de que se trata, por ser a única fonte de educación e cultura de que dispoñen os seus habitantes, afastados polo mar dos centros de poboación que lles permita a súa formación moral, intelectual e patriótica...”.



- O Xefe de Propiedades Militares que lle pide ao concello se faga cargo das reparacións da escola (case 4.000 ptas.) a descontar das 92,50 ptas. que paga de aluguer pola escola-vivenda.<sup>143</sup>

---


<sup>142</sup> O 15 de xuño tivo 8 días de permiso por enfermidade e deixou como substituto ao oficial de Faros, Juan Martínez Dios.

<sup>143</sup> O concello lcontéstalle que non, pola penuria pola que pasan as arcas municipais (28-6-1943)

➤ Federico Olegario Pimentel Vázquez

En decembro de 1943 o concurso de traslados adxudícalle a escola de Ons a Federico Olegario Pimentel Vázquez. Procedente de Sanxenxo toma posesión o 1 de xaneiro de 1944 cargo no que estará algo máis dun mes xa que o 5 de febreiro de 1944 acceden a poñer un substituto, a petición propia, por ser nomeado Oficial da Delegación de Abastecementos e Transportes do concello de Sanxenxo. A partires desa data non volverá a dar clases en Ons pero o seu cese como propietario definitivo o 19 de febreiro de 1944. A súa baixa oficial como mestre definitivo na illa será o 18 de outubro de 1952.

➤ Pedro Miguel Díaz Piñeiro




O 7 de marzo do 1944 é nomeado interino Pedro Díaz Piñeiro que se enfrenta a un cambio temporal de escola e casa para poder ser arraxada a de Canexol. Pero feito o traslado atópase “todo en estado inservible” e ata a casa-habitación non reúne as condicións mínimas de habitabilidade: un só cuarto, cociña económica tapada con cemento, retrete estragado, etc. Logo de varios oficios enviados ás distintas autoridades competentes fai que ata o Gobernador lle mande un oficio ao alcalde no que van as peticións de material feitas polo mestre para que as facilite o concello e “*prégolle interese aos veciños da Illa, faciliten ao Mestre designado para dita Escola os artigos alimenticios indispensábeis para a súa manutención non suxeitos a racionamento*”. As súas penurias non acaban aí xa que o 24 de abril lle comunican que debe deixar parte da vivenda para os obreiros do peirao. Quedaría cunha habitación e cociña compartida. El reclama dicindo que ten unha irmá con el, pero sen resultados. Todas as dificultades fan que ao inicio do novo curso non se presente á escola e o incapaciten por un ano para obter nova interinidade e a devolver os cartos do soldo. El pide a renuncia como mestre que lle é concedida o 31 de outubro de 1944, con efecto do 18 de novembro de 1944.

➤ M<sup>a</sup> del Carmen Daporta Oubiña

M<sup>a</sup> del Carmen Daporta Oubiña é nomeada o 1 de decembro de 1944 para o cargo de mestra interina “*para que se posesionase da escola nacional mixta de Ons que lle foi asignada por carencia de aspirantes varóns*”.

Estivo pouco máis dun mes xa que cesou o 7 de febreiro de 1945.

➤ Martín García de la Torre



Tomou posesión Martín García de la Torre<sup>144</sup> o 7 de febreiro de 1945 e cesou coma mestre de Ons o 31 de agosto de 1945.

➤ Estrella Silva González

Nos cursos 1945-1950 estivo Estrella Silva González<sup>145</sup> que loitou por conseguir unhas condicións dignas para o alumnado, mobiliario escolar etc. Nas súas notificacións lemos explicacións coma “*hai nove pupitres bipersonais, e os días de mal tempo veñen máis nenos que o dobre dos asentos [...] é triste ter uns nenos de pé mentres outros están sentados*” e, cando as consegue,<sup>146</sup> “*as mesas están feitas de tal maneira que non se poden sentar nelas. Terá que arranxalas un carpinteiro*”.

En 1949 a escola-habitación era propiedade do estado, baixo a administración da Xefatura dos Servizos de Intendencia de Vigo (aluguer 375 ptas).

O 23 de novembro de 1950 cesa porque lle concederon excedencia voluntaria por máis dun ano e menos de dez.


---

<sup>144</sup>. Natural de Vilafafila-Zamora .Estaba casado coa ourensá M<sup>a</sup> Amparo Martínez Pereira.

<sup>145</sup> Tiña 27 anos e era natural de Cambados. Gañaba 6.000 pesetas anuais.

<sup>146</sup> Ao longo do tempo recibiu 4 mesas bipersonais e un armario de pino.

➤ **M<sup>a</sup> del Carmen González Bugallo**



No 1950 estivo apenas o último mes do ano M<sup>a</sup> del Carmen González Bugallo. Cesárona o 26 de decembro de 1950 “*por ter abandonada a ensinanza, segundo escrito da Delegación Administrativa de ensinanza Provincial*”.


➤ **Federico Pimentel Vázquez**

Federico Pimentel Vázquez que cesa como propietario da escola mixta de Ons o 18 de outubro de 1952 por térselle concedida unha licenza voluntaria por un período non menor dun ano nin maior de dez.

➤ **M<sup>a</sup> Victoria Guimaré Tettamancy**

M<sup>a</sup> Victoria Guimaré<sup>147</sup> tomou posesión o 10 de xaneiro de 1951 e cesou 26 de outubro de 1955. Foi autorizada para dar clases particulares o 13 de xuño de 1953.

➤ **Carmen Vázquez Rubianes**



Carmen Vázquez Rubianes, vilagarcía que chegou a Ons con 22 anos, o 27 de outubro de 1955, onde viviu ata o 25 de setembro de 1956.

Mais en canto a escola propiamente dita hai unha data referente, 28-10-1955, na que o Pleno do concello, dirixido por José M<sup>a</sup> Massó García, “*tendo en conta a xa numerosa e crecente poboación escolar*<sup>148</sup> *da illa de Ons e coa elevada finalidade de rematar co analfabetismo, [...] acorda por unanimidade a creación dunha escola unitaria de nenos [...] e mentres se tramita o expediente [...], previa autorización [...] da Delegación Administrativa de Ensinanza Primaria de*

---


<sup>147</sup> Neta do escritor coruñés D. Francisco Tettamancy y Gastón.

<sup>148</sup> Ese ano hai inscritos 74 alumnos de ambos os sexos na única escola de Ons.

*Pontevedra, ao desdoblamento da escola mixta que existe actualmente...*<sup>149</sup>

A raíz desta resolución plenaria ao longo dos primeiros meses de 1956 hai unha serie de peticións, de ofertas e contra ofertas do concello, da inspección educativa e do propietario da illa, o Ramo da Guerra, que pode resumirse en que:

- O estado Maior da Agrupación Especial da Costa Rías Baixas oferta ao concello a vivenda-almacén do antigo propietario da illa, na



que unha parte se utilizaría para escola-vivenda coa condición de que o concello a ocupase en precario e se fixera cargo das “lixerais modificacións” que serían precisas para a súa rehabilitación.

- A resposta do concello<sup>150</sup> sería que estaba de acordo, pero non pagaría aluguer<sup>151</sup> pola mesma mentres sexa escola (xa que as obras estaban presupostadas por 5.196 pesetas)

- O Xeral Gobernador Militar acepta estas condicións en abril do 1956 pero no ano 1959 aínda andan co intento do Capitán Xeneral da Rexión de conmutar o canon que tiña que pagar o concello polas obras necesarias no local-vivenda da escola que xa ascendían a 5.415,50 pesetas.

➤ **Carmen Tomé Loureiro**

Carmen Tomé Loureiro toma posesión o 25 de setembro de 1956.

En agosto de 1957, a Illa de Ons é visitada polo gobernador civil, Rafael Fernández Martínez, que ía acompañado polo alcalde de

<sup>149</sup> Consecuencia desta resolución a Xunta Municipal de Educación en reunión ordinaria de 1 de decembro de 1855 “en vista da numerosas poboación infantil existente na illa de Ons acorda interesarse do Concello solícite a creación dunha escola unitaria de nenos e a transformación da mixta existente en unitaria de nenas”.

<sup>150</sup> Entre outros do 31 de xaneiro 1956 e 29-2 de 1956.

<sup>151</sup> Estivera o local alugado por 369,80 pesetas.


Bueu, José M<sup>a</sup> Massó, e outras autoridades provinciais e locais. Un dos actos celebrados foi unha visita á escola de Carmen Tomé Loureiro, pero a interlocutora non foi ela senón a delegada da Cátedra Ambulante da Sección Feminina. Mais con este motivo quedou constancia gráfica dunha parte do local-escola.



1957-Illa de Ons-Fondos Xefatura Provincial do Movemento - Deputación de Pontevedra


Carmen Tomé deixa Ons o 19 de setembro de 1959. En 1960 está de mestra en Cedeira-As Neves, en 1961 en Huma-Ponteareas etc.

➤ Marina Ríos Pérez



Marina Ríos Pérez toma posesión o 21 de setembro de 1959 sen que haxa cambios notábeis na escola que sinalar. Cesa ao rematar o curso en agosto de 1960.


➤ M<sup>a</sup> Dolores Sabaris Abal



Toma posesión o 13 de setembro de 1960. Aos poucos días de facerse cargo da escola, envía un escrito ao concello das deficiencias da escola-vivenda que ía rexentar: goteiras, necesidade de ser branqueada, falta de reparación nas portas e ventás, “*as mesas e asentos da escola son insuficientes para o número de matrícula, xa que hai 69 nenos matriculados e só hai 11 mesas bipersonais, e 2 mesas moi estragadas*”... As obras de reparación da escola foron realizadas con cargo a unha pequena subvención da Obra Social do Movemento para “*Obras varias da Illa de Ons*”<sup>152</sup>. No ano 1961 a

<sup>152</sup> Tamén se melloraron lavadoiros de Pereiró, Canexol e Cucorno.

Inspección Educativa decide tomar cartas no asunto do absentismo docente na illa e insta á alcaldía que informe ao respecto. Esta contéstalle que a escola na illa de Ons funciona normalmente e que para contrastalo mellor chame a declarar no concello ao alcalde pedáneo e a catro pais do alumnado da illa tal como era costume neses casos.



É a mestra que máis tempo estivo vivindo na illa xa que casou cun insular, o que lle facilitou exercer nela o maxisterio durante máis dunha década.

En canto aos adultos e rapaces maiores que non estaban en idade escolar houbo, ao longo do tempo, algúns mestres, como Fernández Cambeiro<sup>153</sup> e outros, que lles daban clases pola tarde-noite loitando por erradicar o analfabetismo; ata que no ano 1963 foi nomeado oficialmente, coma mestre exclusivo de adultos na Campaña de Alfabetización, a Xosé Ramón Álvarez Calleja (1963-64).

E no que a escola se refire habería que rematar dicindo que sería no 1967<sup>154</sup> cando se pecha a escola de Canexol e é substituída polas dúas que mandara construír o Instituto de Colonización no lugar de Curro, preto do peirao<sup>155</sup>. Estes primeiros anos da nova escola son anos que deixaron máis unha pegada negativa na memoria recente dos seus habitantes xa que á actitude dalgún mestre<sup>156</sup> engadíuselle a ausencia de docente durante case dous cursos.

Outros mestres que estarían no listado e dos que se lembran algúns insulares serían Don Segundo, Don Juan, Don Francisco Javier Lores Rosal<sup>157</sup>,... e xa estamos nos anos setenta onde se produce

---

<sup>153</sup> Por exemplo o dous de xaneiro de 1933 comezou estas clases con 80 adultos de ambos sexos.


<sup>154</sup> Por estas datas aínda seguía sen arranxar moitas cousas: *“branquear, asegura as ventás, un balcón desfeito, as pechaduras non pechaban...”*

<sup>155</sup> Tamén casa vivendas para os mestres, a capela de San Xaquín e casa reitoral.

<sup>156</sup> Que exerceu coma verdadeiro “Delegado gubernativo”.

<sup>157</sup> En setembro de 1967 é nomeado mestre “volante-67” para a illa de Ons.


un cambio no acontecer da escola con mestres como Julio Santos



Pena<sup>158</sup>, Emérita Rivas Álvarez, Xosé Álvarez Castro (1974-75) e así ata chegar ao último mestre Santos Pereira

Figueroa.<sup>159</sup> O éxodo na década dos anos setenta a Portonovo, Noalla, O Grove, Sanxenxo, Cangas ... e, sobre todo Bueu, fixo que apenas quedaran nenos o que abocou á desaparición da escola “nacional” de Ons no curso escolar 1978-79. Dada que a escola nestes últimos tempos dependía do Padroado da Deputación Provincial o mestre Santos Pereira foi autorizado por esta a dar clases na tempada do verán aos nenos dos insulares que regresaban á illa como “recuperación dos seus estudos e outras actividades educativas e culturais”. Esta escola de verán durou ata o inicio dos anos noventa.

Non cabe dúbida que a escola na illa de Ons, aínda cos seus altibaixos ao longo do tempo, representou un alicerce sobre o que se construíu unha nova forma de ver e afrontar un mundo que estaba a sufrir grandes cambios. Unha mostra dese mosaico de posibilidades e logros témolo na gradual erradicación do analfabetismo, daquela endémico, na comunidade galega, e que en Ons se vía agudizado polo illamento e demais circunstancias anteriormente descritas.



<sup>158</sup> A súa experiencia como mestre e as súas vivencias poden verse, de primeira man, nos números da revista Aunios que poden lerse na web, <http://descubrobueu.wix.com/bueu> ou directamente en <http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/aunios.htm> . O acontecer deste mestre na illa ten un paralelismo co mestre Cambeiro: vivir na illa coa familia todo o tempo da docencia, integrarse na sociedade insular, exercer de portavoz das necesidades dos insulares nalgún momento, xuntar arredor dun evento cultural aos nenos e levalos a “actuar a terra” etc.

<sup>159</sup> Artigo de Don Santos Pereira sobre a súa estada en Ons:

<http://www.delmorrazo.com/tribuna/don-santos-pereira-ultimo-maestro-da-illa-de-ons.html>

## «Biografía de Joaquín Fernández Cambeiro»

*Para coñecer un pouco máis o acontecer dun personaxe singular imos dar pinceladas biográficas dun mestre que estivo vivindo na illa de Ons de 1927 a 1933.*

**D. Joaquín D. Fernández Cambeiro (1900-1963) nace en O Pindo (Carnota), fillo de Domingo Fernández Luces (avogado) e a mestra María Cambeiro Sande<sup>160</sup>.**

Estuda Maxisterio en Santiago de Compostela onde obtén o título de Mestre Nacional no mes de xuño de 1917. Descoñecemos ao que se dedicou durante os dous anos seguintes ao remate dos seus estudos pero si sabemos que no mes de setembro de 1919 é nomeado axente executivo auxiliar da Arrendataria de contribucións da zona de Muros, Carnota, Mazaricos e Outes... Deste traballo cesaría xusto un ano despois. Logo encara outros traballos e a incorporación obrigatoria a filas para facer a “mili” acolléndose aos beneficios da R. Orde de 6-9-1919 (DO 205)<sup>161</sup> e así ver reducido a súa estada no servizo militar.

Nesta época casa con Encarnación París Rodríguez<sup>162</sup> filla duns comerciantes de Muros e na súa curta estancia en Ferrol nace o seu primeiro fillo Joaquín. Tivo sete fillos máis, tres de eles nados na illa de Ons<sup>163</sup>.

---

<sup>160</sup> Nada no 1874 e co 16 anos (1890) recibiu o título de Mestra Superior. No 1897 estaba de mestra en Carantoña-Vimianzo (A Coruña) e no 1907 xa era mestra de O Pindo-Carnota.

<sup>161</sup> A través da Axencia de Quintas e Negocios Matriculada que xestionaba a redución da seguinte forma: Solicitaban ir anticipadamente ao servizo militar e así ver reducida a súa estada a un ano (6 meses cada ano) e na Península (librándose de ir a África) e logo pasar a gozar licenza ilimitada.

<sup>162</sup> Encarnación París (1899/+6-1-1967) filla de José París e Dolores Rodríguez Caamaño.

<sup>163</sup> Luís Dídio (15-9-1928) inscribiuno no xulgado Dídio Riobó que foi o seu padriño de bautizo (con M<sup>a</sup> Antonozzi), Manuel Bartolomé (14-5-1931) que marchou a América e Domingo Rafael (30-4-1933).

Joaquín D. Fernández Cambeiro reaparece na vida laboral a inicios do ano 1923 que é nomeado como mestre interino da escola de S. Pedro de Loureda-Boqueixón e logo na escola de Ánxeles, no concello de Oroso<sup>164</sup>. Pasado un ano era unha persoa moi coñecida e valorada en toda a comarca de Ordes polo que non é de estrañar que as “forzas vivas” tiveran en conta a este mozo mestre na “organización” de eventos de difusión e propaganda do recente “partido”<sup>165</sup> Unión Patriótica (U.P.) creado na ditadura de Miguel Primo de Rivera. No verán do 1924 os gobernadores civís tiñan a consigna expresa, de captación de afiliados entre os “*homes neutros e honrados*” e así temos a J. Fernández Cambeiro - 26/10/1924- participando como orador no mitin de U. P. (Unión Patriótica) acompañado por oradores como o catedrático da Facultade de Dereito, Wenceslao González Oliveros; o avogado Tomás Pewdret Casado; e outros mestres como Nicolás del Río (Ordes) e Carmen López Calo (Carral) presidindo o acto o gobernador civil da provincia. A prensa da época sinala que falaron “*con grande elocuencia e entusiasmo os compoñentes mestres de Ordes e de Oroso, Señores Del Río e Fernández Cambeiro, ...*”

A súa condición de católico belixerante co esborrallamento social, a contorna familiar etc. condicionou a súa actividade pública que ás veces se vía manifestada en artigos con connotacións relixiosas publicadas en xornais como El Compostelano<sup>166</sup>.

---

<sup>164</sup> Será en Senra-Oroso, que coa presenza de todas as escolas do concello organizan, o 29 de febreiro de 1924, a “Festa da árbore” na que entre os actos oficiais houbo á tarde discursos do mestre Sr. Joaquín e do cura de Marzoa.

<sup>165</sup> “É a Unión Patriótica un partido político? Non é un partido político. É unha organización cidadán encamiñada a manter un programa e persoas que a encamiñen e defendan, acudindo ás eleccións políticas que se convoquen e a velar polo cumprimento dos deberes citados- [Deberes relixiosos: os que o catecismo determina. Deberes sociais: os preceptivos do dereito natural. Deberes políticos: a defensa da monarquía. Deberes patrióticos: recoñecemento e divulgación das glorias e do valor histórico de España]. (Cuenca Toribio, 1996; páx.129). Falando da UP, J. Calvo Sotelo di “...cualificada por un ambiguo eclecticismo fixo a súa recruta entre xentes das máis variada ideoloxía, aínda que predominasen os dereitistas”.

<sup>166</sup> “*Ano Santo. Ano de doxura*”, “*Colaboración*” (lembrándose dos nenos na véspera de Reis), ...

O mes de febreiro de 1925 cae enfermo o que o obriga a pedir un cese da súa actividade docente o que leva a uns meses de penurias familiares por ser esta “sen haberes”. Chegando ao mes de novembro, e estando de mestre no concello de Muros, nácelle a súa única filla, Concepción <sup>167</sup>. Será nesta vila na que organice e participe noutra “Festa da árbore” na que estaban coma autoridades o alcalde e o cura (bendiciu as árbores a plantar) e coma orador, dende o balcón da Casa Consistorial, “*o mestre nacional, veciño da vila, D. Joaquín D. Fernández Cambeiro [...] dirixíndose especialmente aos pais incitándoos en vibrantes frases a que fagan que os seus fillos acudan diariamente á escola para facer bos cidadáns*”....

Como ata de agora está a cubrir clases de forma interina, decide presentarse a unhas oposicións que aproba <sup>168</sup>. Isto daralle a oportunidade de situarse nunha escola como propietario da mesma. Será o 9 de xullo de 1927 cando saian na “Gaceta” as adxudicacións de prazas e, entre elas, J. Fernández Cambeiro para a escola “*mixta de Ons-Bueu (Pontevedra)*”.

O 19 de setembro dese ano toma de posesión da escola e a petición de quen sería seu amigo, Johán Carballeira, preséntase ao pobo de Bueu con ‘Un saúdo á simpática vila de Bueu’<sup>169</sup>, na páxina especial de El Pueblo Gallego, polas festas do San Martiño. E xa no primeiro pleno ordinario do concello de Bueu, do 23 de xaneiro de 1928, entre outros puntos, apróbbase a petición de J. Fernández Cambeiro de 50 árbores de moreiras para celebrar a “*Festa da árbore en Ons*”.

---

<sup>167</sup> Naceu no sanatorio San Lorenzo de Santiago. O seu irmán Simón xa nacera o ano anterior en Muros.

<sup>168</sup> O exercicio escrito con 245 puntos, marzo de 1926.

<sup>169</sup> É un saúdo literario onde con múltiples epítetos debuxa un panorama idílico do pobo de Bueu e da súa paisaxe que o fai rematar o artigo coa expresión “*Loada e mil veces bendita sexa a romántica e bela vila de Buen!*”

A diferenza de todos os mestres do pasado, Joaquín D. Fernández Cambeiro pasou a vivir coa súa familia na illa como un insular máis. Isto e o seu carácter facilitaron que sentise empatía coa xente e cos seus problemas.

Unha parte do seu labor educativo integral foi a pronta



creación dun Orfeón que trouxo a actuar no Entroido de Bueu<sup>170</sup> e no que cantaron varios temas, un deles era a “Alborada” de Veiga. *“O Mestre Cambeiro demostrou as súas calidades de cantante interpretando varios solos coa mestría dun virtuoso nesa arte”*. Con esta masa coral pretendía tamén

poñer en valor as voces das xentes do mar, cultivar a sensibilidade pola música, dar renda solta aos seus valores como tenor<sup>171</sup>, e tamén dar a posibilidade de achegarse, por vez primeira, “á terra” para moitos dos nenos que aínda nunca saíran da illa.

Antes de finalizar o curso, xa o atopamos organizando o seguinte, e así escribe unha carta manuscrita ao Sr. Presidente da Xunta Local de Ensinanza de Bueu para solicitar axuda material para a súa escola. Indicando coma necesidade prioritaria “mesas bipersonais por non ter ningunha, e só posuír catro mesas bancos que nelas non collen os cincuenta e catro alumnos de ambos os sexos matriculados”. Recálcalle que a escola de Ons non posúe nada e o pouco que ten foi doado polo Sr. Riobó. Tamén o invita a visitar a escola para que de primeira man vise o estado ruinoso do local e a escaseza

---

<sup>170</sup> Seguirao facendo nos anos seguintes.

<sup>171</sup> A afección polo canto estaba arraigado na súa familia pois hai constancia de actuacións da súa irmá Dulce e do seu irmán Manuel (crego).

do material. Tamén lle solicita que nos presupostos do presente ano se lle asigne algúns cartos para poder celebrar a “Festa da árbore” pois é unha forma de atraer aos nenos e aos adultos para que “*redunde en acto cultural-pedagóxico*” e un “*medio eficaz de dar un pulo ó labor que implantei en pro da instrución destes amados veciños*”. Como resposta do concello a isto na sesión da Permanente da Xunta Local celebrada o 21 de xuño dese mesmo ano, acordan solicitar ao Estado que dote esa escola sen prexuízo de consignar no presuposto municipal dos seguintes anos algunha cantidade para paliar as deficiencias. E cando se achegue a Festa da árbore resolveranse cantidades a aplicar<sup>172</sup>.

Cambeiro de novo escribe no extraordinario das festas de Bueu un artigo ‘*Desde o meu recuncho*’ no que fai un resumo do primeiro ano da súa estada na illa no seu “*...recuncho, riseiro polo rumor apracible das ondas, melancólico e ate taciturno, cando o bramido das tempestades, triste pola monótona vida, pero superlativo para a conciencia, pola xornada do cumprimento do deber...*” Despois deste canto ao seu traballo non perde a oportunidade de facer unha chamada ás necesidades da illa pero que revertan en prosperidade para o resto do estado tal como podía ser “*un medio para a riqueza agropecuaria, granxa agrícola, industria manteigueira, asilo de menores, lazareto para enfermidades de difícil diagnostico etc. sendo urxente que por algo se empece, e o que máis aprema é a falta dun peirao para o ataque e desataque, tendo Obras públicas a palabra, non esquecendo que aquí se posúe un elemento oficial, que é o faro, que ás veces, e isto ocorre con moita frecuencia, vir o vapor do servico, e ter que separarse por non poder facer o desaloxo debido á inclemencia do mar, ocorrendo co correo outro tanto, pasando meses, na estación invernal, sen saber dos nosos semellantes*”.

---

<sup>172</sup> Fano na Sesión Plenaria do 26-11-1928 cunha cantidade de 75 pesetas.

Exemplo do liderado de Cambeiro nos mestres locais vémosto na actividade da Asemblea de Mestres de Pontevedra, decembro 1928, na que aparece como Vocal da Xunta Directiva, representando ao de Bueu.

Chegado o mes de marzo de 1929 houbo un grande acontecemento coa celebración da segunda “*Festa da árbore*” organizada en Ons polo mestre Cambeiro. Esta vez coa asistencia das autoridades municipais na que se amenizou a festa cun “*afinado terceto*” onde os nenos estaban adornados con bandeiriñas, plantáronse 50 moreiras e varios plátanos e houbo discursos por parte de Cambeiro “*coa elocuencia de costume... que fixo unha belísima oración dedicada a árbore*” e do Alcalde, Camilo Davila, invitando aos pais á homenaxe merecida e de gratitude ao “*excelente mestre*”. Logo leu unha poesía o Secretario do Concello de Bueu, Sr. Luís Buceta. Interveu o Administrador da Illa Sr. Riobó, “*abrazando ao mestre pola súa intensa e fecunda labor realizada*”. Houbo un “*suculento banquete*” na casa dos Riobó. “*E para demostrar unha vez máis o labor que realiza o Sr. Fernández Cambeiro, fixo cantar o orfeón composto por 30 xoves afinadamente, varios bosquexos galegos, tendo premiado os seus desvelos cunha ovación profunda. Prácame merece este mozo, que fai dos habitantes da Illa homes aptos e cultos para a sociedade. O nosos sinceros parabéns*”. Froito deste achegamento da realidade da illa ás autoridades vese reflectida na sesión plenaria municipal do 22-5-1929 cando, dando respostas ás reiteradas demandas por parte do mestre, e a proposta do alcalde, sete mesas bipersonais que non collen na escola de Bueu leváronse para a de Ons.

O mestre segue a escribir no xornal na folla dedicada ás festas do San Martiño<sup>173</sup> e pedindo subvencións para as sucesivas festas da árbore.

---

<sup>173</sup> No 1929 co artigo “Que San Martiño non consinta que are a muller”

O 2 de novembro de 1929 o alcalde de Bueu, Camilo Davila Davila, envía un oficio ao Ministro de Instrución Pública e Belas Artes no que lle adxunta unha instancia reivindicativa na que *“se relatan feitos absolutamente exactos, e se formula unha pretensión que a Xunta [Local Educativa], estima que é xusta, polas circunstancias excepcionais en que se atopa o Mestre Nacional da illa de Ons, D. Joaquín Fernández Cambeiro. Este funcionario, entusiasta da súa profesión, que exerce con extraordinario celo e*



*De esquerda a dereita: Joaquín (11), Encarnación París (33), José (5), Luís Dídio (4), Concepción (7), mestre Joaquín Fernández (33) e Simón (8)*

*competencia nun lugar afastado de todo trato e comunicación social, privado de comodidades e, a veces, ata de medios indispensábeis para a vida, de que non carecen os que exercen o seu ministerio na Península,...*” Polo que, facéndose eco da proposta do vogal da Xunta Local, Ignacio Lis Lombos solicitan *“se lle outorgue a aquel o trinta por cento sobre a paga que hoxe acumula equiparándose así aos faristas da illa, que cobran o tanto por cento mencionado como gratificación polo feito de estar illados”*. Non nos consta melloras no soldo de Cambeiro por este motivo.

Un fito importante vai facer cambiar a rutina da vida da familia Fernández Cambeiro. Por influencia de Joaquín seu irmán Manuel pasa a solicitar o posto de coadxutor da parroquia de Beluso (Bueu) á que pertence a illa de Ons. Será a principios de xullo de 1930 cando sexa nomeado coadxutor e pasará a vivir na illa coa compañía da súa irmá Dulce<sup>174</sup>. Se a isto lle engadimos que o irmán

---

<sup>174</sup> Tiña outros irmás coma Encarnación. Rafael, Elisa , ...

pequeno chamado José que estaba de mecánico en Vigo, adoitaba pasar tempadas na casa de Joaquín vemos que a saga dos Fernández Cambeiro tiveron nestas datas unha presenza numerosa e un peso moi alto no estamento social da illa.

Será no mes de xullo no que nos atopamos a Cambeiro en Beluso auxiliando aos Tribunais do Censo. Para acudir a Beluso tivo que alugar unha lancha a motor da que tiña o compromiso que lle sería pagado o seu importe, 12 pesetas. Ao non ser así tivo que remitir un oficio ao concello reclamándoas.

O venres día 2 de outubro Cambeiro e o dono da illa estiveron activos acompañando ao gobernador civil Sr. Calviño, o Presidente da Deputación Sr. Caamaño, o alcalde Sr. Tafall, o director da Misión Biolóxica Sr Gallástegui e o axudante de montes Sr. Gil que acudiran para estudar a posibilidade de facer un reparto das terras da illa en cooperación coa Caixa Rexional Galega de Previsión.

Os cambios da política dos anos 30 do século XX favorecen os cambios sociais e culturais das cidades españolas. Máis esta “apertura” non chega aos contornos rurais. Para facilitar o achegamento á política republicana e aos cambios, sobre todo culturais, un nutrido grupo de persoas entusiastas fanse “voluntarios” das coñecidas como “Misións Pedagóxicas”. A través destas levan a arte, o cine, o teatro,... a recunchos da xeografía rural.

Mestres do noso país cambian os seus métodos educativos recollendo moitas das novas propostas pedagóxicas centrándose nos seus alumnos pero sen esquecerse dos adultos, especialmente dos pais e nais, os que se consideran os verdadeiros protagonistas na educación dos seus fillos.

En Bueu vese reflectida esta preocupación docente da man de Joaquín D. Fernández Cambeiro, José Torres Martínez e outros


coa tamén denominadas Misións e Conferencias Pedagóxicas<sup>175</sup>. Exemplos témolos como no sábado 12 de decembro de 1931 na escola do Pósito de Pescadores onde se deu a primeira conferencia do ciclo de leccións para adultos, organizado polo círculo de mestres de Bueu, co título “Importancia da familia na obra escolar” na que disertou o mestre Fernández Cambeiro<sup>176</sup>. Ao ano seguinte, un domingo 26 de xuño de 1932 celebrouse no local do Pósito marítimo a 2ª conferencia pedagóxica impartida polo mestre da Portela, José Torres Martínez, co lema “*Un problema de actualidad. Colaboración dos pais na obra educativa*”. Propoñendo aos pais e ao Consello Local que a partires do vindeiro curso e co obxecto de unificar a obra educativa, establézanse nas escolas unha ficha na que diariamente se marque unha gráfica do progreso no labor de cada neno, gráficas que serán firmadas semanalmente polos pais para constatar o coñecemento do que fan os seus fillos. No remate da charla maniféstalle aos pais que “mentres a República se preocupa grandemente por crear escolas e mestres os pais non deben mirar con frialdade este esforzo, senón en axudar e colaborar co mestre a formar unha república forte e culta”. E o domingo 3 de xullo disertou o mestre da illa de Ons, Joaquín D. Fernández Cambeiro, co tema “*A árbore no seu aspecto industrial e xeográfico*” do que a prensa fixo un resumo e definiu a súa oratoria como de “*cálida palabra, sempre xusta ao fino concepto, brota dos seus beizos con sonoridade e casticismo que aínda nos momento de maior lirismo, cando a súa imaxinación se remonta polos camiños da beleza pura, a idea xorde clara con un rachar de luz*”.

---

<sup>175</sup> Ante as ordes recibidas da Inspección Educativa e canalizada polo alcalde ao través da Xunta Local de Ensinanza os mestres de Bueu concertan unha cita o 16-6-1932 nos locais da escola do Pósito para falar da organización das Misións Pedagóxicas. Nela acordan comezar coas charlas de Cambeiro e José Torres que se darían no mesmo Pósito. Rotándose no futuro nas distintas parroquias e intervindo os distintos mestres e mestras.

<sup>176</sup> Que Rematou a conferencia cun saúdo e lembranza dos mestres Ramón Bares e a súa sobriña Matilde Bares.

Pero Cambeiro tamén era un home solidario e estando un día coa familia nas festas do Cristo de Cangas lle achegaron unhas rifas a beneficio dos náufragos da lancha “Azaña” que non dubidou en mercar. O premio era un anel que doara a esposa de Emiliano Iglesias. Tocou no nº 7.155 e, como podedes supoñer dentro da historia que estamos a relatar, tocoulle a D. Joaquín Fernández mestre de Ons. A boa racha continúa para Cambeiro, pola Orde de 27 de outubro de 1932 (Gaceta do día 3 de novembro) aparece na lista de ascensos como mestre á primeira escala do corpo docente.

A photograph of a handwritten signature in dark ink on a light-colored, slightly aged paper. The signature reads "El maestro Joaquín F. Fernández Cambeiro" in a cursive script. The word "El maestro" is written on the top line, "Joaquín F. Fernández" on the middle line, and "Cambeiro" on the bottom line. There is a decorative flourish at the end of the signature.

Pero chega o 28 de Nadal de 1932 e un decreto polo que se declara que o “Estado español non se incauta de máis fincas rústicas para parcelación botou por terra, temporalmente, as súas ilusións” isto é o causante de que as augas de Ons se miren revoltas con, ata o momento, pequenos conatos de violencia case sempre verbal. Pero pouco a pouco as nubes ían ennegrecendo tanto o panorama social que o xornalista Joaquín Pesqueira escribira o artigo “*Un berro de alarma. A veciñase unha traxedia?*” dende El Pueblo Gallego onde confesa que vén “*da illa de Ons profundamente aterrado. Tan aterrado, que ao desembarcar en Bueu, en terra firme, enarqueei o peito para respirar con forza, como se espertase dun pesadelo, libre, a salvo dun serio perigo*”. E pregúntase que acontece na Illa de Ons. Para responder xa di que cando estivera na illa con Lustres Rivas este nun artigo na prensa madrileña dera unha primeira voz de alarma intuindo o que nesa se fermentaba. Logo bota as culpas do estado actual á “*República Española que coas súas promesas anticipadas, coas súas reformas, meteu moitos paxaros loucos en moitas cabezas loucas*” Culpable da situación tamén o achaca á falta de cultura pois fai a mención (e tamén apela a Lustres) que “*onde ata hai tres anos, non houbo*

*mestre de escola*<sup>177</sup> E da conta de feitos como “*andan destruindo sementeiras de árbores, pastoreando o gando ao seu antollo polo interior das poboacións arbóreas, apoderándose de aramados e postes, tallando piñeiros, cortando cercos metálicos,...*”.

Ante esta situación de desgobierno todos, colonos e propietario da illa, acoden ao mestre Cambeiro. Así podemos velo, días despois, ao fronte dunha comisión de 12 colonos a Pontevedra coa intención de entrevistarse co gobernador, mais non puideron falar con el por estar ausente.

Ao día seguinte a comisión de colonos co “celoso e culto mestre D. Fernández Cambeiro á fronte visitaron ao Gobernador D. Ángel del Castillo, para solicitar o seu apoio, preto dos poderes públicos, coa fin de lograr a vella e xustísima aspiración de que sexa socializada e repartida ao colonos que a traballan en aluguer fai máis de douscentos anos, sen contar nunca co amparo dos poderes públicos”. Explicánlle o seu desexo de que na illa se aplique inmediatamente a Lei da Reforma Agraria; que se inicien as obras do peirao de atraque para o cal visitaron ao Enxeñeiro Xefe da Xunta de Obras do Porto Sr. Rafael Picó que lles dixo que pronto comezarían.

O Sr. Fernández Cambeiro, a petición do gobernador, deixaralle unha instancia o día 16 cunha unha memoria detallada das necesidades máis perentorias.

Enviaron senllos telegramas ao Presidente do Consello de Ministros e ao Ministro de Agricultura co seguinte texto:

*“Catrocentos habitantes da illa de Ons (Pontevedra). Visitan Gobernador pedindo que terras que traballan fai douscentos anos as merque e parcele o Estado. Viva a república, ideal firme de todos os veciños.- O mestre e 60 veciños”*

---

<sup>177</sup> Aínda que si os houbo pero é unha constatación máis de que a súa pegada na illa foi relativamente escasa por todos os problemas que levaba o absentismo, a falta de relación coa comunidade etc. Ao único que consideran coma tal é ao actual, Fernández Cambeiro.

Tamén visitaron ao Comité Provincial do Partido radical no que os deputados prometeron apoiar “*con todo agrimo*” as demandas dos de Ons. Promesas e máis promesas...

O luns 3 de abril Cambeiro volve a presentar, cunha comisión de insulares, as propostas destas ao gobernador que, unha vez máis, “*ofreceuse a apoialas con vivo interese*”.

Quizais polo cariz que ían tomando os acontecementos o mestre Cambeiro participa no concurso de traslados solicitando escolas na zona próxima á familia e comprobamos que con data de 17 a “Gaceta” publica a proposta de destino provisional do mestre, da primeira escala pola cuarta quenda, a Joaquín D. Fernández Cambeiro da Illa de Ons á de Tal, en Muros. Pero el remataría o verán na illa e así o vemos no mes de agosto acompañando a Carballeira. Johán Carballeira nada máis chegar mira a “*insólita figura que desborda a paisaxe dende un outeiro, ao pé do hórreo: trátase , sinxelamente, do mestre nacional de Ons, o noso ben amado e nunca suficientemente visto e admirado Joaquín D. Fernández Cambeiro, alta expresión da raza. O bo mestre, todas as tardes outea dende aquel outeiro a chegada do barco que leva o correo. Estupendo tipo! Da súa personalidade succulenta e óptima falamos en diversas ocasións abundante e eloxiosamente, como el o merece. Agora bástalle saber ao curioso saúde, de optimismo, aberto, lector que continúa sendo cento trinta quilos maravillosos de retórica pluscuamperfecta*”.

Que Cambeiro era o ‘*alma mater*’ das pretensións e necesidades dos insulares e que foi el o que os organizou para a defensa dos seus intereses intuíámolo polos feitos anteriormente narrados pero encárgase Carballeira de confirmarnos punto por punto esta cuestión non só porque foi o guía e que conseguiu as entrevistas senón: “*... o mestre Sr. Fernández Cambeiro, sentindo o fondo de xustiza que asistía a aquelas xentes, organizaos nunha Sociedade para mellor articular a defensa dos seus intereses; e xa*

*fraguada esta Sociedade, máis tirantes que nunca as relacións entre colonos e propietarios ...”.*

Coa marcha de Cambeiro a illa quedaba cun gran baleiro, falta dun gran apoio, dun impulsor e portavoz dos que apenas tiñan voz... e moita dor por parte dun home que soubo educar, instruír, formar e unir como persoas con dereitos a centos de rapaces e adultos. Tanto é así que nos anos posteriores aínda acudían os insulares a visitalo por terras de Riveira que era onde, dende agosto de 1934, estaba de coadxutor o seu irmán Manuel.

Cambeiro seguiu como mestre na escola de Tal-Muros ata que, por causa dos acontecementos da guerra civil e a presión política contra os profesionais da educación, foi suspendido de emprego e soldo o 19 agosto de 1936. Isto e o medo por que lle ocorreran cousas peores levouno a desaparecer voluntariamente<sup>178</sup> para evitar poñer en perigo a súa vida e as dos seus. Neste tempo pouco sabemos da familia Cambeiro se exceptuamos o falecemento da súa nai<sup>179</sup> e que no decembro de 1938, Joaquín D. Fernández Cambeiro aparece no listado do Parte Oficial de Guerra dado en Salamanca polo Xeneral Xefe do estado Maior Francisco Martín Moreno polo que se obriga a todos os mestres alí relacionados a tomar posesión (algúns deles de forma forzosa) aos seus destinos antes de 10 días. No caso de Cambeiro a Tal-Muros e como non podía facer outra cousa presentouse na escola na que estivo ata maio de 1940 en que resolvidos os expedientes de depuración instruídos pola Comisión Depuradora da provincia da Coruña, o Ministerio de Ensinanza resolveu: “*Separar definitivamente do servizo e causar baixa no escala respectiva a: ... Joaquín D. Fernández Cambeiro de Tal-*

---

<sup>178</sup> Elígio Patiño indicárame que andou fuxido polos montes próximos á Curota e que un día, estando co seu pai Emilio, o viran en Carreira. Outras versións, que pode que sexan compatíbeis, sitúano baixo a tutela do seu irmán Manolo na reitoral de S. Uxía de Riveira.

<sup>179</sup> Cando morreu María Cambeiro Sande, en novembro de 1937, seguía a ser de mestra no Pindo-Muros.

*Muros,...” Suponse que se acolleu ao indulto de abril do 1941 pois xa no febreiro de 1942 a “Xunta Provincial de Primeira Ensinanza de A Coruña nomea, provisionalmente a Joaquín D. Fernández Cambeiro para a escola de Queiruga-Porto do Sor”.*

Pasados uns anos vemos que D. Joaquín pasara por varias escolas como a de San Cosme de Abeancos-Melide da que, por concurso, pasa á de Castiñeiras-Riveira en maio de 1951. Nada sabemos de Cambeiro nos anos seguintes se exceptuamos que no concello de Oroso no ano 1953 houbo unha inauguración dunha escola nova e unha “Festa da árbore” e, curiosamente o seu irmán, Manuel F. Cambeiro<sup>180</sup> desprazouse ata Oroso para bendicir e misar no acto que dalgún xeito tentaba lembrar a estadía de D. Joaquín 30 anos antes... De se este estaba ou non no evento non hai constancia documental.

O mestre nacional D. Joaquín D. Fernández Cambeiro falece o 3 de maio de 1963 e os seus restos están no mesmo nicho do cemiterio de Sta. Uxía de Riveira que a súa dona Encarnación (+1967) o seu fillo Joaquín (+2003) e a súa neta May (+1997).



---

<sup>180</sup> Desde 1949 era cura-párroco de Salcedo (Pontevedra)

## BIBLIOGRAFÍA

- Arquivo Municipal de Bueu:** Caixas 25/7; 73/1; 166/1-2; 168/1-2; 169/2; 171/2; 236/30; 492/08; 492/09; 1352-1356; 1357/18; 1358/8-16-21; 1360/35-38; 1362/10; 1399/08, 1404/1-3 e Caixa 1406/02
- Aunios “Revista”:** nº 0 a nº 3; nº 5; nº 7; nº 9; nº 11 a nº 13 e do nº 15 ao nº 18
- Calvo Sotelo, J.** “Mis servicios al Estado. Seis años de gestión. Apuntes para la historia, Madrid, 1974, 224-225
- Cuadernos de Estudios gallegos:** “Apuntes para la historia de la Isla de Ons” por Salustiano Portela Pazos, Santiago de Compostela, 1954, nº 27 p. 35-73
- Cuenca Toribio, José Manuel.** “La Unión Patriótica. Una revisión” en *Espacio, Tiempo y Forma, Serie V, Historia Contemporánea, t. 9, 1996, páxs. 121-150.*
- El Alcance,** “Diario católico, noticioso, independiente, telegráfico”: 07/08/1897 pág. 1
- El Compostelano,** “Diario independiente”: 11/09/1920 p. 4; 24/01/1923 p. 3; 04/09/1923 p. 1; 23/10/1924 p. 3; 27/10/1924 p. 3; 19/11/1924 p. 3; 02/01/1925 p. 1; 05/01/1926 p.1; 25/03/1926 p.3; 15/12/1938 p.1; 15/05/1940 p.2; 12/02/1942 p.4
- El Correo de Galicia,** “Diario independiente de avisos y noticias”: 06/06/1917 p. 3; 24/09/1919 p. 2; 31/03/1929 p.14; 27/09/1929 pág.14; 06/10/1929 p.13
- El Diario de Pontevedra,** “Periódico liberal”: 15/02/1916; 04/04/1916; 20/02/1918; 17/06/1921; 29/07/1925 p. 2; 22/05/1926 p. 3; 13/05/1927 p.1
- El Heraldo Gallego,** “Colectividades gallegas en el Plata”: 10/04/1927 p.3; 18/03/1929 p.3
- El Ideal Gallego:** 06/03/1924 p. 3; 14/02/1925 p.5; 17/02/1925; 01/11/1925
- El Magisterio gallego,** “Revista de instrucción primaria” 15/06/1890 pág. 4
- El Noticiero Gallego,** 25/10/1914 p.2; 04/11/1915 p. 4; 11/02/1916 p. 2; 18/02/1916 p. 3; 04/04/1916; 18/07/1920 p. 3; 11/07/1921 p.2; 25/10/1922 p. 3; 25/02/1924 p. 2; 18/09/1924 p.2; 11/11/1924 p. 2; 25/11/1924 p.2; ; 25/04/1925 p. 3; 18/07/1927 p. 2; 11/11/1932 p.2; 25/06/1933 p.2; 11/11/1934 p. 3; 18/02/1936 p. 4; 18/05/1940 p. 3
- El País** “Diario republicano da tarde”: 04/11/1933 p. 3
- El progreso,** “Semanao independente”: 16/09/1925 p. 2; 12/07/1927 pág. 2; 03/10/1931 pág.3; 13/01/1933 p.3; 14/01/1933 p.2; 04/04/1933 pág.3
- El pueblo gallego,** 12/09/1924; 19\_11\_1924; 01/12/1925; 24/02/1927 p.1; 11/11/1927 p.13; 3/02/1928 p.13; 22/02/1928; 23/10/1928 p. 11; 12-11-1928 p. 12; 14/02/1929; 23/02/1930; 11/07/1930 p.8; 15/11/1930 p.8; 17/12/1931 p.9; 28/06/1932 p.13; 07/07/1932 p.9; 11/09/1932 p.11; 15/09/1932 p.10; 09/10/1932 p.8; 17/12/1932 p.9; 14/01/1933 p.2; 29/01/1933 p.8; 12/02/1933 p.1; 27/09/1933 p.12; 05/11/1933 p.11; 21/11/1933 p. 13; 25/02/1934 p.10; 14/11/1934 p.10; 06/02/1936 p.11; 28/01/1936 p.15; 14/02/1949 p.2
- Estampa,** “Revista gráfica y literaria de la actividad española y mundial”: 26/11/1932
- Faro de Vigo:** 13/11/1926; 12/02/1928; 19/12/1928; 10/11/1929; 12/12/1931
- Gaceta de Galicia,** 28/09/1907 p.2; 09/02/1916 p.1
- La Correspondencia Gallega,** 01/02/1916 p.1; 15/02/1916 p.1
- La Noche,** “Único Diario de la tarde en Galicia”: 26/05/1951 p. 5; 05/09/1953 p.2
- Marín,** “Semanao independente”: 11/7/1915 pág. 2; 10/10/1915 pág. 3
- Vida Gallega,** nº 481, 10/04/1931

VI

Escolas do Póximo  
de Pescadores  
Buen e Beluso





## «Escolas do Pósito de Pescadores de Bueu»<sup>181</sup>

### « O Pósito»

A idea do asociacionismo cooperativo no mundo do mar veu da man do mariño ferrolán Alfredo Saralegui que co seu entusiasmo e tesón conseguiu que as Institucións do Goberno constituíran en 1919 a Caixa Central de Crédito Marítimo que sería o soporte económico para que, primeiro fosen creados e logo consolidasen os chamados “Pósito de Pescadores”.

A partires desta asociación derivábanse diferentes seccións que pretendían abarcar a máis grande parte da protección económica, social e educativa do mundo do mar. Algunhas destas serían a Beneficencia e Socorro, o Crédito (a través do Monte de Piedade, Caixa de aforros,...), as Pensións, as Cooperativas de Consumo, os Centros de Ensinanza propios, Pósito Infantís, ...

A maioría dos 166 Pósito que houbo en España ceáronse entre 1921-1927. Estes reuníanse en Federacións (7) que conformaban a Confederación Nacional.

En decembro de 1924 constitúese o Pósito de Pescadores de Bueu con Francisco Novas Iglesias como presidente; vicepresidente, Jesús Senín Fernández e secretario, Domingo Torresquesana Estrada.



*Francisco Novas  
Iglesias*

Houbo tamén un Pósito Marítimo-Terrestre en Beluso inaugurado a primeiros de xaneiro de 1926, que tivo pouco recorrido no tempo.

O labor cultural dos Pósito ao través das súas escolas é relevante non só en canto ao número, máis de 121 escolas e case que 10.000 alumnos, senón como crisol de cultura nun colectivo con poucas oportunidades educativas.

As escolas do Pósito marítimo eran sostidas polo Pósito de cada localidade e ata chegaron a ter, para o seu uso, publicacións

---

<sup>181</sup> Baseado no artigo publicado no nº 9 da revista Os Galos en maio 2015, pp. 3-7.

específicas de economía, oceanografía, ... propiciados pola mesma Caixa Central de Crédito Marítima que os subvencionaba.

Nesas mesmas escolas impartíanse clases para adultos coa intención de erradicar o analfabetismo e asumir un importante labor de difusión da cultura mariñeira. Posteriormente estes papeis os asumirían as Escolas de Adultos e as propias Escolas de Orientación Marítimo-Pesqueira.

Co paso do tempo o Goberno, aínda recoñecendo o grande labor educativo que nos portos do litoral fan o Pósito de Pescadores, engade un Real Decreto polo que se acorda a nacionalización das escolas destes. Tentarase darlle continuidade ás súas innovacións educativas, a adaptación dos seus programas, plans, libros,... nunhas escolas, agora nacionais, que serán tituladas como de Orientación Marítima-Pesqueira.

A postura dos Pósito ao cambio de titularidade foi favorábel pois así aforrábanse os cartos de mantemento da escola e do profesorado que servirían para ampliar outras proteccións dos seus afiliados e dos seus fillos do Pósito Infantil. Polo que non é de estrañar que na Asemblea de Federacións de Pósito de Galicia que veu de celebrarse a finais de verán do 1927 en Vilagarcía, na que participaron representantes de 35 Pósito<sup>182</sup> houbo resolucións neste senso. Coma que a Caixa Central de Crédito Marítimo xestionase, con urxencia, no ministerio correspondente, a incorporación de todas as escolas dos Pósito ao Estado. Ata se preocupan de solicitar que os mestres con oposición que xa estiveran dando clases no Pósito sigan nos seus postos e sexan incorporados ao Estado previa aprobación dun curso de especialización marítima e os que non teñan oposición, sigan nos seus postos e que mediante a aprobación dunhas oposicións restrinxidas e do mencionado curso puideran pasar a ser mestres de escala.


---

<sup>182</sup> Dos oito Pósito que tiña o Morrazo sinalar a ausencia de representación do Pósito de Bueu.



## « A escola do Pósito en Bueu »

### ➤ Jesús Bernárdez García



As primeiras referencias que temos da escola do Pósito de Pescadores de Bueu son do 1925 cando foi nomeado, en decembro dese ano, o mestre D. Jesús Bernárdez García (Valado 1899-Vigo 1963).

A súa actividade no pobo foi relevante tanto no labor docente como na súa participación dinamizadora. En 1926 forma parte do grupo que interveu nunhas conferencias ou “*Charlas dominicais*”. El falou sobre: «*A vide- tipo, clase, subclase e especie a que pertence. Terreos apropiados para a súa plantación-Enfermidades da vide; descripción xeral dalgunhas e particular da *Pyralitis vitana*; medios de combatela*»


Se somos rigorosos podemos consideralo como o primeiro e único mestre do Pósito de Pescadores de Bueu xa que aínda que se lle seguiu chamando escola do Pósito en realidade non pertencía ao Pósito senón ao Goberno por ser esta nacionalizada.

Con data de 19 de setembro de 1928 a Inspección de 1ª Ensinanza da Provincia dálle conta á alcaldía de Bueu da publicación en La Gaceta<sup>183</sup> da Real Orde na que se declara provisionalmente como Escola Nacional a do Pósito de Bueu, que segundo o Decreto 15-8-1927 correspóndelle manter ao concello por non ter este as escolas regulamentadas, segundo o número de rapaces, que determina a

---

<sup>183</sup> La Gaceta do 8-9-1928 e a Real Orde do 26-8-1928.

coñecida coma “Lei Moyano”<sup>184</sup>. Este “traspaso” farase con carácter provisional á espera de que nun prazo de dous meses o concello poida



*Charlas-conferencias: Higinio Pérez, Jesús Bernárdez e Ignacio Lis*

ofrecer o local escola e vivenda do mestre así como material escolar para as ditas escolas.

A instancia da mesma Inspección Educativa pídelle ao concello que tamén faga xestións para que o Pósito lle entregue o material existente na escola do mesmo e así a este lle sería máis fácil complementalo co que estimara necesario. Os responsábeis do Pósito declinan, nun primeiro momento, en aportar local e mobiliario co material de ensinanza existente no mesmo por serlle

necesarios para os seus asociados e para “as misións” que agora teñen: Pósito infantil, sección de Socorros Mutuos, Caixa de Crédito,... E se é urxente para dotar unha escola que se forme a partires do que ten o disolvido Pósito de Beluso<sup>185</sup>, completo para unha escola e que está sen usar.

E así chegamos ao 20 de marzo de 1929 data na que o concello lle traslada un oficio á Inspección de Ensinanza co seu compromiso para facerse cargo da escola do Pósito dotándoa de local e casa habitación para o mestre así como tamén do material preciso para completar a do Pósito. Máis ante a lentitude dos trámites administrativos por parte do concello de Bueu o mesmo presidente da Caixa Central de Crédito Marítimo e impulsor-creador dos Pósito españois, Alfredo

<sup>184</sup> Do 9 de setembro de 1857 que perdurou, en liñas xerais, ata 1970. Con ela organizouse en tres os niveis de ensinanza: Primaria, E. Media (Institutos e escolas Normais) e Superior (Universidades). A Ensinanza Primaria (de 6-9 anos) era obrigatoria (e gratuíta para os pobres) e dependente dos concello e da iniciativa privada.

<sup>185</sup> Que o material foi adquirido como o de Bueu con fondos da Caixa Central de Crédito Marítimo. Esta entidade dou o permiso, a principios do 1929, para o traslado do material do Pósito de Bueu pero non do de Beluso.

Saralegui, escribe unha carta ao alcalde Camilo Davila para que inflúa na Corporación para que se procuren axiña os locais para clase e casa-habitación, xa que pasou moito tempo dende que fora nacionalizada o 26 de agosto de 1928, e temía que se perdera a oportunidade de ter unha Escola subvencionada polo Estado.


O intercambio de cartas entre os responsábeis dos Pósito a nivel rexional e nacional e a alcaldía de Bueu foi o acicate para que se acelerasen todos os trámites e así temos que o 23 de setembro de 1929, o alcalde, o médico, o Inspector de Ensinanza e un mestre de obras estiveran levantando acta de creación definitiva da “Escola Nacional do Pósito Marítima” ou “*Escola de Orientación Marítimo Pesqueira*” na casa nº 108 da rúa ‘*Traviesa*’ de Avda. Montero Ríos (na Banda do Río)<sup>186</sup>

#### ➤ José Durán Medanich

O mestre que dirixe a escola é José Durán Medanich.

Organizador e conferenciante da Festa do libro celebrada na Escola-Capela de San Xosé na tarde do 15 de outubro de 1929. O seu discurso tivo tres partes: O que é a festa do libro, Importancia das boas lecturas e Consellos sobre como se deben tratar os libros. A esta escola do Pósito xa nacionalizada seguen a acudir os socios desa entidade.

#### ➤ Ángel González Sampablo




O mestre designado polo Xefe da Sección Administrativa da Provincia para dirixir con carácter interino esta escola é Ángel González Sampablo que toma posesión o 13 de novembro de 1929. Farao por uns meses xa que é trasladado a Pontevedra ao tomar, febreiro de 1930, posesión como mestre titular da escola do Pósito de Bueu, Primo Iturriaga Larrea.

---

<sup>186</sup> No piso superior estaban as habitacións do mestre. O aluguer a Rosa Barros Pousada era de 660 pesetas anuais

➤ **Primo Iturriaga Larrea (Igea-Logroño 1903)**



Antes do inicio do novo curso 1930-31, e partindo do presidente do Pósito de Pescadores, comezan as queixas polo novo

local da escola dado que este ten unhas dimensións reducidas para o número de alumnos que acoden á mesma, que ás condicións hixiénicas non son as mellores,... O mesmo Pósito fai ofertas e contra-ofertas ao concello para facilitar o cambio de escola. E cando xa estaba case que de acordo para pasar da Banda do Río ao 1º piso da casa nº 16 de Eduardo Vincenti paralizáronse os trámites por cesar a Comisión Permanente do Concello<sup>187</sup> e todo quedou pendente para a nova comisión administrativa. E cando pensaban que podería facerse o cambio rapidamente, na permanente do 16 de xullo de 1930 rexéitase a proposta porque se aumentarían os gastos do concello. En decembro dese ano volve a ofrecerse o local ao Concello.

E así chegamos ao 24 de maio de 1931 data na que se convocou unha Asemblea Xeral de Socios nas dependencias do Pósito en E. Vincenti. Ante a chegada de case que 900 socios tiveron que trasladarse a El Paraíso, salón de baile de Salvador Estévez. Logo da aprobación das contas toma a palabra Don Francisco Aldao Gallego, que falando en nome de 800 socios, pide a dimisión de toda a Xunta de Goberno<sup>188</sup> e de que se facilite o traslado, a conta da Entidade, da escola da Banda do Río para o local que posuía o Pósito na rúa Eduardo Vincenti. Foron aprobadas amplamente todas as propostas.

Primo Iturriaga segue premendo polas dificultades con que se atopa e así o 21 de Abril de 1931 na entrega de listado de clases á Xunta Local de Instrución dilles que non pode coller máis nenos (de 34 matriculados acoden 32 normalmente e ten 15 mesas para 30 alumnos) e se lle dan máis mesas collería a máis alumnos<sup>189</sup>.

---

<sup>187</sup> 11 de maio de 1931

<sup>188</sup> Xa que non había ningún obreiro mariñeiro: O presidente do Pósito é Tomás Bolívar Massó (logo Domingo Torresquesana). Secretario do Pósito: O mestre Primo Iturriaga.

<sup>189</sup> Entre os que estaba Jaime Torrente Ballester.

Con data de 27 de maio de 1931, logo de tomar posesión a nova xunta de goberno do Pósito comunicánlle ao concello que se fai cargo do mobiliario, material de ensinanza, libros de contabilidade, correspondencia... así como dos fondos que ascenden a favor a cantidade de 9.648 pesetas. E pídennlle que con urxencia o mestre de Orientación Marítima, Primo Iturriaga, se traslade ao local do Pósito de Pescadores “*máis de tres veces maior, máis hixiénico e máis céntrico que o que ocupaba na Banda do Río*”.

A alcaldía e a Corporación responden pedindo garantías e concreción das propostas ao que reunida a Xunta de Goberno do Pósito resolve favorablemente, por unanimidade, facerse cargo do traslado ao mesmo local do Pósito do mestre de Orientación Marítima e a cesión gratuíta deste local ata que venza o contrato do local alugado na Banda do Río. Logo o concello farase cargo do local e o Pósito comprométese a subvencionalo coa cantidade de 25 pesetas mensuais (300 ptas anuais) sen límite de prazo.



1931-32-Escola de Primo Iturriaga Larrea  
Cedido pola Familia de J. M<sup>o</sup> Estévez

No Pleno do concello do 15-06-1931 dáse conta do anterior e aceptase a proposta por estimala beneficiosas.

A pesar de todas as melloras chegamos ao inicio do curso 1931-32 e vemos que o mestre Primo Iturriaga solicita outra vez material para a escola, sobre todo mesas, xa que ten máis espazo pero a matrícula aumentou moito. Agora ten 90 alumnos matriculados dos que asisten habitualmente 80 e so teñen 21 mesas para dúas persoas (aparte ten 8 mesas bipersonais inservíbeis e 6 para seis nenos que non se poden reparar por estar acarunchadas). Grazas ao escrito sabemos as medidas que ten o local-escola son dunha superficie de 78,40 m<sup>2</sup> : 9,80 m de largo por 8 metros de ancho. O concello e Xunta Local ven como xustas as peticións e ao non poderlles facer fronte, por falta de presuposto, elevan unha petición formal á Inspección Educativa.

Primo Iturriaga cesaría do seu cargo o 6 de setembro de 1933 ao ser nomeado por Concurso Xeral de Traslados á Graduada nº 3 de Cervera del Río Alhama (Logroño-La Rioja).


#### ➤ Óscar Feijóo Trincado

No seguinte curso autorízase de novo o traslado da escola á Banda do Río, á casa de Francisco Novas Iglesias (esquina Montero Ríos coa actual Rosalía de Castro) na que toma posesión coma mestre interino Óscar Feijóo Trincado que estará exercendo dende o 19 de setembro de 1933 ata o seu cese ao final de curso, 31 de xullo de 1934.

#### ➤ Fernando Gándara Gómez

Óscar Feijóo é substituído logo por Fernando Gándara Gómez que tomou posesión o 7 de decembro de 1934 e cesa o 28 dese mesmo mes porque pide unha excedencia “*por máis dun ano e menos de dous*” que lle é concedida.

➤ **Celestino Fernández García**




O 10 de xaneiro de 1935 toma posesión como interino da escola do Pósito Celestino Fernández García. Celestino repetiría como mestre provisional do Pósito



1943-Escola de Celestino Fernández García


e a partir desa data quedaría, ata a súa xubilación como mestre nacional en Bueu.

➤ **Telmo Bernárdez Gómez (Redondela 1913-México 2011)**



Nomeado o 17 setembro de 1935 para a escola do Pósito con carácter provisional toma posesión da escola do Pósito.

Telmo Bernárdez Gómez. Telmo pertencía á primeira promoción dos mestres de Grao Profesional.




Casado con Bertha Amada Castro González Blanco.

O 18 de maio de 1936, por orde ministerial, é autorizado (8 días) para acudir ao Congreso Rexional de Traballadores da Ensinanza. Deixa atendida a escola con Juan Diz Paz.

É cesado na súa praza de Bueu o 31 de agosto de 1936 (o alcalde césao o 13 de novembro de 1936). Na prensa do 18 de maio de 1937 é requirido, coma moitos outros, para que se presente na Comisión depuradora do Maxisterio nun prazo de 10 días.

Xa fóra de Bueu foi encarcerado e pasa catro anos de cárcere en cárcere (Pontevedra, Ponte Caldelas, San Simón, Figueirido, San Cristóbal de Pamplona e de novo San Simón). No 1947 chega como exiliado a México onde falecería no 2011.

### ➤ Ricardo Touza Cernello




Cando Telmo Bernárdez deixou a escola do Pósito foi substituído por Ricardo Touza Cernello que tomou posesión como mestre interino o 13 de novembro de 1936 ata o 13 de xaneiro de 1937 que cesou.

### ➤ Manuel Aboy Gándara



Dende outubro de 1937 é nomeado Manuel Aboy Gándara, primeiro de forma provisional e logo definitiva (setembro de 1943).

Dende o ano 1944 os Pósito de Pescadores transformáronse en Confrarías.



O 10 de novembro de 1945 o Patrón Maior da Confraría de Pescadores pide se lle *“autorice para que as clases da Escola elemental profesional de pesca, próxima a crearse, poidan efectuarse no local que ocupa a Escola Nacional de Orientación Marítima desta vila, entre as horas de 18:30 a 21:30 xa que se dá a circunstancia de que o mestre desta escola será encargado das ensinanzas xerais da Elemental de pesca”*.




*Escolas da Banda do Río. Foto de José Castro Piñeiro*

A Xunta Municipal vendo que non alteran o labor da Escola de Orientación Marítima, procede a acceder á petición.

En 1949-1955 estaba localizada a escola na Banda do Río na casa de Francisco Novas Iglesias (pagaban 450 ptas/ano ao principio e 600 ptas ao final) e o mestre unha indemnización de 1.800 ptas.

Manuel Aboy Gándara pasará para como titular desa escola ás instalacións do Padroado San Xosé ata que no ano 1972 se xuntan todas as escolas da parroquia de Bueu no “Grupo Escolar de Bueu” do que foi o seu primeiro director.



↑ 1954/55 - Escola de Manuel Aboy Gándara - 1955/56 ↓



### «A escola do Pósito en Beluso»



Un ano despois da de Bueu, inaugurouse a escola do Pósito de Beluso, con casa-escola e habitación. Ao igual que o Pósito de Beluso, esta experiencia educativa durou pouco tempo. Cando pechou, o mesmo Saralegui en xuño de 1929 lle indica ao alcalde que o material que tiña a dita escola podería destinarse á creación dunha nova escola de Orientación Marítimo no porto de Beluso. Nunha sesión da Permanente (13-5-1929) o concello avala esta proposta e facilitaríala o local de Eugenio Vidal.

O 17 de outubro de 1929, o alcalde expón na Xunta Local de Instrución a petición dos veciños de Beluso para solicitar unha escola de Orientación Marítima *“fundados en que existe un cento de nenos que non pode adquirir instrución primaria”*. En vista disto o alcalde dirixira oficio á Caixa Central de Crédito Marítimo para preguntarlle se podía utilizar a este fin o material que pertencía ao disolvido Pósito marítimo-terrestre de Beluso. A contestación foi afirmativa, *“sempre que o concello proporcionara local para aquela e casa habitación para o mestre, debendo ter un carácter de orientación marítima a ensinanza que nela se daría”*. A creación condicionase á petición ao Ministerio de Instrución Pública.

A escola segue funcionando como nacional pero seguiron solicitando a denominación de Orientación Marítima e así podemos comprobar que na sesión da Xunta Municipal de Educación Primaria do 27 de xaneiro de 1944 dáse lectura dun escrito que o Presidente do Pósito de Pescadores de Bueu dirixe ao Comisario Director Xeral do Instituto Social da Mariña, pedíndolle que a escola nacional de nenos de Beluso se lle dea carácter de Orientación Marítima por convir aos intereses da poboación pescadora da parroquia. A Xunta Local apoia a petición conseguíndoo baixo a tutela do mestre José Martínez Camiña.



*Escola de Orientación Marítima e Pesqueira de José Martínez Camiña-Curso 1959-1960*

VII

Escolas Padroado

San Xosé






## «Escola – Padroado S. Xosé»<sup>190</sup>

### «Escola, médico e capelanía para Meiro»

Un once de maio de mil oitocentos trinta un bueués que fixera fortuna na emigración asinaba o Testamento ante o escribán Marcos Leonardo Agrelo da cidade de Buenos Aires:

*“Esteban Antonio del Río Estévez natural de Meiro Parroquia de San Martiño de Bueu, Xurisdición de Cangas, Arcebisado de Santiago, Provincia de Galicia no Reino de España, fillo lexítimo dos Finados D. José del Río e D<sup>a</sup> Francisca Estévez, e veciño desta Cidade achándome en pé aínda que algo achacoso pola miña avanzada idade, pero nos meus cinco sentidos e potencias cumpridas [...]. Declaro que son de estado solteiro que non posúo herdeiros forzosos ascendentes nin descendentes. Así mesmo declaro que os meus bens consisten na Casa Quinta a miña Evitación noutra sen casa que está no fronte, outra máis ao Oeste a dúas cuadras de distancia tamén sen Casa. En dúas casas situadas en*



Poder de Esteban del Río

<sup>190</sup> Publicado no meu blog <http://acidras.blogspot.com> en seis entradas dende marzo ata xuño do 2016. Aquí actualizáronse algúns dos parágrafos.

*Pueblo, unha detrás das monxas Catelinas e outra ás inmediacións do parque de Artillería [...]. Declaro ser a miña vontade que os meus dous Escravos José e María queden libres despois do meu falecemento [...] ... dende agora dono ao meu Sobriño José Antonio del Río a casa que teño en Pueblo [...]. É a miña vontade que o meu Testamenteiro Reducindo todo a moeda Metálica estableza e funde con todas as seguridades que esixe a Lei. Eu quero tres Establecementos a perpetuidade no lugar de meu nacemento A Aldea de Meiro sendo o principal unha Escola de primeiras Letras; En segundo un facultativo Médico para asistir de gratis a todos os enfermos pobres da Freguesía e ademais que esixan a súa existencia, e o terceiro unha capelanía Eclesiástica coa pensión de dicir unha Misa rezada todos os días festivos e de misa. A cuxas institucións Meu Testamenteiro Aplicará os fondos que crea suficientes para encher a cada unha delas as Esixencias da Institución [...] Nomeo polo meu Testamentario en primeiro Lugar a D. José Ant<sup>a</sup> Lagos e en Segundo a D. Manuel Miñán...”*

Trinta e cinco anos despois (1865) o concello, sen resultado positivo, reclamou ao través do consulado español en Buenos Aires. Polo que anos máis tarde, 10-2-1868, reúnense na Casa Consistorial de Bueu, baixo a presidencia do alcalde D. Manuel González Plá, algúns concelleiros, os “maior número de Contribuíntes” e o cura párroco de Bueu para asinar un poder a favor de Juan Benito del Río Rosales (de Domaio). Este, dende facía dous anos, que falecera D. Esteban Antonio del Río Estévez, estaba a reclamar en Buenos Aires a herdanza a favor de Ignacio del Ríos Santos (de Moaña) como herdeiro do testador, D. Esteban.

O poder outorgado é para que os represente ante os Tribunais da República Arxentina para conseguir “o cumprimento do que este ordenou en xunto á escola, Facultativo e Capelanía”.

Aclárase que o terá que facer sen “esixir dos outorgantes, por razón de gastos nin por concepto algún a menor cantidade”.

Unos Cien pesos que mi Albacea le entregará de mis bienes; Del mismo es mi voluntad donar como desde haora dono a mi Sobrino D. José Antº del Río la casa que tengo en el Pueblo Inmediata al Parque de Artillería; y el Remanente que quedare de mis bienes derechos acciones y futuras sucesiones que me pertenezcan o pertenezcan a cualquier manera que sea incorporando la Casa que poseo en la Aldea de Meiro por donación que hizo mi hermana D<sup>a</sup> Anaª del Río con un terreno mas Adyacente. Es mi voluntad que mi Albacea Reduciendo todo a moneda Metalica establezca y funde con todas las seguridades que exige la Ley. Yo quiero tres Establecimientos a perpetuidad en el lugar de mi nacimiento La Aldea de Meiro siendo el principal una Escuela de pri-

meras Letras; En segundo un facultativo Medico para asistir de gratis a todos los enfermos pobres de la Poblacion y ademas que exijan su asistencia, y el tercero una capilla<sup>Eclesiastica</sup> con la pensión de decir una Misa resada todos los dias festivos y de Misa Acuyas institución Mi Albacea Aplicará los fondos que crea suficientes para llenar a cada una de ellas las Exijencias de la Institución y satisfacer debidamente las necesidades de los individuos que las sirban, en la intelijencia que asi para el patronato Como para el nombramiento de los sujetos seran llamados mis parientes prefiriendo la linea masculina a la femenina y no los abiendo se hará el nombramiento por el Cura del Lugar y el Juez territorial y dos vecinos en representación, y resulta electo el que reuna mas votos de esta junta mi Albacea para estas fundaciones toman todas las medidas para fijar la responsabilidad y funciones de cada institución teniendo presente que mi animo es que todas ellas tienen por objeto el Bien espiritual de mis antepasados y el de mi alma, a quien de este modo Instituyo y nombro por mi unica y universal heredera y para cumplir Guardar y efectuar este mi testamento y todo que en el se contiene; Nombro por mi Albacea en primer Lugar a D. José Antº Lagos y en Segundo a D. Manuel de Miñan Aguiñes confiero el mas amplio poder y facultad para que despues de mi fallecimiento en el lugar y grado que sean nombrados se apoderen de todos mis bienes lo Inventarien y Justiprecien Judicial o extrajudicialmente en almoneda o fuera de ella, bendichos los que Contemplan necesarios para dar cumplimiento a todo cuanto deyo digo esto prorrogandoles

Serviron para algo as xestións? E se serviron, que foi da escola, do facultativo ou da capelanía Eclesiástica para Meiro que deixaba no seu testamento Esteban Antonio del Río Estévez?

Os tempos na xustiza sábese que son moi longos e así o corrobora o dito castelán "Las cosas de palacio van despacio". Isto é o que pasou tamén coa execución testamentaria do benfeitor Esteban A. del Río. Terían que pasar máis de trinta anos do seu falecemento para ver os froitos das xestións e unha mínima, e provisional, realización dos mesmos, vísense reflectidos. Mais non en Meiro, como fora o seu desexo, senón en Bueu.



Capela Vella

E todo comezaría en novembro de 1905 no que, nunha campaña para contrarrestar os avances dos “protestantes ingleses”, o Cardeal Arcebispo Martín de Herrera funda e sostén centros educativos en Marín<sup>191</sup>.

E, aínda que non é máis ca unha idea, publícase que o mesmo cardeal dispón en Bueu<sup>192</sup> *“dunha considerábel extensión de terreo, en lugar céntrico e hixiénico, onde se propón edificar un magnífico local de escola, rodeado de amplo campo escolar.*



*Oratorio Capela vella*

*Este local escolar terá , no fondo do mesmo (un dos lados menores do paralelogramo)<sup>193</sup>, un pequeno departamento, convenientemente separado, onde instalarase un altar para a celebración do santo Sacrificio os domingos e demais días de festa. [...] Á fronte desta escola-capela pensa o Emmo. Prelado poñer un sacerdote-mestre, o cal, á vez que desempeñe cumpridamente o espiñento e nobilísimo cargo de mestre de escola, diga tamén, os días de festa, a santa Misa no referido altar...”*

Pasados uns anos (1909), e á espera de que esa idea se fixera realidade, abriu ás súas portas como escola-capela no lugar de Pescadoira, propiedade do Sr. Antonio Nores, que sería coñecida como “Capela-escola de S. Xosé da praia de Bueu” ou, co paso do tempo, como “Capela vella”. As instalacións estaban no primeiro

---

<sup>191</sup> De niveis de párvulos, elemental e superior. Tamén pretende ampliar estes centros cun de adultos.

<sup>192</sup> Aproveitando a disposición do concello polo legado de Esteban A. del Río e onde hai grupos anglicanos con actividade significativa, sobre todo en Cela.


<sup>193</sup> Por esta e outras razóns, que tratamos no seu momento, o lugar ‘pensado’ nun principio era no que agora coñecemos coma Parque do Ramal dos Galos ou da Biblioteca.

andar do inmoble ao que se acedía por un patín ou escalas exteriores. Constaba dunha estancia con espazo amplo para escola e “*apartado no mesmo para oratorio*”. Na primeira época o capelán era o que exercía de mestre como



Jesús Suárez – 1930 Cedida pola Familia de J. M<sup>a</sup> Estévez

José Bretal Martínez (1906/10), Francisco Canosa (1912), Antonio Sueiro (1913), Jesús Suárez (1930), José Caneda Fontán<sup>194</sup> (1939) etc.



Nese mesmo ano constituíuse un Padroado, que levaba en xestión dende o 1905, compúñao algúns veciños, como José López Díaz, José Cerqueiro Malvido, Antonio

Nores etc. que baixo a denominación de “Padroado pro-Capela-Escola de S. Xosé” mandaron proxectar uns primeiros planos dunha Capela-escola. Planos que nunca tomaron forma real por considerar os patróns que se quedaban curtos para as necesidades reais e por mor das dificultades económicas que suporía afrontar as obras e as xa necesarias ampliacións.



E así foi pasando o tempo e o que se pensaba que sería unha solución temporal durou corenta anos. O Padroado esmoreceu co tempo pero sen chegar a desaparecer de todo íase renovando

nalgún dos seus membros de cando en vez.

Unha desas novas incorporacións, e moi importantes, sería a de Gaspar Massó.


<sup>194</sup> En febreiro de 1939 tiña matriculados 37 alumnos dos que asistían unha media de 32.

## «O Padroado San Xosé»

O obxectivo dalgúns destacados bueuses, de acadar a construción dunha capela e escolas para os fillos dos mariñeiros en Bueu víase lonxe, e mesmo utópico. Os proxectos estaban estancados e para comezar tiveron que buscar acubillo; e este atopouse provisionalmente, grazas á xenerosidade dos propietarios Dn. Antonio Nores e Dna Carmen de la Rúa, na ‘capela vella’.



Capela vella



Doazón de terreos por Carmen de la Rúa

Por iso e coa intención de promover os traballos precisos para conseguir unha gran ‘Capela-escola’ que Bueu precisaba, creouse o antigo Padroado San Xosé para xestionar este patrimonio. As actividades funcionaban con múltiples carencias de espazo, hixiene etc., que polo 1946 víase agravado pola existencia no baixo da Escola dun taller de mecánica ou carpintería polo que “*resultaron sempre dificultosos e ata irrespectuosos ambos servicios da fundación*”.

Entre os vogais que se foron incorporando estaba Gaspar Massó que no verán de 1946 decidiu tomar as rendas ao ver que o Padroado carecía da autoridade necesaria para o labor, que con urxencia se precisaba, de tentar construír dunha vez por todas un centro educativo e unha capela. Para o que decidiron refundarse como Padroado dando entrada a un

representante do concello, outro da casa Massó Hermanos e outro en representación da mecenas Carmen de la Rúa Catani<sup>195</sup>, ademais do que designaran o Arcebispo e o Instituto Social da Mariña (ISM).

Os medios económicos cos que contaban para presentarse ante os posibles Patróns da nova Fundación (7-10-1946), eran:

- Os fondos pro-capela na casa Massó Hnos.
- Os fondos da manda testamentaria de D<sup>a</sup> Visitación Estrada (viúva de Galup) en poder do Arcebispo.
- Os da Fundación Manuela Fraguas.
- Doazón de Massó Hnos: Importe da cesión da fábrica “Roiba” á dirección de Turismo<sup>196</sup>.
- Segunda doazón de Massó Hnos de dar froito a operación anterior.
- A disposición dos actuais propietarios dos terreos, D<sup>a</sup> Carmen de la Rúa Catani e o seu esposo D. José M<sup>a</sup> Mora Ruíz, de doar os terreos precisos para o emprazamento.
- Compromiso da Casa Massó dunha subvención anual de 6.000 pesetas para o sostemento, a partires da inauguración da obra.
- (E como suxestión ao Concello) Todas as mostras de peixe poxado na Lonxa pasase a beneficiar á comunidade relixiosa<sup>197</sup> que se fixera cargo da ensinanza

Días despois desta proposta (24-10-1946), na sesión do Concello valoraron positivamente o labor realizado, o estado dos traballos, ofrecementos obtidos,... pídesse á Comisión de facenda informe para constituír un novo Padroado no que podería entrar o Concello. A resposta afirmativa darase na sesión Plenaria do 12-12-1946.

---


<sup>195</sup> Sobriña e herdeira do Sr. Antonio Nores. Gaspar Massó foi o primeiro en solicitarlles a cesións duns terreos como algo fundamental para facer realidade o proxecto Capela-Escola. Dixeron que si e que xa o propuxeran eles con anterioridade.

<sup>196</sup> Expediente en trámite polo Ministerio de Gobernación.

<sup>197</sup> A familia Massó tiña en mente a creación dun centro xestionado por relixiosas. Cando isto non foi posíbel eles o propiciaron facilitando instalación e financiación do que co tempo xermolaría no actual Colexio Virxe Milagrosa de Bueu.

O proxecto era ambicioso xa que constaba dun novo edificio de capela, vivendas para unha Comunidade relixiosa, habitacións para o capelán e aulas para 500 nenos pobres, fillos de pescadores ou de xente modesta.

Con data de 26 de decembro de 1946 o Alcalde de Bueu, José M<sup>a</sup> Massó, e demais membros da Corporación cursaron un oficio-invitación ao Arcebispo, Instituto Social da Mariña (ISM), Dña Carmen de la Rúa e a outras entidades sociais dándolles a coñecer os proxectos desta Fundación e indicándolles que sinalaran un representante propio para formar parte do novo Padroado. De todos se recibiron contestacións favorables.



*Convocatoria Padroado*

Chegados a este punto constituíuse oficialmente o novo Padroado 'Pro capela-escola San José' o 29 de xullo de 1947 quedando como segue:

**Presidente:** José M<sup>a</sup> Massó García, alcalde de Bueu

**Vicepresidente:** Ángel Rama Lestón<sup>198</sup>, cura párroco de Bueu

**Tesoreiro:** Gaspar Massó García (membro da antiga comisión)

**Vogais:** Gonzalo Torrente Piñón (Axudante militar de Mariña);

Américo Otero Enero, 2<sup>o</sup> Tenente de Alcalde

**Secretario:** José Cerqueiro Malvido, Oficial Maior do concello e membro da antiga comisión


Como primeiro acordo do novo Padroado San Xosé foi que se encargaran os Proxectos técnicos da Capela-escola. Neste caso foi aos arquitectos Francisco Castro e Pedro Alonso.

---


<sup>198</sup> O 4 de xullo de 1947 é nomeado, polo arcebispo Fernando Quiroga Palacios, como delegado seu no Padroado

Posteriormente o Padroado reuniuse para estudar o proxecto presentado o 9-1-1948 e, na mesma sesión, apróbanse e deciden remitirlllo á Confraría de Pescadores para o seu estudo e ao Concello, para que este o faga seu e realice os trámites precisos.

Como xa mencionamos cunha finca que pertencía a Carmen de la Rúa Catani e foi doada<sup>199</sup> pola mesma para o uso exclusivo de Capela e escolas comezouse un Expediente para expropiación de terreos coñecidos por Chan de Barca ou Silveiras, do barrio da Praia, que contou con seis fincas, todas elas de labradío, cunha superficie de 1.407 m<sup>2</sup> polas que se pagaron 20 pesetas/m<sup>2</sup> cun aumento do 3% coma prezo de afección. O que dou un montante de 28.984,20 pesetas<sup>200</sup>.



*Prensa: Aprobación edificio para capela-escola*



*Comunicado venda da Roiba*

Na reunión do Padroado do día 2 de outubro de 1948, Gaspar Massó doaba, no nome da empresa Massó Hns, 65.000 pesetas<sup>201</sup> que puña desde ese momento a disposición do Padroado.


Ao ser conscientes de que aínda con eses cartos e coas previsíbeis novas aportacións sería imposíbel facer fronte ao total da obra é polo que se autoriza a cesión do proxecto ao Instituto Social da Mariña<sup>202</sup>. Para todo o cal entraron en xogo todo o potencial de influencias dos irmáns Gaspar e José M<sup>a</sup> Massó. Obxecto que conseguiron o 3 de marzo de 1949.

<sup>199</sup> De 2.350 m<sup>2</sup> e valorada en 48.000 pesetas.

<sup>200</sup> Ao que houbo que engadirlle 6.396,40 pesetas dos Dereitos Reais do documento notarial (26-10-1949) e de 340,50 pesetas polo conxunto no Rexistro da propiedade.

<sup>201</sup> O dobre do que conseguirán pola venda da Fábrica de salga da Roiba (Beluso).

<sup>202</sup> Tamén habería que ter en conta as realizadas co Instituto Nacional da Vivenda pois no "paquete" incluíuse 50 vivendas para pescadores.



*Carta do Instituto Social da Mariña*

Houbo dúas Sesións do Concello<sup>203</sup> para autorizar e confirmar datos no Rexistro da propiedade, exención de cargas para antigos propietarios, cesión das mesmas etc.

Logo tamén houbo dúas relevantes Sesións da Permanente do Concello

para poder ofertar aos organismos estatais os proxectos:

- A Permanente de 9 de marzo de 1949 para ver as Actas polas que se interesa os pagos das parcelas expropiadas e autorizar se liberen inmediatamente as sumas correspondentes para facer o pago das mesmas e para o outorgamento das escrituras.
- Na Permanente do 1 de xuño de 1949, cos terreos pagados<sup>204</sup>, autorízase o outorgamento de escritura en favor do Instituto Social da Mariña, representado polo Axudante de Mariña de Bueu, Gonzalo Torrente Piñón.

*“Interesa grandemente ao concello de Bueu, eminentemente pesqueiro con 2.000 mariñeiros, na súa maioría cabezas de familia, poder contar cunha barriada para os traballadores do mar, e cunha Capela-Escola que lles permita o cumprimento dos seus deberes relixiosos, atendendo á vez a ensinanza dos seus fillos xa que se dispón de terreos próximos á praia para a barriada de que se trata, distante uns 500 metros dos da Capela-escola, contigua á estrada e con amplitude para deportes e campos de experimentación”.*

<sup>203</sup> Unha o 25-11-1948 e 30-12-1948.

<sup>204</sup> Coa excepción dunha parcela por “resistencia do interesado á cesión”.

Estes terreos foron cedidos oficialmente, cos destinados para o “Poboado de pescadores”, ao Instituto Social da Mariña (ISM)<sup>205</sup> o 18 de xullo de 1949.

Gaspar Massó segue (1951) na busca de conseguir cada vez máis adhesións e recursos para esta grande obra como cando pon ao Arcebispo Fernando<sup>206</sup> en situación do Padroado, obras, presupostos, entidades participantes, doantes,... e lle solicita as 57.700 pesetas máis os intereses acumulados, do mandato testamentario de Visitación Estrada Galup (viúva de Herrerín) depositadas no arcebispado, que segundo vontade da testadora debían aplicarse en escolas en Bueu. Ou como as insistentes peticións ao Instituto Nacional da Vivenda para que cumpran a promesa realizada polo seu máis alto rexedor, de 500.000 pesetas

A Confraría de Pescadores de Bueu pídelle, por esas datas, ao ISM que teña en conta as necesidades de Bueu e constrúa, polo menos, unha capela e unha escola de tres clases e tres vivendas para mestres. A partir deste momento o I. S. da Mariña comprométese á construción do grupo de escolas, pero reconece que *“organismos á súa vez superiores vétanlle a construción da Capela nas dimensións presentadas nos planos do proxecto, xa que consideran que as actuacións relixiosas do grupo escolar quedarían satisfeitas cunha capela máis modesta”*.


Para o seguimento das obras e xestión das mesmas o Padroado constituíao nestas datas: Ángel Rama Lestón (cura de Bueu, como delegado do arcebispo<sup>207</sup>), Gaspar Massó García (pola empresa Massó Hnos e pola propietaria Carmen de la Rúa), Gonzalo Torrente Piñón (polo Instituto Social da Mariña), José Juncal Freire e José Cerqueiro Malvido (polo concello).

---

<sup>205</sup> Ante o notario de Marín, Hipólito Hermida Oubiña. E dunha parcela que faltaba o 26 de xuño de 1951.

<sup>206</sup> Tamén acudiu a el para que influíra ante organismos estatais para conseguir axudas.

<sup>207</sup> O 4 de xuño de 1949 foi nomeado arcebispo de Santiago, Fernando Quiroga Palacios. No 1952 investido cardeal.



*Escolas da capela San Xosé*

Chegados a 1950 o equipo que rexe o Padroado San Xosé deu en loitar para manter a Capela grande pois esta non sería só “*para as atencións relixiosas escolares*” senón tamén para os veciños en xeral. De non conseguilo, tratar de que a última proposta do ISM sexa para esta construción o máis grande posíbel e para iso a empresa Massó axuda na obra co transporte de materiais.

Pero as dificultades para a construción prevista comezan a medrar a pesar de que no 1953 a Obra Social do Movemento concede unha subvención de 196.000 pesetas para a Capela-escola. Estas dificultades poñen ao Padroado ante a evidencia de que non é posíbel levantar a capela incluída no proxecto ni tan sequera con menor volume. E o 19 de marzo do 1954 escríbenlle ao arquitecto Francisco Echenique para que lle permita á empresa construtora e que se poida adaptar as aulas da escola para transformarse en capela os días festivos mediante portas corredizas ou outro procedemento. O ISM autoriza as modificacións pero os gastos serían costeados polo Padroado.



*Traballadores da capela-escola S. Xosé*

Xa co proxecto inicial sen a capela grande, reducido o número de aulas, sen comedor,... o Padroado consegue outras modificacións

como foi a eliminación de dúas aulas, a sala de traballos manuais e de experiencias e dous despachos de mestres para construír no seu lugar unha pequena capela (que é a que hai na actualidade).

E así chegamos ao mércores, día 15 de agosto de 1956 no que se fai o traslado do mobiliario e obxectos de culto da ‘Capela-salón San Xosé’ (Capela Vella) á ‘Capela-escola S. Xosé da Praia de Bueu’ (‘A Capilla’). Ese mesmo día o coadxutor, Desiderio Gradin Moreira, oficia a primeira misa e o cura párroco, Ángel Rama Lestón<sup>208</sup>, bendice as mesmas e entrega as chaves da “Capela Vella” á súa propietaria, Carmen Rúa Catani<sup>209</sup>, dándolle “a gratitude da igrexa pola súa xenerosidade”.

A pesar da inauguración a obra non estaba de todo rematada pois hai documentación na que o cardeal Quiroga “bota unha man” solicitándolle ao Director do Instituto da Vivenda axude a que este Padroado e aporte as 500.000 pesetas prometidas xa que axudarían moito a completar o total da obra.



*Escola de Orientación Marítima de Manuel Aboy-1965-66*

No outubro de 1960 o Consello escolar local volve a falar da creación de escolas pero esta vez, ademais, propoñen “á *Corporación Municipal a creación de dúas escolas de Iniciación Profesional que abarquen o cuarto período de gradación escolar, de tipo permanente, para nenos, en réxime de Consello de Protección escolar, unha delas dedicada á ensinanza de materias relativas á radio e electricidade, e a outra á ensinanza de mecanografía, taquigrafía e contabilidade*”.

---

<sup>208</sup> Da capela encargárase o coadxutor Jaime García Rodríguez.

<sup>209</sup> Ao través do seu representante no Padroado, Gaspar Massó.

## «Escola de Orientación Marítima»

O novo curso iniciouse cunha Escola de Orientación Marítima que rexentaba Manuel Aboy Gándara. Posteriormente, por OM de 20-11-1961 (BOE 8-12-1961) foron creadas dúas unitarias de nenos no casco de Bueu coma escola de Padroado e dependentes dun Consello Escolar Primario.



*Escola de F.P. - Marítimo-Pesqueira*

O Concello solicita (20-9-1962) que lle sexa cedida a Capela-escola construída polo ISM e esta pase a depender integramente del xa que o sostemento<sup>210</sup> e conservación corren a cargo do concello que tamén habilitou a capela e os locais-escola. De ser así

comprométese este a crear unha nova escola de Orientación Marítima.

No 1963 o ISM responde ao Concello que non pode acceder á petición por carecer de fondos para a amortización polo que a Confraría terá que seguir pagando 2.406 pesetas mensuais. Ou que se poña de acordo co Concello que é o beneficiado xa que *“a amortización do edificio como a obra social cultural e asistencia relixiosa son cargo da Confraría e no seu caso do Concello”*.

A escola de Padroado creada en 1961 e dependentes dun Consello Escolar Primario, non comezaría a súa andaina ata os primeiros anos de 1969, nelas darían clases Manuel Omil e José M<sup>a</sup> Porto, así como polas tardes na Educación de adultos, M<sup>a</sup> Dolores Menduña.



---

<sup>210</sup> Isto o fai tamén porque ese mesmo ano reclámanselle 192.558 pesetas á Confraría e a Hermanos Massó pola cota de amortización do grupo escolar S. Xosé. A Confraría está de acordo coa cesión pois non pode facerse cargo da amortización, que lle corresponde, do edificio nin manter o mesmo.

### ➤ José M<sup>a</sup> Porto Martínez

José M<sup>a</sup> Porto é natural de Beluso-Bueu; estuda Maxisterio e aproba as oposicións en 1964. Aos poucos meses noméano para facer unha substitución en Crecente. Durante un tempo estivo de interino e provisional noutros destinos ata que volve ao seu pobo con praza pero aparece a posibilidade e solicita unha de nova creación pertencente ao Padroado San Xosé. A partir de aí en 1972 pasa a formar parte do claustro de profesores do Colexio Público de Bueu. No ano 1971 acada o título de mestre Instrutor en Educación Física, especialidade que exercerá ao longo da súa carreira. Licénciase no I.N.E.F. (Instituto Nacional de Educación Física)<sup>211</sup>.



Remata o seu labor docente no IES Illa de Ons de Bueu, onde se xubila.

Antes de chegar a este punto sabemos que en xullo de 1968 Manolo Omil ofrécese ao Padroado para facerse cargo dunha das clases recentemente creadas comprometéndose a facerse cargo do mobiliario, material e casa-escola (que se construíría na rúa Baixada ao Porto, nunha propiedade familiar). No mes de decembro Manuel Omil é admitido polo Padroado pero xa non fai falta que aporte nada pois xa se dan clases nas escolas equipadas de San Xosé.

### ➤ Manuel Omil Estévez (Bueu 20-4-1926/+23-10-2009)



Manuel Omil natural de Bueu, estuda Maxisterio e aproba as oposicións, nos primeiros postos, en 1956. A primeira escola, na que traballa como interino, é a de Aldán. Con posterioridade tivo outros destinos fóra do Morrazo pero sempre procurou achegarse ao seu Bueu natal; fíxoo ata renunciando a destinos máis ou menos afastados o que o obrigaron a dar

---

<sup>211</sup> Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física.

clases particulares na academia do seu profesor Celestino Fernández e a solicitar unha praza como mestre do Padroado San Xosé. A partir de aí en 1972 pasa a formar parte, ata a súa xubilación, do claustro de profesores do Colexio Público de Bueu.

A acta de Disolución do Padroado Municipal dependente do Consello Escolar Primario de Bueu asínase o 28 de xuño de 1971.

E así chegamos ao ano 1972<sup>212</sup> cando se crea nesas instalacións a Escola de Formación Marítimo-Pesqueira que logo sería (1974-94) Centro de Formación Profesional de 1º Grao na Rama Marítimo-Pesqueira que a partires do 1 de xullo de 2006, traspasado polo ISM, pasará a depender da Xunta de Galicia.



*Escolas Manuel Omil Estévez*

---

<sup>212</sup> O alumnado que había nela pasou ao Colexio Público de Bueu (hoxe CEIP A Pedra) que fora inaugurado no curso 1971-72.

VIII

Agrupacións  
escolares

Concello de Bueu





## «Agrupacións escolares de Bueu »

*Ao longo do tempo, repetidas son as ocasións nas que o concello e a Xunta Local de Educación de Bueu presentan ás institucións provinciais e nacionais a posibilidade de graduar a ensinanza, o que facía preciso a agrupación escolar, cando menos no núcleo da vila.*

*A ordenación das escolas por graos comeza en Bueu no ano 1930, e xorde por unha disposición da Inspección Educativa e, curiosamente, só nas escolas de nenas. Dispúñanse os graos inferiores para a escola de nenas nº 1 e os graos superiores para a nº 2.*

## «Escolas dende a emigración»

Os intentos e proxectos de escolas que viñan alén das fronteiras non chegaron a facerse realidade en Bueu. Os exemplos máis explícitos son de particulares, como Esteban del Río Estévez, de Meiro, que asinaba o Testamento un 11 de maio de 1830 ante o escribán Marcos Leonardo Agrelo da cidade de Buenos Aires: *“Eu quero tres Establecementos a perpetuidade no lugar do meu nacemento a Aldea de Meiro sendo o principal, unha Escola de primeiras Letras; En segundo un facultativo Médico para asistir de gratis a todos os enfermos pobres da Freguesía e ademais que esixan a súa existencia, e o terceiro unha capelanía Eclesiástica coa pensión de dicir unha Misa rezada todos os días festivos e de misa.”*

Tamén proxectos nese sentido viñeron de asociacións de bueuses que tiñan en grande estima a instrución dos seus conveciños:


- *“Fillos de Bueu en América”* (1923) de Buenos Aires, no artigo nº 4 dos seus Estatutos: *“Subvencionar e instalar por conta da Sociedade, escolas de Ensinanza Primaria, incluso artes e oficios, dentro do Municipio de Bueu...”*

- “*Unión Cultural de Bueu, Beluso e seus contornos*” de Nova York, no artigo 29 dos seus Estatutos fala “*Das Escolas en España*” e no apartado (a) “*A primeira casa-escola, edificarase en Bueu, Beluso ou nun lugar adxacente que ofrezca máis conveniencia...*”

Pero quizais o que máis cartos achegou e o que máis preto estivo de dar froito educativo foi o legado de Francisco Antonio Nogueira Fraguas.

➤ **Francisco A. Nogueira Fraguas** (Bueu 12-8-1856/+17-9-1923)

Despois de máis de medio século na emigración (Concepción-Uruguai) onde amasou prestixio e unha pequena fortuna, Francisco Nogueira regresou a Bueu. Nun testamento hológrafo deixa 30.000 pesos (estimados unhas 75.000 pesetas) en diñeiro e propiedades para un gran centro educativo, preferiblemente de artes e oficios coa condición de que debería levar o nome da súa nai: Manuela Fraguas Juncal. Para xestionar a súa vontade organizouse unha fundación presidida pola súa muller, María Nogueira Duarte.



Francisco A. Nogueira Fraguas

O Ministerio de Estado recibiu da Fundación a cantidade de 68.017,38 pesetas; nos anos 1930-1933 realizáronse polo menos 4 poxas de bens inmobles da Fundación, por parte da Xunta Provincial de beneficencia, que ás veces pasaban en inscrición intransferible da débeda expedida a nome da mesma Fundación; e ata en 1933 concédeselle á Fundación a cualificación de “*beneficencia particular docente*”.

Moi a pesar dos esforzos realizados para facerse cos cartos que puideran resolver un baleiro educativo, as trabas e contratempos foron moitos. O concello mercou<sup>213</sup> en 1929 os terreos de


<sup>213</sup> O 31 de decembro de 1929 pecharon ante o notario de Marín a compra.

“Nespereira” (entre o Ramal dos Galos e estrada da Igrexa). Segundo dixeron, apuráronse a adiantar os cartos porque só estaban pendentes dun trámite de Madrid para recibir os do legado de Francisco Nogueira. Non pasaran moitos días cando a Xunta local de Educación pedía que eses cartos se empregasen en bolsas ou en “cantina escola” (Comedor).

O certo é que os cartos estaban depositados en Pontevedra pero... desapareceu o depositario e nunca máis se volveu a saber deles.

Nese punto, os terreos da finca ‘Nespereira’ estaban mercados, e en 1946 a requirimento da corporación municipal, o arquitecto señor Argenti confeccionou un proxecto de Grupo Escolar sobre o solar aludido. Consta este, de catro escolas unitarias (dúas de nenos e dúas de nenas) e catro vivendas de Mestres.

Tendo en conta as instrucións dadas polo Ministerio de Educación Nacional, reducíronse todas as dimensións e servizos ao mínimo polo custo das obras (485.329,62 ptas).



As escolas de nenos e nenas estarían separadas polas vivendas do profesorado e tamén terían campos escolares separados xa que entre estes “*déixase una franxa de terreo que permitirá aos Mestres ter un pequeno horto*”.

Unha vez máis, a realidade impúxose aos desexos, e o que puido ser un proxecto novo para Bueu e un despegue airoso no mundo educativo quedou en frustración e desilusión colectiva.

Tería que pasar un lustro para que o concello volveuse a solicitar á Xunta Provincial de Construcións escolares subvencións, que non

chegaron, con destino a 7 edificios escolas-vivenda ofertando, coma sempre, terreos para as mesmas. Nos distintos Plans de Construcións elaborados pola Xunta Provincial aparecen: No de 1958 as escolas de Bueu e Beluso, e no de 1959 a de Bon, Cabalo e Beloso-Cela.

Hai constancia da notificación, en xaneiro de 1960, na que o Director Xeneral de Ensinanza Primaria indícalle á Xunta Local de Educación que o concello nas súas peticións terá que “*incluir, con absoluta prioridade, a construción de escolas de nova creación*”: en Beluso 6 escolas; en Bueu-S. Martiño, 9 escolas e en Cela, 4 escolas.

Cando o concello solicita estas escolas ten dúas opcións: solicitalas por *Subvención* ou por *Aportación*. Por *Subvención* realizaríase a cargo do concello e recibiran 125.000 ptas por escola e vivenda. Por *Aportación* faríaa a Xunta Provincial (320.000 ptas por escola e vivenda) coa achega municipal do 25%.

O concello de Bueu opta finalmente pola modalidade de *Subvención*. As solicitudes concretáronse en 5 proxectos de escola-vivenda que sufriron vicisitudes e contratempos dispares: a de Bueu que, unha vez comezadas as obras, paralizáronse por abandono do contratista; en Beluso, na que só chegou a elaborarse o proxecto de adaptación da “Casa do Pobo”; Beloso-Cela e Bon-Beluso, non se poxan por falta de solar. A única obra que se remata, aínda que estaba pendente do informe do arquitecto, é a de Cabalo-Beluso. Resumindo o 20 de febreiro de 1961 aínda figuraban todas as escolas sen adxudicar, excepto a mencionada de Cabalo, polo que o 14 de abril a Xunta Provincial ameaza ao concello con anular os créditos concedidos se non se inician axiña as obras. O concello atópase nese momento sen posibilidades económicas a curto prazo, polo que solicita o 9 de maio que se anulen os créditos para as escolas.

Pero o panorama económico e social do noso país vai experimentar un auxe nunca visto con anterioridade. Se a isto lle sumamos os cambios políticos, demográficos, apertura ao exterior etc. veremos que esta prosperidade tamén se vai a trasladar ao mundo educativo. A necesidade de achegar postos escolares á crecente poboación vese

facilitada pola disposición de recursos estatais, e deste modo é como se proxectan agrupamentos por toda a xeografía dos nosos pobos.

Bueu non será unha excepción, e o seu déficit histórico de instalacións escolares propias verase compensada cos proxectos de dúas agrupacións nas parroquias de Bueu e Beluso, aos que pouco despois se lle sumaría a de Cela.

Os pasos previos a esta realidade danse ao longo do ano 1966 no que aparecen citadas provisionalmente as agrupacións de Bueu e Beluso. O certo é que o 21 de novembro de 1966, a Xunta Central de Construcións Escolares encárgalle ao arquitecto escolar da Delegación Educativa de Pontevedra que elabore os correspondentes proxectos para as agrupacións de Bueu e Beluso. Faría a mesma solicitude para o de Cela 5 días máis tarde.

O 7 de marzo de 1967 o alcalde ofrece á Xunta Provincial de Educación a opción de aceptar uns terreos ao fin de que o Concello poida facer cesión en firme deles para as construcións escolares. Pasados uns meses, o 27 de novembro, confirma o alcalde que xa dispón duns terreos en Cela, polo que solicita que sexa incluída nos Plans da Xunta Provincial para o vindeiro exercicio de 1968 a construción da agrupación nesa parroquia.

Pero quedaba o máis dificultoso, o financiamento e a realización da obra, Así, por fin, o 3 de maio de 1969 o alcalde manifestase polas Construcións Escolares e faise eco da “*excelente impresión*” pola noticia de que fora “*adxudicada a poxa das obras para a construción das concentracións escolares das parroquias de Bueu e Beluso, e de terse anunciado a poxa das de Cela*”.

Confirma que con estas obras quedará resolto un dos máis graves e urxentes problemas de Bueu, o da Ensinanza. Xa que ao rematar estas obras “*permitirán non só aumentar o número de prazas escolares, dotando a este Municipio de todas as necesarias para o censo escolar do mesmo, substituíndo locais inadecuados por outros novos e alegres e con excelentes condicións pedagóxicas, senón que permitirá tamén conseguir unha maior eficacia na ensinanza ao*

*organizarse esta en forma graduada, o cal non era posible co sistema de escolas unitarias illadas”.*

Significar que para pagar os terreos a ofrecer polo concello, houbo que pedir un préstamo bancario que, dada a precariedade económica do mesmo, non se concedeu. O problema resolveuse, o 13 de outubro de 1969, cun préstamo persoal solicitado polo alcalde José M<sup>a</sup> Massó de 900.000 pesetas que logo pagaría o concello.

Para realizar o Proxecto dos centros escolares, o arquitecto utilizou uns modelos estándares que manexaba a Xunta Central e os actualizou adaptándoos ao terreo e necesidades do concello de Bueu. Concretamente para Bueu e Beluso a reforma partiu do Proxecto EG-3, e para Cela do EG-8. Para maior concreción, podemos dicir que os cambios veñen definidos no caso de Bueu e Beluso, entre outros, por:

- Facer unha cociña e despensa a conta dunha adega e dun retrete contiguo a este.
- O proxecto base tiña como cuberta terrazas e como “*non son propias da zona*” cámbiase por un recubrimento de tella.
- “*Poñemos de pedra as fachadas laterais ou de escaleiras a fin de que o espazo exterior corresponda coas edificacións do país*”<sup>214</sup>.
- Redúcense as luces de placas de ladrillo propostas porque aquí non hai ladrillos axeitados polo tanto farase con ladrillo armado con vigas de formigón.

A pesar do proxecto e das intencións do arquitecto, a realidade foi outra moi distinta. E así, seguindo a mesma orde, podemos observar<sup>215</sup> nun oficio que xusto un ano despois da inauguración do centro de Beluso, o director envía ao alcalde dicíndolle “*procede a edificación dunha nova cociña por ser inadecuada a existente ao fin de pór en marcha o Comedor Escolar*” e que sería preciso “*un proxecto adicional para edificación de dúas aulas sobre as azoteas deste Colexio*”. Para xustificalas baséase en que a Lei Xeral de

---

<sup>214</sup> Noutro apartado pedra = perpiño.

<sup>215</sup> AMB - Carpeta 1358/24

Educación prevé 8 niveis, mentres que o centro conta con 7 aulas para nenos e 7 para nenas.

O concello faise eco destas peticións e aproveita para reclamar ao Ministerio de Educación e Ciencia pola existencia doutras deficiencias como a instalación eléctrica, calefacción etc.

O de “*poñemos pedras ás fachadas*” quedou en “*pintamos as fachadas*”.

En canto á calefacción, mencionar o comentario vertido polo arquitecto das Agrupacións de Bueu cando quixeron tramitar as necesidades de potencia eléctrica dos colexio: “*Ademais nestas Escolas por estar na zona de costa non se instala Calefacción e caso de instalala sería por Calor-negro para acender só os días moi fríos*”<sup>216</sup>. Teríamos que remontarnos ao 13 de setembro de 1975 cando a Delegación de Educación adxudique as obras de calefacción para Bueu e Beluso.

Que as agrupacións escolares de Bueu viñeron a saldar un déficit histórico é algo evidente. Que non se tiveron en conta as necesidades do futuro próximo tamén. Podémolo comprobar coas queixas que en 1978 facía o director do Colexio de Bueu ao Delegado de Educación dicindo: “*Tendo en conta que este Centro foi creado con 18 aulas de EXB e 2 de Preescolar, ampliado posteriormente a dúas aulas máis de EXB, cunha capacidade real de 770 alumnos e que a matrícula actual é de 945 nenos, é evidente a necesidade de creación dun novo colexio de EXB*”. Algo que nunca chegou a facerse e que volveu a ser unha loxa sobre a calidade da ensinanza.

Para rematar co relato de todos estes despropósitos, mencionaremos un episodio, para algúns escatolóxico, como cando o 14 de xullo de 1974 se queixaba o inspector de Educación ao Concello das deficiencias no Grupo Escolar de Beluso: “*en canto aos servizos de W.C., por canto o diámetro final dos inodoros dos mesmos é insuficiente, ao extremo de que os profesores dispuxeron uns*

---

<sup>216</sup> AMB – Carpeta 2671/5.

*caldeiros de plástico ao lado de cada un para recollida de papel hixiénico utilizado ...*<sup>217</sup>.

Así poderíamos seguir con múltiples deficiencias que pouco a pouco se solucionaron coa complicidade e compromiso activo de pais e profesorado. Implicación que chegou ata para solicitar un préstamo persoal dun millón de pesetas, dos anos oitenta, mancomunado entre un grupo de mestres e pais para poder asfaltar os patios do colexio de Bueu. Posteriormente sería o concello o que se faría cargo dese préstamo ata a súa liquidación.

A continuación amosarei algunhas características do acontecer dos tres Colexios Públicos de Primaria de Bueu, non para facer un resumo do seu medio século de historia senón para poñer de manifesto actividades coas que fixeron historia, aspectos que os unen, dar a coñecer intrahistorias etc. ou simplemente apuntar algo do seu pasado e desexarlles un mellor futuro.

E para rematar e non redundar nin caer na fargallada, sintetizarei nun cadro-resumo algún dos aspectos técnicos relacionados coas Agrupacións escolares de Bueu, mostrando algún plano, listados do profesorado e finalizando coas actividades e peculiaridades de cada centro.

### «Consecuencias do Agrupamento escolar»

Sen enumerar e razoar todas e cada unhas das evidentes vantaxes do Agrupamento escolar, si citaremos algunha no caso de Bueu.

Pasar de 16 escolas unitarias en locais infradotados, sen apenas material ou con este obsoleto, a uns centros con 44 aulas con espazos e material a estrear foi un cambio sen parangón na educación bueuesa. As aulas enchéronse co alumnado que estaba espallado polas escolas públicas e privadas, pola praia e polos camiños<sup>218</sup>. A gradación das aulas xeneralizouse o que permitía unha mellor atención ao nivel do alumnado. Pero non todo era doado pois ao

---

<sup>217</sup> AMB – Carpeta 1358/25

<sup>218</sup> A iso axudou tamén a LGE (Leis Xeral de Educación-1970-Coñecida coma Lei Palasí)

principio os Grupos escolares eran só iso, agrupacións de escolas de nenos e nenas; cada un no seu espazo (aula, patios,...) e cos seus profesores e profesoras, imperando o illamento do cal viñan. Só os unía o edificio escolar e algunhas dependencias colectivas.

Pouco a pouco, fóronse modificando eses comportamentos individualistas: a necesidade, o sentido común, a axuda da Lei Xeral Educativa (a da EXB) e as directrices que dela se foron dando. Non foi un camiño fácil xa que tiveron que racharse moitos prexuízos, pero os cambios foron inevitables. As primeiras consecuencias foron eliminar a segregación por sexos para o que estaba concibida a estrutura física do edificio. En Cela primeiro, en Bueu no curso 1973/74 e en Beluso tardaría case un decenio, sería no 1980/81.

### «Os nomes dos Centros escolares»


As denominacións dos centros escolares foron, nalgúns casos, múltiples mesturándose con frecuencia o nome popular co oficial. Así temos: «Colegio Nacional Mixto Comarcal de», «Colegio Graduada Mixto Comarcal de», «Agrupación Escolar de», «Grupo Escolar de», «Colexio Público Mixto Comarcal de», «Colexio de EXB de», «Colexio Público de» etc.

Ante a disparidade de criterios que inducían a nomealas dunha forma ou doutra a Xunta de Galicia chegou un momento que tivo que normalizar e solicitar consenso na comunidade educativa cara a denominación oficial, aparecendo así a denominación de «CEIP A Pedra–Bueu», «CEIP Montemogos–Beluso», «CEIP A Torre-Cela». Posteriormente, estes fóronse transformando no que son hoxe en día o «CEIP Plurilingüe A Pedra–Bueu», o «CEIP Plurilingüe Montemogos–Beluso» e o «CEIP Plurilingüe da Torre-Cela».

Aínda que non o pareza cada unha desas denominacións indicaba un status no organigrama educativo e a medida que se modificaba ou ampliaba esa nomenclatura era un indicador do tipo de ensinanza e ata de aspectos da excelencia educativa (como no caso de Plurilingüe).



Limpabarros no CEIPP de Cela



## «As Bibliotecas escolares»

Nas escolas a carencia de libro sempre foi unha constante interrompida de cando en vez con achegas particulares ou institucionais. Dentro desta carencia nas escolas teríamos que exceptuar á do Pósito ou de Orientación Marítima sempre un pouco mellor dotada pola institución mariñeira.

A escola de Bueu, ten *Biblioteca* dende que o 15 de xuño de 1889 o Ministerio de Instrución Pública adxudicoulle unha á escola pública.

Terían que pasar case que 40 anos (7-10-1927) para que cunha dotación de 500 libros botase a andar a *Biblioteca Popular Municipal*<sup>219</sup>. Na inauguración estiveron presentes os nenos e nenas de todas as escolas do concello e, como me dicía unha eterna lectora de 95 anos, “*ese día íanseme os ollos detrás duns contos artisticamente ilustrados*”.

Logo viría a Biblioteca da parroquia de Beluso (1935) polo esforzo da Asociación *O Progreso* de Beluso (e da man das Misións Pedagóxicas).

Terían que pasar moitos anos, ata 1991, en que se inaugurara a Biblioteca da Casa da Cultura e, moito despois, a de Beluso e Cela.

Como xa vimos mencionando, os Colexios ou centros educativos foron postos en funcionamento no curso 1971-72. Neles pouco a pouco comezáronse a instalar bibliotecas de aula e logo Biblioteca na sala de Profesores, con contido pouco axeitado aos nenos. Os centros non tiveron sala específica de Biblioteca ata inicios dos anos oitenta e aínda que se incrementaron os libros infantís, ampliáronse os espazos etc. non chegaron a ter o papel dinamizador que obtiveron a partires dos inicios deste século XXI ao adaptar o centro a ela e non ao revés, como se viña a facer ata ese momento. Hoxe en día o espazo da Biblioteca nos tres centros é algo máis que iso, é núcleo que vertebra proxectos e dinamiza as actividades culturais.

---

<sup>219</sup> Lembremos a un dos seus principais promotores e mecenas, o mestre Higinio Pérez.

## «Grupo escolar – CEIPP A Pedra de Bueu»

Localizado na paraxe: “A Pedra” a 300 m da rúa Ramón Bares.

Unidades escolares: 22 Vivendas: 23

Superficie dos terreos: 78,84 áreas (7884 m<sup>2</sup>). Propietarios: 22

Custo dos terreos: 374.150 pesetas.

Disponibilidade dos terreos: dende o 23 de novembro de 1967

Arquitecto: Juan Argenti Navajas.


Topógrafo: Germán Ramos Francia

Presuposto total obra: 14.257.000 pesetas

Contratista adxudicatario da obra: Alfonso García Cascallar de Rubiáns

Observacións: Obras adxudicadas definitivamente o 9 de maio de 1969 (BOE nº 144 do 17-6-1969 páx. 9492).

Houbo que abrir con urxencia unha vía de comunicación (300 m) coa rúa Ramón Bares.



Propietarios terreos Agrupación de Bueu



A Acta de Recepción das obras do Grupo escolar de Bueu foi asinada polo Alcalde José Benito Otero Baena o 28 de abril de 1971 do que quedou decatada a Comisión de Goberno do concello o 5 de maio dese ano. Pero aínda quedaban moitos arranxos por facer e en realidade pódese dicir que a súa actividade escolar comezou case un ano máis tarde, en marzo de 1972.

En 1983 inaugurouse o que hoxe se coñece como Escola Infantil de O Valado, dependente do CEIP A Pedra. Supuxo unha importante ampliación de aulas (6) e de espazo de recreo da que o centro escolar estaba moi necesitado pola elevadísima ratio de alumnado.



*Construción Grupo Escolar de Bueu - 1970*



*Grupo Escolar de Bueu - 1972*

O claustro de profesores deste centro no seu primeiro curso estaba composto por:

**Manuel Aboy Gándara, como director**

M<sup>a</sup> Cruz Pilar Agulló Barral

Celia Álvarez Santiago

Gloria Basanta Criado

José M. Buela Peláez

José V. Cimadevila Baltasar

José M<sup>a</sup> Porto Martínez

Manuel Omil Estévez

Esther Escudero Rivas

Celestino Fernández García

Demetrio Jorge Boullosa

Julio Jorge Franco

Concepción López Rodríguez

Josefa Louro Lojo

M<sup>a</sup>. Dolores Mendiña Pastoriza

M<sup>a</sup> Teresa Silva Caeiro

## Equipos directivos

### Dirección:

1971-1975 – Manuel Aboy Gándara

1975-1979 – Fernando Macías Yáñez

1979-1985 – José Luís Souto González

1985-2002 – Esther R. Lois Salgado

2002-2015 – B. Elena Peña Arias

2015- - M<sup>a</sup> Luisa Vidal Fraguas

### Xefatura de Estudos:

1980-2002 – Arturo Sánchez Cidrás

2002-2015 – Rosa Blanco Rodríguez

2015- - M<sup>a</sup> Ángeles Rodríguez Germade

### Secretaría:

1975-1977 – Benito Fernández Alonso

1980-1985 – Manuel Cordero Pérez

1985-2001 - Benito Fernández Alonso

2001-2002 – Manuel Cordero Pérez

2002-2006 – José Luís Gallego Cruz

2006-2015 – Goretti Cordeiro Bon

2015 – - Marta Valbuena Aguado



*Profesorado Colexio Público de Bueu- 1973*

## Profesorado<sup>220</sup> do Colexio de Bueu de 1972 a 2022

Abad Sánchez, Lucía  
Aboy Gándara, Manuel  
Acuña Otero, Elisa  
Agra Rumbo, David  
Agulla Bravo, Francisco  
Agulló Barral, M<sup>a</sup> Cruz Pilar  
Aldao Pampín, María Jesús  
Alfonso Laya, María Cruz  
Aller Longueira, M<sup>a</sup> Jesús  
Alonso, Elvira  
Álvarez Díaz, Mónica  
Álvarez Cendón, M<sup>a</sup> del Carmen  
Álvarez Santiago, Celia  
Alves Piñeiro, Rafael  
Ambroa Cortizo, Tania  
Aparicio Casado, Buenaventura  
Araujo Casalmorto, Carolina  
Araújo Prieto, Nair  
Arce Yáñez, Alberto  
Argibay Castro, M<sup>a</sup> Esther  
Arias Barreiro, Amalia  
Armada Bande, Eulalia  
Baleirón Torres, Rocío  
Barbeito Rebolo, Andrea  
Barreiro Carral, Ana M<sup>a</sup>  
Barreiro Noguerol, Cristina  
Barreiro Santos, Dolores  
Barros Avilleira, M<sup>a</sup> José  
Basanta Criado, Gloria  
Batán López, Eva  
Bermúdez Casás, Susana  
Blanco Castiñeira, José Javier  
Blanco Pastoriza, M<sup>a</sup> Esther  
Blanco Rodríguez, Rosa  
Boente Costal, M<sup>a</sup> Nieves  
Bon Bon, Dolores  
Buceta Santos, Servilio  
Buela Peláez, José M.  
Bugallo Muñiz, Tania  
Burgo Manzano, Ana  
Caamaño Louro, Beatriz  
Caamaño Romero, Alma María  
Cabaleiro Acuña, Ana M<sup>a</sup>  
Cabaleiro Solla, Ana María  
Caballero González, Leticia  
Cabodevila Estévez, Agustín  
Cabrera Escots, Marta Emilia  
Calvar Martínez, Patricia  
Calvar Riobó, María Inés  
Cambón Varela, María José  
Camiña González, M<sup>a</sup> del Carmen  
Campos Dos Santos, M<sup>a</sup> Isabel  
Cancelas Álvarez, Montserrat  
Caneda Fernández, María José  
Capelo Graña, Juan Carlos  
Carballal Castro, Sara  
Carballo Carballa, M<sup>a</sup> Concepción  
Carballo Rúa, Dolores  
Carballo Ruibal, María Dorinda  
Caride Eirey, Elisabeth  
Carpintero Atrio, Marta  
Carril Magariños, Ismael  
Carro Ramos, María Esther  
Casas Amado, Patricia  
Cascallar Ferreiro, Marina  
Castillo García, Victoria  
Castiñeiras Silva, Paula Patricia  
Castro Cerqueiro, Mirian  
Castro García, Antonia  
Castro García, Rafael de  
Castro López, Eduardo  
Castro López, Soraya  
Castro Roa, Mónica  
Cazorro Pérez, María del Carmen  
Centeno Fernández, Victoria Ángeles  
Centeno Pérez, Carmen  
Cervantes Viéitez, Isis  
Cestay Portela, Xosé

---

<sup>220</sup> Poden faltar algúns nomes por descoñecemento e/ou por despiste. Agradecer a Marta Valbuena, profesora de Bueu por corrixir e aportar nomes.

Chamadoira Fortes, M<sup>a</sup> del Carmen  
 Chapela Rouco, María Yobana  
 Chaves Abelleira, Sara  
 Chedas Redondo, Lorenzo  
 Cimadevila Baltasar, José V.  
 Codina Muñiz, Carmen  
 Comojo Gómez, Teresa María  
 Conde Conde, Manuel  
 Conde Vieitez, Miguel Ángel  
 Contreras Fernández, María Elisa  
 Corbacho Bustos, Ascensión  
 Cordeiro Bon, Goretta  
 Cordero Pérez, Manuel  
 Coria Abel, Ana Elisa  
 Corral Ferreiro, M<sup>a</sup> Ángeles  
 Costa Pillado, Antonio María  
 Costa Ribeiro, Lucía  
 Costas Lorenzo, Alba  
 Cribeiro Santalla, Rebeca  
 Cuervo Soto, Cristina  
 Curra Durán, María del Carmen  
 Currás Otero, José Manuel  
 Dapena Veiga, Cristina Blanca  
 Davila Granada, Aurora  
 Díaz Pérez, María Carmen  
 Díaz Rodríguez, Adriana  
 Díaz Sobrín, Carlos  
 Diéguez Galego, Rubén  
 Diéguez Sánchez, Diego  
 Diz Ave, Benito  
 Diz Pérez, Celso  
 Domínguez López, María Isabel  
 Dopazo Couto, Natalia  
 Dopazo Pérez, Francisco José  
 Durán Tenorio, María Isabel  
 Entenza Vidal, María del Carmen  
 Escariz, Esther  
 Escribano Gómez, María Dolores  
 Escudero García, M<sup>a</sup> Mercedes  
 Escudero Rivas, Esther  
 Esperón Rodríguez, Graciela Mónica  
 Espín Arias, María  
 Estévez Álvarez, Concepción  
 Estévez Álvarez, M<sup>a</sup> Teresa  
 Estévez Durán, Beatriz  
 Estévez Gantes, Rosa M<sup>a</sup>  
 Estévez Villanueva, María Isabel  
 Fajardo Blanco, Yolanda  
 Fandiño Blanco, María Concepción  
 Fariñas Sanjurjo, M<sup>a</sup> de las Virtudes  
 Feijoo Ramos, María  
 Fernández Alonso, Benito  
 Fernández Barreiro, Montserrat  
 Fernández Bello, M<sup>a</sup> Isabel  
 Fernández Blanco, Marcos  
 Fernández Enríquez, M<sup>a</sup> Jesús  
 Fernández Fernández, Ana Ruth  
 Fernández García, Celestino  
 Fernández López, Inmaculada  
 Fernández López, María Nelly  
 Fernández Mámoa, M<sup>a</sup> Remedios  
 Fernández Novo, Rocío  
 Fernández Pérez, Ramiro  
 Fernández Soto, Noela  
 Fernández Sucasas, Luisa  
 Fernández Teira, Estrella  
 Ferradanes Piñeiro, Antonia  
 Ferradás Ave, Carmen Beatriz  
 Ferradás García, M<sup>a</sup> José  
 Ferreirós Rial, María Dolores  
 Ferreirós Espinosa, Carmen  
 Ferreño García, María del Carmen  
 Ferrer Arambarri, María Isabel  
 Fiuza Fernández, Alba  
 Folgar Hervés, Dolores María  
 Fondevila Blanco, María Beatriz  
 Fontán Vidal, Sheila  
 Formoso Lago, María Irene  
 Franco Alonso, Yolanda  
 Gaitero Taboada, Pilar  
 Gallego Cruz, José Luís  
 García Adán, María Concepción  
 García Corbelle, Rocío  
 García Ferreiro, Nuria  
 García Freire, Silvia  
 García García, María Graciela  
 García González, Paloma  
 García Martínez, María Dolores  
 García Moreira, M<sup>a</sup> Dolores  
 García Pérez, Fulgencia

García Pita, María José  
García Porto, M<sup>a</sup> Lina  
García Quelle, José Santiago  
García Quibén, María del Carmen  
García Rajo, Adrián  
García Rodríguez, María del Mar  
García Ruibal, Tania  
Garrido Aguate, Alejandra  
Gestal, Carmen  
Gil Ave, Diana  
Golmar Varela, María José  
Gómez Rodríguez, Josefa  
González Barreiro, Xosé Manuel  
González Castro, Carmen  
González Cidras, María Isabel  
González Domínguez, Noemí  
González Dopazo, Sonia  
González Fernández, José Carlos  
González Gómez, Paula Eva  
González Juncal, Rosa María  
González Losada, Elena  
González Miramontes, Alberto  
González Ordóñez, María Teresa  
González Paz, Olalla  
González Recio, Carmen  
González Rodríguez, Noemi  
González Sobral, Trinidad  
González Villar, Belén  
Graíño Rodríguez, José Luis  
Graña Piñeiro, José Ángel  
Guio Palomo, Araceli  
Gutiérrez Viso, Liliana  
Hermelo Pousa, Ana María  
Hernández de Miguel, Carmen  
Hernández Rodríguez, Joaquín  
Hombreiro Bamio, María Teresa  
Iglesias Prieto, Rosa María  
Iglesias Rivas, Julia  
Iglesias Rodríguez, Carmen  
Jara Fernández, María Mercedes  
Jiménez López, Ginés  
Jorge Boullosa, Demetrio  
Jorge Franco, Julio  
Jul Pena, Elisa  
Lago Aller, Laura

Lago Lago, Dominga Jesusa  
Lamela Saa, Esther Oliva  
Lema Villanueva, Jesús  
Lemos Soage, M<sup>a</sup> Isabel  
Liz Gómez, María Carmen  
Lois Bascoy, María José  
Lois Bascoy, Teresa  
Lois Salgado, Esther Rosalía  
López Covelo, Ángela  
López Gutiérrez, Carmen  
López Martínez, Amalia  
López Pérez, Raquel  
López Ramírez, María Luisa  
López Rodríguez, Concepción  
Lorenzo Buceta, Gloria  
Lorenzo Pérez, Diego  
Lorenzo Rial, Marina  
Losada Diéguez, Julio  
Losada Gómez, Julio César  
Losada Serrano, Lucía  
Louro Lojo, Josefa  
Lozoya Pérez, María Eugenia  
Lucchini Leiva, Rosalía Jessie  
Lusquiños Area, Sarai  
Lusquiños Marinero, María Dolores  
Macías Rivas, Javier  
Macías Yáñez, Fernando  
Marcos Castro, M<sup>a</sup> Nevenka  
Martín Méndez, María de los Ángeles  
Martín Navarro, Ana  
Martínez Álvarez, Cristina  
Martínez Caballero, Silvia  
Martínez Cacabelos, Ángela  
Martínez Epifanio, M<sup>a</sup> Rosario  
Martínez González, Rosa M<sup>a</sup>  
Martínez Lale, Jesús  
Martínez López, M<sup>a</sup> del Carmen  
Martínez Otero, Laura  
Martínez Rodríguez, César  
Martínez Villanueva, Pedro  
Matellan Díaz, María Rosario  
Méndez Andrade, Gloria  
Méndez Arosa, Cristina  
Méndez López, Adrián  
Méndez Mazoy, María del Carmen

Méndez Miguéns, Silvia  
Mendoza Pardo, María Áurea  
Menduíña Ferradás, Liduvina  
Menduíña Pastoriza, M<sup>a</sup> Dolores  
Miguélez García, María Josefa  
Míguez Camiña, María Carmen  
Millán López, Xosé Ramón  
Miranda García, Anselmo  
Mirón Sanmartín, Dolores  
Molanes González, María del Rosario  
Montero Vilariño, María Carmen  
Morofío Montes, Jacobo  
Mouriño Rodríguez, Jesús Manuel  
Muíños Sedano, Carmen  
Muñoz Lagarón, María Pilar  
Novás Macías, María de los Ángeles  
Núñez Siota, Cristina  
Ojea Alonso, María  
Omil Álvarez, Amalia  
Omil Pena, Antonia  
Omil Estévez, Manuel  
Ortega Touriño, Xisela  
Ortigueira Hermida, María Dolores  
Otero Gil, María Beatriz  
Otero Lorenzo, Romina  
Otero Paredes, María Clara  
Oubiña Millán, Soledad  
Outeiral Rey, María José  
Pacheco da Fonte, Eva  
Pahíno Domínguez, María Nuria  
Pampin Calvo, María  
Parada de la Fuente, Sandra  
Parada Loira, Rosario  
Parada Pérez, Natividad  
Paradela García, Jessica M<sup>a</sup>  
Parra Martínez, Rosa de la  
Pasarín Díaz, Consuelo  
Pastoriza Fariña, Ramón  
Pastoriza Otero, María José  
Paz Puime, M<sup>a</sup> Teresa  
Pazos Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Pazos García, Rosa  
Pazos Pouso, Josefa M<sup>a</sup>  
Peinado Rodríguez, Jesús Manuel  
Pena Pérez, Carmen Delfina

Penas Blanco, Juan  
Penedo Prado, Nieves  
Peña Arias, Blandina Elena  
Pérez Alemparte, Digna  
Pérez Caramés, María Josefa  
Pérez Casas, Lucía  
Pérez Castro, Rocío  
Pérez Fraga, María Cristina  
Pérez García, María Begoña  
Pérez García, María Teresa  
Pérez Lago, Yolanda  
Pérez Piñeiro, José Manuel  
Pérez Piñeiro, Laura  
Pérez Santiago, Mónica  
Pichel Pequeño, Lorena Beatriz  
Picos Pérez, Beatriz  
Pinto Menéndez, Sandra  
Piñeiro Carballal, Silvia  
Piñeiro Rey, María José  
Portas Espiña, José Miguel  
Portela García, José Alberto  
Portela Gandón, Elsa  
Porto Martínez, José María  
Prada Rodríguez, Modesto  
Prado Sánchez, Antía  
Presas Ferreiro, Marina Elsa  
Prol Dorado, Tania  
Puga Pérez, María Josefa  
Quinteiro Moreno, María Carmen  
Quiñones Collazo, María Belén  
Ramudo Andión, Indalecio  
Refojo González, Asunción Josefa  
Rey Casas, Ricardo  
Rey López, María  
Rial Reino, Carmen Julia  
Río Otero, Alberto del  
Ríos Domínguez, Caterina  
Rivadulla Castro, M<sup>a</sup> del Carmen  
Rivas Budiño, María Carmen  
Roca Martínez, María Ángeles  
Rodas Sotelo, Jesús  
Rodríguez Blanco, Óscar Francisco  
Rodríguez Braga, Pilar  
Rodríguez Castro, Javier  
Rodríguez Días, Inmaculada C.

Rodríguez Dosil, Marta  
 Rodríguez Fernández, Margarita  
 Rodríguez Fernández, Miriam  
 Rodríguez Fontenla, Ana María  
 Rodríguez Freire, Toa  
 Rodríguez Germade, María Ángeles  
 Rodríguez Gestido, Eugenia  
 Rodríguez Moreno, María Vanessa  
 Rodríguez Rama, Patricia  
 Rodríguez Real, Miguelanxo  
 Rodríguez Romero, María Nieves  
 Rodríguez Varela, María Teresa  
 Rodríguez Vinagre, Romualdo Rafael  
 Roel Río, Inés  
 Rogel López, María del Carmen  
 Romero Azpitarte, Miguel  
 Rúas Comesaña, María Dolores  
 Saavedra Díaz, Mercedes  
 Saavedra Miño, Sonia  
 Salgueiro Gradín, Emilio José  
 San José Manso, Lourdes  
 Sánchez Barreiro, M<sup>a</sup> del Carmen  
 Sánchez Cidrás, Arturo  
 Sánchez Pérez, Cristina  
 Sánchez Sánchez, Francisco  
 Santiago Esperón, Marina Isabel  
 Santomé Graña, María Eva  
 Santomé Molanes, Irene  
 Santos Garrido, Olga María  
 Sayáns Bugallo, Julio  
 Seijas García, Isabel  
 Senlle Bonet, Lina Natalia  
 Senra Camiña, José Luís  
 Seoane Bello, Ana María  
 Seoane Paredes, Antonio  
 Sierra Garrido, M<sup>a</sup> Cecilia  
 Simoes de Sousa, María Susana  
 Simón Refojos, Sara  
 Silva Caeiro, M<sup>a</sup> Teresa  
 Solla Freire, Alberto  
 Solla Sobral, Sandra  
 Sotelo Curra, M<sup>a</sup> Dolores  
 Sotelo Fandiño, Motserrat  
 Soto Moragon, María Carmen  
 Souto González, José Luís  
 Souto Piñeiro, Sonia  
 Souto Rosal, Sara  
 Suárez Devesa, Noelia  
 Suárez Portas, Ainhoa  
 Suárez Reboiras, Marta  
 Taboada Francisco, Silvia  
 Tarrío Vázquez, Pablo  
 Teijeiro Martínez, Nerea  
 Tenorio Pena, Jesús  
 Tenreiro López, María José  
 Torres Cores, Laura  
 Torres Freitas, Gaspar  
 Valbuena Aguado, Marta  
 Valencia Rodríguez, María  
 Valiñas Rivas, María del Carmen  
 Van Alten Iglesias, Sandra  
 Vázquez Gallego, Tania  
 Vázquez Gestal, María Asunción  
 Vázquez González, Evaristo  
 Vázquez Míguez, Alberto Calixto  
 Vázquez Moreno, Bruno  
 Vázquez Pérez, Isabel  
 Vázquez Pérez, Noelia  
 Vázquez Quintáns, M<sup>a</sup> Olga Amparo  
 Velasco Souto, M<sup>a</sup> Ángeles  
 Verde Loveira, Manuel  
 Verde Otero, Leticia  
 Vidal Fraguas, M<sup>a</sup> Luisa  
 Vidal Rebollido, Rebeca  
 Vila López, José Ignacio  
 Vila Mahía, Ana María  
 Vila da Vila, Rosa Ana  
 Vilar Vinseiro, Ana  
 Vilas López, Carmen  
 Villanueva Area, Antonio Manuel  
 Viqueira Cespón, Iria

### *Centro de Recursos Didácticos de Bueir:*

Localizado nunhas dependencias do Colexio, tiña coma finalidade facilitar material e servir de soporte técnico aos centros educativos do Morrazo.

Nos anos que durou a actividade deste centro tivo como directores a Xosé Manuel González Barreiro ‘Oli’, Jacinto García Piñeiro e Anxo Cabada Álvarez.



*Oli - Anxo – Jacinto*

### *Auxiliares de conversa:*

2010–2011 -Hannah Ball,	2011–2012 -Laura Mcanna
2012-2015 -Megan Lorraine Hirsh	2015-2016 -Alma Roxana Alegría
2016-2017–Tara Alexandra Nuccitelli	2017-2018–Margarita G Molina-Maggie
2018-2020 -Elioy Rhys Banks	2021-2022 – Benjamin Ross Dillin

*Aux. administrativo:* Sonia Novas Rodríguez-Fátima Fernández Maquieira.

*Intérprete de lingua de signos:* Rosa María Louro Pico.

*Coidadoras:* Jaqueline Viana/Fina Santiago/Berta Crespo Bernárdez/Ángeles.

### *Empregados municipais:*

José Ramón Vilas Costas, Martín Calviño López, José Vidal Portela, José Álvarez, Israel Ferradás, J. Ramón Martínez, Josefa Gónzález, M<sup>a</sup> Carmen Ríos, Adelino Romero, Cándido Santos, Charo Santaclara, Argentina Rosales, Victoria Abal, Lucita Gestido, M<sup>a</sup> Luz e tantos outros, dos que hai que destacar o seu importante labor no funcionamento do centro educativo.

## Apuntes - Actividades

### Biblioteca:

Nos últimos anos o esforzo e bo facer co CEIP Plurilingüe A Pedra, preñado de experiencia, permitiu dar un golpe de temón e fixo da Biblioteca de A Pedra unha marabilla de espazo de encontro, de experiencia, de creatividade, lúdico etc. etc. que á toda comunidade educativa enche de satisfacción e que penso servirá, por moito tempo, de referente a outros, inclusive Bibliotecas Públicas.



Biblioteca de A Pedra – Fotos:web do CEIP A



### Publicacións:



As publicacións do Colexio de Bueu abranguen un amplo abano de temas e de destinatarios. Van dende a publicacións de libros como a obra poética de Johan Carballeira , *Cartafol de Poesía*, como as propias revistas escolares dedicadas unhas ao mundo da cultura etnográfica e escolar como *O Candil* (1994-2002 do que se publicaron 29 números dos que se repartiron máis de 12.000 exemplares) e outras que recollen o facer e pensar dos nenos como *El churro* (1984),

*Nuestra Voz* (3 números de 1987-1989), *Anacos* (6 números de 2000-2007) e *O Tinteiro de Papyrus* (5 números de 2008-2009). Para acceder aos seus contidos pode facerse no enderezo: <http://xurl.es/revistasapedra>

## Exposicións:

Ás exposicións anuais relacionadas con eventos tradicionais na programación do Entroido, Nadal, Letras Galegas, Día do Libro, *O tempo de Bueu en imaxes*, *As nosas mulleres* etc. teríamos que engadirlle exposicións monográficas como “*O mar do noso pasado*” con elementos de cartografía, navegación, pesca, salga, ... (con máis de 1.000 visitas sen contar o alumnado), de fotografías como “*Coñece os meus*”, as “Etnográficas” etc.


Pero o centro ten outras exposicións que son permanentes nas súas vitrinas como: A historia da industria conserveira de Bueu; artes de pesca, Ciencias da natureza (malacoloxía, xeoloxía etc.). Sinalar que parte dos seus fondos foron solicitados para ilustrar libros ou para exposicións do Museo do Pobo Galego (Exp. Internacional: *‘Vivir no Atlántico Norte’*), Museo Massó, Museo Salgadeiras de Moreiras-O Grove e Museo do Mar de Vigo (*‘100 anos de unión conserveira’*) etc.

## O centro e a innovación:

Hoxe en día a tecnoloxía permite achegar axiña todo tipo de información dende o Colexio á comunidade educativa. Pero non sempre foi así, e moitas veces os logros, as participacións, os proxectos, os éxitos, os fracasos etc. non eran nin son coñecidos fóra e dentro do centro por dificultades na comunicación, outras veces por pudor, ou simplemente por considerarse unha actividade normal dentro dun contexto na aula.

Moitas desas actividades eran coñecidas en múltiples centros da comunidade galega polo que, entre outros, órganos de Formación do profesorado as demandaron en múltiples ocasións para a súa

divulgación entre o profesorado. Temas emanados da actividade docente da aula, como Recursos matemáticos, de ciencias, de informática, de publicacións etc. eran os máis solicitados.



A modo de mostraxe dicir que as actividades de creatividade nalgunha das súas aulas quedaron puntualmente reflectidas en libros como “*El torbellino de ideas*”<sup>221</sup>. Que o centro foi dos primeiros centros de Galicia en utilizar o ordenador na aula, un dos primeiros centros que se xestionou informaticamente<sup>222</sup> e un dos primeiros de EXB en dar clases aos alumnos (voluntarios) linguaxe de programación.

Rematarei con dous exemplos máis: A Aula de Acuicultura e o Coastwatch:


Aula de Acuicultura (1986-1995), na que en colaboración coa Confraría de Bueu e a Consellería de Pesca facíanse estudos do contorno mariño, da pesca, mantemento dunha cordada de ostras en batea (2 cursos), mostraxe de ameixa e vieira (durante varios cursos na ceifa da ameixa/vieira un grupo reducido de alumnos saía co mestre en barco 1 día á semana, asesorados polo patrón maior da confraría -Antonio Pereira-). Estudábase o mundo do marisqueo en xeral no só na aula senón no mar e nas praias. As actividades coordinábanse entre os biólogos da Consellería de Pesca e o profesor responsable da aula. Había mantemento e estudo do ecosistema mariño local nas praias e en dous acuarios de 100 e 600 litros de auga salgada, produción de fitoplancto etc. Saídas polo litoral complementado con rutas de estudo en barco polas rías e illas de Arousa, Pontevedra e Vigo ou concentracións (ata tres días de internado en Sada) para actividades de campo e de laboratorio.

---

<sup>221</sup> “*El torbellino de ideas. Hacia una enseñanza más participativa*” de David de Prado Díez. Edit. Cincel-Kapelusz.

<sup>222</sup> Con programas propios tanto para as explicacións de física, química e ciencias na aula como para a xestión do centro (co tempo cedido a outros centros da Comunidade).

Coastwatch: Citar a participación do centro en proxectos como Coastwatch Galicia, dentro do programa europeo de vixilancia do litoral. O Colexio de Bueu participou como encargado da zona de Bueu facendo unha mostraxe do 82% da costa adxudicada (dende Portomaior ata Udra): Estudando contaminación e peculiaridades das distintas zonas litorais, análise de correntes, concentracións de nitratos etc.



### Música:

O Colexio de Bueu contou dende os seus inicios, non había clase nin profesor de música, co mestre Manuel Omil que se encargou de organizar un pequeno coro, un grupo de rolda e ata ensinar a tocar nos recreos instrumentos como a bandurria, guitarra e acordeón a quen o demandara.

Tempo despois, no ano 1977, promovido pola Asociación de Pais do Colexio de Bueu como unha das moitas actividades extraescolares que estes programaban, ofertouse a posibilidade de aprender a tocar a gaita. A consecuencia disto formouse un grupo que se chamou “Os da Pedra”, nome da paraxe onde está



localizado o colexio, que naquel momento era *Colexio Público Mixto Comarcal de Bueu*.

Tivo este grupo como primeiro director



*Grupo de gaitas 'Os da Pedra'*

a Manuel Gómez, posteriormente a Francisco Estévez, coñecido como “Paco Rinrán”

Cando os rapaces participantes da actividade de gaita ían deixando o colexio, Manuel Gómez agrupábaos co nome de Banda de Gaitas “Villa de Bueu” e así o grupo do colexio “Os da Pedra” esmoreceu ata a súa desaparición.



*Grupo de baile do Colexio de Bueu ±1984*

Grupos de danzas: Ao longo do tempo houbo tamén como actividade extraescolar a de danza galega. Mais no 1990, xorde por iniciativa da asociación de nais/pais do colexio A Pedra o grupo de danzas Antoxo. O que nun principio tiña como obxectivo practicar baile galego pronto derivou en potenciar a música tradicional en moitos dos seus campos creando escolas de pandeireta, gaita e tamboril.

#### PREMIOS ACADADOS POLO CEIP PLURILINGÜE ‘A PEDRA’

- PROGRAMA PLAMBE desde 2007
- 2009: 3º Premio Nacional de Bibliotecas Escolares ás novas prácticas para a dinamización e innovación das bibliotecas dos centros escolares.
- Entregado o 21 de maio de 2010. Asinado polo ministro Ángel Gabilondo
- III concurso de literatura mariñeira Marusía de Bueu 2011 - primeiro premio “O tiburón Pepón”
- Premio Nacional de Educación a Centros Docentes 2013- 14 polo Desenvolvemento das Competencias de Lectoescritura e Audiovisuais ao proxecto “Expresámonos a través de diferentes linguaxes”.



Entregado o 26 de xuño de 2015. Asinado polo ministro José Ignacio Wert.

- *A máscara do león*. Curtametraxe Stopmotion 2013
- Finalista Olloboi
- Mención especial pola banda sonora en Nós tamén creamos V edición de los Premios a Curtas de Animación en Galego "*Nós tamén creamos!*".
- Finalista Ouff Escola Ourense.
- Mención na categoría "Centros de infantil e primaria" do VII certame OUFF Escola.
- <https://vimeo.com/225342510>
- Selo de Biblioteca Escolar Solidaria, desde 2014
- Recoñecemento de Bibliotecas Escolares Solidarias 2016.



Entregado o 14 de xuño de 2016. Asinado por Pinal.

- Recoñecemento de Bibliotecas Escolares Solidarias 2020. Entregado o 22 de xuño de 2020. Asinado por Pinal.
- 2016- Publicación artigo na revista Infancia
- Curso 2015-16: III Concurso de Traballos por Proxectos, iniciativa integrada no PLAN LÍA de bibliotecas escolares (lectura, información e aprendizaxe) na modalidade de Proxectos Documentais Integrados. O proxecto estivo coordinado pola biblioteca escolar e era de temática científica: "Un universo de libros". Asinado por Pinal.
- 2 proxectos de excelencia en Meteoescolas, co proxecto "O tempo made in Bueu", nas convocatorias 2015/16 e 2016/17.
- Concurso de literatura mariñeira: "Papyrus, o polbo lector" Proxecto Bueu INFORMA. Ano 2010. Asinado por José Manuel Rosas.
- PROGRAMA PLURILINGÜE iniciouse en 2011 en 1º de primaria en Educación Artística (música e plástica). Nos seguintes anos foise estendendo ata chegar no 2017 a 6º de primaria.
- No 2017 iníciase o programa PLURINFANTIL no 2º ciclo de Educación infantil.
- PROGRAMA EDIXGAL: incorporáronse no curso 2017/18 nos niveis de 5º e 6º de primaria. Dende 2012, programa ABALAR.
- A princesa do Caurel video coa interpretación en lingua de signos do alumnado Primeiro premio no certame Xoga coas Manciñas 2018

- Primeiro premio *Giotto eres tu 2018* “arte con materiales de deshecho a lo grande”
- [os-trasnos-son-noticia.html](http://os-trasnos-son-noticia.html)
- [concurso-giotto-eres-tu.html](http://concurso-giotto-eres-tu.html)
- **CONTRATOS PROGRAMA:** dende o curso 2013/14 nos programas PROA, MELLORA DAS COMPETENCIAS CLAVE E MELLORA DA CONVIVENCIA. Agora cambiaron os programas e teñen ARCO (dende 2020) e PROA+.
- **PLAN PROXECTA:** Meteoescolas e Aliméntate ben.
- É o meu aniversario Curtametraxe Stopmotion
  - o Premio ao mellor guión no Ouff Escola 2019
  - o Finalista Olloboi 2019
- Premio á mellor curtametraxe de educación Especial Infantil e Primaria FICBUEU 2020
- O 3º proxecto de excelencia en Meteoescolas, co proxecto “O tempo made in Bueu”, na convocatoria 2021/2022.
- 1º premio do FIC BUEU 2021, 2º premio no OUFF Escola 2021 e finalista do Festival OLLOBOI coa película “Dona Landra no río revolto”.
- Finalistas dos festivais de cinema FIC Bueu 2022 e OUFF Escola 2022 coa curtametraxe “Oso atrapabolboretas”
- 1º premio da V Convocatoria do Concurso Autonómico “Xoga coas manciñas” coa canción signada “A Pedra está de aniversario”.
- "Concurso Escolar de entroido 2022 dos Bolechas", coa nosa foto titulada " Entroidando con Rosalía "



*Profesorado CEIP A PEDRA de Bueu- 2004 Foto: Amando / Asc. Golfiños*

## «Grupo escolar – CEIPP Montemogos-Beluso»

Localizado na paraxe: “A Moreira” - “Campo de Couto” do lugar de  
**Montemogos.**

Unidades escolares: **14**                      Vivendas: **15**

Superficie dos terreos: **58,39 áreas (5.839 m<sup>2</sup>).** Propietarios: **14**

Custo dos terreos: **277.200 pesetas.**

Disponibilidade dos terreos: **dende o 23 de novembro de 1967**

Arquitecto: **Juan Argenti Navajas.** Data Proxecto: **10 de maio de 1968**


Topógrafo: **Germán Ramos Francia**

Presuposto total obra: **9.329.000 pesetas**

Contratista adxudicatario da obra: **Alfonso García Cascallar de Rubiáns**


Observacións: **Obras adxudicadas definitivamente o 9 de maio de 1969 (BOE nº 144 do 17-6-1969 páx. 9492).**

A Acta de Recepción das obras do Grupo escolar de Beluso foi asinada polo Alcalde José Benito Otero Baena o mesmo día que o de Bueu, 28 de abril de 1971. E a súa actividade escolar comezou tamén en marzo de 1972.



*Propietarios terreos da Agrupación de Beluso*

PROYECTO DE EDIFICIO ESCOLAR MIXTO DE 14 SECCIONES  
(8 en planta baja y 6 en piso) Y 15 VIVIENDAS DE MAESTROS  
EN BELUSO, Ayuntamiento de BUEU ( Pontevedra)



COTAS ACTUALES 40.00  
 COTAS NUEVAS 41.00  
 CIMIENTOS A 1.50  
 ACUA DE POZO Y FOSA SEPTICA  
 Superficie Total 5.925 M<sup>2</sup>

PLANO DE EMPLAZAMIENTO  
 ESCALA 1:500

Plano de Juan Argenti-1968 do Grupo Escolar de Beluso

O claustro de profesores deste centro no seu primeiro curso estaba composto por:

**D. José Martínez Camiña, como director**

D<sup>a</sup>. Emilia Míguez  
D. Albino Beloso García  
D. Ramón Eiras Velay  
D. Francisco Caramés Senra  
D. Manuel Ángel Chao Moares  
D. Constantino Fernández  
D<sup>a</sup>. Consuelo Penoucos  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Carmen Sanguos Espiña

D<sup>a</sup>. Mercedes Davila Carral  
D<sup>a</sup>. Josefa Calleja Gómez  
D<sup>a</sup>. Isabel Muñiz Rodríguez  
D<sup>a</sup>. Isabel Leyes Borrajo  
D<sup>a</sup>. Carmen Fernández Pastoriza  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Pilar Gómez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Carmen Fernández

### Equipos directivos

#### Dirección:

1971-1981 - José Martínez Camiña  
1981-1990 - José Feijoo Torres  
1990-1991 - Rafael Alves Piñeiro  
1991-1994 - Consuelo Davila Álvarez

1994-1999 - Rafael Alves Piñeiro  
1999-2011 - Pedro Fernández González  
2011-2019 - Vanessa Fernández Carballo  
2019- -M<sup>a</sup> Carmen López García

#### Xefatura de Estudos:

1981-1985 - José M. Martínez Panero  
1985-1987 - José Luís Varela Castro  
1988-1989 - José M. Martínez Panero  
1989-1990 - Rafael Alves Piñeiro  
1990-1991 - José Ignacio García  
1991-1994 - F. Javier Suárez Santiago

1994-2007 - Luís Pereira Alvarado  
2007-2011 - M. Amador Alonso López  
2011-2015 - M<sup>a</sup> Carmen López García  
2015-2019 - M<sup>a</sup> Carmen Curra Durán  
2019- -Eva M<sup>a</sup> Domínguez Cabadas

#### Secretaría:

1981-1991 - Pedro Fernández González  
1991-1994 - Ramón Serantes Barral  
1994-1999 - Pedro Fernández González  
1999-2010 - Jesús A. Bugallo Varela  
2010-2011 - Vanessa Fernández Carballo  
2011-2019 - M<sup>a</sup> José Iglesias Vidal  
2019-2021 - Víctor Fernández Fuentes  
2021- - M<sup>a</sup> Belén González Conde

#### Persoal non docente:

Moisés Eugenio García Porto, Ramón Pereira de Saá, M<sup>a</sup> Carmen González Palmeiro, Clotilde Otero Novas, Argentina Rosales Mora, Jesús , Olga, Lucía, Mercedes, etc.

## Profesorado do Colexio de Beluso de 1972 a 2023

Abilleira Rodríguez, M<sup>a</sup>. Jesús  
Adanes Lozano, M<sup>a</sup>. Carmen  
Agulla Fervenza, Rocío  
Aldao Pampín, M<sup>a</sup>. Jesús  
Alonso Adrio, Pablo  
Alonso López, Manuel Amador  
Álvarez Álvarez, Manuel  
Álvarez Calleja, José Ramón  
Álvarez Cendón, M<sup>a</sup> Carmen  
Álvarez Nogueira, M<sup>a</sup>. Mar  
Álvarez Rodríguez, Rogelio  
Álvarez Santiago, Celia  
Alves Piñeiro, Rafael  
Andrade Cives, Lucinda  
Arias Barreiro, Amalia  
Baleirón, Rocío  
Barreiro García, Ana M<sup>a</sup>  
Barreiro Rodríguez, Ana M<sup>a</sup>  
Barreiro Santos, M<sup>a</sup>. Dolores  
Barros Avilleira, M<sup>a</sup>. José  
Bellido Fonseca, Lourdes  
Beloso García, Albino  
Bermejo Rivera, Mercedes Cristina  
Blanco Castiñeira, José Javier  
Blanco Pastoriza, M<sup>a</sup>. Esther  
Bon Bon, Josefa  
Boyado Fernández, Anastasio  
Buceta Santos, Servilio  
Bugallo López, M<sup>a</sup>. Jesús  
Bugallo Varela, Jesús Antonio  
Caballero Cid, Nila Isabel  
Caeiro Manzano, Marisol  
Caeiro Martínez, M<sup>a</sup>. Soledad  
Calleja Gómez, Josefa  
Camiña González, M<sup>a</sup> Carmen  
Cancelas Álvarez, Montserrat  
Caramés Senra, Francisco  
Caride López, Silvia  
Castillo González, M<sup>a</sup>. Paz  
Castro García, Antonia  
Cestay Portela, Xosé  
Chao Moares, Manuel Ángel  
Chao Terceiro, Dolores  
Codina Muñiz, Carmen  
Costa Vázquez, Guadalupe  
Costas Soliño, Íñigo  
Costas Solla, Silvia  
Cotovad Malvar, M<sup>a</sup>. Carmen  
Cousillas Abelenda, Noemí  
Crespo Outeda, Celestina  
Curra Durán, M<sup>a</sup>. Carmen  
Davila Álvarez, Consuelo  
Davila Carral, Francisco  
Davila Carral, Mercedes  
Dios Rodiño, M<sup>a</sup>. Dolores  
Diz Ave, Benito  
Domínguez Cabadas, Eva M<sup>a</sup>  
Domínguez Carballo, Pilar  
Domínguez Moreira, José  
Dopazo Asorey, M<sup>a</sup>. Ascensión  
Dopazo Rosales, Marina  
Duque Duque, Amparo  
Durán Iglesias, Manuel F<sup>co</sup>  
Eiras Velay, Ramón  
Fariña Sueiro, Manuel  
Feijoo Torres, José  
Fernández Carballo, Vanessa  
Fernández Fuentes, Víctor  
Fernández González, Pedro  
Fernández Hermida, M<sup>a</sup>. Isabel  
Fernández Pastoriza, Carmen  
Fernández Saavedra, M<sup>a</sup>. Jesús  
Fernández, Constantino  
Fernández, M<sup>a</sup>. Carmen  
Ferradanes Piñeiro, Antonia  
Ferrero Lois, M<sup>a</sup>. Carmen  
Fuentes Díaz, Carlos  
Gandón Villar, Cristina  
García Cachafeiro, Isabel  
García Freire, Silvia  
García García, José Manuel  
García González, Flora  
García Jiménez, Alfredo  
García López, Francisco Javier  
García Porto, M<sup>a</sup>. Lina  
García Val, Luz Divina  
Gil Medraño, Ana M<sup>a</sup>  
Gómez Cuerpo, Rosa M<sup>a</sup>.  
Gómez Pérez, M<sup>a</sup>. Carmen  
Gómez, M<sup>a</sup>. Pilar

González Caballero, Jaime  
González Conde, M<sup>a</sup> Belén  
González Moreira, M<sup>a</sup>. Carmen  
González Salgueiro, Manuel  
González Vicitez, M<sup>a</sup>. Victoria  
Graño Rodríguez, José Luis  
Grangel Martínez, José  
Hermida Santiago, Manuela  
Iglesias Vidal, M<sup>a</sup> José  
Ignacio García, José  
Kayla Hadley (aux. conversa)  
Landrove Becerra, Guillermo  
Leis Palacios, Sofía  
Leyes Borrajo, Isabel  
Lodeiro Ferreiro, José Manuel  
Lodeiro Ferreiro, José Manuel  
Lojo Rey, Concepción  
López García, M<sup>a</sup> del Carmen  
López Pereira, M<sup>a</sup> del Carmen  
López Vilariño, José  
Maquieira Vázquez, Ana Trinidad  
Margarita Pintos Varela  
Martínez Araújo, Saladina  
Martínez Arranz, M<sup>a</sup>. Carmen  
Martínez Camiña, José  
Martínez Castro, M<sup>a</sup>. Carmen  
Martínez Panero, José Manuel  
Martínez Villanueva, Pedro  
Mesa Moral, Francisco  
Mesías Grangel, Ana  
Míguez, Emilia  
Millán Blanco, Montserrat  
Miramontes Piñón, M<sup>a</sup>. Dolores  
Muñños Sedano, Carmen  
Muñiz Rodríguez, Isabel  
Novas Pérez, Marina  
Núñez Senra, Emilia  
Otero Adán, Mónica  
Outeiral Rey, M<sup>a</sup>. José  
Padín Osorio, Jaime  
Pardavila, Zaira  
Pastor Gallego, M<sup>a</sup>. Pilar  
Pastor Gallego, M<sup>a</sup>. Pilar  
Pastoriza Fariña, Ramón  
Paz Puime, M<sup>a</sup>. Teresa  
Paz Rey, M<sup>a</sup>. Jesús  
Pazos Moreira, Dolores  
Pena Pérez, Carmen Delfina  
Penoucos, Consuelo

Pereira Alvarado, Luís  
Pérez Alamparte, Digna  
Pérez Pérez, Ismael  
Pérez Piñeiro, José Manuel  
Pousada Míguez, Ana M<sup>a</sup>  
Regueira Filgueira, Rosa M<sup>a</sup>  
Rivadulla Castro, Benita Esperanza  
Rodríguez Acevedo, M<sup>a</sup>. Pilar  
Rodríguez Besada, M<sup>a</sup>. Begoña  
Rodríguez Costas, M<sup>a</sup>. Carmen  
Rodríguez Soage, Olga  
Rojo Estévez, Carmen  
Rojo Núñez, Cruz  
Romariz García, Aurelia  
Royston Jerome (aux. conversa)  
Rubial Silva, Águeda  
Sánchez Sánchez, Francisco  
Sanguos Espiña, M<sup>a</sup>. Carmen  
Santaclara Maneiro, M<sup>a</sup>. Eugenia  
Santiago Fernández, Alberto  
Santiago Torrado, M<sup>a</sup>. Carmen  
Santomé Pastoriza, Manuel  
Santos González, Adoración  
Senra Rodríguez, M<sup>a</sup>. Lourdes  
Serantes Barral, Ramón  
Silva Andrade, Jesús José  
Sobral Casalderrey, Jorge  
Sobral Iglesias, Rosa  
Souto Domínguez, M<sup>a</sup>. Ángeles  
Steiner, Sabrina (aux. conversa)  
Suárez Cabaleiro, Isabel  
Suárez Santiago, Francisco Javier  
Táboas Couso, Xosé Manuel  
Tascón Crespo, Rosa M<sup>a</sup>  
Tenreiro Santos, Ramona  
Torres Moledo, M<sup>a</sup>. José  
Tourinho Fernández, Carmen  
Trigo Castedo, Ana Isabel  
Varela Bernárdez, Berta  
Varela Castro, José Luis  
Vázquez Miranda, Ramón  
Vázquez Rodríguez, Mercedes  
Veiga Santiago, M<sup>a</sup>. Nieves  
Verde Loveira, Manuel  
Vidal Bouzó, Xose Manuel  
Vidal Martínez, Ana M<sup>a</sup>  
Vidal Paz, Laura  
Villaverde Vayá, José Antonio

## Apuntes - Actividades

### Semana Cultural:

Falar do Colexio de Beluso, ou del calquera outro, e de Cultura é fácil pois van da man dende os inicios. Pero a impronta neste caso é maior, porque vai ligado a uns eventos cargados de Cultura de alto nivel: os que se desenvolven na Semana Cultural de Beluso.



O primeiro que habería que dicir é que a Semana Cultural de Beluso estaba organizada polo profesorado e polo A.P.A.<sup>223</sup> do Colexio P. De Beluso.


Estas Semanas Culturais comezaron no curso 1987/88, concretamente do domingo 13 ao domingo 20 de marzo (ambos inclusive) de 1988.

A música, o teatro o deporte, a maxia e a ilusión, o cinema, os recitais, exposicións etc. eran o menú que se servía no colexio nas mañás e tardes desa semana.



*Vázquez Pintor e o teatro*

Nomes como Xosé Vázquez Pintor, o gardameta Pereira, Chano Piñeiro, Yoskar, Úrsula Heinze, X. Luís Graño, García Teijeiro, Xan das Canicas, John Balan, Suso Vaamonde, Rosa Ramonell, Grupo Migallas, Ultreia, Másdecibelios, coral Lestonac, Fina Casalderrey, Trío Ruada, Darío Xohán Cabana, Don Gulio, Michel Salgado, e un longuíssimo etcétera quedarán na memoria de moitos.



*Inaugurando unha das exposicións da Semana Cultural*

<sup>223</sup> Agora A.N.P.A. (Asociación de Nais e Pais de Alumnos).

## Deportes:



Se ao longo da Semana Cultural había distintas competicións deportivas onde participaban tamén os outros centros da localidade, reservábase un dos domingos para o Cross de Beluso.

Este evento deportivo xa levaba anos celebrándose, naceu no 1981, e chegou a ter entidade propia e unha participación tanto a nivel escolar como popular moi relevante. Pode dicirse que era un dos referentes provinciais nesta modalidade deportiva ata o 2003 que por mor das trabas e esixencias burocráticas, tivo que deixar de celebrarse.



O deporte, en moitas das súas modalidades, forma parte das actividades de formación do alumnado e, no caso de Beluso, de unión entre alumnado, pais, veciñanza e profesorado. Proba disto foron os equipos de fútbol sala dos profesores, nos que tamén xogaron alumnos e pais, que durante moitos anos participaron en campionatos pola zona.

Outra actividade nas que foi Beluso colexio pioneiro no Morrazo foi a de Ping-pong, xa que a partires de 1981 comeza a practicarse nas súas instalacións. Durante a década dos 80 era tal a afección que algúns alumnos pedían poder ir os domingos para o colexio a adestrar, e sempre se lles facilitaba o acceso.

Proclamáronse campións, en distintas categorías, nos anos 1985 – 88 – 92 – 94 – 99 – 2002 – 03, nos campionatos escolares organizados pola Xunta de Galicia. A nivel autonómico nas categorías masculino e feminino obtiveron sempre uns excelentes resultados.

Nalgunha ocasión os organizadores dos xogos escolares elixiron este centro para disputar as finais dalgunhas categorías.

### Música:

Outros dos aspectos onde o Colexio de Beluso tivo resonancia, ata fóra das nosas fronteiras, foi na música, na danza, canto coral etc.

A agrupación Novos Ventos de Beluso naceu en 1977 como actividade extraescolar e durou ata o curso 1995/96. Nela chegaron a participar un grande número de rapaces e rapazas. Como exemplo temos que no ano 1988 eran 50 os gaiteiros e 90 os compoñentes do grupo de baile.

O director do grupo de gaitas foi dende o inicio e durante moitos anos, Manuel Barros Comedeiro e substituído posteriormente por Xulio Rodríguez Cordeiro.



As actuacións deste grupo leváronse a cabo en romarías, festas populares e actos culturais, dentro e fóra da xeografía galega.



*Coral infantil Novos Ventos*

Lembradas son a súa participación no Intercéltico de Lorient (1981), Festival de Cantonigrós (1983), Festas de Zaragoza (1983), xira por distintas cidades de Alemaña (1985), por cidades españolas (1986), de Portugal etc.

Citar tamén á coral infantil “Novos Ventos” fundada no curso 1985/86 polo seu director, Antonio Davila Álvarez.


Pero tamén se coidaron outras ramas da música como puido ser o grupo de rolda que baixo a dirección de José Ramón Álvarez Calleja animou festivais no colexio.



*Rolda de Beluso nunha actuación*

## Publicacións:

A publicación de difusión do Colexio de Beluso chámase **FIADEIRO**. Comezou no 1978 como ‘*El periódico de la escuela*’ coa finalidade de darlle voz ás opinións do alumnado e facelos partícipes das enquisas, do humor etc.



O certo é que naceu cheo de intencións como o de ser “*Periódico bimensual*”, o que delataban moitas ganas por facer, pero alleos ao traballo que supuña facer un xornal, e con nenos. Ao final quedaron, ata o 2010, en dúas tiradas anuais, en decembro e polas Letras Galegas. A partires do 2010 sae un só exemplar e comeza o camiño da revista dixital.

Para refrescar a memoria dunha parroquia como Beluso e mesmo para aprender moito da etnografía e cultura galega habería que

reparar os máis de 70 Fiadeiros do CEIP Plurilingüe Montemogos. Pode facerse no enderezo curto <https://xurl.es/fiadeiro> e na mesma páxina do colexio.

## Biblioteca:

Ao igual que nos outros centros pouco a pouco a biblioteca do centro foi gañando protagonismo e formando parte fundamental dos Proxectos do colexio.

O cumio ao recoñecemento no labor na contorna da Biblioteca chegou ao conseguir o Selo CCB (Consello de Cooperación Bibliotecaria) .

O Selo CCB é unha distinción a nivel nacional que premia o traballo a prol do desenvolvemento sostible e da consecución dos obxectivos da *Axenda 2030* promovidos pola ONU.

E xa postos en premios, citar algúns máis acadados polo centro de Beluso nos últimos anos:

CONCURSO ESCOLAR ONCE: Gañadores autonómicos no curso 2017-18  
Gañadores nacionais no curso 2018-2019

PLAN PROXECTA: 1º Premio co Proxecto: *Alimentación saudable*

FARO DA ESCOLA: 2º Premio á Mellor fotografía de prensa curso 2017-18  
1º Premio Reportaxe curso 2018-19  
Accesit: “*Caixa de pino*” curso 2018-19



*Profesorado CEIP Montemogos-Beluso 2004*

*Foto: Amando / Asc. Golfiños*

## Grupo escolar – CEIPP da Torre-Cela»

Localizado na paraxe: “Cambada” no lugar da Torre.

Unidades escolares: 8 Vivendas: 9

Superficie dos terreos: 46,45 áreas (4.645 m<sup>2</sup>). Propietarios: 12

Custo dos terreos: 255.850 pesetas.

Disponibilidade dos terreos: dende o 27 de novembro de 1967


Arquitecto: Juan Argenti Navajas.

Data Proxecto: 29 de setembro 1968


Presuposto total obra: 7.410.000 pesetas

Contratista adxudicatario da obra: Construtora ‘San José’

Observacións: O 20 de agosto de 1968 infórmase sobre a operación de crédito en tramitación co Banco de Crédito Local sobre, entre outras cousa, do proxecto da escola de Cela: “*O proxecto de Cela non está aínda confeccionado e existe dúbida sobre se é ou non preciso adquirir máis terreo que o sinalado no plano, que é de 3.250 m<sup>2</sup>*”. O terreo sinalado no plano é de 5.925 m<sup>2</sup> e poderían quedar en 5.250 m<sup>2</sup> e aínda non se fixera por estas datas o compromiso de venda cos propietarios. A raíz disto, no mes de setembro o arquitecto indícalle ao alcalde que fan falta máis terreos dos ofrecidos. Tamén houbo que reparar con urxencia uns 300 m do camiño municipal ao Torrón, dende a estrada ao Igrexario de Cela.



Propietarios terreos da Agrupación de Cela



Un dos primeiros inconvenientes para a construción do colexio foi a pronunciada pendente, que se resolveu con movementos de terras e muros.

En canto a se había ou non auga, a obra contaba con que o concello abriera un pozo. Na memoria optan para a almacenaxe da auga cun depósito de formigón armado e unha moto-bomba. Hai que significar que 7 anos despois da inauguración da agrupación de Cela seguía sen auga potable (a que tiñan era para os retretes), sen alumeado, e ata non posuía un patio de recreo axeitado .

Cunha orientación ao mediodía o centro contaría cun salón amplo, cociña, 3 despachos, patios; as 8 clases e corredores con armarios, roupeiros, encerados etc.

Curioso é constatar que no proxecto diga: *“Non se prevé calefacción de auga quente por tratarse dun dos sitios menos fríos da provincia”*. Todo sexa por aforrar!

A Acta de Recepción das obras do Grupo escolar de Cela foi asinada polo Alcalde José M<sup>a</sup> Massó o 14 de xaneiro de 1971, a pesar do cal a súa actividade escolar comezou o 11 de setembro dese ano.



O claustro de profesores deste centro no seu primeiro curso estaba composto por:

D. Antonino Sarandeses Martínez, como director

D<sup>a</sup>. Amalia Álvarez González

D<sup>a</sup>. Purificación Acuña Touriño

D. Andrés Sánchez Míguez

D. Laureano Rodríguez Garrido

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Iglesias Núñez

D<sup>a</sup>. Carmen Framiñán González

D<sup>a</sup>. Purificación Pierres Martínez

D. Rosalino Castaño Conde



1971-Profesorado Cedida: Manuel Verde

### Equipos directivos

#### Dirección:

1971-1989 – Antonino Sarandeses Martínez

1989-1993 – José Luís Pedrosa Dopazo

1993-2002 – José Barreiro Cota

2002-2009 – Fernando Goldar Villar

2009-2010 – Rosa V. Crespo Puga

2010-2016 - Rosa M<sup>a</sup> González Crespo

2016- - Miriam Area Rodríguez

#### Xefatura de Estudos:

2001-2002 – José Luís Cortizo Vecino

2002-2009 – M<sup>a</sup>Rosa de la Puente Núñez

2009-2010 – M<sup>a</sup> Dolores Estévez Portela

2010-2014 - M<sup>a</sup>Rosa de la Puente Núñez

2014-2018 - Patricia Santos Álvarez

2018- - Alejandra Oliete García

#### Secretaría:

José Luís Pedrosa Dopazo

José Ángel Mariño Cordeiro

Purificación Rey Bahamonde

M<sup>a</sup> Consuelo Augusto Medeiros

## Profesorado<sup>224</sup> do Colexio de Cela de 1971 a 2023

Acuña Touriño, Purificación	De Dios Cabrera, Aurora
Aldao Pampín, M <sup>a</sup> Jesús	Del Río Brea, M <sup>a</sup> Dolores
Álvarez González, Amalia	Diéguez Sanmartín, Azucena
Álvarez Santos, Patricia	Dopazo Couto, Natalia
Álvarez Rodríguez, Anahí	Elissetche Mihura, José Eugenio
Álvarez Villamarín, M <sup>a</sup> Isabel	Estévez Portela, M <sup>a</sup> Dolores
Area Rodríguez, Miriam	Fandiño Blanco, M <sup>a</sup> Concepción
Arias López, Arsenio	Fazanes Souto, Sofia
Augusto Medeiros, M <sup>a</sup> Consuelo	Fernández Carballo, Vanessa
Barreiro Caamaño, Luís	Fernández Guzmán, Raquel
Barreiro Cota, José	Fontán Rivas, Benito
Bello Ogando, Guadalupe	Fontenla Muíños, Carina
Bermúdez Herbello, M <sup>a</sup> José	Fraguas Monteagudo, Raquel
Blanco Castiñeira, José Javier	Framiñán González, Carmen
Blanco Pastoriza, M <sup>a</sup> Esther	Freijanes Martínez, Desirée Eudoxia
Blanco Pérez, Alba	Fuentes Quintimil, María
Bon Bon, Josefa	Fuentes villanueva, M <sup>a</sup> Concepción
Calvar Riobó, M <sup>a</sup> Inés	Gabriel Rodríguez, Eva
Carballo Rúa, M <sup>a</sup> Dolores	García Giménez, Alfredo
Caramés Campos, M <sup>a</sup> del Carmen	García Méndez, Esperanza
Caride Álvarez, M <sup>a</sup> Constantina	García Pintos, Félix
Caride López, Silvia	Goldar Villar, Fernando
Castaño Conde, Rosalino	Gómez Pereira, Ricardo Santiago
Castelao, Mercedes	González Crespo, Rosa María
Castro Gallego, Federico Daniel	González Fernández, Alfredo
Cestay Portela Xosé	González Martínez, Lucía
Chamadoira Fortes, María	González Muíños, Antonio
Chao Oural, M <sup>a</sup> de la Paz	González Salgueiro, Manuel
Córdoba Otero, José Antonio	González Suárez, Celia
Cortizo Vecino, José Luís	Graña Solla, Raquel
Crespo Puga, Rosa Valentina	Hermida Lorenzo, M <sup>a</sup> del Carmen
Dapena Baqueiro, Amalia	Iglesias Miranda, M <sup>a</sup> Esther
Dapena Veiga, Cristina	Iglesias Núñez, M <sup>a</sup> del Carmen

---

<sup>224</sup> Poden faltar algúns nomes por descoñecemento e/ou por despiste. Agradecer a Manuel Verde, profesor de Cela por corrixir e aportar nomes.

Iglesias Roma, Almudena  
 Lombardía Lorenzo, Cristina  
 López Gutiérrez, Sara  
 Madriñán Val, Rocío  
 Maquieira González, Vanesa  
 Mariño Cordeiro, José Ángel  
 Márquez Estévez, M<sup>a</sup> Cristina  
 Martínez Arranz, M<sup>a</sup> del Carmen  
 Martínez Parada, Víctor  
 Mirón Moldes, Rosa M<sup>a</sup>  
 Núñez, M<sup>a</sup> del Carmen  
 Obenza de Saa, José  
 Oliete García, Alejandra  
 Omil Pena, Antonia  
 Pastoriza Otero, M<sup>a</sup> José  
 Pedrosa Dopazo, José Luís  
 Pena Novoa, Amparo  
 Pérez Covela, Mireya  
 Pierres Martínez, Purificación  
 Piñeiro Carballal, Silvia  
 Piñeiro Gómez, Juan Manuel  
 Piñeiro Silva, Inés  
 Puente Núñez, M<sup>a</sup> Rosa de la  
 Quintela Barreiro, Judit  
 Rey Bahamonde, M<sup>a</sup> Purificación  
 Rivas Vidal, Lidia M<sup>a</sup>  
 Rodríguez Coma, Paula  
 Rodríguez Dias, Inmaculada  
 Rodríguez Garrido, Laureano  
 Rodríguez Moreno, M<sup>a</sup> Vanessa  
 Rodríguez Nieto, Pilar  
 Rodríguez Rivas, Luís  
 Rúas Comesaña, M<sup>a</sup> Dolores

### **Persoal non docente:**

José Álvarez Martínez, José Pedro Fernández Pérez, Manuel Rivero González, Cándido Santos González, José Ramón Martínez Bernárdez, José Luís Teixeira Estévez, Rosario Soage Crujeiras, Esperanza Rodas Soage e Carmen Freire Entenza.

Sánchez Cidrás, M<sup>a</sup> José  
 Sánchez López, Elena  
 Sánchez Míguez, Andrés  
 Santos Álvarez, Patricia  
 Santos Garrido, Olga  
 Sarandeses Martínez, Antonino  
 Seijo Fraga, Félix  
 Silva Torres, M<sup>a</sup> Celia  
 Siota López, Dorinda  
 Solla Freire, Alberto  
 Soto Antón, Natalia  
 Teodoro García, María del Carmen  
 Vázquez Orge, Otilia  
 Veiga Cidrás, Jenifer  
 Verde Loveira, Manuel  
 Vilariño Estévez, Rosario  
 Vilariño Otero, Diego  
 Vizoso Sanín, M<sup>a</sup> del Carmen




*Profesorado CEIP Torre-Cela- 2004  
 Foto: Amando / Asc. Golfiños*

## Apuntes - Actividades

### Biblioteca / Publicacións:

Ao igual que noutros centros da vila, a biblioteca é un lugar que vertebra a actividade cultural do centro. A súa evolución ao longo dos anos fixo que non só medrara en espazo senón en iniciativas de dinamización da mesma. Pero á Biblioteca de Torre-Cela vai máis alá e, para que moitos soños poidan realizarse, a protagonista na mesma é a Creatividade, a inclusión etc..



*Biblioteca.*

*Nota: As fotografías sen lenda son das páxinas web e de facebook do colexio Torre-Cela*

**Ao seu carón tamén houbo un proceso de publicacións que comeza**



pola revista escolar *Faladoiro* e outros folletos. Hoxe difunden as noticias e as súas inquedanzas a través das ondas, coa Radio Biblio.




*Faladoiro* xorde, editando o nº 0, co “Antroido do 1990”. Entre os temas destacan os etnográficos, o humor, as entrevistas etc. E así comeza, cunha entrevista ao daquela alcalde de Bueu, Manuel Freire Lino. Da revista publicáronse máis de 30

exemplares. Un enlace curto para ver algunhas delas: <http://xurl.es/faladoiro>

Grazas á colaboración do Colexio de Cela coa Asociación Danzadeira<sup>225</sup>, tamén de Cela, publicaron, esta última, dous libríños titulados “*Os pequenos escritores e debuxantes I e II*”. Nos mesmos aparecen os artigos e debuxos premiados nos dez primeiros *Certames de narración curta e debuxo* (ata o 2002) que organizaba o Centro co gallo das Letras Galegas.

No 2004 toma as rendas deste certame outro grupo senlleiro no panorama musical e cultural de Cela, a Asociación Retrouso. Nado a raíz dun grupo de baile que arredor de Leonor Rosales, consolidarase como actividade extraescolar (1996). Ese grupo foi medrando e creando Escola, e nunca mellor dito, pois organizaron as *Escola Retrouso* que foron medrando e diversificando as actividades: canto tradicional, gaita, coro, teatro etc.



## Outros:

Como se pode constatar ao longo destes 50 anos as actividades do centro foron moitas e de moi diverso ámbito. Como o deporte que xogou un papel importante na actividade escolar participando en eventos de atletismo, fútbol, balonmán (con equipos federados) etc. non só na contorna escolar senón tamén fóra desta; o teatro como algo máis que unha tarefa para os festivais que se fan ao longo do curso; que a música foi referente na recuperación do tradicional, no canto coral; a escola de xadrez cos seus campionatos; e un amplo etc.

---

<sup>225</sup> A .C. Danzadeira comezou a iniciativa dos pais do colexio, e tiña grupo de Baile Danzadeira e de gaitas Orballo.

Pero en Cela non só viven do pasado, senón que dende hai anos apostaron polo futuro traballando arreo para facer realidade Proxectos que implican ao conxunto do centro, o que permite xuntar esforzos de forma transversal. Como exemplo neste curso están a traballar arredor do teatro e artes escénicas co proxecto *Arriba o Telón!* No centro apostan polo traballo en equipo facilitando no alumnado unha construción das propias aprendizaxes. E para facer e achegar a cultura a todos utilizan recursos punteiros como impresoras 3D, múltiples recursos informáticos e audiovisuais, radio escolar, redes sociais, exposicións etc.

#### PREMIOS E RECOÑECEMENTOS Á ESCOLA E/OU ALUMNADO TORRE-CELA

- Concurso nacional de pintura rural FERTIBERIA 2008 – 4º premio: Sara Díez Meigide
- VI certame de relato curto de FANPA (Federación de Anpas de Pontevedra) 2018 – Xiana Dios García, Finalista na categoría de primaria co relato “A negra sombra”.
- Concurso de “Ponte nas ondas” – “Imaxes do patrimonio” curso 20/21: Uxia Guimeráns López (4ºEP)
- II Concurso de traballos por proxectos da Consellería de Educación curso 2014/15, na modalidade de Proxectos documentais integrados, co traballo “Un mundo de cor”.
- V Concurso de traballos por proxectos da Consellería de Educación 2018: “*Desenterrando os nosos tesouros: Illa de Ons*”.
- Premio Boas Prácticas de Educación Inclusiva da Consellería de Educación: Accésit categoría A (primaria) curso 2021/22
- 1º Premio Innovagal da consellería de Educación a centros públicos no curso 2021/22

Páxinas do CEIP Plurilingüe Torre-Cela onde seguir o acontecer diario das actividades e programación do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiptorrecela/>  
<https://www.facebook.com/ceiptorrecela>



Aniversario  
CEIP Plurilingüe  
Torre Cela

**A ESCOLA QUE QUEREMOS...**

- Adapta os espazos, os tempos e os recursos ás necesidades do alumnado.
- Cultiva a autoestima e fomenta a curiosidade.
- Involucra ás familias.
- Busca que o alumnado experimente e obteña unha aprendizaxe vivencial.
- Fomenta que pensemos e razonemos.
- Analiza necesidades para favorecer o desenvolvemento.
- Integra e educa en valores.

**APRENDIZAXE REAL**



Papel activo do alumnado




Variedade de recursos



Diversificación das actividades



Traballo en equipo



**O ALUMNADO COMO PROTAGONISTA**

- METODOLOXÍAS ACTIVAS
- TRABALLO DAS EMOCIÓN
- CONSELLO ESCOLAR INFANTIL
- PATIOS INCLUSIVOS
- TUTORIZACIÓN ENTRE IGUAIS
- BIBLIOTECA CREATIVA
- RADIO ESCOLAR

**ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS**

**DIVERSIFICACIÓN DOS ESPAZOS E DOS RECURSOS**

- Biblioteca
- Radio escolar
- Agrupacións internivel
- Aulas TIC

**PROGRAMAS E PROXECTOS**



BIBLIOTECA CREATIVA



RADIO NA BIBLIO



VOZ NATURA



ROBÓTICA EDUCATIVA



PLURILINGÜISMO (infantil e primaria)



Mellora das competencias



TUTORIZACIÓN ENTRE IGUAIS



EDIXGAL



PATIOS INCLUSIVOS



INICIATIVA ARCO (reforzo educativo)



EDUEMOCIONA

**PROGRAMAS E PROXECTOS**

Do contido interactivo Genially (24/2/2022) na páxina web do CEIPP da Torre-Cela



## «Varios centros como un só»

Como fomos comprobando ao longo destas páxinas moitas son as cousas ou as circunstancias que illan uns centros doutros pero estou convencido que dunha forma quizais sutil ou menos visible son máis as que os unen e identifican do que poderíamos sospeitar. Non só os une unha contorna común, uns pais que estudaron nun e noutro centro, uns mestres que estiveron en dous ou nos tres centros levando consigo o bo facer e as ideas dun claustro a outro e, sobre todo, o que os achega máis é a finalidade educativa e a materia prima coa que se traballa, que son os nenos e nenas.

Pero eu quero rematar cun exemplo de traballo no que participaron mestres dos tres centros de Bueu (Beluso, Cela e Bueu) máis outro de Pontevedra (o de Cabanas).

Os mestres participantes foron: Dorinda Siota López (Cela), José Ramón Álvarez Calleja (Beluso), Servilio Buceta Santos (Beluso), Luís Pereira Alvarado (Beluso), José Feijoo Torres<sup>226</sup> (Cabanas-Salcedo) e Arturo Sánchez Cidrás (Bueu).

Todo un proxecto amplo e interdisciplinario que xiraba ao redor do mundo das abellas. Con actividades de aula e de campo, con fichas de execución e seguimento, programas de apoio etc.



Había unha *Ruta de visita ao apiario* que para a ocasión se fixera en Chans-Cela<sup>227</sup>. Esta Ruta tiña paradas de estudo e busca: A igrexa de ST<sup>a</sup> María de Cela (románico e observación de detalles), Camiño de S. Lourenzo (botánica, xeoloxía, ecosistemas etc.), San Lourenzo (capela e lendas), O megalitismo: Forno das arcas, Actividades no apiario (para distintas épocas do ano), Estudo paisaxista (o miradoiro

<sup>226</sup> Estivera no Colexio de Beluso moitos anos do que fora tamén o seu director.

<sup>227</sup> Case todos estes mestres, con outros, mercaran un terreo en Chans para instalar o apiario.

de Chans), Casas Blasonadas (Placer, Freande e A Torre). Como material de apoio máis de 30 fichas de campo de plantas melíferas, de bioloxía da abella (Taxonomía, castas, enfermidades, etc). Divulgación do conto, elaborado por grupos de alumnos: “*As Abellas... miñas amigas*” e un CD sobre as abellas, con actividades CLIC en 8 idiomas: Galego, éuscara, catalán, español, alemán, inglés, francés e italiano<sup>228</sup>.

A participación nesas actividades foi numerosa, por exemplo do colexio de Bueu o fixeron uns 300 rapaces e rapazas, que saíron andando dende o colexio ata S. Lourenzo-Cela coas paradas pertinentes para realizar as tarefas asignadas. Durou desde as 9:30 h. ata as 20 h.

No curso 1998/99 presentouse o traballo a un Certame Escolar de ámbito nacional titulado: “*Cuenta con tu planeta*” e déronlle un Accésit polo que foron a Madrid dar charlas e explicacións do traballo onde obtiveron unha acollida boísima. A raíz disto precisaron enviar CDs do proxecto a moitos colexios das distintas ‘Comunidades Autónomas.

Esta xuntanza do profesorado vén de confirmar que a diversidade pode convivir e dar froitos aproveitables por moitos. Espero e desexo que algo semellante volva a darse no futuro aínda que sexa con outros obxectivos, outros procedementos, outros instrumentos etc. pero coa mesma ilusión que tiveron aqueles ‘pioneiros’.


Vale a pena!



---

<sup>228</sup> É una mágoa que cos sistemas operativos que hai hoxe non funcionen os programas CLIC, pero é algo alleo aos creadores daquel Proxecto.





Anexo I  
Escolas  
Particulares ou  
“de pago”



## «Escolas Particulares ou de Pago»

A pesar de non ser a finalidade deste traballo, non quero deixar de mencionar de forma máis ou menos breve a algunhas persoas que, en representación de tantas outras, tamén fixeron da profesión do maxisterio a súa forma de vida e ata en moitos casos a concreción dunha vocación.

Como explicamos noutro apartado, xa de antigo a profesión de mestre non tiña o carácter de pública.

No caso de Bueu comezarei por lembrar mestres, xa citados en 1847 que compartían docencia cos dous nomeados polo concello Estes eran: En Bueu, Benito Martínez Rodríguez<sup>229</sup> e Manuel González (na Graña, e en 1849 no Outeiro); en Beluso, a Benito Santos e Antonio Vilas; en Cela-Igrexario, Antonio Morales<sup>230</sup>.

En 1850 tras a denuncia do mestre da escola pública, Benito Pena de que en Cela e Beluso había 'intrusos' dando clase, o concello informa sobre o particular á Xunta Provincial de Educación nos seguintes termos:

*“Algo máis explícito pode ser este concello no seu informe respecto ao que se di con relación ás respostas escolares de Cela e Beluso, deste distrito.*

*Na parroquia de Cela e á distancia de máis de media legua un veciño da mesma de avanzada idade e de moi boa conducta ten periodicamente unha reunión de nenos daquela veciñanza [...]; coa fin de mostrarlles os primeiros deberes de cristián, e preparándoos a que cando a súa idade lle permita concorrer á escola [...]*

*En iguais circunstancias está a outra que di escola e está na parroquia de Beluso: nin unha nin outra prexudican en nada á pública creada nesta vila de Bueu, moito menos á boa instrución...”*

---

<sup>229</sup> Fillo do perito agrícola Rosendo Martínez e Teresa Rodríguez.

<sup>230</sup> Casado con Inés Freire coa que tivo unha filla, Benita, que tamén casou en Cela, con Benito Entenza Fernández.

No capítulo de “Escolas de nenas” xa comentamos a solicitude de Teresa Núñez en febreiro de 1852 para se lle autorizase a dar clases particulares na súa casa a “nenas”.

A queixa de Benito Pena non sería a última dun mestre da pública contra os que daban clases de pago. O mesmo fixo en 1854 Manuel Otero, que bota a culpa de que non lle van os nenos á escola por culpa “*das escolas intrusas que ten o partido e situadas a curta distancia*”. E pide que “*polo menos prohiba a admisión dos nenos desta vila naquelas escolas*”. Isto de queixarse un mestre doutros é máis ben anecdótico, pois, case sempre se tiñan como traballadores da mesma profesión e moitas veces os da pública acudían a estes para substituílos e así deixar a clase servida en pequenas licenzas ou necesidade. Outras veces é o mesmo mestre que ten que pedir autorización para dar clases particulares, pois non lle chega para subsistir o soldo que lle aporta o concello ou a institución educativa. Sinalar tamén que ás veces permitíase dar clases por suplir esta a ausencia de escola regrada como en novembro de 1854 en que a Comisión educativa local solicita ao “intruso” de Cela (denunciado polo mestre Manuel Otero), que acredite que posúe a titulación axeitada para permitirlle dar clase, xa que a súa aula queda lonxe do centro do distrito (da escola pública) e os nenos non poden acudir a esta.

Ás veces as queixas danse por problemas ideolóxicos, económicos ou relixiosos como a demanda que en xullo de 1855 houbo contra un tal Benito Núñez que tiña prohibido continuar rexentando unha escola que tiña nas inmediacións da casa reitoral de Bueu. Benito Núñez non debeu atender ao requirimento, xa que consta unha nova protesta do cura que seguía vendo saír aos nenos da escola.

En maio de 1856 había tal cantidade de mestres particulares sen cualificar que o Presidente Superior de Educación ordenou aos concellos se prohibise a instrución a todas as persoas que non teñan competencia autorizada para facelo.

En xuño de 1862 o mestre interino do Hío<sup>230</sup>, Victor Ortega, manda unha carta ao alcalde de Bueu (Ramón Plá) dicindo “*Non teño nenos suficiente para recibir exames; todos os desta escola Normal pasaron á intrusa de Vilariño do mestre José Martínez tan só quedei con 7 a 8 dos que iniciaron os seus primeiros rudimentos...*”

Houbo tempos en que, ante a necesidade de cubrir vacantes de escolas xa creadas ou a crear, acudíase a profesores que tiñan escola propia. Tal foi o caso de Manuel A. Bares Fariña que tiña escola na rúa Montero Ríos e logo na de Eduardo Vincenti, que no 1869 se lle concedeu autorización para facerse cargo da incompleta de Cela que era pública.

En novembro de 1877 había 6 escolas privadas (e 4 públicas): en Antepazo (Cela) de José Clemente Fandiño; no Enleito, de Ramón Benito; en Xexide, de Carmen Troncoso; en Pescadoira, de José Franco; en Ouril, de Victoriano Maneiro García<sup>231</sup>; e na Praia de Beluso, Lucrecia Llinás. Segundo informe da Inspección: “*as dúas primeiras con certificado de aptitude para escola incompletas e os restantes sen título algún*” e que carecen todas, excepto a de Lucrecia Llinás, “*non só dos coñecementos necesarios, senón dos máis vulgares, é a ensinanza en escolas tales unha verdadeira utopía*”<sup>232</sup>.

Mestras en 1880: En Bueu había unha escola no lugar de O Norte que dirixía a mestra Carmen Troncoso; outra na Graña de Manuela Martínez e no Enleito daba clases outra mestra que era de Cangas.

En 1898 había dúas escolas privadas a sinalar e con proxección no acontecer educativo e cultural de Bueu, a de Matilde Bares Giráldez e a do seu primo José Estévez Fariña.


---

<sup>230</sup> Hío e Aldán inda non se segregaran de Bueu.

<sup>231</sup> Tío da que tamén sería mestra Rosa Estévez Maneiro.


<sup>232</sup> Arquivo histórico da Universidade de Santiago. F.U.Ensinanza Primaria ca 130 Porc. 4ª

➤ **Matilde Bares Giráldez** (Bueu 25-1-1853/Santiago +29-6-1938)




1906, na rúa do Príncipe (hoxe Eduardo Vincenti), constrúe a súa casa-escola na que reserva gran parte do baixo para o colexio.

Matilde Bares en 1880 que saca o título de mestra elemental superior. En 1896 funda unha escola particular co nome “*Virgen de los Dolores situada na beira dereita do camiño que pasa á Igrexa*”<sup>233</sup>. Logo en



En horario de mañá e de tarde impartía clase a nenos e nenas de Educación Elemental. A partires das 17 horas daba clases de adultos,



*Recibo das clases de Matilde Bares*

moitos deles coa finalidade de emigrar. Estivo exercendo de mestra 55 anos, ou como dicía Johán Carballeira, foi “*Mestra de tres xeracións*”.

Gran dinamizadora da vida cultural de Bueu durante décadas. Recibiu Homenaxes populares no 1931 e 1932 e tamén ten unha rúa en Bueu co seu nome.

Gran dinamizadora da vida cultural de Bueu durante décadas. Recibiu



*Escola de Matilde Bares*




*Escola de José Estévez Fariña*

<sup>233</sup> Certificado de boa conduta dado en 1904 a Matilde Bares polo alcalde de Bueu José Rodríguez. Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela. F.U.,S.H. 234, Exp. 2

➤ José Estévez Fariña (1954/+28-10-1919)

José Estévez Fariña, mestre habilitado, pertence á familia da avoa paterna de Matilde Bares. Deu clases entre 1896 e 1917, en Cela no lugar de Antepazo, logo en Petís e, por último, desde 1902, na rúa do Príncipe (hoxe Eduardo Vincenti).

Á súa escola acudían rapaces de moitos lugares, incluso de Ermelo, Meiro, Portela etc. e tiñan que traer a comida para esperar ás clases da tarde. O que pagaban<sup>234</sup> os nenos pola escola de José Estévez era algo menos que os que ían á clase con Matilde Bares o que era consecuencia das diferencias no nivel económico das familias do alumnado que acudía a ambas as escolas.



Hai constancia de que en Beluso en 1909 tamén daba clases particulares a mestra Josefa Pérez Paz.

En 1909 na memoria de fin de curso do mestre da escola pública, Ramón Bares Fariña di: *“Catro escolas particulares que ademais funcionan neste pobo tamén sufriron moitas baixas no número de menos [...] As escolas particulares teñen máis asistencia porque son de pago, e logo... por que sendo mixtas, pode a concorrência contar máis e menos anos de idade, que a pública”*.

O xornal El Adelanto do día 15 de xuño de 1913, dá a seguinte noticia: *“En Beluso abriron unha escola particular as distinguidas profesoras señoritas de Davila, que contan xa con moitas discípulas”*.

Interesante e curioso é o expediente que en 1916 tiña aberto Esperanza Paratcha Guimeráns por ter unha escola clandestina en Meiro, consecuencia da denuncia do cura párroco por estar casada (co marido ausente) e amancebada cun de Cangas, ao que se engadía que ensinaba nunha escola de asistencia mixta. O alcalde faise eco

---

<sup>234</sup> De 0,5 a 1,50 pesetas dependendo das posibilidades económicas da familia.

do que lle dixo de palabra o cura e abre dilixencias xa que, non só considera que non é eficiente como mestra, senón pouco apta a nivel moral. Mándaa comparecer ante el o 27 de abril de 1916, momento no que ela confesa que leva tres meses e medio dando clase a nenos e nenas de 8 a 12 anos. A defensa da mestra está baseada en que non pediu permiso porque xa dera clase noutros sitios e o considerou innecesario. O alcalde mándalle clausurar a escola, tendo unha multa de 25 ptas no terceiro día de incumprimento. En relación ás visitas frecuentes á súa casa dun veciño de Cangas, de oficio perruqueiro, ela lle di que isto do que a acusa non é certo.

Despois dese interrogatorio o alcalde, impúxolle unha multa. Ela non clausurou a escola, e dende o concello pasaron a denunciála ao xuíz (por non pagar a multa) e á inspección de educación (que manda pechar a escola mentres o alcalde tramita un expediente de autorización). A mestra non chegou a pagar ningunha contía ao ser declarada insolvente polo xuíz, e o alcalde en represalias impúxolle unha multa maior para así podela arrestar antes de poñela a disposición xudicial pois, segundo o alcalde sería “*quebrantamento do principio de autoridade*”. Logo ata intervén o gobernador pero “*o sangue non chegou ao río*”.

Outro caso: En febreiro de 1926 ante requirimento da inspección educativa notificaselle a Francisco Sánchez que, de non ter autorización, non pode dar clases particulares en Loureiro. Recibido e asinado este aviso o tal Francisco pechou a escola e ausentouse do lugar.

### ➤ Irmás Parartcha

As irmás Parartcha Guimeráns deron clases na Graña, na de Quinteiro (ao lado do forno de Amador). Comezou dando clases Alodia Parartcha (a máis vella) e cando esta morreu por unha enfermidade, seguiu moitos anos coa escola a súa irmá Adoración Parartcha (á que chamaban *Adora*).



➤ **Luís Novas Gutiérrez** (Buenos Aires 1900)

Fillo de Manuel Novas Otero e Carmen Gutiérrez Cadabón, casou en 1927 con Adelaida Cortizo Currás, coa que tivo unha filla chamada Carmen.

En 1928 pertencía á Directiva, co cargo de vicesecretario, do Bueu de fútbol.

Foi empregado no escritorio da fábrica de salga de Arturo Pereira e a súa muller María Campos. A parte de mestre tamén tiña tenda e durante un tempo exerceu de correspondente “*administrativo e informativo*” do xornal El Pueblo Gallego.

En abril de 1932, logo de constituírse o Partido galeguista en Bueu, Luís Novas exercía de secretario.




*Escolas de Luís Novas Gutiérrez*



### ➤ Amalia Bolívar Sequeiros

En outubro de 1933, “*Amalia Bolívar Sequeiros como Presidenta da Organización feminina de Unión Rexional de Dereitas de Bueu*” escribe unha carta ao alcalde coa finalidade de solicitar a posibilidade de utilizar unha casa na Banda do Río (de Rosa Barros) onde estivera hai tempo a escola do Pósito, para que a súa organización puidera abrir unha escola nocturna obreira gratuíta.



*Amalia Bolívar  
Sequeiros-1940*

### ➤ José Novas Regueira

No Beluso de 1935 e dentro das actividades organizadas pola Asociación «O Progreso de Beluso» iníciáanse, á marxe da escola regrada, unhas clases nocturnas para todos aqueles rapaces ou adultos que desexen asistir ben por ter que traballar durante a xornada lectiva ou porque quixeran completar a súa formación. A oferta era aberta: voluntaria e gratuíta. Para dirixir estas clases ofrecéronse varias persoas instruídas. Entre elas estaba José Novas Regueira, rapaz de 14 anos, nado en Beluso que facía uns anos viñera de Nova York. Esta escola funcionou ata o 1936 data na que tamén José Novas tivo que fuxir para América.




*José Novas-1973 Fillo  
Predilecto de Bueu*



*Casa do Pobo - Beluso*

➤ José Martínez Pastoriza

José Martínez era oficinista e veciño da Ruanova (Beluso). Con 29 anos foi detido pola Garda Civil o 21 de outubro de 1936. Os motivos que poden lerse no oficio que o sarxento remite ao alcalde din que *“por terse dedicado á ensinanza clandestinamente, xa que dende o día 13 do mes en curso, tiña aberta unha escola no seu domicilio, na que se daban clases a uns 16 nenos, sen que posúa título de Mestre nin teña autorización algunha para iso e se ben a ensinanza que nela daba, non era prexudicial ata o presente para os nenos, si puidera selo no futuro, xa que o mencionado individuo, militou sempre nas filas esquerdistas, nas que se destacaba notablemente debido á súa maior cultura, sendo dirixente e organizador da casa do pobo da parroquia da súa residencia...”*



AMB - Carpeta 1249/10

En febreiro de 1939 infórmase ao goberno civil dunha enquisa sobre as escolas solicitada por este:

ESCOLAS PRIVADAS <sup>235</sup>	Matrícula	Asistencia Media
Escola: ‘ <i>Organizacións Xuvenís</i> ’, nenas Titular: M <sup>a</sup> Pura Louzán Crusat.....	30	30
Escola: ‘ <i>San José</i> ’, nenos Titular: José Cancela Fontán (Presbítero)....	37	32
Escola: ‘ <i>Puig</i> ’, mixta Titular: Catalina Puig Davila.....	47	34
Escola: ‘ <i>Nova</i> ’, mixta Titular: Carmen Vizoso Sanín.....	55	40
Escola: ‘ <i>Canceliña</i> ’, mixta Titular: Marina Ríos Pérez.....	35	25
Escola: ‘ <i>Davila</i> ’, mixta Titular: Erminda Davila Davila.....	30	19
Escola: ‘ <i>Maneiro</i> ’, mixta Titular: Rosa Maneiro García).....	40	35
Escola: ‘ <i>Graña</i> ’, mixta Titular: Adoración Paratcha Otero. ....	36	30

En marzo de 1944 a Xunta Local recibe un oficio da Sección Feminina de FET de las JONS no que “*se acusa de carencia de garantías para a formación relixiosa e moral dos seus alumnos do Mestre de carácter privado D. Juan Diz Paz*”. A Xunta non resolveu porque di descoñecer a existencia dese centro de ensinanza.

Na década dos anos corenta temos constancia do mestre nacional Domingo Torresquesana Pérez<sup>236</sup>, nado en Ferrol pero que vivía, estando solteiro, en Soutelo (1941) e logo, xa casado, na Cidade (1946).



1946 - Domingo Torresquesana

<sup>235</sup> AMB - Carpeta 1357/25

<sup>236</sup> Fillo do sarxento de infantaría e redactor do Regulamento do Pósito de Pescadores de Bueu, Domingo Torresquesana Estrada.

A mediados de marzo de 1945 as escolas privadas de nenas de Bueu tiñan ensinanza mixta e cobraban unha media dos honorarios de 5 ptas mensuais por cada alumno:

- Escola - Mestra... Amalia Álvarez González  
Situada: Pazos Fontenla



*Escola de 'pago' de Amalia Álvarez González en Pazos Fontenla*

- Escola do “Auxilio Social” - Mestra... Sagrario Corral Ferreiro  
Situada: Banda do Río.
- Escola - Mestra... Carmen Vizoso Sanín<sup>237</sup> →



*Escola na Fonte Alta-Cela*

Nos anos 50 e 60 houbo bastantes escolas privadas nas parroquias de Bueu. Por citar algunhas citaremos na parroquia de Cela a de Raimundo García de la Torre,<sup>238</sup> no lugar da Fonte

<sup>237</sup> Tamén exercería como profesora no Colexio da Torre-Cela

<sup>238</sup> Oficinista, nado no Ferrol; seu pai era natural de Villafafila-Zamora e súa nai, Amelia de la Torre Rúa de Beluso (como mestra substituta de Manuela Soage en Cela entre 1910-1918 e logo destinada na provincia de A Coruña). Raimundo casa en Bueu con Manuela Juncal (1951).

Alta, e no lugar do Carballal<sup>239</sup> a de D. Gaspar (o 'da Masa')<sup>240</sup>; en Beluso, no Couto a Anselmo Martínez Davila, e na Ruanova de Arriba, a Sergia García de la Torre, natural de Ferrol e irmá do Raimundo García mestre en Cela, anteriormente mencionado.



*Escola de Gaspar no Carballal-Cela - 1956/57  
Cedida por Elvira Rosales Franco*



*Escola Anselmo Martínez Davila O Couto-Beluso*

---

<sup>239</sup> Nunha reestruturación de escolas a Xunta Local programou, o 5 novembro de 1925, pasar para aí ás nenas de Cela, pero todo quedou en proxecto, polo menos por esas datas.

<sup>240</sup> Con anterioridade, infórmanme Manuel Verde e Belarmino Barreiro, que houbera unha mestra coñecida por Lelucha.



*Escola de Sergia García de la Torre - 1960*



*Restos do que fora escola da profesora Sergia García de la Torre, na Ruanova-Beluso.  
Grazas ás facilidades dadas polo seu fillo Santi. Fotografía de Tere Barros*

Academia Fernández-Martínez (1.º y 2.º enseñanza)  
Montero Ríos, 48 Director D. Celestino Fernández

E en Bueu, na rúa Montero Ríos nº 48 e curso 1948-49,

comezan as clases de 1ª e 2ª ensinanza na ‘Academia Fernández-Martínez’ de Celestino Fernández (director) e de José Martínez Camiña que posteriormente se agruparían na Capela Vella, no Campo da feira, na de Magdaleno e en San Xosé. As incorporacións de Manuel Omil (que fora alumno de Celestino), José Carballo, Jacobo Otero, Alberto Barreiro, irmáns Francisco e Manuel Cordero, Mª del Carmen Estévez Mosquera (Maruja Estévez), Ana Mª Quintás, Amalia Omil etc. fixeron que moitos alumnos se achegasen á ensinanza Elemental, de bacharelato e profesional marítima.



Manuel Cordero

➤ Mª del Carmen Estévez Mosquera (Bueu 22-6-1928)



Maruja Estévez - ±1950

Mª Carmen Estévez, máis coñecida como Maruja Estévez é filla do polígrafo e historiador Jose Mª Estévez e Carmen Mosquera. Casada con Rosendo Corral Ferreiro formou parte, nos seus anos mozos, do grupo de profesores da

Academia anteriormente mencionada. Ela tiña ao seu cargo aos máis pequenos. Estivo nos locais de Magdaleno e no Campo da feira. O seu labor docente tamén se estendeu a dar ocasionalmente clases noutras aulas da escola pública, como foi o caso na de Eugenia Domínguez.



Escola de Maruja Estévez-Campo da feira curso 1957/58

➤ **Abraham Otero Estévez** (As Meáns 24-8-1930)



Tras 8 anos de estudo no Seminario compostelán abandónao para casar con Gene Fernández, dedicándose a partir dese

momento a dar clases particulares no lugar da Graña (na antiga sala de baile). Tamén deu clases de Primaria e Náutico-pesqueira na súa casa do Outeiro.



*Escola de Jacobo Otero Estévez 1956-57*

En 1951 comezou a impartir bacharelato na academia que tiñan José Martínez Camiña, Celestino Fernández e Manuel Omil.

Gaña unha praza por oposición no concello de Bueu e comeza a traballar no departamento de intervención. Abandona este en 1974 cando consegue un posto no departamento de Reprografía e Microfilmación de Caixavigo.

Moitos nenos bueueses, e non tan nenos, pasaron polas súa escola.



*1959/60-Escola de Jacobo Otero -1ª Ensinanza- O Norte*

## ➤ Consuelo Davila Álvarez


Nada en Beluso, estuda Maxisterio en Pontevedra. Cando remata a carreira aínda non tiña idade para concorrer ás oposicións polo que tivo que esperar ao ano seguinte. Ese ano aproveitouno dando clases de “pago” a rapaces e rapazas de Beluso.



No 1959 opositou e o primeiro destino que tivo foron dous meses, en Vigo para cubrir como substituta unha licenza por natalidade; logo no lugar de Acebedo parroquia de Loureza (Oia)<sup>241</sup>, despois en Vilanova-Hío, Colexio de Beluso (onde foi tamén directora) e finalmente no IES Johán Carballeira onde se xubilou.

## ➤ Outras

En Castrelo-Valado dou clases a irmá de Johan Carballeira, M<sup>a</sup>



*Escola de 'O Mundín'. Foto X. Manuel Dopazo*

Eugenia de la Cueva; e no Valado, fronte á igrexa parroquial, tiña escola Enrique Pousada Méndez “*O Mundín*” (tamén utilizaron para dar clases un pequeno local na subida a Rabolongo-Valado).

Na Banda do Río tamén impartiu clases Carmen Davila Portela.

\*

Nota: José M<sup>a</sup> Estévez<sup>242</sup> cita como mestras sen título a “Lolita Carrillo, Elidia e Elena Paratcha e Manuela Martínez “Gollufa” no Valado.

\*

---

<sup>241</sup> Na mesma escola que o mestre de Bueu Celestino Fernández García tivera en 1944.

<sup>242</sup> José M<sup>a</sup> Estévez en Reconocer Bueu pp.118 e 121. Elidia e M<sup>a</sup> del Carmen Paratcha Otero eran fillas de Miguel Paratcha Rodríguez e Elena Otero Lores.

O 26 de abril de 1965, o Director Xeral de Ensinanza Primaria comunica ao concello que se autorice o funcionamento legal do centro de ensinanza primaria non estatal denominado “*Virgen de Fátima*”, situado na Avenida Montero Ríos nº 22, propiedade de M<sup>a</sup> Eugenia Bolívar Sequeiros. Baixo a dirección pedagóxica de Ángeles Corral Ferreiro, autorízase unha clase de párvulos e outro de nenas (máximo 40 alumnos cada unha). Serían clases de pago e as clases estarán a cargo da directora e da profesora Herminia Cardo Suárez.



Ángeles Corral

A este pequeno mostrario do profesorado con escola particular poderían engadírselle moitos máis, como por exemplo a mestra no Pazo de Ouril de 1960 a 1963, Pilar Rivero González; mais para pór remate a este apartado o vou facer cunha saga familiar tamén na mesma zona de Beluso.

### ➤ Rosa Maneiro García e Rosa Estévez Maneiro

O xa mencionado Victoriano Maneiro García, mestre de Ouril, era tío de Rosa Maneiro García. Mestra que ao quedar viúva con dous fillos e unha filla, tivo que buscarse a vida traballando. Seu irmán Ángel veuse de Cuba para axudala; a raíz disto puxo escola.




Rosa Maneiro García

Cando se fixo maior a súa filla, Rosa Estévez Maneiro, botáballe unha man na escola e logo continuou como mestra da mesma.



*Excursión ao Liboreiro da Escola de Rosa Maneiro  
Cedida: Ángel Rodríguez Estévez*



*Escola de Rosa Estévez Maneiro - 1927. Cedida: Ángel Rodríguez Estévez*



*Escola de Rosa Estévez Maneiro 1957-58 - Cedida: Ángel Rodríguez Estévez*

No curso 1963/64 e 1965/66 temos ao fronte da escola a José Salvador Estévez Porto neto e sobriño respectivamente das mencionadas mestras. Con anterioridade, José Salvador, nada máis rematar o bacharelato dera durante un tempo clases na escola coa súa avoa Rosa Maneiro García, así como en setembro de 1964, co motivo da voda de José Martínez Camiña, substituíuno na escola da Ruanova.

**José Estévez Porto acabaría estudando Maxisterio, aprobando as oposicións a mestre e dando clase en distintos centros da provincia.**



*Escola con José Salvador Estévez Porto - 1965-66*


*Escola de Rosa Estévez Maneiro 1961-62  
Cedida: Ángel Rodríguez Estévez*



*Escola de Rosa Estévez Maneiro -  
Cedida: Ángel Rodríguez Estévez*



*Escolas do Campo da feira, de Aboy en San Xosé e outras*



Anexo II  
Colexio  
Plurilingüe  
“Virxe Milagrosa”  
Bueu





## «Colexio Plurilingüe Virxe Milagrosa de Bueu»

Considero relevante, pola súa traxectoria educativa e social, mencionar ao centro denominado Colexio Plurilingüe Virxe Milagrosa de Bueu<sup>243</sup>.

A orixe da chegada das monxas a Bueu atribúese a que Roberto Massó e a súa muller Julia Barreras comezaron xestións para propiciar a fundación dun Colexio levado por relixiosas. Tras moitas negativas conseguiron, co apoio da Comisión Municipal Permanente do Concello<sup>244</sup>, que dende a Provincial das Fillas da Caridade de Xixón enviasen 4 monxas (Sor M<sup>a</sup> Dolores, Sor Esperanza, Sor Venancia e Sor Benilda) que se aloxaron nunha casa de planta baixa, cedida primeiro e doada despois por M<sup>a</sup> Eugenia Bolívar. Viñeron para facerse cargo das dúas escolas,



*Casa doada por M<sup>a</sup> Eugenia Bolívar*

propiedade de M<sup>a</sup> Eugenia Bolívar, chamadas “Virgen de Fátima”<sup>245</sup> que dirixía Ángeles Corral e Herminia Cardo. Estas dúas clases xa estaban autorizadas dende o 12 de abril de 1965 e ampliouse nunha máis quedando unha de Párvulos, outra Elemental e Cultura Xeneral. Os locais das aulas estaban na Banda do Río, no recinto coñecido coma “*Sección feminina*” ou “*Falanxe*”, a pouco máis dun cento de metros de onde vivían as monxas. As clases comezaron o 15 de setembro de 1965 e fixérono ao completo, cunha matrícula de 160

---

243 Achégome ao nacemento e evolución desta Institución en Bueu a través das súas Memorias o que me permite coñecelos de primeira man e complementar así outra documentación manexada.

244 Decidiron na sesión do 22 de abril de 1965 enviar una instancia á autoridade das Fillas da Caridade solicitando puxeran escola no municipio.

245 Páxina 328

alumnas<sup>246</sup> que pagaban 60 ptas/mes. Iniciaron tamén unha escola de adultas de 19 a 21 h. onde se preparaban para obter o Certificado de Estudos Primarios.

En 1966 ampliaron cunha aula máis nun baixo cedido por Antonio Massó. A partires de aquí prepararon a grupos de rapazas para examinarse por libre no Instituto de Pontevedra.

No curso 1967, co permiso do alcalde, abriron dúas escolas máis na capela de San Xosé. A demanda para acceder ás clases foi tan grande, que se propuxeron solicitar para o Colexio o recoñecemento de Interese Social e así acceder máis facilmente aos préstamos. Dous préstamos que conseguiron, 9 millóns de pesetas, e que se viron incrementados coas aportación altruístas de membros da familia Massó (Roberto, Teresas, Mercedes e mesmo a Empresa 'Massó Hermanos' que lles doou 2.195 m<sup>2</sup> de terreo no lugar de Amieiras) para edificar un centro.

O Colexio "*das Monxas*"<sup>247</sup> de Bueu inaugurouse oficialmente o 29 de setembro de 1968, aínda que os actos comezaran días antes con dúas conferencias a cargo do inspector Ramiro Sabell<sup>248</sup> e o Pai Paúl, P. Massa.

A partires desa data solicitouse o aumento do número de aulas e o cambio de nome do centro, Fátima por Milagrosa. Foille concedido, e dende o día 6 de xaneiro de 1969 temos o "*Colexio Virxe Milagrosa*" de Bueu.



Ao longo dos anos, a súa actividade educativa foi medrando en todos os ámbitos. Por poñer algún exemplo, no primeiro lustro, o número de aulas pasaron



*Escola das monxas en Montero Ríos.  
Cedida por Benito Estévez*

<sup>246</sup> Non puideron coller máis por falta de espazo e persoal.

<sup>247</sup> O proxecto e memoria do mesmo foi redactado polo arquitecto José Marañón Richi.

<sup>248</sup> Irmán do que fora mestre de Cela, Félix Sabell Mosquera.

de 2 a 10; as alumnas de 160 a 450; os ingresos por cotización do alumnado de 10.000 a 93.000 pesetas; etc. Loxicamente os gastos tamén medraron así como o número de axudas, a modo de bolsas, para alumnas de familias menos favorecidas.

Habería que sinalar que se daban clases de mecanografía, clases nocturna, servizo de comedor así como de Gardería Infantil.

Co paso do tempo o mesmo edificio e instalacións<sup>249</sup> foron medrando para axeitarse ás necesidades da EXB<sup>250</sup> así como espazos para facilitar a crecente comunidade das monxas, dotándose con capela e residencia para as mesmas.

O ano 1986 é un ano importante xa que o centro pasa a ser un Colexio Concertado con todo o que educativa e economicamente implica.



Nos seguintes anos o número de alumnos foi diminuíndo pola adaptación da ratio á normativa educativa. Reforma que, a súa vez, permitiu ampliar a oferta educativa acollendo a E.S.O., transformarse en mixto e modernizar os espazos.

Parelo cos tempos, tamén foi mingando a presenza do número de relixiosas ata desaparecer totalmente na actualidade. Desde o 2013, coa fin de garantir a continuidade e sustentabilidade do colexio a Fundación Educere asumiu a súa titularidade.

O Colexio “*Virxe Milagrosa*” é un centro que soubo adaptarse desde o seus inicios ás necesidades educativas de cada momento tanto na estrutura inmoble, materiais, equipamentos, actividades e cualificación do profesorado.

---

<sup>249</sup> A empresa ‘Massó Hermanos’ dooules 1.500 m<sup>2</sup> de terreo anexo que utilizaron para instalacións deportivas.

<sup>250</sup> Nun inicio favorecido pola inexistencia de oferta pública adecuada, ao non estar construídas as Agrupacións Escolares. A partires de setembro de 1973 foi Colexio de EXB con 8 unidades para 400 alumnas. Ao que se engadía, con 120 nenos máis, o Xardín de Infancia es 2 aulas de párvulos (no 1976 pasaron a 4).



## AGRADECEMENTOS

- A todas as mestras e mestres que me forneceron da súa amizade e sabedoría .
- A miña filla Elena por ser a primeira lectora-correctora dos meus traballos.
- A Anxo González Guerra e Vitoria Ogando Valcárcel pola súa xenerosidade coa corrección lingüística.
- A Belarmino Barreiro Rosales como arquivado e como persoa sempre disposta a colaborar, compartir e aclarar información.
- A moitas amigas e amigos que sen a súa axuda seríame moi difícil atinar cos listados do profesorado, escolas, mestres, actividades dos centros etc. : a Pedro Fernández, Rafael Alvés, Marta Valbuena, Manuel Verde, Vanessa Fernández, Manuel Cordero, Carmela Ferradás, Ángel Rodríguez, José Manuel Dopazo, Xosé Ramón Álvarez, Ami Omil, Alfonso Millán, Benito Fernández, Elisa Jul, M<sup>a</sup> Carmen Curra, Emilio Cerviño, José Estévez, Rosa Louro, Josefa Hernando, Servilio Buceta, Pepe Cabanelas, Manolo Pazos, Ramón Vilas, Dorita Siota, José Feijoo, Paco Davila, José Ignacio, Moisés García, M<sup>a</sup> Lina García, Martín Calviño etc.
- A todos aqueles que me achegaron fotografías: Á familia de José M<sup>a</sup> Estévez, a Loli Docampo, Benito Estévez, Elvira Rosales, Manuel Pena, Tere Barros, David Cabodevila, X. M. Dopazo, M<sup>a</sup> Lina García, Marga Martínez Ferradás e José Luís Rodríguez
- A Santi e Luís que desde Santiago e a Peroxa tiveron tempo para lerre.
- Aos compañeiros do equipo de *O Mar por diante*: Loli Docampo, Francisco Rodríguez e Xaime Toxo por estar sempre ao carón.
- A Xosé Leal , responsable da Concellaría de Cultura do concello de Bueu, e a toda a Corporación Municipal pola súa aposta pola Cultura.
- A todos aos que acudín a consultar, por recibirme cos brazos abertos e cun sorriso nos beizos.





Arturo Sánchez Cidrás mestre, na actualidade xubilado e dedicado á divulgación da documentación, historia e patrimonio de Bueu.

- I "Premio de Ermelo" no 2015 pola "súa contribución á documentación da historia do Morrazo".

- Premio de "Xornalismo Johán Carballeira" (2015).

- Premio Vila de Bueu en Recoñecemento ó Labor Cultural (2003).

- Relator de múltiples cursos ao profesorado de E. Primaria e Secundaria: de Matemáticas, Informática, Ciencias Naturais e Sociais.

Con ampla experiencia no campo da informática como programador e profesor: con Programas Educativos, de Xestión de Centros, participación no Plan de Aproveitamento Turístico de "La Vía de la Plata" ou da serie "Os viaxeiros da Luz" dirixida por Valentín Carrera para a TVG etc.

Bibliografía:

- "Bueu no exilio ruso" (2020), "Oms. A illa que navega no tempo" (2021) e "Biografías I Bueu" (2022). Edicións Concello de Bueu.
- Coautor dos libros: "Travesía por tres momentos da historia de Bueu". Asoc. Gómez Buceta. "Ciencias da Natureza 1 ESO" (McGraw-Hill, 2000). "Historia de Lérez. Unha ollada desde Cedofeita". C. Pontevedra (2021). "A industria da pesca salgada. Os portos de Bueu e Beluso" Consellería de Pesca (1998). "CANGAS: guía de la Capital del Morrazo" Bangueses (1987). "A Pesca no Concello de Cangas". Concello Cangas (1991).
- Coautor das Edicións dixitalizadas dos Xornais bueueses así como da biografía e obra do intelectual Manuel Antonio Bares.
- Coordinador da revista de estudos locais: 'O Candil' (1994-2002) e da edición do libro de Johán Carballeira: Cartafol de Poesía, 1996.
- Escribe artigos divulgativos na prensa como Faro de Vigo, Diario de Pontevedra e en distintas revistas como Os Galos, Aunios, Cedofeita etc
- Ten a páxina web "Documentación de Bueu" e o blog "Bueu: Historias, contos, novidades, curiosidades, ..." aos que poden accederse en <http://bueu.ga>

